

ACTA DO PLENO ORDINARIO DO 27 DE SETEMBRO DE 2019

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 10.00 horas do día 27 de setembro de 2019, réunese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. César Manuel Fernández Gil

D. Pablo Pérez Pérez

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. José Ignacio Gómez Pérez

D. Diego Fernández Nogueira

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

Deputados do Grupo de Democracia Ourensana:

D. José Miguel Caride Domínguez

D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do Grupo do BNG:

D. Bernardo Varela López

Deputada do Grupo de Ciudadanos - Partido de la Ciudadanía:

D.^a Montserrat Lama Novoa

Secretario: D. Francisco Cacharro Gosende

Interventora: D.^a Mónica Legaspi Díaz

Non asiste o deputado do Grupo Socialista don Gerardo Seoane Fidalgo.

Antes de entrar na orde do día, **o portavoz do Grupo Socialista, don Rafael Rodríguez Villarino**, fai a seguinte intervención: si, señor presidente. Unha cuestión de orde, simplemente. Hoxe que se celebra o día da folga mundial polo clima, nós cremos que sería acaído realizar unha declaración institucional –se o ten a ben toda a Deputación - en nome da Corporación da Deputación de Ourense; unha declaración institucional de emerxencia climática. Teño un texto, un texto que está recollido a partir doutros lugares nos que se fixeron declaracións semellantes, nomeadamente, neste caso, é un texto baseado no que se fixo na Comunidade de Castela a Mancha. Eu téño a dispor, se o secretario, se vostede, se eu mesmo ou calquera outra persoa lle parece ben darlle lectura e podémolo aprobar, aceptar.

O **señor presidente** propón que o portavoz socialista lle dea traslado do texto aos grupos, para que o estuden durante o desenvolvemento da sesión, e, se procede, ao remate da mesma lerase como declaración institucional.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal vídeo acta: videoacta.depourense.es

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES, CORRESPONDENTES ÁS EXTRAORDINARIAS DO 16 DE XULLO E DO 28 DE AGOSTO DE 2019.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado dos borradores das actas anteriores, correspondentes ás extraordinarias do 16 de xullo e 28 de agosto de 2019.

Non se producen intervencións e por unanimidade o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar as seguintes actas do Pleno: acta extraordinaria do día 16 de xullo de 2019 e acta extraordinaria do día 28 de agosto de 2019, conforme cos borradores elaborados pola Secretaría Xeral.

2º.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, DO INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, DO CONSORCIO PROVINCIAL DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO E DO CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2018.-

A Sra. interventora expón o contido da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2018.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista: si, bo día a todas e todos e moitas grazas, señor presidente. *En base ao que di a lei*, conclúe a interventora no seu informe da Conta Xeral, *que esta non se debe limitar a ser un mero trámite que teñen que pasar as entidades locais para cumprir unha obriga formal de render contas e é o mecanismo que pon de manifesto a xestión realizada nos aspectos económicos, contables, financeiros e patrimoniais, ademais do orzamentario*. Totalmente de acordo co que di a interventora no seu informe. A Conta Xeral é a radiografía final da xestión levada a cabo polo equipo de goberno e ten a función de informar; pero tamén a de control nunha dobre vertente: control dos cidadáns e control dos grupos da oposición. Neste caso, señor presidente, a vostedes que presumen de ideas, de capacidade de xestión, de ir por diante, os números non os deixan quedar en bo lugar. Presentaron vostedes un orzamento inicial de 80 millóns de euros e fixeron ao longo do ano modificacións orzamentarias por valor de máis de 29 millóns de euros; en total, un orzamento final de algo máis de 110 millóns de euros. Ben, pois só executaron vostedes 79,9 millóns de euros; é dicir o 72% do orzamento. Non é unha bagaxe como para sacar moito peito. Miren, temos unha provincia na UVI. Fai poucos días presentouse o informe ARDÁN e para Ourense é demoledor; de cincuenta e tres comarcas nas que divide Galicia, clasifica as comarcas polo valor engadido bruto xerado e nos últimos cinco postos están catro das doce comarcas da provincia de Ourense: Viana, Baixa Limia, Terra de Trives e Terra de Caldelas. Entre as vinte últimas hai oito comarcas da provincia de Ourense. É un dato que saíu estes días nos medios e tamén, no Oriente ourensán, na última década perdéronse 26 aulas de formación infantil, cunha redución do profesorado en máis dun 21 - 22%. Non dou máis datos, son datos demoledores: territorio, poboación, envellecemento, índices de natalidade, inmigración etc. Esa é a situación de Ourense que está máis alá deste Ourense. E mentres, vostedes, deixaron nas arcas da Deputación máis de 30 millóns de euros sen executar, é dicir, un 28% do orzamento final. Que lles vou a contar que vostedes non saiban? Non me vou estender máis nestes aspectos, pero seguro que teremos máis ocasións ao longo desta lexislatura para falar deles. Para rematar, quixera tamén apuntar uns datos sobre a execución do orzamento do INORDE do ano 2018 que tamén forma parte de Conta Xeral. Orzaron vostedes 2.255.934€ (incluídas as modificacións orzamentarias pertinentes), quitando os gastos de persoal e os gastos fixos, destinaron vostedes a investimentos ou actividades propias do Pseudo - Instituto Ourense de Desenvolvemento económico, 916.000 €; é dicir de cada 3 euros investiron 1 e os outros 2 foron para o aparato da organización. Pero se retiramos da ecuación as subvencións a concellos e organizacións sen ánimo de lucro, o INORDE - cunha infraestrutura que ten un

custo de máis de 1,6 millóns de euros - xestionou directamente uns 400.000€, para un ente que naceu para dinamizar e promocionar a nosa provincia, pobre bagaxe tamén; tampouco dá para sacar moito peito. Dito isto e aínda que non son os nosos orzamentos, nin a nosa liquidación, o que realmente se trae a este Pleno é un documento técnico, elaborado polos técnicos da casa aos que, por certo, quero felicitar porque sei da dificultade e complexidade e laboriosidade que implica a súa confección. Polo tanto, dado que non se está a aprobar un documento político, o Grupo Socialista vaise abster. Moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas, presidente. bos días señoras e señores deputados e demais persoas que hoxe nos están a seguir neste Pleno importante para a nosa provincia. E antes de nada permítame que en nome propio, e por suposto do Grupo que represento, felicite a don Abel Cabellero, que é alcalde de Vigo, pola súa recente elección como presidente da Federación Española de Municipios e Provincias (órgano moi importante para os que cremos no municipalismo e nos gobernos provinciais) e, por suposto, ao noso presidente Manuel Baltar que, de novo, repite como membro da Xunta de Goberno desta Federación xuntamente con outro presidente ou presidenta (non lembro agora) da provincia de Palencia. Tan só dous presidentes de Deputación, un é o de Ourense. Parabéns aos dous, espero que o seu bo facer na defensa dos municipios e dos gobernos provinciais sexa produtivo para Galicia e, especialmente, para Ourense. Parabéns aos dous. Dito isto, ao tema que nos ocupa, que non tiña pensado intervir, pero visto o *speech* de don Aurentino, que algo lle tiveron que dicir que tiña que dicir algo, e ao final acabou dicindo o que é, que este é un documento técnico, non é outra cousa que un documento elaborado polos técnicos aos que felicitou – eu tamén, é o seu labor - e quero recordarlle que esta Conta Xeral foi ditaminada, no seu momento, pola comisión informativa correspondente; foi publicada como é mester por quince días, e oito máis, para presentar alegacións, suxestións e demais, e nada se presentou polo seu Grupo nin por ninguén; entón sorpréndeme que veña hoxe a falar da execución orzamentaria e todo iso que, aconséllolle, permítame que llo diga así, que de paso que felicita aos técnicos, lles pregunte por cales son as razóns deses porcentaxes de execución aos que se referiu, que non vou a entrar aquí porque non se trata do debate, parécemo. Dito isto, pois si, é a nosa Conta Xeral, por suposto, e como tal ditaminámola favorablemente no seu momento, conta cos informes favorables dos técnicos, como non podería ser doutro xeito, e por suposto que a vamos a aprobar. Nada máis. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 2º

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourensana (2), e a abstención do Grupo Socialista (8), do BNG (1) e de Ciudadanos - Partido de la Ciudadanía, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as contas xerais correspondentes ao exercicio 2018, de acordo do establecido no artigo 212.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co seguinte detalle:

Primeiro.- **Conta Xeral da Deputación Provincial de Ourense** do exercicio 2018, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 27.910.463,69 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 34.512.081,67€
- Balance de situación: 2.541.836.706,77 €
- Resultado económico patrimonial: -75.630.951,19 €

Segundo: **Conta Xeral do Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico** do exercicio 2018, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 226.679,21 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 300.971,15 €
- Balance de situación: 17.432.058,03 €
- Resultado económico patrimonial: 106.093,29 €

Terceiro.- **Conta Xeral do Consorcio provincial de servizo contra incendios e salvamento** do exercicio 2018, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 428.397,46 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 1.658.450,49 €
- Balance de situación: 9.391.293,84€
- Resultado económico patrimonial:- 142.650,79 €

Cuarto.- **Conta Xeral do Consorcio de augas de Valdeorras** do exercicio 2018, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 205.047,06 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: -402.454,92 €
- Balance de situación: 855.237,85 €
- Resultado económico patrimonial: 170.483,41 €

2º.- Proceder á rendición da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2018 ao Consello de Contas de Galicia, cumprindo co preceptuado no artigo 212.5 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

3º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DE RECADACIÓN EN VÍA EXECUTIVA DA TAXA POLA LIMPEZA DE TERREOS E SOARES, DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE

AUGA E DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS DO MUNICIPIO DE CENLLE.

O Sr. secretario expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de Democracia Ourensana (2), do BNG (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e a abstención do Grupo Socialista (8), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aceptar a delegación de competencias efectuada polo Concello de Cenlle a favor da Deputación Provincial, mediante acordo de 28 de abril de 2019, para a recadación executiva da taxa pola limpeza de terreos e soares, da taxa pola subministración de auga e do imposto sobre construcións, instalacións e obras, nas condicións recollidas no acordo de delegación do Concello de Cenlle, sendo en todo caso de aplicación as seguintes condicións xerais:

a) O contido da delegación abranguerá o exercicio de todas as facultades necesarias para a realización da recadación en vía executiva, ditando todos os actos administrativos necesarios para a xestión dos ditos procedementos, incluída a emisión da providencia de constrinximento e resolución dos recursos administrativos contra os actos de recadación executiva.

b) Para o exercicio da competencia delegada o concello debería remitir as oportunas certificacións de descuberto do tributo ao que se refire.

c) A taxa para satisfacer polo concello pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o 100% da recarga de constrinximento que debe pagar o debedor tributario conforme co establecido no artigo 6, apartado b) da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense. A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade correspondente á taxa liquidada, sen prexuízo da notificación da dita liquidación na forma prevista no artigo 9 da Ordenanza fiscal.

d) A presente delegación estará vixente a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia durante un prazo de catro anos, prorrogándose tacitamente por períodos de 4 anos se ningunha das partes mostra expresamente a súa vontade en contra, comunicándollo á outra cunha antelación non inferior a 6 meses á data sinalada ou á de calquera dos períodos de prórroga.

4º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DOS CRÉDITOS ORZAMENTARIOS E DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2019 MEDIANTE SUPLEMENTOS DE CRÉDITO E CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS N° 4/2019

A Sra. interventora expón o contido do expediente.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos - Partido de la Ciudadanía: bos días a todos. Moitas grazas, presidente. En primeiro lugar, tamén estender esas felicitacións do compañeiro do Partido Popular, Plácido, tanto ao alcalde de Vigo como ao presidente da Deputación de Ourense. Dende logo é un honor, seguramente para eles, poder estar na Federación Española de Municipios e Provincias e para nós, deputados, sexamos ou non do mesmo partido, tamén debemos recoñecer ese posto na Federación Española. En canto ao tema da modificación de créditos de 8.593.000 €, como xa dixen na comisión informativa, Ciudadanos entende a necesidade de que teñan que existir subvencións nominativas. Logo está canto é a porcentaxe do diñeiro do orzamento que se pode repartir de maneira nominativa. Polo que eu puiden ver, e alegreime ao recibir a documentación, posto que é unha necesidade recente que había coa Asociación Por eles TEA, cos cales estiven reunida por petición deles e tamén ver, por exemplo, axudas de 40.000 € para comprar unha furgoneta para a Asociación ASFAVAL que tamén lle era moi necesaria. Polo tanto, eu concordo en que teñen que existir subvencións nominativas e creo recordar ou contar que en total repartíronse a 71 concellos, dos 91 menores de 20.000 habitantes; o que agardo é que teña a ben o grupo de goberno, tanto Democracia Ourensana como o Partido Popular, que nas vindeiras modificacións de créditos se atenda ás necesidades doutros concellos que teñen proxectos en riba da mesa e que non se atenderon nesta modificación de créditos. Xa lle adianto que o meu voto vai a ser a abstención. Moitas grazas.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG: si. Bo día a todos e a todas. Prometín ser breve, así que vouno a ser. Respecto á modificación orzamentaria de 8.593.594 € que vén prevista para hoxe, voules ler o que se aprobou neste salón de plenos os días 25 de setembro e 29 de decembro do 2015 no que ten que ver coa Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, o Plan Estratéxico da Deputación de Ourense para o INORDE no período 2016-2019; evidentemente non as vou a ler completas, senón simplemente uns pequenos parágrafos que me gustaría destacar. No que atinxe á ordenanza xeral da Deputación de Provincial de Ourense, o artigo 6, procedemento de concesións de subvencións, di:

“A Deputación e os seus entes públicos dependentes, tramitarán e concederán as súas subvencións exclusivamente a través dos seguintes procedementos:

a) o procedemento de concorrencia non competitiva, que será o procedemento ordinario de concesión”. O di aquí. A partires de aí, vou a irme ao Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación, aprobado por este Pleno, que no apartado 2.b) di así:

Xa que logo, os principios xerais nos que se concretará a actuación de fomento desta administración serán principalmente os seguintes:

- *Igualdade, entendida como a non discriminación ou marxinação de cidadáns, administracións ou sectores.*
- *Solidariedade, entendendo a acción social como expresión da xustiza social, a redistribución e actuación dos recursos de forma equitativa e a discriminación positiva.*
- *Transparencia, como a vontade desta Deputación por ter informados aos cidadáns e entidades locais das súas políticas de axudas e subvencións e de asignación de recursos públicos.*
- *Garantía de bo funcionamento, regulando os requisitos, baremos obxectivos, competencias, mecanismos de participación e de control e avaliación e control das subvencións concedidas.*

E se me vou á páxina 4 do BOP de Ourense, do 5 de febreiro de 2016, onde aparece publicado o Plan Estratéxico, tamén di así o punto primeiro:

I. Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais e de Rede Viaria Provincial.

A través deste plan, canalizarase á maior parte das subvencións destinadas a investimentos municipais relacionados cos servizos mínimos obrigatorios establecidos no artigo 26 da Lei de bases de réxime local; así como as subvencións para investimentos relacionados con outros servizos municipais.

Ademais, o plan, se así se acorda, preverá a posibilidade de que os concellos en situación de insuficiencia orzamentaria destinen parte da subvención á amortización da súa débeda ou a gastos correntes relacionados cos servizos mínimos obrigatorios.

Non sei se fai falta que diga moito máis. No apartado 8, onde fai referencia ás subvencións nominativas a concellos para o cofinanciamento de investimentos municipais, aparece a seguinte referencia: *con esta liña prevese acoller determinadas demandas que non teñen encaixe noutras liñas ou formas de financiamento.*

Voules facer un pequeno resumo do que vamos a aprobar hoxe aquí, porque seguramente se vai a aprobar. Datos da provincia de Ourense: con menos de 20.000 habitantes, 91 concellos; 31 deles gobernados por PSOE, BNG ou independentes, nesta modificación orzamentaria 18 non reciben absolutamente nada. 59 gobernados polo PP, hai

3 que non reciben. O 54% da poboación recibe o 14% das axudas. O 46% da poboación recibe o 94% das axudas. Non sei se isto se corresponde co espírito da ordenanza e do Plan Estratégico que acabo de ler; sinceramente, parecen incompatibles. Poderíamos tamén falar doutras subvencións como as acollidas a fomento do deporte. Mentres distintas institucións desta provincia levan o traballo *farragoso* de solicitar polo procedemento de concorrencia competitiva para obter 1.000 €, outras teñen a fortuna de ser tocadas polas mans dos deuses e conseguir todas, partidas superiores aos 3.000 €, vén nesta modificación. Os 150.000 € para ampliar algunha residencia da Fundación San Rosendo; ou 270.000 para convenios coa Xunta de Galicia, entendo, efectivamente que isto é para tractores, rozadoiras e cousas así, pero é curioso porque logo aparecen tractores rozadoiras directamente para os concellos nalgún caso. Ou os 300.000 € para os *Lobos e cordeiros* (bo título para o que estamos a falar, aquí seica hai lobos e cordeiros) para saír nos títulos de crédito se hai sorte. Ben, hai unha que me parece, dicía eu nunha declaración que fixen nos medios, escandalosa, hai unha que é unha innovación total do proceso administrativo. Voulla a ler: con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 (seica é o Concello de Xinzo de Limia, pero aínda que sexa un goberno agora gobernado polo Partido Socialista, non deixa de ser singular) “Cooperación Provincial. A Concellos subvencións” prevíase unha subvención nominativa, nos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense no exercicio de 2019, ao Concello de Xinzo de Limia para a zona deportiva Alameda do Toural por importe de 35.000 € en base á solicitude telefónica do día 6 de setembro de 2019 polo Concello de Xinzo que expuxo o cambio de finalidade do asunto da subvención. Ou sexa, unha chamada telefónica vale para mudar un proceso administrativo, é algo a ter en conta. Visto anteriormente reflectido e como xa se fixo no seu momento, Gerardo o deputado provincial do Partido Socialista que solicitaba unha relación de todas as subvencións nominativas, cando foran solicitadas e eu solicitei a maiores o proceso administrativo que implicaba, posto que supoño que haberá un proceso administrativo para cada unha delas, solicito formalmente aos servizos de Secretaría da Deputación Provincial un informe sobre o cumprimento do Plan Estratégico de Subvencións, a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial da Deputación de Ourense e a Lei 38/2003 xeral de subvencións e a 9/2007 de subvencións de Galiza; así como do Real decreto 887/2006 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. Prego o respaldo do resto dos grupos da oposición, singularmente do Partido Socialista, xa que isto dará como resultado a suma de máis dun terzo dos deputados deste Pleno e, polo tanto, a obrigatoriedade de emisión deste informe. Esta petición, por suposto, tamén a farei no apartado dos orzamentos do 2020. E atendendo ao que reflecten as normas ás que facía mención anteriormente, gustárame que o dito informe se entregara aos grupos á maior

brevidade posible e, conforme a el e aos criterios que se desprenden da citada normativa, se reformulen os criterios de reparto e se constitúa, como xa solicitei, na Xunta de Portavoces, unha comisión que regule un novo sistema de cooperación entre a Deputación e os concellos da provincia; incrementando os infradotados Plans de Cooperación Provincial co remanente de Tesouraría e acadando un mínimo de 25 millóns de euros para a cooperación concellos – Deputación, e onde permitan aos concellos ser maiores de idade para decidir as súas actuacións. Nada máis e moitas grazas.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista: moi ben, moi bo día a todos e a todas. Vaia por diante ao compañeiro do BNG que, dende logo, a petición que lle fai ao Partido Socialista para solicitar ese informe é que conte con nós. Dende logo, non vai haber ningún tipo de problema, entre outras cousas porque nós temos un pensamento similar ou practicamente o mesmo, porque a verdade é que isto, aínda que semella que sempre é o mesmo debate, porque eu xa asistín aquí a multitude de debates neste mesmo eido, pois a verdade é que cada día é máis escandaloso. Ademais, leu o compañeiro do BNG algo que para nós creo que é fundamental, e é que aínda que o Grupo Socialista está en contra de xudicializar a política, eu creo que probablemente chegou o momento de que isto ocorra, e dígoo porque o que acaba de ler é motivo suficiente para que isto se leve á xustiza. O que acaba de ler o compañeiro é totalmente en contra do que é o reparto equitativo ou en contra do que significan as subvencións nominativas ou facer modificacións orzamentarias que son extraordinarias por motivos obvios, e estes nin son motivos obvios, nin son extraordinarios; son cacicadas e, polo tanto, as cacicadas hai que denuncialas. Témololo dito por activa e por pasiva, pero é que ademais estamos fondamente preocupados por unha situación. Todo o mundo sabe que o señor presidente ten como número fetiche o número 7; incluso aquí se teñen *cuadrado* orzamentos, modificacións e demais con ese número, pero ben, hoxe xa vamos no número 8,5; que digo eu, a ver se a este señor se lle ocorre algún día que o número fetiche sexa o 100; porque claro, non chegaremos a ter 100 millóns de orzamento, mellor dito, de remanente para facer estas modificacións, pero se os chegamos a ter, líbreme Deus destas cousas! Pode parecer unha broma, pero a broma é o que vostedes fan sistematicamente. Despois estou tamén bastante preocupado porque o señor portavoz do Partido Popular, que representa precisamente o contrario do que son as formas de facer política, non vostede, senón que vostede é a representación do que ocorre nesta Deputación: vostede é o portavoz do Partido Popular e, polo tanto, era o que máis recibía destas modificacións. Estou preocupado porque, señor Plácido, perdeu o primeiro posto e despois lle explicarei porqué, porque Aviión xa o supera a vostede, aínda que agora non estea aquí Antonio. Seguramente sexa o pago porque non

este aquí e este o novo alcalde de Ribadavia, seguramente ese sexa o pago; é moi probable porque vostedes semellan sempre facer ese tipo de pago aos servizos prestados. Si, dámoslle á cabeza, pero a realidade son os números. Entón, isto que tiña que ser unha cuestión extraordinaria, que ninguén nega que ten que haber unha discrecionalidade, ás veces, polo señor presidente ou polo grupo de goberno para facer fronte á certas cuestións, como digo extraordinarias ou que non se prevén, pois é xusto o contrario nesta casa. Ademais vamos a ser serios, vamos a ser serios, vostedes hoxe son a contradición do non goberno, dun goberno malo, dun goberno cacique, dun goberno que fai o contrario ao que é un bo goberno e voulles dicir porqué. Vostedes hoxe, que alardean sistematicamente de traer os orzamentos en setembro e de ser os primeiros, porque o único que buscan é que ese señor que está aí, impasible como sempre, busque o titular de que en setembro somos a primeira corporación provincial que aproba os orzamentos. De que nos vale? Se, o mesmo día que facemos isto para sacar este titular, traemos unha modificación do ano anterior de 8,5 millóns de euros. E sei o que me vai a responder o portavoz do Partido Popular, vai a dicir que non o fixeron antes das eleccións. Claro, antes das eleccións, vendérono, vendérono; claro, fórono vendendo aos alcaldes e a aqueles que lles interesaba e agora, aqueles que resultaron non beneficiados nas eleccións e que perderon o goberno do seu signo político, pois xa non lle damos o que tiñamos prometido e iso tamén é demostrable. Outra cacicada máis. Polo tanto, isto non vai de que o señor Plácido sexa do Partido Popular e sexa o portavoz e o señor alcalde de Verín, aínda que non estea aquí, como non é do Partido Popular, leve cero euros e Muñíos leve a cantidade de 337.000 €. Entón, iso é un escándalo porque estamos falando da vila que ten máis habitantes desta provincia se non estou errado, e polo tanto... si, creo que si, e se non é, será Carballiño que... non, non, o Barco creo que non, polo que me dixo o compañeiro. En todo caso, é igual, porque mire, é Barbadás, é Celanova, porque claro, agora Celanova non ten goberno do Partido Popular e despois diremos algunha outra cousa que supoño que o meu compañeiro dirá nos propios orzamentos. Pero a radiografía disto todo plásmase no seguinte. Mire, porque onde hai papeis e números, como di outro, calan bocas. O que recibe o... é que isto é así, o que reciben os concellos do Partido Popular nesta modificación son 6.720.000 €; o Partido Socialista, os gobernos que teñen a desgraza, para esta casa, non para os cidadáns, pero si para esta casa de ter un goberno dun alcalde do Partido Socialista, 662.000; do BNG, querido compañeiro, 81.000 €, 81.000 €, e independentes 133.000. Isto é unha radiografía bastante lamentable, pero se vamos aos datos, ademais por número de habitantes que é o que dicía antes, por iso nós insistimos no do Plan Único, claro a cada habitante de concellos gobernados polo Partido Popular correspóndenlle 77 € por habitante; a cada habitante que

governa un rexedor do Partido Socialista correspóndelle 14 € a aos do BNG correspóndenlle 20€ porque, evidentemente, son menos concellos. Pero isto, como digo, é un escándalo e é motivo, señor Caride - dígollo a vostede porque evidentemente entende xudicialmente moito máis ca min - é motivo dunha denuncia e creo que vostedes, que viñeron aquí a cambialo todo, viñeron a cambialo para peor porque esta modificación é a máis escandalosa dende que eu estou aquí, e mire que levo tempo! Polo tanto vostedes non achegaron nada novo, o único que fixeron foi manter o sustento de algo vello e que, aínda encima, se está facendo moito peor que nunca, por que? Porque teñen o sustento de quen os está amparando nesas cacicadas. Polo tanto, para nós, xa digo, é un escándalo e poderíamos entrar noutras cuestións. Témo-lo dito moitas veces, hai fundacións que ao mellor fan servizo á cidadanía, pero hai moitas outras; pero sempre son beneficiadas as mesmas. Nós propoñemos que, ao mellor, aquí se cree unha especie de *carnet*, ou de tarxeta ou chámennlle como queiran, para que as persoas que teñen que pagar por entrar na Fundación San Rosendo - porque ata onde eu sei pagan e pagan bastante - pois que teñen o beneficio do que lle damos entre todos porque nesta casa estámolle dando sistematicamente e, polo tanto, hoxe son 400.000, compañeiros do BNG, pero aquí xa se ten asistido ao que non está escrito. Iso si, sempre en concellos do Partido Popular, nunca en concellos doutro signo político. Polo tanto vostedes agora non poden dicir o contrario, aínda que agora defendan o indefendible, que seguramente o van a facer e eu vou vos escoitar moi atentamente a ver se desta vez me sorprenden e teñen uns argumentos (ao señor Plácido dálle a risa) diferente aos que utilizan sempre. Xa sei que me vai dicir que fixeron un gran exercicio económico e por iso se pode facer isto... non, non, se é todo o contrario, se o fixeron moi mal; porque se fan un orzamento en setembro e quedan cartos para facer isto, e sempre o fan así, por que é? Porque aprobamos uns orzamentos que son papel mollado, quedamos ben ante certos sectores, non o gastamos e despois repartimos a dedo o que sobra e sobra sempre, cada ano vai sobrando máis porque o máis importante é que sobre máis para repartilo de forma caciquil. Esa é a realidade e non hai outra e, polo tanto, como o debate non se gaña ao levantar a man despois, porque evidentemente vostedes están sustentados por outro grupo que viña aquí a cambiar todo isto e non o cambia; pois, evidentemente, terémolo que cambiar noutros lugares porque vostedes van a levantar a man co apoio de Democracia Ourensana e van a seguir facendo as mesmas cacicadas, ano tras ano, día tras día e mes tras mes. Porque, e remato xa, porque seguramente no ano 18 fíxose en marzo, se non lembro mal, a primeira modificación; pero no ano 17 xa se fixo en novembro, creo lembrar, polo tanto eu non sei por que vimos a aprobar un orzamento en setembro, volvo a insistir, é que é un tema moi importante e polo tanto eses informes, que nós vamos a apoiar para que se

pidan, van a aclarar cousas, van a aclarar cousas para que aconteza o que teña que acontecer. Despois seguramente de xudicializar a política de non sei qué de, en fin, do que vostedes acostuman a facer cando non teñen razón. Pero a realidade é que, volvo a insistir, que os nenos, as nenas, os homes, mulleres, persoas maiores de todos os concellos desta provincia teñen os mesmos dereitos voten a quen voten, e non pode ser que vostedes lle usurpen eses dereitos ás persoas que non votan ao Partido Popular e o fan sistematicamente e iso é un delito e non se pode permitir. De momento nada máis e moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas, presidente. Antes, nunha reunión previa cos meus compañeiros, dicía que case podíamos poñer un audio porque os que levamos aquí algún tempo, como di o señor Gómez Pérez, case nos repetimos. Cada un ten o seu discurso e eu entendo, evidentemente, que sexa así. Antes de empezar o meu argumentario propio, e do meu Grupo, evidentemente, señor Varela, a verdade é que me deu a entender que vostedes non co - gobernan en Xinzo, porque dixo *gobernando polo Partido Socialista*; digo se xa empezan a ter problemas, non sei, sorpréndame. Non, aínda non, ben. Alégrome porque eu alégrome polos veciños de Xinzo para que haxa un goberno unido e que iso redundará no beneficio dos cidadáns aos que eu me sinto moi unido tamén. Que sexa así. Iso da chamada telefónica, xa ve que malignos somos, xa ve que malignos somos. Supoño que a señora alcaldesa o agradecería. Por certo, recordábanme aquí que, nalgún momento, fixérono vostedes no concello onde é concelleiro, recorde. Ou sexa que hai que acordarse de todo, do malo, do bo e do regular; de todo e non só do malo. Logo, sorpréndeme unha vez máis que se fale aquí de Muíños; eu estoulle moi agradecido a todos, porque hai que falar sempre de Muíños. A verdade é que aquí alábanme moito e despois alá, no meu concello, di o seu representante (que, por certo, quero lembrarlle que, despois de moitos anos, aínda segue sendo militante do Partido Popular, a ver se algún día lle aconsellan que cambie porque segue sendo militante do Partido, despois dun mandato e medio, pero ben, el saberá, e vostedes, se lles vale todo), alí di que non fago nada. Entón, a ver se se poñen de acordo e, polo menos, aproximan o discurso; xa non digo que sexa igual, pero que o aproximen. Tamén me sorprende, señor Gómez Pérez, que siga identificando á poboación coa cor política do goberno de cada concello; é dicir, en Ribadavia góbernanse para todos, en Muíños para todos, en Xinzo para todos e en Verín tamén. Ou acaso os investimentos que facemos nos concellos só son para quen nos vota? Serán para todos, digo eu. Eu cando vou a Ribadavia desfruto de algo que se fixo na súa época e vostede cando vén a Muíños tamén; digo eu, digo, pero, *bueno*, que manía! Pero *bueno*, hai que soste o discurso. Vou a falar das nominativas, pero parece que din aquí que non executamos o 100% do orzamento querendo facelo para logo ter un

remanente e poder distribuílo. Home, mire vostede, logo vamos a falar do orzamento do ano 20 e van subvencións nominativas; é dicir, o que facemos agora, podémolo facer despois. Non sei ao que se refiren vostedes e os que teñen experiencia de goberno deben saber, e o direi tamén, que executar o orzamento ao 100% é totalmente imposible e menos se aproban os orzamentos cando hai que aprobalos, e non como algúns concellos que os prorrogan eternamente, ou os aproban a final de ano. Pero *bueno*, iso é un *apunte*. Ao que nos ocupa. É evidente que traemos hoxe aquí este expediente, un máis, consistente na autorización dos suplementos de crédito e concesión de créditos extraordinarios por importe, case, de 8,6 millóns de euros; financiados mediante os recursos procedentes do remanente de tesouraría do ano 18, como aquí xa se dixo unha e outra vez, para gastos xerais. Cómpre lembrar unha vez máis, e téño que facer, que liquidamos o orzamento do ano 18 cun remanente de tesouraría de 24,5 millóns de euros, o máis grande da historia desta Deputación Provincial; algo teremos que ver, aínda que para algúns iso é terrible. Este resultado de tesouraría para nós é a clara consecuencia dunha xestión seria, rigorosa (eu diría que impecable) que deixa a esta institución e moi boa situación financeira. Se vostedes (algúns si a deberían ter) tivesen unha ampla experiencia de xestión, saberían que é practicamente imposible (e sorpréndeme que algún alcalde ou ex - alcalde o diga) cumprir o 100% do orzamento; de aí ese remanente de tesouraría que, seguindo con esa rigorosa xestión á que me refiro, nos permite colaborar con máis proxectos e servizos en toda a provincia. E digo en toda a provincia, en toda a provincia, porque nós, lonxe de localismos, temos unha visión global da provincia; parece ser que aí non coincidimos nada, polo menos nos discursos. No pasado mes de marzo, no mandato anterior, xa trouxemos a este Pleno, xa se dixo aquí, unha primeira modificación de crédito por un importe superior aos 8,3 millóns de euros onde, sen dúbida, destacaba unha partida de 2 millóns de euros destinada ao plan de melloras de estradas de titularidade provincial; por certo, por certo, dobrando a cantidade nun principio asignada para ese fin. Unha primeira modificación de créditos que, como unha proba máis da nosa rigorosidade, non incluía a ningún concello, a ningún, agás a Vilamartín de Valdeorras e este, curioso, a petición de, aínda que eu sei por que, e vostede tamén, a petición de Petín, para unha finalidade moi concreta. E non incluimos a ningún concello por estar ás portas dunhas eleccións locais, as verdadeiramente próximas aos cidadáns (non lle bote vostede esa malicia, senón terei que dicir aquilo de *palo se remas, palo si no remas*, señor Gómez Pérez; se o tiveramos aprobado seríamos malignos e, como non o aprobamos, somos tamén; entón, dígame como habería que facer, seguro que mo di); evitando así calquera lectura interesada, partidista e electoralista do gran traballo que estaba a facer o grupo de goberno. Xa ven vostedes, a nós non nos deu por aquilo dos plenos

sociais; a outros si lles deu polos venres sociais. A verdade é que teño que recoñecelo, como algo *pardillos*; en todo caso, o que somos é rigorosos e serios; enténdano ou non. E agora case nos volven a chafar este trámite, convocando novas eleccións (fíxoo o presidente de todos, o seu secretario xeral); aínda que os grupos do Partido Popular e Democracia Ourensana, agora si, agora si, estimamos que urxe responder ás demandas e peticións que chegan tanto ao presidente da Deputación, como aos deputados. Peticións que, por certo, son valoradas e priorizadas, analizando as súas posibilidades económicas e técnicas. Os case 8,6 millóns de euros que presentamos agora ao pleno divídense, e teño que dicilo para información de todos, incluso para os que nos escoitan e nos están vendo, en suplementos de créditos con 7,2 millóns de euros para gastos de investimento en subvencións a concellos; reparacións de vías municipais, actividades culturais e recreativas e adquisición de patrimonio cultural e tamén acción social e participación veciñal. As subvencións a concellos acaparan a contía máis elevada, case 6,7 millóns de euros a repartir entre 69 concellos, 69 concellos, e tamén a entidade menor de Berán. Concellos, polo certo, de todas as cores políticas, de todas; de xeito que, diríalle, señor Gómez Pérez, non perda vostede nin os seus compañeiros tempo nos mesmos e manidos argumentos de sempre. Como dixen hai un momento, neste casa recíbese a todos os alcaldes e alcaldesas, a todos (*bueno*, a todos aos que queren vir), sen distinción para escoitar as súas necesidades e, dentro das posibilidades económicas e técnicas, tratar de ofrecerlles algunhas resposta. Mire se se escoita a todos que ata os escoitamos telefonicamente, señor Varela. Se aquí non hai máis concellos dos que están gobernados por vostedes – tampouco os hai do Partido Popular, xa se dixo aquí - teñan por seguro que tampouco tiveron a ben solicitar a colaboración da Deputación Provincial; ben en persoa ou ben por escrito. Algúns políticos, e isto convida que o tiveramos todos en contra, aínda non se decataron que o orgullo non mestura ben co benestar da veciñanza; a ver se o pomos en práctica. Engadir tamén que, neste capítulo dos suplementos de crédito, para gastos correntes destínanse 751.000 €, distribuídos en cooperación cos concellos, fomento do deporte, desenvolvemento empresarial, actividades recreativas e culturais; ademais, en pequena contía, de retribucións básicas. No que atinxe aos créditos extraordinarios, consígnanse 256.000 € para gastos de investimento en medio rural, cooperación provincial e fomento do deporte; mentres os gastos correntes contan cunha partida específica de 250.000 € para colaborar coa Universidade de Vigo. Precisamente este é un dos créditos extraordinarios máis destacados dos que figuran neste expediente que, por certo, son aqueles que no se poden demorar ao exercicio seguinte e non existe no orzamento crédito adecuado para eles. Como dicía, os créditos extraordinarios máis destacados son cinco convenios coa Xunta de Galicia e con concellos, catro deles para

adquisición de tractores - rozadoiras, como dixo o señor Varela, 170.000 €. Adiántolles que o ano que vén haberá outro para a redacción de plans de emerxencia pola seca que, como saben, a Xunta de Galicia publicou unha orde fai uns meses para que os concellos puideramos redactar Plans de emerxencia pola seca; evidentemente houbo poucos que o solicitaran e digo poucos, non sei se porque era o verán, ou houbo despiste e logo se critica que non os axudan e hai que facer os deberes a tempo. Adiántolles que, si, como me di aquí o meu compañeiro, van a publicar outra orde; pero a Deputación consigna 100.000 € no ánimo de estar aí para tratar de colaborar na porcentaxe que teñan que achegar os concellos que decidan facer estes plans de emerxencia. Teño que destacar tamén que entre a Universidade de Vigo e a Deputación de Ourense existe un compromiso para o desenvolvemento do Observatorio do Medio Rural na provincia de Ourense por un importe de 150.000 €; ademais doutros 50.000 para a *Red Localis*, cantidade destinada á organización dun congreso nacional sobre administración local, para informes sobre corporacións locais e observatorio integral dos concellos e deputacións. Para actividades culturais e recreativas e outras subvencións a empresas privadas, concédese a cantidade de case 102.000 € a *La Región* para a divulgación cultural dos foros que organiza este grupo de comunicación e que, digan o digan, son de especial importancia e relevancia para a nosa provincia. E por último, indicar que nos vixentes orzamentos non existía crédito para o Consorcio da Ribeira Sacra e, polo tanto, consideramos que debemos dotar con 25.000 € a partida destinada a ese fin dada, e creo que non o podemos discutir, a enorme importancia estratéxica relevancia que ten a Ribeira Sacra para o turismo na nosa provincia. En resumo, esta é a proposta do goberno provincial na que, na medida do posible, tamén o hai que dicir, atendemos todas as peticións recibidas, ou case todas, unha vez valorada, esa si, a súa viabilidade económica e tamén, como non, xurídica. E isto é, de momento, o que lles teño que dicir. Nada máis, moitas grazas.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos - Partido de la Ciudadanía: moitas grazas. Nada, simplemente, como xa dixen no apartado anterior, ás veces eu creo que xa entramos a discutir o tema de se municipalismo ou provincialismo. Ao ser deputados e deputadas provinciais entendemos que respectamos unha institución como é a Deputación e, polo tanto, non temos aquí o modelo portugués, que os fondos estatais van directamente aos concellos e os xestionan directamente; un concello como o de Montalegre xestiona un orzamento de 4 millóns de euros para 12.000 habitantes. Estamos noutro modelo totalmente distinto, sería xa a nivel estatal se hai outros partidos que consideran que deben existir outro tipo de normas ou de modelos de financiamento ou de estruturas políticas e estruturas institucionais que poidan estar no medio entre os concellos

e o Estado, ou non estalo. Creo que esa discusión non é para ter nesta institución e entendo que, calquera dos que estamos aquí sentados é porque entendemos e respectamos á institución. Xa o dixen antes, a Plácido saénlle 69 concellos, a min saíanme 71 e por aí anda a cousa. Se que é verdade que hai concellos de todas as cores, eu preguntolle ao concelleiro do Carballiño se está contento coas axudas que van nesta modificación orzamentaria; incluso aos compañeiros do Barco de Valdeorras, á alcaldesa de onde son eu concelleira no Concello de Xinzo de Limia, do diñeiro que se achega e, sobre todo, todas aquelas asociacións sociais e culturais que van a recibir diñeiros, si, de maneira nominativa, pero entendo que moi necesario e moi urxente. Como xa dixen tamén, na miña toma de palabra anterior, considero que quedaron 20 concellos que non recibiron ningún tipo de axuda e entendo a obriga do grupo de goberno de asistir a eses 20 concellos nos vindeiros meses e poder levar a cabo os seus proxectos; sei, por exemplo, que o Concello de Allariz ten proxectos enriba da mesa do presidente da Deputación e estou segura que terá a ben a retomalos e a levalos a cabo proximamente. O mesmo que dixen antes, o meu voto vai a ser a abstención porque entendo que hai que ser coherentes en política e así vai a ser o meu voto. Moitas grazas e nada máis.

D. Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG: *bueno*, pois a verdade é que vostede fixo unha relación exhaustiva de cara a onde ían os fondos; pero agardaba que me respondera á proposta que lancei sobre a Ordenanza xeral de subvencións e do Plan Estratéxico de Subvencións; debe estar ben o que dixen porque sobre iso non fixo mención. A partires de aí, é que pouco hai que falar porque evidentemente a institución provincial non debería de incumprir as propias normas que se dá a si mesma e seica as incumpre porque, sinceramente, se con esta liña de subvencións nominativas, di aquí: *con esta liña prevese acoller determinadas demandas que non teñan encaixe noutras liñas ou formas de financiamento...* de todas as que hai aquí, de todas as que van nesta modificación, conto cos dedos das dúas mans cales non terían encaixe nunha liña de concorrencia competitiva, ou non concorrencia competitiva, pero si concorrencia. A partir de aí, que quere que lle diga? Eu, efectivamente, son concelleiro en Allariz e sei, e non creo que o presidente mo vaia a negar, que en 2016 o anterior alcalde do Concello de Allariz lle trasladou unha serie de propostas, incluso algunhas sobre vías da propia Deputación Provincial que están pendentes (estamos falando de 2016), algunha subvención nominativa tamén sobre un tema, para nós, importante, sobre o Festival Internacional de Xardíns. Hai aquí acordos nos que van 50.000 € para algún museo da provincia, que eu non nego a súa importancia; pero seguramente non chega á quinta parte de visitantes que o Festival Internacional de Xardíns, como dinamización económica que iso supón, non só para a Allariz, senón para a provincia,

parece algo de interese supramunicipal. Desgraciadamente, aínda que daquela se lle deron boas palabras ao señor alcalde, pois desgraciadamente iso non tivo materialización. Pero vou máis alá, ao final volvemos ao mesmo de sempre, que o que tiña que haber era un plan claro de subvencións onde non hai problema en vir aquí e falar co señor presidente e solicitarlle o que vostedes consideren oportuno; pero non parece o sistema lóxico segundo aparece nas ordenanzas. Eu non digo doutra forma, ao mellor tiña que aparecer na ordenanza: *hai que pasar por xunto do presidente*. Que conste que hai veces, e a min tamén me consta, que se teñen realizado varias chamadas aquí para ter reunións -tanto o anterior alcalde e a actual alcaldesa - e a dificultade entendo que será unha dificultade de programación, das múltiples actividades que ocupan á Presidencia desta Deputación, desgraciadamente é unha cita complicada. Pero ben, non vou a iso; para min o importante neste punto é que se cumpra o que xa está enriba da mesa e vostede non entrou aí; entendo que será porque iso non se está cumprindo. Nada máis e moitas grazas.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: si, bos días a todas e a todos. Non quero eu distorsionar o contido do debate; realmente trasladar fóra o que realmente importa que é o contido da modificación orzamentaria. Pero si quería facer un par de apreciacións ao señor Ignacio Gómez porque penso que teñen bastante interese en culpabilizar, unha e outra vez, a Democracia Ourensana de que as cousas ou non muden ou non cambien, non vaian tal como a vostedes lles interesa. Din vostedes que nós vimos a cambiar aquí as cousas e ao final non as cambiamos; e vostedes, a que viñeron? Porque realmente 2 de 25 non é un número de deputados suficientes como para poder cambiar as cousas. Saben vostedes perfectamente que puideron, se chegaran a algún acordo connosco, estar aí cambiando as cousas segundo din vostedes. Saben vostedes perfectamente que Democracia Ourensana é un partido municipalista, da cidade de Ourense, e non vai vir á Deputación a estragar un acordo, favorable para os intereses dos cidadáns para facer política Robin Hood. Polo tanto, creo que debe quedar bastante claro de aquí no sucesivo que escusan estar presionando constantemente a Democracia Ourensana porque Democracia Ourensana sabe perfectamente cal é o contido do seu pacto, sabe perfectamente como se di nun apotegma latino: *pacta sunt servanda* (os pactos son para conservar). E máis alá de cuestións nas que podamos estar ao 100% ou non de acordo, ou podamos ter profundas diferencias, nós estamos nun proxecto político da cidade de Ourense e ese proxecto da cidade de Ourense fai que na Deputación teñamos acordos de desenvolvemento económico, acordos de colaboración que son tamén importantes. Mudar as cousas faise dende dúas perspectivas, dende a política, pero tamén dende a xurídica. Falaba vostede ao principio, ao referirse a

min como xurista, á posibilidade de ir ao xulgado. Bueno, ben nós temos un concepto de xudicialización da política, entendendo por tal a actuación na orde penal, non necesariamente; é dicir, hai un órgano que é o xulgado do contencioso administrativo, nós tamén o usamos noutros tempos. Se vostedes entenden que hai unha serie de subvencións nominativas que vulneran algún tipo de disposición, saben cales son os procedementos adecuados. Entón, tampouco hai que ter medo ou dicir, vou a ir, vou a ir; pois hai que tomar esas iniciativas. Máis alá diso, eu entendo que non estean unha e outra vez acusándonos de ser cómplices do Partido Popular porque as cousas son como son e foron como foron e as negociacións que se fixeron no seu momento aí están: non souberon pactar; como tampouco soubo pactar o señor Sánchez en Madrid, o que pasa é que en Madrid abocáronnos ás novas eleccións e aquí, como non se pode porque a lexislación en materia de réxime local non o permite, pois conduciu ao que conduciu. En calquera caso, o que si podo dicir e afirmar aquí publicamente a enorme satisfacción miña e do meu partido do acordo que acadamos, do que estamos traballando na cidade de Ourense e da colaboración que está tendo a Deputación provincial connosco, a través desta modificación orzamentaria, ou a través dos orzamentos que logo debateremos e que comentaremos por qué, ou me terán que explicar, por qué a cidade de Ourense queda á marxe dese proxecto, desa modificación, desa emenda que presenta o BNG onde evidentemente se pretende deixar fóra da axuda, da colaboración provincial á propia cidade de Ourense que representa o terzo de toda a poboación provincial.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista: ben, empezo polo final que sempre é bo. Grazas, señor Caride, por caer na trampa, entre comiñas, de querer facer que entre vostede no debate, porque non acaba de clarificar unha serie de cousas que é o que buscamos; no primeiro non entra, no segundo entra (esa tamén é unha das experiencias que dá a política) e sabía que o ía facer, por iso o fixemos. Cae nunha cousa que teñen que saber todos os ourensáns, todos: vostedes sustentan un goberno provincial para defender só aos cidadáns da cidade; acábao de dicir tres ou catro veces. Vostedes son unha fraude para o resto dos cidadáns desta provincia; si, si é así, vostedes só miran polos intereses de vostedes e do Concello que gobernan. É o único que acaban de dicir. Polo tanto, é bastante lamentable a forma de entender a política nesta casa, porque vostede, ao final, sustenta un goberno que ten que ser para todos os cidadáns con esa equidade. Mire, nós xa estábamos aquí antes de que estivera eu, antes de que estivera vostede, seguiremos estando; pero vostedes non van volver estar, polo menos coas siglas de DO, iso vanllo dicir os cidadáns e estanllo dicindo xa na rúa. Porque esas cousas que sustentan, iso que sustentan é xusto o contrario do que dicían fai tres meses e, polo tanto, iso non se perdoo en política. E falando

de xudicializar que nolo diga vostede, que a ese señor levouno moitas veces ao xulgado, ou a outros; home, e agora se abraza con el, o outro día nunha comida. É bastante curioso, cando menos é curioso. E polo tanto, a nós non nos treme o pulso, claro que non, cando temos que vir aquí a defender o que non se pode facer, evidentemente. Sabe por que? Porque nós cando estivemos aquí - eu xa estaba aquí - nós tivemos que denunciar ao anterior presidente por unha cuestión, que ao final foi condenado, e fixémoslo. Fixemos outras cousas, claro que as facemos; pero é que non queda outra, porque o que se tería que arranxar aquí, non se arranxa. Vólvolle a dicir, nós estamos en contra de xudicializar a política, estamos a favor de facer outras cousas; pero non se arranxa, pero non se arranxa, sabe por que? Porque vostedes sustentan ese tipo de actuacións. Dígollo con pesar, porque fai pouco estaba aí detrás escoitando todo o contrario, ou vostedes estarían dicindo o que estou dicindo eu hoxe; iso élle así. Polo tanto, grazas por entrar no noso debate. Tamén empezamos a ver unha cousa, este goberno ten tres portavoces e iso é algo que tamén, non é que nos preocupe, pero tamén xa o podíamos esperar. Señora portavoz de Ciudadanos, mire, falaba vostede dos cambios que teñen que producirse no Estado con respecto a algúns grupos políticos; *bueno*, o seu - o que pasa é que muda de criterio cada dous días - o seu unha das cousas que lle dicía a estes señores, basicamente, é que tiñan que desaparecer as deputacións; si, si, home!, escoitámolo todos os cidadáns deste país, o que pasa é que agora din outras cousas porque están con eles. Por tanto, dígallo vostede aos seus dirixentes do seu partido, non do noso. Polo tanto, é o único que lle teño que dicir. Nós falamos do que significa isto, non doutras cousas; non estamos aquí para debater o que se pode facer no goberno do Estado. Señor Plácido, notei con profundo entendemento, ou procurei poñerlle entendemento, a cousas que dixo. Primeiro, sempre recorre a iso, fala de Muíños, do noso portavoz de que si segue tal... *bueno*, vostede foi ou militante, ou simpatizante ou estivo co Partido Socialista...si, si, sabémolo todos, e tivo un xiro bastante notable, si, si, sabémolo todos. Polo tanto, ás veces, esas cousas poden acontecer. Ao mellor, como teñen relacións, ao mellor fixeron un cambio; dígoo a modo de anécdota porque esa non era a cuestión que nos ocupa. O que nos ocupa, das cousas que falou vostede, vamos a ser serios porque este tema éo. Mire, que vostedes teñan 24 millóns e medio de remanente, non é horrible como vostede dixo, non é horrible; sabe o que é horrible? A forma de repartilo, iso é o horrible. Polo tanto, non é un problema de que se fagan as cousas ben ou mal porque se aforren cartos, ou se faga unha boa xestión económica que, xa lle volvo a dicir, nin é así tampouco; porque aproban iso para facelo así. O que é horrible, volvo a dicilo, é que repartan iso desta forma. Mire, vostedes falaban, eu falo de ano natural cando falan de eleccións, cando falan de tal... falo como nas temporadas de fútbol: 16-17, 17-18; pois isto, mire, as

modificacións, tomei a molestia de facer isto, bastante traballo dá porque hai que encontrar algunhas por aí que son algo estrañas e que veñen repartidas en folios distintos, porque, claro, como son do mesmo concello, téñenas que intentar tapar un pouco. Mire, dende abril do 18 a setembro do 19 fixéronse modificacións e a anterior, que foi en abril, danos un saldo do seguinte. Para que nos fagamos unha idea do que estou dicindo, señor Caride, que nisto non é... vostedes, que defenden o da cidade, ata é un escándalo. Vostede, que por certo dicía, preguntáballo ao compañeiro do BNG, por qué non inclúen a Ourense; sabe porqué, porque o pon a Lei de bases de réxime local, si, si, que hai que defender aos Concellos, basicamente para iso están as deputacións. Home, non nolo diga aos que somos alcaldes humildes e que fomos alcaldes humildes e que tiñamos que sacar adiante, con humildade, os recursos dos veciños. Si, si. E despois falaremos doutra cousa que xa verá vostede. Pero mire, Avión, con esas modificacións, recibe 549.000 €, con esas dúas modificacións, 549.000€! Muíños, non é que eu teña obsesión con Muíños, que va, non é iso! é que son 536.000 €, Plácido. Xa non botas nin as contas porque é moi fácil. E iso non é porque ti sexas mellor alcalde que o alcalde de Verín, nin es mellor alcalde que moitos alcaldes do Partido Socialista, non; é que estás sentado xustamente e defendes ás veces o indefendible e por iso estás no *top ten*, como dirían outros, destes números. Esa é a realidade e isto son números, que non son contos. Monterrei, que tamén ten algo que ver con esta casa o señor alcalde, recibe 437.000 €. Cortegada, que non tiña que ver, pero ten, verdade?, agora recibe 474.000 €. Claro, aquí que premiamos? Entón vostedes falan do que queren ou queren que falemos do que vostedes queren, porque ese é o problema, non queren falar disto. Volvo a dicir porque esta é unha forma caciquil de entender unha administración. E niso si son o número un, a peor de toda España. Claro que son goberno único, son un goberno único para facer estas cousas. Preguntábanos, señor Plácido, que seguramente lle iamos a dicir como se podía repartir isto. Pois moi fácil, apuntáboo o compañeiro do BNG; ao mellor vámoslle ter que cambiar o nome porque como nós lle dicimos un Plan Único, chamémoslle mellor doutra forma porque como vostede din tamén goberno único, ao mellor ata niso nos contaxiamos. Pero, miren 8,5 millóns de euros, para que o entendan os cidadáns, 8,5 millóns de euros repartidos entre os 91 Concellos desta provincia, porque ao 92 non lle fai falta porque ten máis orzamento que esta casa; ou sexa, o irmán rico non lle pode pedir ao pobre, porque ao mellor queda sen comer, os 91 Concellos poderían ter, máis ou menos, sobre 100.00 € que é o dobre que recibimos cada un dos concellos polo plan de obras que despois debateremos. Iso significaría, á súa vez, que todos, liñalmente, sen entrar en cuestións de territorio, de dispersións, doutros factores que se poderían incorporar, recibirían ao redor de 150.000 €. Cousa que non reciben máis de 30 concellos, ou 40, desta

provincia; incluídos algúns deses 69 que son do Partido Popular tamén, que son os que non lle caen ben ao señor que está aí sentado, porque isto tamén vai diso, Plácido. Hai algúns do Partido Popular que cho din coa boca pequena, ou así por detrás, que non lles toca nada; tamén os hai nestas modificacións: porque non foron no ano 2010 e moitas outras cousas que se escapen. Pero esa é a realidade do que pasa. A maiores, hai outra cousa, señor Plácido, que vostede dixo, pero que tamén teñen que entender os cidadáns; porque vostede sabe, como di, pero eu tamén. Mire (digo desta casa) a maiores dos 69 concellos hai outro acto, que aínda é peor, que é que á parte das transferencias que lle fagan aos concellos, hai as que se lle fan ás asociacións e todo o que dixo vostede, e sabe o que? aínda é máis grave, iso aínda é grave, porque (sí, Pablo, vas a entender por que o digo, non te estrañes), porque máis do 90% desas asociacións están en concellos gobernados polo Partido Popular. Polo tanto, se á cacicada que fan cos concellos, lle sumamos as asociacións que son afíns a gobernos do Partido Popular, o resultado aínda é peor. Entón, claro que se fai cunha intención política, Plácido, é fácil de corrixir. Fagamos como nas outras deputacións, fagamos os plans que teñamos que facer para que os concellos, como mínimo, con esta modificación, reciban 150.000 € e así Avión non recibiría o triplo que recibirían os concellos normalmente. Despois unha última cousa que me fixo moita graza, pero non por facerme graza é menos seria. Mire, os alcaldes poden decidir, ou non, na súa calidade de alcaldes poden decidir vir a esta casa a mendigarlle a ese señor ou non. Pódeno facer porque, dende logo, están no seu dereito. Se non queren vir pedirlle nada a ese señor, que non tiñan que ser así as cousas, se houbera ese plan único ou esa forma de entender o regulamento que hai das subvencións non terían que facer iso; pero aquel que non o quere facer porque estima que non é a forma correcta de vir aquí, nin ten que dobrar, como dicía Plácido, nin é unha cuestión de orgullo, senón de dignidade. O que si ten obrigación, porque antes faciades referencia a que vai un plan para emerxencias, o que si ten obrigación de visitar aos alcaldes cando teñen problemas é o presidente de todos, porque os alcaldes non teñen que vir onda el, pero el si ten que visitar aos alcaldes cando teñen problemas. E mira, Plácido, están moi ben o dos plans de emerxencia; pero xa o dixen unha vez e repítoo, cando Carballeda de Avia, por ter un alcalde socialista, tivo unha das maiores desgrazas que se levan sufrido nesta provincia pola vaga de lumes, ninguén desta Corporación, perdón, ninguén deste goberno desta Corporación estivo en Carballeda; cando todos os demais estiveron alí botando unha man. E cando digo todos os demais, membros do seu partido pertencentes ao goberno galego. O que é máis grave, aínda non sabemos onde está o compromiso do que ten que achegar a Deputación, que vén no Decreto, para axudar aos veciños de Carballeda de Avia; cando o goberno central e o da Xunta si o teñen. Polo tanto,

non é que os alcaldes non queiran vir onde este señor, e se non o fan, é a súa decisión, pero este señor o que ten é que tragar o orgullo e o que non ten é que ter esta casa como del, é o señor presidente que así o fai e vostedes susténtano; incluído vostede, señor de Democracia Ourensana, por moito que lle dea a volta, os cidadáns non lla van a dar. Moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas, presidente. Polo que se ve a estratexia é a mesma de onte no Parlamento de Galicia, atizarlle a todo o que se move. Pero bueno, é o que nos espera nos meses que quedan do presente ano e nos seguintes do ano 2020. Señor Varela, eu non lle entrei, logo lle direi, porque se nós traemos propostas, falaremos das nosas propostas; independentemente que as súas merezan todos os meus respectos, pero teremos que falar das nosas, non das de vostedes. En todo caso, eu sonlle respectuoso e falareille delas sempre. E por que non me referín a iso? porque vostede xa prexulgou que todo está mal e é ilegal, xa o prexulgou. Vostede anunciou que ía pedir un informe, incluso pediu o apoio do grupo do lado; entón, home, non me diga a min que fale en nome do secretario xeral da Corporación ou da asesoría xurídica, non mo digan, cando o digan, miraremos se ten razón vostede ou non, se a ten en parte ou ningunha. Nós cremos que non ten ningunha. Dito isto, iso de pasar polo despacho do presidente...h ome, vai para os dous anos, eu lémbrolle cando gobernaban na Xunta de Galicia, incluso agora, incluso agora que gobernan no Estado español e o presidente da Xunta vai a visitar -xa vexo que con pouco éxito- ao presidente de España, en funcións; a de aquí está lexitimamente e legalmente no sitio onde quixeron os galegos e espero que o sigan querendo así. Pero bueno, digo que vai a ver aos ministros e non pasa nada, esa é a relación normal da dinámica política, do respecto institucional; entón non sei porqué os alcaldes non poden visitar ao presidente da Deputación. Se lle teñen manía é o seu problema, cóntame que el non lla ten a ningún, iso dío vostede; incluso os recibe con certa alegría, aos que non son do grupo, e non vou a dicir máis detalles porque non viñemos aquí para *chascarrillos*. Respecto ás estradas provinciais, señor Varela, sorpréndeme que vostede fale de Plan Único, de tanta obxectividade, e unha das cousas que presenta vostede –que non terei tempo para dedicarme a todo- nas emendas que presenta ao Pleno, unha para todo, pero logo di, esta como non ma van a aceptar, vou ás minucias, vostede plan A e plan B, vostede xa fixo dous plans. É como aquel que me dixo o presidente que había un cargo importante que pedía sempre un informe positivo e un negativo e, segundo lle fora a cousa, utilizaba un ou outro, vostede igual, a ver se me vai ben o plan A, senón utilizo o B; polo que vexo quere pasar ao B. Pero, faime gracia, e logo referireime a algunha cousa máis, que cando vostede fala das estradas provinciais (que non sabe para nada cales se van a meter porque nós fiámonos dos técnicos; vostede non saben cales se van a meter, igual xa están), pero

vostede, é curioso, só se lembra onde goberna o BNG. Que curioso! E logo chámamos a nós sectarios. Que curioso! Mire vostede, pide unha estrada en Allariz, pide outra en Vilariño de Conso (Cabalar-Vilariño de Conso), Viana, Allariz-Xunqueira, Taboadela e logo en Baños de Molgas. Esta é a súa proposta, as demais da provincia non contan para nada. *Bueno*, xa vexo que a vostede o subconsciente tamén o traizoa; a min si, pero a vostede tamén. Dito isto, paso un pouco ás profecías e as *alabanzas* e críticas que nos fai o señor Gómez Pérez como é habitual. Vostede, como bo profeta, teño que lle lembrar que non acertou nada no mandato pasado do que ía pasar, pero como bo profeta xa di que DO non volve estar aquí. Espero que os cidadáns o digan, eu non direi nin que si nin que non, espero que o digan os cidadáns que son quen teñen que opinar. Como no meu caso, eu nin son nin bo nin mal alcalde; o que si é que levo uns cantos anos, a xente vota a lista que eu encabezo, maioritariamente polo que se ve, entón son, humildemente, son o que queren que sexa os cidadáns de Muíños, nin máis nin menos. E vostedes que me poñen petardos seguidos, pero non dan acertado co petardo; a ver se acertan algunha vez que é boa cousa, así descanso. A ver se acertan, toquen ben a tecla. Rebuscan e rebuscan. Eu xa llo dixen máis veces, señor Gómez Pérez, eu de novo, que agora xa lle son un pouco veterano, funlle un pouco revoltoso –hai quen di que moito, eu digo que fun un pouco revoltoso- pero eu nunca militei no Partido Socialista Obrero Español, nunca; nin en ningún outro. Para que lle quede claro dunha vez. Agora, que lle repito que o seu candidato, que é da miña familia, pero de todo hai na vida, ao mellor el dirá que son a ovella negra, eu penso que é el, en todo caso vamos a deixalo aí en empate; en todo caso eu xa llo dixen a el, non descubro nada: por favor, date de baixa no Partido Popular, porque el xa viña de Alianza Popular, Partido Popular e agora paréceme que é militante do PSOE, cousa que non sei, pero mo rumorearon. Home, que sexa dun, chega ben. E, para as próximas, a ver se atopan a outro que a ese non lle van moi ben as cousas. Estratexia que están a seguir? Está clara, á parte da do Parlamento de onte, a de aquí está clarísima. A ver se non se enfadan, dicía un, a ver se os pican cos de DO; non, non o van a conseguir, levámonos especialmente ben. Dígollo para a súa tranquilidade. Por aí van mal. Levámonos especialmente ben e espero que así siga sendo. Entón, non nos van a enfadar. Íalle dicir das propostas e dos cuartos que sempre falan de Muíños e doutros concellos. Mire, eu sempre gabarei a labor de goberno de cada compañeiro alcalde, sexa do Partido que sexa; hainos que son máis dinámicos, hainos que son menos, hainos que presentan propostas serias, hainos que as pelexan e hainos que non. Como vostede, na súa Corporación, supoño que tivo e ten concelleiros máis dinámicos e menos; pois nas alcaldías tamén, e vostede sábeo. En todo caso, eu presento proxectos e peléxoos aquí, na Xunta e onde sexa; é o meu estilo e quen me coñece, sábeo. Unhas

sáenme ben, unhas mal e outras regular. Outros non pelexan nada e non quero citar a ninguén. Polo tanto, as propostas que se fan para Muíños, vólvollo a repetir – e sigan falando de Muíños que a min encántame, aos meus veciños encántalle que falen de min, polo menos teñen un alcalde pelexón, non sei se bo ou malo, pero pelexón si - mire, as propostas que fago non as fago para o Plácido, nin para os membros do PP, nin para os simpatizantes do PP; tamén as fago para vostede que estivo paseando por alí e andou por algo que puidemos facer, vostede mesmo pode ser testemuña diso e así o seguirei facendo, así o seguirei facendo. Nada de sectarismo, iso parece que o utilizan vostedes, polo que vexo. Despois destes comentarios e das profecías do señor Gómez Pérez, vou ao que nos ocupa que é a orde do día do Pleno. Polo tanto, as posturas están claras, non, clarísimas. Este expediente, digan o que digan, pode facerse porque hai remanente de tesouraría. Outros teñen que facer plans de saneamento porque liquidan o orzamento con déficit, tampouco vou a citar nomes. Hai remanente porque hai boa xestión; o primeiro punto positivo a ter en conta, e deberíano de recoñecer aínda que creo que no guión iso non pode ser. Non trouxemos esta proposta, repito, antes das eleccións municipais para evitar os seus *cansinos* (e permítanme a expresión), *cansinos* e inevitables discursos de sempre. Presentamos hoxe esta proposta e aprobarémola, evidentemente, para responder ás peticións razoadas de concellos e entidades públicas e privadas elevadas a este órgano polos seus lexítimos representantes; ben a través dos deputados do grupo de goberno, ou directamente ao presidente; xa digo, por escrito ou en visita, que el atende a todo o mundo, é máis, creo que atendeu a todos os alcaldes e alcaldesas que lle pediron visita despois das eleccións, polo menos iso é o que el me trasladou a min e non ten porque dicirme o que non é certo. Quen non quere vir, alá el. Eu recordo cando gobernaban vostedes, co-gobernaban, o BNG co Partido Socialista, eu fun a ver ao señor Touriño que me atendeu sempre de maneira amigable e me atendeu, sempre, na maneira do posible con menos do que eu quería. Fun ver ao señor Pachi Vázquez (ex - compañeiro de vostedes) moito, incluso visitou moitas veces o meu concello, e ao señor Quintana, ao que teño que dicir que me escoitou de maneira especialmente atenta. Polo tanto, dígolles que o señor presidente atende a todo o mundo. Non lle teñan manía por razóns que nada teñan que ver co que temos que defender todos. Resposta, tamén, este expediente a un plan de mandato, que o repetirei sempre, o Ourense 72-73 que é a folla de ruta con que este goberno, en coherencia co trasladado nas eleccións locais (outros non fixeron nada), así o temos, como digo, como folla de ruta. Deberían entender tamén que estas propostas contemplan escenarios legais, e digo legais, á parte deses xuízos de valor que fai o señor Varela, onde debemos facer, como dixen anteriormente, previsións orzamentarias como as axudas pola seca -repito-, convenios

con outras administracións públicas como a Xunta de Galicia e os concellos que antes citei, coa Universidade de Vigo, etc... Debo deixar claro, tamén, que se atenden peticións presentadas por moitos concellos, xa dixemos aquí 69, non sei se contei mal, a señora Lama dime que son 71, non o sei; dá igual. En todo caso, quero recordar algúns para que quede, como din agora os rapaces novos, súper claro que atendemos peticións de todos os concellos. Claros exemplos son: A Mezquita, Baños de Molgas, Carballiño, Castrelo do Val, Coles, Melón, O Barco de Valdeorras, Parada do Sil, Petín, Ramirás, San Xoán de Río, Sandiás, Vilamartín de Valdeorras e Xinzo de Limia. E non quere dicir que, no que queda de exercicio, o señor presidente e o seu grupo de goberno non atenda máis. Quede claro ou súper claro. Exemplos de subvencións nominativas. Non, non, señor Rodríguez Villarino, ía dicir algo que dixo un compañeiro seu que exerce labores de goberno nun concello gobernado polo Partido Socialista, exclusivamente, non hai co - goberno e dicíame o outro día, apunteino aquí por si me esquezo, como era? Como dicía el? *Non damos máis subvencións nominativas porque non temos un peso*. Empeño a miña palabra que mo dixo un concelleiro dun goberno socialista desta provincia e créoo, creo que foi sincero porque eu tamén o fago no meu concello; non dou máis porque non podo, que logo é criticable ou non? *Bueno*, pois non dou máis porque non podo. Esa é a realidade, o demais é folclore político. Dito isto, señoras e señores deputados da oposición, e dígollo sen acritude como diría o señor González - gran presidente, mellor que o que temos neste país - eu pediríalle máis propostas en positivo para a nosa provincia, menos barullo mediático co tema de sempre. As súas propostas, polo que vexo -especialmente as do señor Varela, pero tamén por vostedes que lle fan seguidismo- as súas propostas para a provincia empezan e rematan no demagórico, e digo *cansino*, Plan Único. Non lles viría mal a todos vostedes algo máis de imaxinación en favor da nosa provincia. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 4º.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourensana (2), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación de créditos do expediente, co seguinte detalle:

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS DE INVESTIMENTOS

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
------------	-----------	-----------

334.20/627.00	Actividades culturais e recreativas. Adquisición Patrimonio Cultural	150.000,00 €
450.12/619.02	Cooperación Provincial. Reparación vías municipais	48.000,00 €
450.12/762.01	Cooperación Provincial. A Concellos subvencións	6.693.841,70 €
231.11/789.00	Acción social. A institucións sen ánimo de lucro	238.000,00 €
924.12/789.00	Participación veciñal. A institucións sen ánimo de lucro	30.000,00 €
Total SC. Gastos de investimentos		7.159.841,70 €

CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS. GASTOS DE INVERSIONES

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
341.11/789.01	Fomento do deporte. A institucións sen ánimo de lucro	36.000,00 €
414.11/750.00	Medio rural. A Xunta de Galicia	170.000,00 €
450.12/625.01	Cooperación Provincial. Mobiliario	50.000,00 €
Total CE . Gastos de investimentos		256.000,00 €

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS CORRIENTES

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
912.11/100.00	Corporación provincial. Retribucións básicas	27.000,00 €
912.12/110.00	Secretaría Particular. Retribucións básicas	53.999,80 €
134.11/462.00	Protección e defensa civil. A Concellos	87.333,46 €
450.12/462.00	Cooperación Provincial. A Concellos	346.376,80 €
341.11/482.10	Fomento do deporte. Actividades deportivas	155.000,00 €
433.00/489.35	Desenvolvemento empresarial. Outras transferencias	23.000,00 €
334.20/489.00	Actividades culturais e recreativas. A institucións sen ánimo de lucro	38.500,00 €
231.11/489.00	Acción social. Atencións benéficas e sociais	20.000,00 €

Total SC. Gastos correntes	751.210,06 €
-----------------------------------	---------------------

CRÉDITO EXTRAORDINARIO. GASTOS CORRENTES

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
326.11/227.06	Universidade de Vigo. Estudos e traballos técnicos	200.000,00 €
432.11/467.01	Promoción de turismo. Consorcio Ribeira Sacra	25.000,00 €
334.20/479.01	Actividades culturais e recreativas. Outras subvencións a empresas privadas	101.943,00 €
414.11/450.00	Medio rural. A Xunta de Galicia	100.000,00 €
Total CE . Gastos correntes		426.943,00 €

RESUMO

Suma suplementos de crédito	7.911.051,76 €
Suma créditos extraordinarios	682.943,00 €

RECURSOS UTILIZADOS

Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais	8.593.994,76 €
------------------------------------------------------------------------------	-----------------------

2º.- Na bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Ourense proceder concretar o capítulo IV e VII de gastos que se ven modificados neste expediente, polo que se procede á especificación das aplicacións para as que se habilite crédito nesta modificación orzamentaria:

Con cargo á aplicación orzamentaria **231.11/489.00 “ Acción social. Atencións benéficas e sociais”**

Beneficiario	Finalidade	Importe €
Asociación Por eles TEA Ourense	<i>Gastos de funcionamento</i>	20.000,00
TOTAL 231.11/489.00		20.000,00

Con cargo á aplicación orzamentaria **341.11/482.10 “Fomento do Deporte. Actividades deportivos”**

Beneficiario	Finalidade	Importe €
---------------------	-------------------	------------------

Adas Barco	Participación Atleta veterano C. mundo	1.000,00
Asoc. Ourensá de Xadrez	Escolas deportivas 2019	7.000,00
Burgas Atletismo Ourense	Participación Atletas veteranos C. mundo	3.000,00
Cidade Burgas Fútbol Sala	Tempada 18-19	18.000,00
Club Arenteiro	Tempada 18-19	15.000,00
Club Ourense Atletismo	Participación Atletas veteranos C. mundo	3.000,00
Escudaría Celanova	Colaboración competición "Ourense Termal"	10.000,00
Federación Galega Atletismo	Actividades 2019	6.000,00
Federación Galega Balonmán	Escolas deportivas 2019	3.000,00
Federación galega Judo	Escolas deportivas 2018	6.000,00
Federación galega Judo	Escolas deportivas 2019	3.000,00
Fundación ADO Moure Pro Deporte	Actividades ciclismo	12.000,00
Náutico Castrelo de Miño	Mantemento, montaxe/ desmontaxe pista	3.000,00
Ourense Club Fútbol	Tempada 18-19	25.000,00
Special Olympics Galicia	XXIII Convivencia Familiar Galicia	10.000,00
UDO	Tempada 18-19	30.000,00
TOTAL 341.11/482.10		155.000,00

Con cargo á aplicación orzamentaria **334.20/489.00** “ **Actividades culturais e recreativas.**

A institución sen ánimo de lucro”

Beneficiario	Finalidade	Importe €
Aquis Querquennis-romano Bande	funcionamento e mantemento	25.000,00
Coral Camerata Auriense	Traxes coralistas	3.500,00
La casa de la música	CAMPAMENTO ROCK MUIÑOS	10.000,00
TOTAL 334.20/489.00		38.500,00

Con cargo á aplicación orzamentaria **433.00/489.35** “ **Desenvolvemento empresarial.**

Outras transferencias:

Beneficiario	Finalidade	Importe €
Asoc. De empresarios Polígono San Cibrao	40 anos programa de actos	10.000,00
Expourense	Foro Comunicación	10.000,00
Semente Ribeira Sacra	Cota anual	3.000,00
TOTAL 433.00/489.35		23.000,00

Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/462.00** “ **Cooperación Provincial. A**

Concellos”

Beneficiario	Finalidade	Importe
A Bola	Equipamento para Coral	3.000,00 €
A Bola	Transporte público municipal	15.000,00 €
A Gudiña	Rallye Mix 2019	12.000,00 €
A Veiga	Exploración etnográfica e estudo sobre proxectos forestais	17.600,00 €
Arnoia	Rutas ciclo turísticas	16.940,00 €
Baltar	Actividades do Plan Cultural 15-19	50.000,00 €
Berán Entidade Menor	Gastos de funcionamento	15.000,00 €
Boborás	Campionato Nacional de Mushing	5.000,00 €
Carballiño	Gastos de funcionamento conservatorio	15.000,00
Cortegada	Plan Cultural	30.000,00 €
Lobios	Convenio Banda Municipal	5.000,00 €
Maceda	Plan de apoio ao comercio local	22.000,00 €
Nogueira de Ramuín	Video promocional Ribeira	4.500,00 €

	Sacra	
O Irixo	Gastos culturais e deportivos, campaña verán 2019	3.000,00 €
Oimbra	Apertura ao público da Adega as Barrocas os domingos de abril a setembro	8.336,80 €
Ourense	Campaña Nadal 2019 da Concelleira de Cultura	25.000,00 €
Piñor	Rallye Mix 2019	12.000,00 €
Vilar de Barrio	Festa da Serra de San Mamede	7.000,00 €
Xunqueira de Espadañedo	Gastos de mantemento e funcionamento do Museo da Alfarería	50.000,00 €
Xunqueira de Ambia	Actividade Cultural	30.000,00 €
TOTAL 450.12/462.00		346.376,80 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **334.20/ 479.01 “Actividades culturais e recreativas. Outras subvencións a entidades privadas”**

Beneficiario	Finalidade	Importe €
La Región, S.A.	Foros La Región	101.943,00
TOTAL 334.20/479.01		101.943,00

Con cargo á aplicación orzamentaria **414.11/450.00 “ Medio rural. A Xunta de Galicia”**

Beneficiario	Finalidade	Importe €
Xunta de Galicia	Redacción Plans de Emerxencia por seca	100.000,00
TOTAL 414.11/450.00		100.000,00

Con cargo á aplicación orzamentaria **432.11/467.01 “ Promoción de turismo. Consorcio Ribeira Sacra:**

Beneficiario	Finalidade	Importe €
Consorcio Turismo Ribeira	Gastos de funcionamento	25.000,00

Sacra		
TOTAL 432.11/467.01		25.000,00

Con cargo á aplicación orzamentaria **231.11/ 789.00** “ **Acción social. A institucións sen ánimo de lucro**”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Fundación San Rosendo	Ampliación residencia	150.000,00 €
ASFAVAL	Furgoneta	40.000,00
Fundacións Losada Dieguez	Apuntalamiento pazo Antán Losada Diéguez	48.000,00
TOTAL 231.11/789.00		238.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.01** “ **Cooperación provincial. A concellos subvencións**”.

Beneficiario	Finalidade	Importe
A Bola	Proxecto de acondicionamento de acceso no núcleo de Barrio	18.011,04 €
A Bola	Redacción de proxecto da residencia de maiores	3.000,00 €
A Bola	Redacción de proxecto para mellora das instalacións do campo de fútbol	3.000,00 €
A Bola	Reposición de firme en varias pistas municipais (acceso a aldea Ferreiros e outros)	48.000,00 €
A Gudiña	co financiación nave GES	14.000,00 €
A Merca	Enlace A 52 a Mezquita	84.000,00 €
A Mezquita	Parque Infantil e Biosaludable na Esculqueira	31.000,00 €
A Peroxa	Adquisición inmovible casa natal Rodolfo Prada para usos culturais	36.000,00 €
A Peroxa	Arranxos cemiterio Os Peares	15.000,00 €
A Peroxa	Pavimentación en San Cristobal	48.000,00 €

A Peroxa	Rehabilitación de vivendas número 10 e 27 da estrada Ourense-Os Peares	118.000,00 €
A Rúa	Renovación infraestruturas e reposición do pavimento na Rúa Coballo	48.300,00 €
A Rúa	Renovación infraestruturas e reposición pavimento na Rúa Pireira	46.000,00 €
A Teixeira	Mellora do abastecemento no concello da Teixeira	94.000,00 €
A Teixeira	Substitución de luminarias	27.411,98 €
A Veiga	Estradas municipais	140.000,00 €
Arnoia	Renovación elementos 4 parques infantís	43.610,00 €
Arnoia	Reparación tellado Muiño Inquiao	26.586,12 €
Arnoia	Senda Peonil en OU-0215	61.000,00 €
Avión	Mellora de abastecemento de auga	8.593,00 €
Avión	Proxecto residencia Alvetos	200.000,00 €
Avión	Urbanización área de reparto e redacción proxecto	100.000,00 €
Avión	Cambio cuberta GES	15.634,00 €
Avión	Cambio cuberta Policía Local	13.195,00 €
Avión	Vía municipal Barroso	48.000,00 €
Baltar	Remate acceso a parapente	50.000,00 €
Baltar	Arranxo Capela Ascensión	30.000,00 €
Baltar	Estrada San Martiño - Fronteira	48.000,00 €
Bande	Actuacións no parque infantil	7.350,00 €
Bande	Adquisición de tractor desbrozadora	15.000,00 €
Bande	Arranxo piscina municipais	9.500,00 €
Bande	Creación dunha infraestrutura hidráulica de acceso continuo ás augas para a súa análise	30.000,00 €
Bande	Declaración de augas mineiro medicinais	30.000,00 €

Bande	Mellora alumeado público en Loeda e Rubias	29.200,00 €
Bande	Recuperación vivendas sociais	34.000,00 €
Bande	Travesía	53.945,25 €
Baños de Molgas	Aforro enerxético pavillón polideportivo	18.000,00 €
Baños de Molgas	Humanización Rúa Pasaxe Ladeira	25.000,00 €
Beade	Arranxo praza de España	30.000,00 €
Beariz	Adquisición inmoible servizos municipais	20.000,00 €
Beariz	Equipamento Eirexa Santa María de Beariz	15.000,00 €
Beariz	Pago de terreos e proxecto do novo cemiterio	30.000,00 €
Beariz	Remate Centro Social de Alvite	9.100,00 €
Beariz	Sinalización camiño de Santiago e arranxo Fonte en Beariz	8.000,00 €
Boborás	Mellora de camiños Paradela e Brués	14.520,00 €
Boborás	Rehabilitación Patrimonio Cultural	5.000,00 €
Carballeda de Valdeorras	Barreiras de seguridade en estradas locais Riodolas - Soutado e acceso a Lardeira	20.000,00 €
Carballeda de Valdeorras	Redacción proxecto climatización piscinas	20.000,00 €
Carballeda de Valdeorras	Traballos medioambientais	25.000,00 €
Carballiño	Reparación de Estradas Municipais	100.000,00 €
Cartelle	Gradaría Campo de Sande	48.000,00 €
Cartelle	Melloras Polideportivo Outumuro	48.000,00 €
Castrelo do Val	Obras de mellora do Centro Multiusos de Castrelo	47.890,00 €
Castrelo do Val	Reforma do alumeado público para aforro enerxético	30.975,27 €
Cenlle	Reforma de mellora enerxética e accesibilidade do centro de saúde de A	33.489,00 €

	Barca de Barbantes	
Chandrexela de Queixa	Acondicionamento igrexa de San Martiño	26.541,88 €
Chandrexela de Queixa	Arranxo forno en Cimadevila -Fitoiro	12.000,00 €
Chandrexela de Queixa	Cuberta piscina no poboado	46.000,00 €
Chandrexela de Queixa	Poboado de Chandrexela	90.000,00 €
Coles	Césped artificial campo de fútbol de Albán	119.600,00 €
Cortegada	Cofinanciamento Proxecto aparcamento parque empresarial	30.000,00 €
Cortegada	Convenio execución da obra " Instalación de vestiarios"	48.400,00 €
Cortegada	Mobiliario casa comunitaria	38.000,00 €
Cortegada	Pista en Zaparín	48.000,00 €
Cualedro	Parques infantís	48.398,00 €
Cualedro	Piscina municipal	75.000,00 €
Esgos	Abastecemento Cachamuña	30.000,00 €
Esgos	Adquisición inmoible uso municipal	14.000,00 €
Esgos	Asfaltado vía Cernada-Arcos	48.000,00 €
Esgos	Eficiencia enerxética Gomariz/Lobaces	48.000,00 €
Esgos	Pavimentación Lobaces-Quintas	40.000,00 €
Gomesende	Asfaltado vías municipais	48.000,00 €
Gomesende	Legalización de captación abastecemento e legalización dos vertidos de augas residuais no concello	25.000,00 €
Larouco	Acondicionamento e reforzo do firme no acceso a Seadur dende a N-120	62.000,00 €
Larouco	Humanización das rúas Bienvenido Arias e da rúa Cooperativa de Larouco	20.000,00 €
Larouco	Redacción proxectos interese municipal	4.625,00 €
Larouco	Saneamento e abastecemento rúa Carril	10.000,00 €

Leiro	Urbanización en Os Carrís	50.000,00 €
Lobeira	Mellora da capa de rodadura en Fradalvite, Santa Cruz e Vilariño	48.000,00 €
Lobeira	Plan HURBE	31.000,00 €
Lobeira	Traballos medioambientais	17.000,00 €
Lobios	Acondicionamento de espazos públicos	48.000,00 €
Lobios	Mellora de pavimentación en varios camiños municipais	48.000,00 €
Lobios	Mellora entorno das capelas de San Amaro e Santa Catalina	38.500,00 €
Lobios	Presa e Rio Caldo	20.000,00 €
Melón	Apertura PAI	48.000,00 €
Montederramo	Acondicionamento pistas rurais	48.000,00 €
Montederramo	Plan Urbanístico	60.000,00 €
Montederramo	Proxecto Casa Niño	24.708,26 €
Monterrei	IDAE Aforro enerxético	50.000,00 €
Monterrei	Instalacións deportivas municipais	40.000,00 €
Monterrei	Mellora camiño san Cristobal S. Millán	48.000,00 €
Monterrei	Reforma piscinas	48.000,00 €
Monterrei	Riadas danos e emerxencias	48.000,00 €
Muñíos	Renovación, instalación e iluminación exterior en Muñíos	37.000,00 €
Muñíos	Acondicionamento de accesos a Requía e Guntumil	100.000,00 €
Muñíos	Mellora instalacións do Complexo Turístico O Corgo	200.000,00 €
Nogueira de Ramuín	Arranxo vías municipais	35.000,00 €
Nogueira de Ramuín	Iluminación campo de fútbol	25.000,00 €
Nogueira de Ramuín	Saneamento en San Miguel do Campo	43.941,00 €

O Barco de Valdeorras	Abastecemento e pavimentación en Santiago	100.000,00 €
O Bolo	Reconstrución de muro no recinto da eirexa de Santa Cruz	7.314,69 €
O Bolo	Substitución de saneamento e pavimento da Rúa Pilloca no Bolo	33.994,45 €
O Irixo	Saneamento en Frixe zona norte	18.176,16 €
Oímbra	Mellora e reparación de camiños en Espiño	48.000,00 €
Oímbra	Praza Videferre	48.000,00 €
Oímbra	Humanización de rúas en San Cibrao	36.300,00 €
Ourense	Cofinanciamento plan obras municipais	100.000,00 €
Paderne de Allariz	Alumeada a OU 101 en Solveira e praza do Concello	48.000,00 €
Paderne de Allariz	Mellora Núcleo rural a Vacariza	48.000,00 €
Paderne de Allariz	Parques biosaludable Saá e Solveira	18.000,00 €
Padrenda	Mellora das instalacións no campo de fútbol de A Bandexa	26.000,00 €
Padrenda	Mellora de camiños de acceso A Frieira	48.000,00 €
Padrenda	Proxecto de construción de Refuxio en zona recreativa de Monterredondo	48.000,00 €
Parada do Sil	Instalacións eléctrica na fábrica da luz	15.000,00 €
Pereiro de Aguiar	Actuacións na área recreativa do embalse de Cachamuña	30.000,00 €
Petín	Rúa en Freixido	48.000,00 €
Piñor	Redacción proxecto centro Cultural municipal	12.000,00 €
Piñor	Remodelación da Praza de Freás	31.470,36 €
Piñor	Traballos medioambientais	50.000,00 €
Pontedeva	Asfaltado vías municipais	66.000,00 €

Pontedeva	Varandas en vías municipais	6.000,00 €
Pontedeva	Cofinanciamento proxecto infraestruturas	75.000,00 €
Pontedeva	Contratación proxectos edificio multifuncional	18.000,00 €
Porqueira	Acceso e iluminación á Torre da Forxa	25.000,00 €
Porqueira	Arranxo vías municipais	48.000,00 €
Porqueira	Mobiliario residencia 3ª idade	12.000,00 €
Porqueira	Obras e infraestruturas en diversos núcleos	30.000,00 €
Porqueira	Subministro de alumeado público no termo municipal	65.000,00 €
Punxín	Acondicionamento de locais municipais pola concentración de gas radon	6.000,00 €
Punxín	Mellora de camiños de Santomé	35.846,25 €
Punxín	Reparación Centro Social Villamoure	12.000,00 €
Quintela de Leirado	Camiños en Cortiñas a calzada, Xuias-Carrilleiro e Cimadevila - Soutelo	48.278,31 €
Quintela de Leirado	Camiños en Pumar e A Cruz	48.270,49 €
Rairiz de Veiga	Adquisición de máquina excavadora	30.000,00 €
Rairiz de Veiga	Equipamento velorio municipal	6.000,00 €
Rairiz de Veiga	Mellora Camiños Municipais	48.000,00 €
Ramirás	Depósito de auga en Picouto	40.000,00 €
Ribadavia	Acondicionamento e mellora das instalacións do campo de fútbol " O Xestal"	48.000,00 €
Ribadavia	Remate de obras de beirarrúas	78.000,00 €
Riós	Ampliación da gardería	45.000,00 €
Riós	Colocación de colector en Marcelín	28.356,00 €
Riós	Pavimentación de camiños municipais	14.397,45 €
Riós	Recuperación posta en valor e sinalización de recursos turísticos en Cortegada	12.794,12 €

San Cristovo de Cea	Electrificación Parque Empresarial	117.641,62 €
San Cristovo de Cea	Equipamento e adecuación interior do Centro de Iniciativas Empresariais	48.000,00 €
San Cristovo de Cea	Humanización exterior do edificio de emprendemento do parque empresarial	48.000,00 €
San Cristovo de Cea	Praza en Cea	45.000,00 €
San Xoán de Río	Maquinaria municipal	20.000,00 €
San Xoán de Río	Parque Infantil	48.000,00 €
Sandiás	Renovación cadros de luz	17.109,00 €
Sandiás	Saneamento no Castro	48.000,00 €
Sarreaus	Asfaltado vías municipais en Cortegada, Codeses, Pazos e Bresmaus	40.000,00 €
Sarreaus	Asfaltado vías municipais en Lodoselo, Freixo, Nocelo, e Sarreaus	40.000,00 €
Toén	Mobiliario concello	20.000,00 €
Toén	Tellado local social Trellerma	21.168,00 €
Trasmiras	Mellora porta de acceso a explotacións	48.000,00 €
Vilamartín de Valdeorras	Arranxo en Pasarela da Penouta	35.000,00 €
Vilardevós	Depósito en Veiga das Meás	16.000,00 €
Xinzo de Limia	Camiños rurais Boade, Piñeira Sacra e Pidre	45.700,00 €
Xunqueira de Ambía	Mellora de camiños en Bustelo e A Graña	48.000,00 €
Xunqueira de Ambía	Muro colexio	8.000,00 €
Xunqueira de Espadañedo	Mellora da rúa Vázquez Portomeñe	45.000,00 €
Xunqueira de Espadañedo	Renovación Instrumentos "Os Xuncos"	12.000,00 €
TOTAL 450.12/762.01		6.693.841,70 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **924.12/789.00** “ **Participación veciñal. A institucións sen ánimo de lucro**”

Beneficiario	Finalidade	Importe €
Centro Partido de Carballiño Bos Aires	Reparación cuberta sede	30.000,00
TOTAL 924.12/789.00		30.000,00

Con cargo á aplicación orzamentaria **341.11/789.01 “ Fomento do deporte. A institucións sen ánimo de lucro”**

Beneficiario	Finalidade	Importe €
Asociación veciños San Mamede (Allariz)	Pista polideportiva	36.000,00
TOTAL 341.11/789.01		36.000,00

Con cargo á aplicación orzamentaria **414.11/750.00 “ Medio rural. A Xunta de Galicia.”**

Beneficiario	Finalidade	Importe €
Xunta de Galicia	Tractores rozadora	170.000,00
TOTAL 414.11/750.00		170.000,00

3 .- Existe crédito suficiente na aplicación orzamentaria **313.31/627.02 “ Termalismo. Plan Ourense provincia Termal”**. Como estas obras se xestionan directamente polos Concellos e non pola Deputación Provincial , transfírese crédito suficiente para a aplicación orzamentaria **313.31/762.00 “ Termalismo. A concellos”** pasando a ser **subvencións nominativas** aos concellos, e non afectando ao importe total do orzamento.

Con cargo á aplicación orzamentaria **313.31/ 762.00 “ Termalismo. A Concellos”**

Beneficiario	Finalidade	Importe €
Concello do Carballiño	Acondicionamento da pista Torrón- As Caldas de Partovia. Mellora de accesibilidade ó Balneario	47.983,65
Concello de Cenlle	Construción de piscina infantil na área Termal de Barbantes	48.000,00
Concello de Punxín	Mellora de acceso ao Baño	48.000,00
TOTAL 313.31/762.00		143.983,65

4.- Inicialmente existía crédito na aplicación orzamentaria 313.31/207.00 “ Termalismo. Prestación de servizos” . Como se xestionará como subvención nominativa, transfírese o crédito da anterior aplicación orzamentaria á aplicación **334.20/463.90 “ Actividades**

culturais e recreativas. Outras subvencións a sociedades mercantís”, non afectando ao importe total do orzamento

Beneficiario	Finalidade	Importe €
Corporación radio e televisión de Galicia, S.A.	Colaboración serie de ficción “LOBOS E CORDEIROS”	300.000,00 €

5º.- Aprobar a modificación, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, experimentando as seguintes variacións:

a) Con cargo á aplicación orzamentaria 166.11/789.00 “ Plano Coop. Provincial. Outras transferencias”, prevíase unha subvención a **Asociación veciñal, cultural y deportiva de Cantoña** para o subministro de auga potable por importe de 13.000,00 euros. En base á solicitude da Asociación veciñal, cultural y deportiva de Cantoña de data 01 de agosto de 2019 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o 02 de agosto de 2019 **proponse o cambio da finalidade** da subvención pasando a ser o de **“Impermeabilización de depósito de auga”**

166.11/789.00 “Plano Coop. Provincial. Outras transferencias ”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Asociación vecinal, cultural y deportiva de Cantoña	Impermeabilización de depósito de auga	13.000,00 €

b) Con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/489.12 “ Actividades culturais e recreativas. Outras transferencias”, prevíase unha subvención a **Fundación Gavela** para “ Morea “ por importe de 60.000,00 euros. En base á solicitude da Fundación Gavela de data 02 de xullo de 2019 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o 02 de xullo de 2019 **proponse o cambio da finalidade** da subvención pasando a ser o de “Servizo de protección xurídica para persoas con discapacidade por enfermidade mental “ e ” Servizo de asistencia xurídica e discapacidade”.

334.20/489.12 “ Activades culturais e recreativas. Outras transferencias ”

Beneficiario	Finalidade	Importe
---------------------	-------------------	----------------

Fundación Gavela	“Servizo de protección xurídica para persoas con discapacidade por enfermidade mental “ e ” Servizo de asistencia xurídica e discapacidade”.	60.000,00 €
------------------	----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-------------

c) Con cargo á aplicación orzamentaria 336.11/ 789.02 “ Bispado de Ourense. Outras transferencias”, prevíase unha subvención nominativa nos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense do exercicio 2019 ao Bispado de Ourense para “ Sonorización da Igrexa de San Pedro de Leirado ” por importe de 6.927,00 euros. En base a solicitude do Bispado de Ourense de 24 de abril de 2019 **proponse o cambio da finalidade** da subvención pasando a ser “substitución de luminarias existentes na igrexa de San Pedro de Leirado”

336.11 / 789.02 “Bispado de Ourense. Outras transferencias ”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Bispado de Ourense	Substitución de luminarias existentes na igrexa de San Pedro de Leirado	6.927,00 €

d) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “ Cooperación provincial. A concellos subvencións”, prevíase unha subvención nominativa nos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense do exercicio 2019 ao Concello de Toén para “ Parque infantil en Moreiras ” por importe de 15.000,00 euros. En base a solicitude do Concello de Toén de 30 de agosto de 2019 e entrada no rexistro electrónico da Deputación na data 30 de agosto de 2019 **proponse o cambio da finalidade** da subvención pasando a ser “ Creación de punto de encontro e recuperación de Fonte de Freixendo”

450.12/762.01 “Cooperación Provincial. A concellos subvencións ”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Toen	Creación de punto de encontro e recuperación de Fonte de Freixendo”	15.000,00 €

e) Con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/489.00 “ Actividades culturais e recreativas. Outras transferencias”, prevíase unha subvención nominativa ao Festival de curtas e Verín para “ Festival de curtas de Verín” por importe de 10.000,00 euros. Advírtese do erro do nome do beneficiario pola Asociación Cultural Audiovisual vía XIV, e **proponse o cambio do beneficiario** da subvención pasando a ser “ Asociación Cultural Audiovisual vía XIV”

334.20/489.00 “ Actividades culturais e recreativas. Outras transferencias ”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Asociación Cultural Audiovisual vía XIV	Festival de curtas de Verín	10.000,00 €

f) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “ Cooperación provincial. A concellos subvencións”, prevíase unha subvención nominativa nos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense do exercicio 2019 ao Concello de Xinzo de Limia para “ Zona deportiva en Alameda de Toural ” por importe de 35.000,00 euros. En base a solicitude telefónica do día 06 de setembro de 2019 polo Concello de Xinzo de Limia **proponse o cambio da finalidade** da subvención pasando a ser “Pistas de Padel”

450.12/762.01 “Cooperación Provincial. A concellos subvencións ”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Xinzo de Limia	“ Pistas de Padel”	35.000,00 €

6º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

5º.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS DO ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA O SERVIZO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO (NÚM. 2/2019).

A Sra. interventora expón o contido do expediente.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG: *Bueno*, como ben saben o BNG vén estando en contra deste sistema de xestión das emerxencias na provincia e, polo tanto, anunciamos o noso voto en contra. Gustaríanos que se retomara esta cuestión e que, efectivamente, o sistema de emerxencias da provincia tivera outro sistema de xestión máis público e transparente; pero simplemente esa aclaración.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista: Si, bueno a modificación orzamentaria é una práctica habitual nas administracións, nas que a execución orzamentaria é un procedemento vivo e que require axustes día a día. É un mecanismo legal ao que todos recorreremos algunha vez nos nosos concellos; pero, neste caso, a modificación corresponde ao Consorcio Provincial de Bombeiros, por certo un organismo que se atopa baixo a lupa da xustiza neste momento por casos de enchufismo, máis do mesmo. Nin me vou estender máis, simplemente dicir que, no seu día, o Grupo Socialista neste organismo na Deputación votou en contra dos orzamentos e esta modificación non mellora, para nada, aqueles orzamentos. Polo tanto, vamos votar en contra.

D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular: Moitas grazas señor presidente. Moi bos días a todos. Nada, dicirlle ao señor Bernardo, que tan en contra está deste tipo de xestión, que en Coruña se están formulando a xestión directa dos bombeiros; pero, casualmente, a da Xerencia e a outra, facela indirecta. Nada, dicirlle ao señor Aurentino que me alegra que diga que as modificacións son algo vivo e que esta é unha modificación puntual, polo que xa lle explicamos no propio Pleno do Consorcio. Nada máis, moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 5º.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourenzana (2), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos do Orzamento do Consorcio Provincial de Ourense para o Servizo Contra Incendios e de Salvamento

(Núm. 2/2019), e a súa integración no Orzamento xeral da Deputación Provincial, co seguinte contido:

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS DE INVESTIMENTOS

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
136/62200	Servizo de prevención e extinción de incendios. Edificios e outras construcións	19.000,00
136/62400	Servizo de prevención e extinción de incendios. Elementos de transporte	155.787,50

SUPLEMENTOS DE CREDITO. GASTOS CORRENTES

136/13000	Servizo de prevención e extinción de incendios. Laboral fixo. Retribucións básicas	25.000,00
136/16000	Servizo de prevención e extinción de incendios. Cotas sociais	10.000,00
136/21400	Servizo de prevención e extinción de incendios. Elementos de transporte	5.000,00
136/22000	Servizo de prevención e extinción de incendios. Ordinario no inventariable	3.000,00
136/22200	Servizo de prevención e extinción de incendios. Servizo de telecomunicacións.	2.500,00
136/22201	Servizo de prevención e extinción de incendios. Postais	1.500,00
136/22400	Servizo de prevención e extinción de incendios. Primas de seguros	1.000,00
136/23000	Servizo de prevención e extinción de incendios. Dietas	2.000,00
136/23100	Servizo de prevención e extinción de incendios. Locomoción	2.500,00
136/22706	Servizo de prevención e extinción de incendios. Estudos e traballos técnicos	4.000,00 €

RESUMO

Suma suplementos de crédito. Gastos de Invetimentos	174.787,50 €
Suma suplementos de crédito. Gastos correntes en bens e servizos	166.900,00 €
TOTAL SUPLEMENTO DE CREDITO	341.687,50 €

RECURSOS UTILIZADOS

Remanente Tesourería. Subconcepto 87000 para financiar gastos xerais	341.687,50€
-----------------------------------------------------------------------------	--------------------

2º: A continuación detállase o destino dos gastos desta modificación orzamentaria.

Con cargo á aplicación orzamentaria **136/62200 Servizo de prevención e extinción de incendios. Edificios e outras construcións.**

Aplicación Orzamentaria	Descrición	Importe
136/62200	Pago ICIO – Edificio Parque Bombeiros Carballiño	14.000,00 €
136/62200	Gastos Notariais, rexistras – Edificio Parque Bombeiros Carballiño	5.000,00 €
TOTAL 136/622.00		19.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **136/62400 Servizo de prevención e extinción de incendios. Elementos de transporte.**

Aplicación Orzamentaria	Descrición	Importe
136/62400	Furgón de servicios varios (FSV)	155.787,50 €

Suma suplementos de crédito. Gastos de Inversións	174.787,50 €
----------------------------------------------------------	---------------------

Con cargo á aplicación orzamentaria **136/13000 Servizo de prevención e extinción de incendios. Persoal laboral fixo.**

Aplicación Orzamentaria	Descrición	Importe
136/13000	Salario Director Técnico	25.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **136/16000 Servizo de prevención e extinción de incendios. Cotas sociais.**

Aplicación Orzamentaria	Descrición	Importe
136/16000	Cotas sociais. Director Técnico	10.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **136/21400** Servizo de prevención e extinción de incendios. Elementos de transporte.

Aplicación Orzamentaria	Descrición	Importe
136/21400	Gastos vehículo. Incorporación Director Técnico	5.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **136/22000** Servizo de prevención e extinción de incendios. Ordinario non inventariable.

Aplicación Orzamentaria	Descrición	Importe
136/22000	Gastos material de oficina non inventariable. incorporación Director Técnico	3.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **136/22200** Servizo de prevención e extinción de incendios. Servizo de telecomunicacións.

Aplicación Orzamentaria	Descrición	Importe
136/22200	Gastos telefonía. Incorporación do Director Técnico	2.500,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **136/22201** Servizo de prevención e extinción de incendios. Postais.

Aplicación Orzamentaria	Descrición	Importe
136/22201	Postais. Gastos servizos de mensaxeiro	1.500,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **136/22400** Servizo de prevención e extinción de incendios. Primas de seguros.

Aplicación Orzamentaria	Descrición	Importe
136/22400	Gastos seguros. Incorporación Director Técnico	1.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **136/23000** Servizo de prevención e extinción de incendios. Dietas.

Aplicación	Descrición	Importe
------------	------------	---------

Orzamentaria		
136/23000	Gastos dietas. Incorporación Director Técnico	2.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **136/23100** **Servizo de prevención e extinción de incendios. Gastos de locomoción.**

Aplicación Orzamentaria	Descrición	Importe
136/23100	Gastos de locomoción. Incorporación Director Técnico	2.500,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **136/22706** **Servizo de prevención e extinción de incendios. Estudos e traballos técnicos.**

Aplicación Orzamentaria	Descrición	Importe
136/22706	Gastos para posta en marcha dos drons.	4.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **136/22799** **Servizo de prevención e extinción de incendios. Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais.**

Aplicación Orzamentaria	Descrición	Importe
136/22799	Gastos IPC nóminas bombeiros do servizo de prevención e extinción.	110.400,00 €

Suma suplementos de crédito. Gastos correntes en bens e servizos	166.900,00 €
-------------------------------------------------------------------------	---------------------

TOTAL SUPLEMENTO DE CREDITO, gastos en investimentos e gastos correntes en bens e servizos	341.687,50 €
---------------------------------------------------------------------------------------------------	---------------------

2º. En cumprimento do disposto nos *artigos 169 e 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido das Facendas Locais*, o expediente de modificación de créditos Núm. 2/2019 inicialmente aprobado, **exporase ao público, mediante a inserción de anuncio no BOP por un prazo de quince (15) días**, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións, as cales deberán ser resoltas polo Pleno. O expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado si

durante o citado prazo non se teñen presentado reclamacións, procedéndose a súa publicación no BOP.

6º.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2020.-

A Sra. interventora expón o contido do orzamento.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía:

moitas grazas. Primeiro, vexo que o Partido Socialista xa está nas redes sociais en activo, que acaba de *tuitear*: *semella que Ciudadanos Ourense quitou a careta da Deputación Provincial da man da súa deputada Montse Lama, que opta por adular a Baltar con felicitacións e ataques á oposición. Volta ás orixes da deputada Montse Lama que, ata fai uns meses, formaba parte do Partido Popular.* Vamos a ver, primeiro hai que ser unha persoa institucional e felicitei ao presidente Baltar e felicitei ao alcalde de Vigo, cousa que vostedes non fixeron aquí publicamente e é o seu alcalde e é o alcalde máis votado deste país. En segunda volta, eu se quixera volver ás orixes do Partido Popular, fai uns meses nas negociacións, tería pactado co Partido Popular e estaría de vicepresidenta da Deputación provincial e non estaría na oposición. Polo tanto, déixense de estupideces teatrais porque non lle van a levar a ningún lado; porque a moitos de vostedes, nos seu concellos, levounos á oposición ou os levou a sacar a menos votos. Polo tanto, lles pido e lles prego que deixen de facer teatros nas institucións porque, de verdade, nos lles vai a levar a ningún lado. Vostede dicía antes, o señor portavoz do Partido Socialista, que había tres portavoces no grupo de goberno; non se esqueza e non se equivoque, eu son a voceira do Partido de Ciudadanos e o que fago é vir a facer unha política construtiva, aquí e en Xinzo, en ambas institucións, e así o seguirei facendo. Así que vostede non veña aquí a dar leccións e a dicir como unha política, ou unha deputada, ten que facer a súa política porque eu respecto, aínda que non comparto, a maneira de facer política do meu compañeiro Bernardo, pero o respecto porque hai que ter un respecto institucional. A miña maneira de facer política estes catro anos levoume a abandonar un grupo político local no que non existía un entendemento e abandonei fai uns meses o meu cargo de deputada provincial, si; pero todo iso levoume... vostede segue na mesma liña que seguía nos catro anos anteriores, como vostede e eu nunca tivemos unha boa sintonía vamos a seguir sen tela aínda que esteamos ambos na oposición. So lles pido que teñan bastante respecto porque se con eses teatros e con eses *twitts* pensan que van a conseguir máis votos ou desprestixiar a miña persoa, lévana clara. Por outra banda, vamos a falar do que nos leva ao punto seis da orde do día, que é o orzamento xeral da Deputación de Ourense. Como xa dixen en comisión

informativa, teño que dicirle ao grupo de goberno que boto en falta varias cousas que me parecen imprescindibles no ano no que estamos, co que está sucedendo nesta provincia. O primeiro, como xa dixen, ao Plan de Natalidade, un investimento de 400.000 € paréceme insuficiente para fomentar este tipo de actuacións. Creo que, ao mellor, deberían copiar... sinto unha molestia continua, e de verdade que me parece unha falta de respecto e pídolle á Presidencia desta sala que tome as medidas necesarias para ver se, cando alguén ten o uso da palabra, se poida respectar ese uso da palabra e senón que se tomen as medidas oportunas porque nos quedan catro anos moi longos. Como dicía, boto en falta un Plan de Natalidade onde se invista un maior orzamento. 400.000 € dicía o outro día o meu compañeiro é que nin se gastan eses 400.000 €. Ese é o problema, ao mellor hai que investir máis en cada neno nacido. Perfecta a campaña que está facendo o seu presidente de Galicia, onde xa anunciou que vai a dar 2.500 € por terceiro fillo nacido durante tres anos. Perfecto, benvido sexa. Fagamos este tipo de cousas a nivel provincial; 300 € por neno nacido non é unha axuda económica suficiente para traer nenos ao mundo. Tamén o dixen, Plan de Empregabilidade, 1.830.000 €. Temos un problema moi grave co emprego e, sobre todo, a xente nova. Moitos dos nosos amigos, fillos, compañeiros, netos teñen que abandonar a provincia porque non atopan traballo; polo tanto, de 85,7 millóns de euros investir un 1.830.000 en materia de empregabilidade paréceme que é bastante indigno. Plan de Mocidade, 540.000 €, pois máis do mesmo. Entendo que investir 540.000 € para facer un plan de motivación e que os nosos mozos poidan ter un futuro na provincia; pois tamén me parece bastante indignante. Hai unha cousa que me choca bastante, e é que vostedes van a destinar para o fomento de deporte 1.102.700€, *bueno* creo que temos un problema xeneralizado a nivel provincial, económico e estatal co tema dos botellóns, do alcoholismo, das drogas na xente nova; polo tanto entendo que se debería facer por parte da Deputación Provincial outro tipo de iniciativas e outro tipo de fomento, pero para iso fan falta orzamentos. Polo tanto, entendo que deberían investirse moitos máis cartos sobre todo no deporte base, que é o inicio de todo, que é o comezo de todo. Tamén boto en falta, como xa dixen algunha vez, que non exista un plan específico para os nosos maiores. A nosa provincia está completamente envellecida e non vexo unha solución a medio e longo prazo, agora mesmo, para abordar esta situación e non vexo reflectidos nestes orzamentos ese tema. O que lles pido é que innovemos. Eu son partidaria de plans provinciais, xa o dixen e o repetirei, poderalles gustar máis ou menos a uns, eu non son partidaria de plans únicos, eu son partidaria de plans provinciais que se diferencien uns de outros e que vaian repartindo equitativamente segundo os distintos obxectivos que nos marca, moitas veces, a Federación Española de Municipios e Provincias. Polo tanto, pídolles que sexan moito máis equitativos

porque considero que, en certos aspectos, non o son e tamén lles pido reconsideren estas certas modificacións que eu lle traio en riba da mesa. Hai moito tempo de modificar cousas; hai un orzamento para o 2021 que vostedes traerán o vindeiro ano e considero que estas cousas hai que modificalas porque é urxente e necesario para o futuro da nosa provincia. Eu entendo que exista un gasto determinado de 34 millóns de euros de persoal e entendo que exista un gasto de 1.419.000 € do Consorcio Provincial de Incendios; eu entendo que exista un gasto do lixo de 8.232.000 €, 1.500.000 € pódoo entender para ese centro de Formación Profesional necesario e importante e un elemento diferenciador para a nosa provincia e que nós achegemos ese millón de euros. Entendo, tamén, 1.780.000€ do INORDE; enténdoo por unha sinxela razón e é que eu son de Xinzo e vexo que , a parte de a nivel provincial, os xeodestinos, os trens turísticos, véxoo na miña vila como o Centro de Desenvolvemento Agrogandeiro fai un labor marabilloso, porque os meus agricultores e os meus gandeiros do meu concello están encantados con ese labor. Polo tanto, para min, se hai un grupo, ou un sector, no meu concello que entende que iso funciona e que iso é necesario para o meu concello, dende logo que o vou a aplaudir; porque se aos meus veciños lle vai ben, a min vaime ben. Entendo tamén 14.589.077, 21€ para as vías provinciais. Entendo tamén Parque de Maquinaria, 2.364.000€. Entendo tamén a Administración Electrónica, 2.224.503,8€. Píddolles que, aínda que comparto e entendo institucionalmente que estas partidas teñen que ser así e van a seguir sendo así, píddolles e préggolles que eses concellos que non recibiron equitativamente os fondos da Deputación, píddolles que pensen máis nos maiores, píddolles un Plan da Natalidade non de 300 € por neno nacido, fagamos un plan de natalidade de 900 € por neno nacido, durante os primeiros tres anos de vida deses rapaces. Deamos axudas para aqueles rapaces que non poidan entrar por falta de prazas nas *Galiñas Azuis*, axudas para as escolas infantís, garderías privadas. Píddolles que invistan moitísimo máis no plan de empregabilidade porque o que vai a suceder é que o despoboamento vai ir a máis e se non investimos en empregabilidade, e se non investimos en solo industrial, e se non investimos en facilitarlles a grandes empresas que veñan a esta provincia ou a certos concellos desta provincia para favorecer o emprego, mal vamos. Pola miña parte díxenllo o 28 de agosto ao meu compañeiro do Partido Popular, Plácido, con todo o meu cariño que lle din un consello e é que considero que as cousas teñen que facerse doutra maneira; non polo partido político, senón polo futuro da provincia. A min preocúpame o futuro do meu fillo, como supoño lle preocupa o futuro dos seus fillos ou netos aos que os teñan. Polo tanto, píddolle, teñen tres meses ata o 31 de decembro, que acepten certas modificacións dese orzamento que, estou segura, dalgún xeito moitos de vostedes comparten comigo. Sinto dicirlles que o meu voto vai a ser en contra. Moitas grazas.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG: o BNG debe volver a reiterar que esta provincia se atopa nun estado lamentable. Reducíronse o número de habitantes dende 2012 ata 2018, en 21.000 habitantes (3.500/ano) e 120.000 se nos remontamos ao ano 1980, o 30% en 30 anos; isto vén sendo un 1% anual. Os teimudos datos tamén indican que 32 dos concellos que ocupan os últimos postos galegos en *ratio* por persoas cotizantes fronte ao xubilados –si, os 32- son tamén da provincia de Ourense, non permitimos que acceda ningún de Lugo, Coruña ou Pontevedra a esta dubidosa honra. E mentres tanto, os grupos de goberno preséntannos un orzamentos continuístas no fondo e na forma. Uns orzamentos onde o capítulo que maior incremento porcentual sofre é o do persoal, acadando practicamente o 40 % do gasto; cando as hemerotecas nos indican que era propósito do señor presidente reducir a carga desta Capítulo ao 30 %. O incremento este ano vai a 2 millóns de euros, cinco veces máis que a partida total para fomento da natalidade. Que conste que eu aí discrepo, amigablemente, da deputada de Cidadáns, posto que non creo que ter máis partida para natalidade, así simplemente, sexa o suficiente para ter incremento demográfico. Aos datos remítome, o que precisa a cidadanía é postos de traballo e servizos e cando hai postos de traballo e servizos prodúcese esa revolución na natalidade; senón podemos poñerlle os cartos que queiramos en riba da mesa que vai ser moi difícil que isto saía adiante. Os capítulos de persoal e gastos correntes absorben o 55 % do orzamento, cando a Deputación só dá servizos directos de recadación, lixo a uns 50 concellos da provincia e mantemento da rede viaria provincial; non ten, como si é o caso dos concellos, servizos de limpeza viaria, nin policía local, nin servizos de emerxencia, nin axudas a domicilio, nin etc... que si temos os concellos. É razoable, entón, ter gastados 25 millóns de euros antes de abrir a porta? Por certo, temos unha débeda envexable de só 5 millóns de euros, non é débeda cero, pero si que é envexable, eu recoñezoo; así e todo, a débeda é máis que o Plan Provincial de Obras para o ano 2020. Se é pouco para vostedes esa débeda, pensen na miseria que son os 4,4 millóns de euros de reparto lineal para todos os concellos da provincia; nin o 6% dos 85 millóns de orzamento que despois sabemos que se vai ir a máis. Esta pasada semana o conselleiro de Medio Rural volvía a facer unhas manifestacións nesta provincia de que lle parecía unha gran oportunidade o abandono no entorno rural; igual que xa se ten trasladado desde esta Deputación Provincial noutras ocasións. Prégolles que deixen de darse oportunidades así, porque de tanto oportunidade non vai quedar nin un só ourensán na provincia. Antes falaban do Observatorio que se vai crear coa Universidade. Eu creo que deberíamos empregar eses fondos en investigación, en I+D+I. Eu xa me sinto como *Gran Hermano*, observado permanentemente, observatorios temos un cento deles e, desgraciadamente, os observatorios para o que serven é para dicirnos, ano tras ano, que

vamos a peor. Sería mellor que deixáramos de observarnos e empezáramos a facer cousas. Debo recoñecer que levan unha partida de cooperación provincial en subvencións nominativas de 2.618.000 €; por certo, non sei se se fixaron, pero dos 35 concellos afortunados, só catro non coinciden cos afortunados no sorteo da modificación orzamentaria. Total, 68 concellos galardoados. Pensei que tiñamos 91 de menos de 20.000 habitantes porque é certo, señor Caride, que a Deputación Provincial está basicamente para axudar, en non discuto que poida colaborar en temas puntuais coa capitalidade, pero está para colaborar con aqueles concellos de menos de 20.000 habitantes, así o pon a lei. Por certo, nestes 68 Concellos aínda lle hai categorías, non é o mesmo, por moito que o señor Plácido nos fixera unha relación anteriormente, o que reciben uns concellos que outros. A algún concello do PSOE vanse os 100.000 €, pero son os concellos máis habitados da provincia. Os concellos do Bloque andan nos 40.000€, o que ten sorte, o seu concello, se non me equivoco, recibirá 374.000€; só na modificación, só na modificación orzamentaria. Por certo, tamén falaba de afortunados porque seica este ano chegou a pedrea. A pedrea de 45.120 €; senón explíquenme como pode ter o mesmo importe a pista polideportiva da Gudiña (45.120 €), a estrada Mezquita-A Merca (45.120 €), unha mellora enerxética en Arnoia (45.120 €), un depósito de auga en Cortegada (45.120 €), un asfaltado en Esgos, si, 45.120 €; un proxecto de dinamización turística en Paderne de Allariz (45.120 €), unha achega ao local social en Padrenda, si, 45.120 €, e así ata 18 proxectos que van nestas subvencións nominativas. Ata para facer chapuzas hai que ter algo de xeito, senón é que dá mala sensación á vista. Con todo, benvidos á cooperación cos concellos, o único que lles pido é que lles sumen o remanente de Tesouraría do 2019 e que cumpran a Ordenanza xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense e o seu Plan Estratégico 2016-2019 e déannos un plan, chámennlle Plan Provincial, éme igual, ben encamiñado. Por último si que me gustaría reiterar a petición de informe dos servizos administrativos desta institución tamén para este orzamento, a maiores do que xa indicaba para anteriormente. Despois, nas mocións, que me indicaba anteriormente o voceiro do Partido Popular, efectivamente, levamos unha proposta xeral no que ten que ver coa petición dun Plan Único, onde van as partidas de onde detraeríamos os cartos para chegar a unha cantidade significativa para ese Plan Único. Despois, é certo, pero non o fixen por despiste, meter unicamente concellos do BNG; é que soliciteilles aos alcaldes destes concellos que me indicaran cales eran as propostas que lle trasladaran á Deputación Provincial – ben por escrito, ben falando co señor presidente - e estas partidas concretas fóronlle trasladadas ao señor presidente e non tiveron reflexo nos orzamentos ao longo destes últimos anos. Polo tanto, e por aquilo de indicarlles que non é porque non pidamos, é que ao final, neses criterios que só vostedes

saben, non resultamos afortunados. Queremos saber cales son os criterios. Xa lle indiquei na comisión informativa que se facía o favor e montaba unha escola de petición, porque eu sería o primeiro alumno e o máis aplicado, seguramente. Por outra banda, vai aquí tamén, efectivamente, unha relación de vías; é para que non se esquezan delas. Vostede dicíame, ao mellor xa están; ogallá. Pero para que non se esquezan delas e non nos poidan dicir dentro dun mes que como non pedimos, non se nos arranxan; pois estes xa lles queda que están por escrito na Deputación, que lle constan á Presidencia. Pero *bueno*, así xa sabemos que constan porque como veñen a Pleno, non hai dúbida de que viñeron ou deixaron de vir. Despois pido tamén unha modificación orzamentaria que me parece lóxica que é a da Real Academia Galega. Sinceramente, non sei se foi por despiste, pero reducirlle á Real Academia Galega axuda de 30.000 a 10.000 € este ano, cando, curiosamente, no Plan Estratégico de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense existe un apartado -no d.2) concretamente *Fomento de Cultura-* que di así: *contribuír ao sostemento da Real Academia Galega, así como a determinadas actividades culturais de carácter senlleiro*. Vostedes, esta vez, fóronse máis ás de carácter senlleiro; por exemplo, 50.000 € para a Insua dos Poetas. Resulta que a Real Academia Galega que, sen dúbida, para vostedes tamén terá unha transcendencia fundamental para a cultura galega xa que abrangue a todo o país e algo tan importante como a lingua; pois reducíronlle a partida substancialmente e dos 30.000 pasaron aos 10.000. Polo tanto, creo que o que pido non é tan *descabellado*. Pero *bueno*, teremos oportunidade se seguir debatendo e insisto no meu compromiso de ser breve.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: moitas grazas. Mire, señor Gómez Pérez, Democracia Ourensana volverá dependendo do resultado que faga no Concello de Ourense porque é o único sitio onde nos presentamos; entre outras cousas porque non existen eleccións provinciais. Si, claro, nós estamos aquí porque obtemos un resultado no Concello de Ourense que nos da dereito a ter dous deputados nesta institución; non existen eleccións provinciais. Polo tanto, vamos a ver, non podo pensar que se nos poida chamar que somos unha fraude porque quitamos a careta ou porque entramos nun debate, simplemente por dicir cal é a nosa única intención política. A fraude é utilizar ás institucións con outras finalidades. A fraude é que a Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, financie Balaídos, a construción ou a reforma de Balaídos, aí non teñen que dicir nada, verdade? A fraude é vir aquí e mesturar as políticas globais provinciais co tema das subvencións nominativas e a loita no reparto dos fondos da provincia. Eu entendo que un alcalde, un concelleiro de calquera parte da provincia, o que ten que vir facer a esta Deputación é defender ao seu concello e nós o que estamos facendo

é defender ao Concello de Ourense. Despois, vostede será moi veterano nisto, levará moitos anos, pero polo que se ve non tivo tempo para ler con clama o que di a Lei de bases de réxime local e despois dime que a Deputación está para a asistencia financeira de concellos de 20.000 habitantes. Non é certo; o artigo 36 da Lei de bases de réxime local, no apartado b), establece que *a competencia de asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica en municipios*. Si é certo que di especialmente *aos de menor capacidade económica*, pero non limita nin exclúe aos de menos de 20.000 habitantes; referíndose exclusivamente a estes para os programas de prevención e extinción de incendios, a recadación tributaria e a contratación centralizada e administración electrónica. Nada máis. Non hai ningunha disposición que diga que a Deputación está única e exclusivamente para atender os intereses de municipios de menos de 20.000 habitantes. Pero, ademais, non se esqueza dunha cuestión, aquí gústanos moito falar de gasto; pero vamos a falar de ingresos. Como se financia a Deputación? De onde veñen os fondos da Deputación? O Capítulo 1 que temos neste orzamento, Impostos directos, cesión de IRPF e recarga de IAE dos contribuíntes de toda a provincia. Impostos indirectos, cesión da parte correspondente do IVE, de todos os cidadáns da provincia. *Bueno*, sen deternos máis, en Transferencias correntes, o fondo complementario de compensación - que, neste caso, son 62 millóns de euros - veñen en relación coa poboación total da provincia. Evidentemente, na provincia, na capital, na cidade, viven 105.000 habitantes, que é case a terceira parte da provincia e somos cidadáns que contribuimos cos nosos impostos e temos dereito a obter tamén servizos, porque todas as administracións que inflúen nun ámbito determinado poboacional, deben contribuir á distribución da riqueza conforme ás achegas. Que é certo que hai que ter unha certa prioridade cos municipios de menos capacidade económica, vale; pero excluír ou pretender excluír, porque di que é o irmán maior, ou porque ten máis orzamento o Concello de Ourense; excluílo e facer discriminación respecto dos cidadáns da cidade... nós, os que vivimos en Ourense, tamén contribuimos. Por iso, e iso tamén o entendo, que na emenda que se propón dende o meu compañeiro Bernardo do BNG, non podemos votala a favor. Non podemos votala a favor porque expón uns criterios de cálculo e coeficiente de financiamento onde, de todos os concellos da provincia, queda excluído Ourense e por esas razóns polas que digo. Posiblemente haxa concellos onde haxa que ter un esforzo de colaboración ou solidario maior; pero non se debe excluír á cidade de Ourense porque, insisto, os cidadáns desta cidade contribuimos cos nosos impostos ao financiamento da Deputación Provincial. Debemos ser solidarios, si; pero tampouco quedar excluídos. Despois, tampouco podemos estar de acordo porque existen unha serie de programas nos cales se lle retrae a partida para formar ese fondo dotacional para esa proposta de Plan

Único que fai que, *bueno*, hai desde limpeza viaria, acción social, asociacións culturais e recreativas, fomento do deporte... Hai unha serie de partidas que se deixan con cero euros que nós consideramos que deberían estar dotadas para os fins que ten esta Deputación. Polo tanto, eu penso que estas cuestións, que son certamente delicadas, deben tratarse dunha forma cun pouquiño máis de detemento. En calquera caso, quero insistir, por activa e por pasiva, señor Gómez, non hai ningunha fraude en Democracia Ourensana; en todo caso, a fraude sería o do seu partido que di que vén a cambiar as cousas e despois non fixo nada ou non fixo ningún intento de cambiar as cousas. Porque insisto, vostedes podían estar sentados presidindo esta Corporación e non quixeron, polo tanto a nós non nos responsabilicen absolutamente de nada. Vólvolle a dicir, non vimos nós a salvarlle os mobles a quen non os quixo salvar.

D. Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista: eu non sei se picar e entrar na provocación de Democracia Ourensana, que como sempre non ten nada que dicir, ou facer outras cousas. En fin, eu creo que este era un punto no que se ían tratar os orzamentos, non era, neste caso, unha interpelación a un compañeiro. En calquera caso, vostede ten a súa opinión e é verdade que non se exclúe, claro que non, ás cidades de determinado tamaño de recibir ningún tipo de axuda da Deputación, pero non se priorizan desde logo. Mire, vou a pechar moi brevemente este asunto; nós non estamos gobernando con vostedes afortunadamente, e non estamos gobernando con vostedes simplemente porque non entramos na trampa na que nos querían meter. Polo tanto, non nos fagan a nós culpables da súa parálise desta provincia. Esta parálise desta provincia porque este señor, que precisamente dime que sexa serio nesta clase de diatriba que temos aquí cada mes, pois é quizás a persoa menos seria de todas as que estamos aquí. Iso é así de claro, unha persoa que, como todos sabemos, nunca foi elixido para nada; salvo para concelleiro no seu concello e que, por un sistema que permite que indirectamente estea posto hoxe aquí ao fronte deste grupo provincial coa súa inestimable axuda, pois mantén un réxime, que xa vai para trinta e dous anos, no que todos sabemos onde estamos e a quen llo debemos. Había unha oportunidade de cambialo, non a queren facer; están no seu dereito, todos sabemos por que e para que. Porque din, claro que si, os pactos son para conservar; para conservar, no seu caso, o poder, o poder e nunha provincia porque non lle interesa nada, non lle interesa nada. E eu tamén lle diría que non é bo, neste caso, lembrar pertenzas a grupos políticos, señor Plácido, por exemplo; porque isto daría para moito. Nomeadamente, neste caso, ao representante de Democracia Ourensana abríuselle un expediente disciplinario no seu día para que saíra fóra do Partido Socialista e, finalmente, decidiu marchar el solíño antes de que ese expediente tivese efecto. Foi, precisamente, por unha deslealdade cara a

este partido polo que ocorreron estas cousas. Dito isto, dito isto, trinta e dous anos xa chegaron! E vostede ten un labor e un labor que fai con aplicación; é dicir, emprega consistentemente os mesmos argumentos, é dicir, non responder ao que non convén, actuar negando realidades e, sobre todo, negando o que é a obxectividade, que é polo que estamos avogando nesta sala. É dicir, como é posible que algunha persoa, das que están aquí, das que todas somos responsables, se opoña a un sistema obxectivo de reparto? Como é posible? Como é posible que repartir obxectivamente os fondos que son de todos sexa unha materia de debate? Como é posible que o Partido Popular de Lugo avogara polo Plan Único? E dígolle á señora Montse Lama, da igual o nome – estou de acordo co señor Bernardo - trátase de obxectividade, nada máis. estamos pedindo obxectividade e non o que lle pareza a vostede, a min ou a outro; senón algo obxectivo. E *bueno*, loxicamente, é desde logo para felicitarse que sexa Abel Caballero presidente da Federación de Municipios e Provincias. Eu non sei se é para felicitarse que o presidente desta sala non avogue, hoxe, por un sistema obxectivo de reparto de bens públicos e estea nese mesmo órgano; que contrasentido e que esquizofrenia! Como é posible que esteamos debatendo isto! Que non vai valer para nada este debate, porque isto cámbiase con votos e os votos téñenos garantidos e, claro, como van querer cambiar isto cando non teñen valores que o permitan facer? O único valor é tirar polo meu concello ou vir arrastrándome ata a Presidencia da Deputación Provincial – como levan facendo trinta e dous anos - a ver se me cae algo. Non é así como se piden as cousas. As cousas pídense de modo obxectivo e pídense non falando con ninguén, senón a través de medios e recursos obxectivos; nada máis, con procedementos pautados. A lei di claramente, e non vou buscar o artigo, que os fondos deben, de todas maneiras, entregarse por medios obxectivos e só excepcionalmente recorrer aos medios nominativos. Os métodos nominativos que, por desgracia, en moitos concellos desta provincia son métodos nominativos para repartir catro cadelas que se lle dan a todo o mundo e non se lle nega nunca a ninguén nada; en calquera concello, non é mérito de ningunha clase. Pero *bueno*, podíamos estar analizando e falando destes orzamentos, que non valen para nada, porque son orzamentos que, se empezamos a analizar, respecto ao ano pasado as variacións son cero, cero, cero nun montón de cousas; salvo algunhas variacións, nomeadamente no caso do persoal: aumenta 3 millóns, 3 millóns aumenta o orzamento e deses 3, 2 son en persoal. Vaia, un gran avance! e aí, deses dous, 1.101.910 é para a secretaría particular do presidente; é dicir, persoal eventual colocado a dedo. Uns chámanlle asesores, eu non sei como chamarlle porque, claro, se está o alcalde de Maceda, se está o ex alcalde de Celanova ao perderse o concello, se está o alcalde de Cenlle, se está o eterno candidato á alcaldía de Amoeiro, se está xente que despois van de interventores ou de

candidatos ás elección, como lle podemos chamar? Por certo, en Cenlle teño que facer unha consideración, que é que acaba hoxe de delegarse na Deputación o exercicio das competencias de recadación, en vía executiva, da taxa por limpeza de terreos e solares, da taxa polo subministración de auga, da taxa polo imposto por construcións e tamén xa está delegado a recollida de lixo, os servizos sociais; ata o seu propio alcalde está delegado de asesor aquí. E eu preguntome, que fan alí? que lle queda para facer nese Concello? É mellor que forme parte xa da Deputación; como o dos Blancos, como o dos Blancos. Un concello que recibe una axuda de 240.000 €, dos cales o 80% provén do IDAE e o 20% adicional pono esta santa Deputación, 832 € por veciño. Non está nada mal para cambiar unhas luces nun concello intervido, nun concello onde non houbo ningún caso de diálogo, de participación, nin estudo, nin nada con respecto ao que debería facerse. Porque non hai debate, aquí só hai unha cousa que se chama Plan 72-73 (creo que é, ou non sei como é o nome) e despois uns orzamentos que non teñen nada que ver con ese Plan porque tampouco é así. Non hai unha soa partida orzamentaria nese programa electoral, que foi publicitado, que se corresponda despois con ningún tipo – neste caso - de fundamento nos orzamentos. Pero *bueno*, poderíamos seguir; pero nesta primeira parte voume deter unicamente nunha cousa: o malgasto en institucións sostidas indebidamente pola Deputación Provincial. Mire, o INORDE non me parece demasiado operativo cando se leva 1.041.000 € en persoal e 2.100.000 en total; non está mal. O Teatro Principal lévase 1.053.000 € e 361.000 € de persoal. O Centro Cultural Marcos Valcárcel lévase 1.118.147,87 € e 632.000 € en persoal. Tanto gasto en persoal, por exemplo, porque vamos, foi unha casualidade, vin que supera o gasto en persoal da Merca, dun concello (do que é o vicepresidente que está aquí) e, por suposto, ao concello no que eu estiven que tiña 497.000 €. Pero, é que é máis, ten en persoal un orzamento superior a todo o orzamento de Punxín e case chega ao de San Amaro. Estamos falando só do Centro Cultural Marcos Valcárcel; un Centro Cultural que, por certo, recada 2.000 € ao ano. O Teatro Principal recadada 20.000 € e, se seguimos facendo contas, vemos a onde van eses cartos e como repercuten en todos os que estamos aquí. Malgasto por todas partes, gasto discrecional. Gasto en persoal, 267% en persoal eventual. É imposible que haxa máis. Todo isto explica o cambio do orzamento. Despois veremos que hai cambios noutras cousas. Os chamados proxectos complexos que aquí, tamén, parece que a cidade non só se beneficia dunha cousa, benefíciase de máis; porque o programa ese, con nome tan rimbombante, de *Emprende Makers* ou *Nova TFE* son programas da cidade de Ourense, de *La Molinera*, programas cofinanciados con fondos FEDER, programas de Ourense cidade que tamén sostén esta Deputación Provincial. Non hai ningún problema porque, como o Concello de Ourense non dá nada para comercio,

tamén lle dá 40.000 € por outra banda a Deputación Provincial, non hai problema! Realmente isto é unha bi - administración, isto xa no é a Deputación da provincia de Ourense; isto é unha extensión do Concello de Ourense e viceversa. Isto, a fin de contas, é unha gran fraude. Fraude a todos os niveis, fraude á que só lle queda unha vía que é a vía xurídica; non sei se administrativa, non sei se a penal. O que é vergoñento é que todas as persoas que están aquí sentadas en fronte sosteñan que hai que vir aquí, que hai que vir falar co presidente, que este é un sistema magnífico, que os resultados son espectaculares e que sobran cartos todos os anos. Como non van sobrar!, se isto non está pensado para outra cousa; está pensado unicamente para facer estas historias. Proxectos complexos. Fronteira Esquecida, outro proxecto do plan FEDER onde tamén pon cartos a Deputación Provincial, o único que non ten lugar na provincia ou en concellos estraños, como é o caso que falabamos de Os Blancos. Hai un aspecto no que vou a parar un momento. Antes falábase da Universidade de Vigo, esa aposta pola Universidade; home, 220.000 €, case é o mesmo que a Escola de Danza. E dito isto, non ten nada que ver, nin moito menos, co que leva a UNED; a UNED si que leva unha partida interesante: 430.000 €. Pero a Escola de Gaitas chega a 573.000 €! pero, a ver, eu non vexo á Universidade de Vigo premiada, nin moito menos, en algo que si necesita e si ten capacidade de desenvolvemento. Que pasa?, por exemplo, a min chámame a atención que a Real Academia Galega pase de 40.000 a 10.000. A Insua dos Poetas, 78.500 €, sen contar aos traballadores da Deputación que están todos os días alí, non sei qué fan, pero non saen de alí. Carlos Casares cae de 37.000 a 30.000. *Bueno*, hai unha serie de cambios pequenos, en pequenas cousas, que son como pequenos toques de atención, como pode pasar en Celanova. En Celanova había unha partida de 25.000 € para manter un centro escolar; pero perdeu Celanova a alcaldía e, que curioso, van a parar agora a Ribadavia; xustamente onde hai agora unha alcaldía do Partido Popular. Son desas cousas, supostamente obxectivas; esas cousas que facilmente se pode deducir porqué se fan ou non se fan. Entón, claro, hai que ser nisto serios, hai que optar por traballar todos xuntos, hai que ser obxectivos; señora de Ciudadanos, non lle chamemos Plan Único, chámalle Plan Concellos noutros sitios, pero o que se trata é de poñer algo onde non sexa a norma o que debe ser excepcional. O nominativo, o render *pleitesía*, e os súbditos, a vasalaxe acabou fai moito. De momento déixoo aquí,

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas, presidente. Brevemente e antes de entrar en materia, señora Lama, nós escoitamos, e eu en particular, con cariño, como non podía ser doutro xeito, as súas propostas. Espero que, o votar en contra dos orzamentos, non sexa consecuencia da *bronca* que lle botou o Grupo Socialista nas redes sociais; espero que non sexa iso. Xa ve que difícil é gobernar porque, nunha

partida de 400.000 €, xa non coincide co compañeiro do BNG de ao lado, mire que difícil é gobernar! E vostede sabe diso porque compartiu labores comigo. Dito isto, señor Varela, home, vostede que xa é un concelleiro veterano, teño entendido, sabe ben que na administración existe a picaresca que é legal e lexítima, dentro da autonomía municipal. E vostede sabe que na nova Lei de contratos da administración cada concello pide a axuda que pide, polo importe que considere convinte e creo que me explico suficientemente para que me entenda. Señor Rodríguez Villarino, que non o traizoe o subconsciente, home, eu non me referín para nada, para nada, ao alcalde de Amoeiro, ao que coñezo porque nos saudamos un día e falamos, creo, dez segundos. En todo caso, se o traizoo o subconsciente ou hai algún problemíña, iso pasa nas mellores familias; eu tamén os teño cos meus fillos e incluso cos meus compañeiros de Corporación. Tampouco se sinta mal con iso... mire, ata co meu curmán tamén, *bueno*, creo que o ten el comigo. Dá a impresión que, e dígollo con todos os respectos, vostede vaime ir coñecendo e sabe que eu non son maligno como me tratan por aí. Sonlle bastante bo rapaz, polo menos inténtoo; dá a impresión que está vostede moi sensible, que entra ao trazo enseguida; non, non, soséguese un pouco, eu sei que é novo aquí e que irá capeando. Pouco a pouco, que a min tamén me pasou; xa verá como se vai capeando. Con relación á obxectividade, home, nós... que lle vou a dicir? Están de moda os venres sociais, está de moda – que logo falaremos deste tema - que non nos pagan aos concelliños humildes, como o seu e o meu, que non nos pagan o que nos deben, nin ás comunidades autónomas, que logo falaremos diso. Iso tamén é obxectividade pura; parece ser que o que antes non podía ser, agora pode ser, logo non, logo si, logo a metade, logo non sei quen... Iso é pura obxectividade. Falaremos diso despois. En canto á elección do presidente, el deféndese solo, non fai falta que o defendamos nós, pero quero lembrarlle que leva anos dicindo que había que modificar a lei electoral para poder elixir directamente ao señor presidente; pero el foi o único que o propuxo, a vostedes non llo escoitei a ninguén. Hoxe, se está de acordo, paréceme ben que quede constancia de que tamén está de acordo. Trasladarllo aos nosos representantes nas altas instancias madrileñas que é onde teñen que acordalo e eu tamén estou a favor, que quede claro. Entón, xa somo tres polo menos que o digamos publicamente; tres, ata agora só había un. Dito isto, con relación aos dos Blancos, e dígoo brevemente para entrar en materia. Home, solicitouse - sabe que Os Blancos están intervidos - solicitouse unha axuda, nunha boa xestión, ao IDAE, como fixemos outros moitos Concellos, incluso nós da man do meu compañeiro Pablo conseguimos un gran proxecto para 14 concellos da Comarca de Celanova e da Baixa Limia...si, xa sei que houbo moitos, *bueno*, aquí tamén se fixo ese labor e aparece esa cantidade como una subvención do IDAE e cofinanciada no 20% pola Deputación, porque

está intervido, señor Rodríguez Villarino, e vostede enténdeme ben. Con respecto ao INORDE, home, eu diríalle que non fose tan simplista nas apreciacións. Que fai o persoal do INORDE? Primeiro habería que falar diso, que fai? E eu dígolle, eu son vicepresidente do INORDE dende fai tempo, e cónstame que traballan e moito. Asesoran e axudan nos concellos e moito. Mire, voulle a ler aquí, aproveitando, o que nos manda (recentemente, fai uns días) un alcalde, por certo, do BNG (señor Varela que vostede quere cepillarse, perdóeme a expresión, o INORDE, pero vexo que hai compañeiros dos que se esquece vostede nas peticións, eu que sei qué pasará) e di, un parágrafo pequeniño: *Visto o traballo que desenvolve o INORDE de achega e promoción das actividades agrícolas, gandeiras e forestais, e o seu apoio ao rural, e a súa posta en valor dos produtos autóctonos; dende o Concello de* (se quere, dígollo) *queremos solicitar a súa colaboración en tres vertentes.* Home, aquí hai un alcalde que non coincide con vostede, nin con vostede. E dito isto, o das axudas a Ourense cidade. Home, señor Rodríguez Villarino, ou entendín mal –que se entendín mal, entoo o *mea culpa*-, pero parece que queda claro que vostedes non queren que a Deputación axude nada á cidade; nada de nada. *Bueno*, entón acláremo un pouco, a min e aos cidadáns da cidade. Eu entendo que se mo aclara, acéptoo, perfectamente e, ademais, débeno saber os cidadáns. E os proxectos europeos, proxectos complexos. Home, o INORDE ten agora mesmo en marcha, creo recordar catro proxectos que leva o seu traballo conseguilos, señor Rodríguez Villarino, vostede sábeo, leva o seu traballo (logo falarei algo máis diso) e onde ten os seus fondos colaborar neses proxectos que se chaman *Complexos*. Fala por exemplo de *Fronteira esquecida*, esquecese do *Raia Termal*. O *Fronteira esquecida* pódolle dicir que está en concellos da Baixa Limia, por exemplo; outra cousa é que apareza como socio a Deputación Provincial, pero o territorio da Deputación é a provincia de Ourense, non é nin Amoeiro nin Muíños, é a provincia de Ourense, a Dios gracias. E dito isto, *al grano*, como din por aí. Hoxe cumprimos un punto máis do Mandato 72-73 - que xa vexo que o segue, así nos gusta - presentado polo presidente desta Deputación, por certo, o único coñecido que nos converte na primeira institución pública española en aprobar os orzamentos antes do 1 de xaneiro e con tempo suficiente para que todos os alcaldes, todos, saibamos que fondos temos e para qué cousas. Un proxecto económico que tamén requiriu de fortes doses de esforzo, pois aínda temos pendente a cuestión do financiamento estatal ao que antes me referín; grazas, e iso hai que recoñecelo (algún alcalde do seu grupo, que hoxe non está aquí, recoñecía abertamente), grazas ao xogo partidista do goberno en funcións; *bueno*, en funcións diría eu só para o que quere. A pesares desta situación, o goberno provincial decidiu elaborar a súa proposta de orzamento, sen que en ningún momento se tivera en conta unha posible prórroga; o que deixaría atada,

de pés e mans, en boa medida esta institución. Pero deste tema do financiamento, como dixen, falaremos un pouco máis adiante nunha moción que presentamos, precisamente, o Grupo Popular, Democracia Ourensana e á que se adheriu a señora Lama como voceira do Grupo de Cidadáns. Como xa dixen e destaquei en numerosas ocasións durante o pasado mandato, a presentación dos orzamentos da Deputación no mes de setembro é un exemplo claro que permite a planificación e a anticipación da actuación do goberno para o ano 20; ademais de facilitar, como dixen antes, aos concellos o coñecemento das contías das que se poderá dispoñer para o próximo exercicio. Un proxecto económico dun goberno público, pois tanto o Partido Popular e Democracia Ourensana temos un modo, mal que lles pese, un modo moi semellante de entender e plasmar a cooperación despois do acordo e do pacto ao que chegamos. De feito, quero agradecer o traballo e as achegas e colaboracións amosadas, en todo momento, polos nosos socios de goberno. Feitos estes apuntes, que xa vemos que non son do seu agrado, salta á vista, cómpre destacar que os orzamentos da Deputación Provincial de Ourense continúan a medrar de xeito consecutivo, marcando unha nova liña histórica, pois alcanzan os 85,7 millóns de euros, como ben dixo o señor Rodríguez Villarino, 3 millóns máis que no presente exercicio e 15 millóns máis que dende a chegada á Presidencia de Manuel Baltar. Os orzamentos - cuxas principais liñas xerais, tal e como xa destacou o noso presidente en diferentes comparecencias públicas - permitirán dar cumprimento ao Plan 72-73, seguir a impulsar a colaboración cos Concellos e afrontar, dende a ambición, os retos que temos diante como a chegada do AVE, a creación do Centro de Innovación para Formación Profesional –un gran logro para esta provincia- e o Plan Provincia Intelixente; por citar algúns. Aínda máis, un documento que tamén nace da participación e do diálogo cos axentes económicos, sociais e culturais (que tamén recibe o presidente a quen quere visitalo) e co seu traballo e iniciativas tamén fan Ourense; é evidente. En termos xerais, para o ano 20, mantéñense as mesmas partidas para os plans estratéxicos deste goberno provincial; así, os concellos recibirán 2,7 millóns de euros por transferencias de capital para os seus investimentos. Haberá un plan de gastos correntes para aqueles Concellos que acrediten insuficiencia financeira, que hai algúns, dentro do Plan de Cooperación de Obras e Servizos do que logo tamén falaremos. A reparación de vías provinciais terá unha dotación de 3 millóns de euros, 1.500.000€, 1.300.000€ e 200.000€ máis para mantemento e conservación. A dotación para o INORDE mantense no 1.780.000 para o desenvolvemento local, turístico e económico. Cómpre sinalar que aquí se inclúen case 597.000€, ou sen case, para o proxecto do turismo intelixente Red.es. Debo destacar, tamén, o incremento na financiación dos Grupos de Emerxencia Supramunicipal, os GES, na parte que deberían achegar os concellos cun aumento de preto do 10% ata

chegar aos 900.000 €. Xa se prevé aquí a ampliación destes. Esta Deputación fai os deberes a tempo. Como xa vimos no punto segundo deste pleno, dótase ao Consorcio Provincial de Incendios de 1,4 millóns de euros. Mantense a achega económica do Programa de Acción Social en cooperación cos Concellos por 1,2. Mantense o Plan de Fomento de Emprego con 1.830.000 €; 20.000 € para cada concello con liberdade total e absoluta para contratar ao persoal que necesiten. O Programa de Axuda á Natalidade con 400.000 € que, por certo, non se dan gastado; pero a ver se é culpa do PP tamén. O Programa de Axuda á Mocidade de case 5.500.000 €, con 6.000 € lineais a cada concello. Continuaremos apoiando ás institucións formativas cunha subvención nominativa á UNED de 430.000 € e á Universidade de Vigo, como xa dixen antes, con 220.000. Seguimos coa liña de subvencións ao deporte, mantendo, ademais, o Programa EsquiOu cun total de 400.000 €. Tamén segue activo o Plan Tarazana de actividades recreativas e culturais, que un deputado do Partido Socialista non sabía que era esta Plan, agora creo que xa o sabe. Mantemos tamén, incluso se incrementa en 1.000 €, a subvención a unha proba deportiva de gran transcendencia para a nosa provincia como é o Rallye de Ourense. E ata aquí - espero non cansalos, pero hai que dicilo - o repaso a algúns dos capítulos máis relevantes do orzamento do ano 20. Non obstante, neste última parte da miña intervención, quería facer dous apuntamentos moi concretos. Por unha banda está a débeda cero, á que aquí se referiu o señor Varela; unha débeda, hai que dicilo, practicamente cero, que non cero; xa que aínda quedan por pagar os 5 millóns de euros correspondentes a un crédito formalizado no ano 2004 co Banco de Crédito Local, hoxe BBVA, por un importe máximo de 23,4 millóns de euros, cun prazo de carencia de 3 anos e un prazo de amortización de 20. Aboando na actualidade, dígoo como dato, 8.000 €, aproximadamente, de xuros ao tipo vixente. Tecnicamente, a amortización deste crédito tería un custo de case 80.000 €; polo que consideramos - e así o entendemos, escoitada á interventora desta Deputación - improcedente este movemento financeiro. Esa é a única razón de non telo amortizado xa. Con todo, 5 millóns de débeda, para unha administración do tamaño da Deputación de Ourense, supón unha carga financeira mínima; polo que a nosa débeda, aínda que existente, non impide falar de que tecnicamente sexa cero. O segundo aspecto, que quero comentar, refírese ao Capítulo 1, ao que aquí se referiu o señor Rodríguez Villarino, e voullo a explicar, relativo aos gastos de persoal onde se produce un incremento de 1,9 millóns, case 2, que se explica por tres razóns fundamentalmente. En primeiro lugar, pola nova composición da Corporación provincial coa entrada dun novo grupo político e a nova distribución de dedicacións exclusivas parciais e postos de confianza. De todos, de todos, de todos. Así pasamos de 6 dedicacións exclusivas no anterior mandato (incluído o

presidente), a 15, cunha terceira vicepresidencia (supoño que me criticarán a min por ocupala), 3 deputados delegados de área, 1 dedicación exclusiva máis para o Partido Socialista e dedicacións exclusivas que antes non tiñan os grupos de Democracia Ourensana, BNG e Ciudadanos. Tamén hai cambio no que atinxe ao persoal de confianza que na Área de Presidencia conta con 10 persoas, entre asesorías e administrativos; ademais da xefatura de Gabinete. Tamén hai modificacións na área dos Grupos Políticos que se reduce de 15 a 14 persoas e incorpora a creación da figura do coordinador de Grupo Político, aínda que tan só para os grupos políticos maioritarios: Grupo Popular e Grupo Socialista. Nada novo nesta cuestión que xa foi debatida, recordo, xa foi debatida no Pleno de organización de 16 de xullo. En segundo lugar, o citado incremento tamén se explica, non o esquezamos, polo 2,6% de previsión de suba salarial no emprego público pactada polos sindicatos e o Goberno. Por certo, cando gobernaba Rajoy e a asinou aquel maligno – maligno segundo vostedes - ministro de Hacienda, señor Montoro; que non a señora Montero que, mellor, non falar agora. En terceiro lugar, o compromiso de situar o gasto de persoal no entorno do 35% - para o próximo ano estará no 39,7% - aínda non é posible a pesares das promesas do señor presidente e do seu Grupo; xa que tamén depende da externalización dos servizos de recollida de lixo. Por certo, un servizo con elevados custes de persoal e tamén moi variables, no que hai que prever, tristemente, novas contratacións, por baixas de persoal, vacacións, melloras do servizo, etc... En todo caso, lembrarlle que nos mandatos deste presidente (hai que dicir o bo, o malo e o regular), pois nos mandatos do señor Baltar Blanco reducimos en case un 40% o pago de nóminas desta Deputación; tamén o deberían de ter en conta cando se falan disto. A min, as veces, crúzanseme un pouco os cables cando, desde aquí, teño que defender a xestión pública, cando debería ser dese lado; pero *palo si remas, palo si no remas*. Se xestionamos directamente, facémolo mal; se externalizamos, dámosllo aos nosos amigos. Nunca encontro o termo medio, a verdade é que nunca o encontro. Remato xa, pero antes lembrarlle que estes orzamentos, como vén a facer o señor presidente da Deputación noutros anos, serán presentados na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento de Galicia, cando o convoquen ao efecto. Capítulo por capítulo e cifra por cifra, como vén sendo habitual, o presidente Baltar realizará todo un exercicio de transparencia diante dos representantes da primeira institución de Galicia; algo, señor Rodríguez Villarino, que non poden dicir todos os grupos políticos representados nesta Corporación e no propio Parlamento de Galicia, posto que, para algúns, como a propia presidenta da Deputación de Pontevedra, só ten o deber – segundo as súas propias verbas - de dar conta e someter os seus proxectos (incluídos os orzamentos) ao Pleno da administración provincial (iso dio ela, non eu). Xa

van dou anos que rexeita acudir á Cámara; o noso presidente si acudirá como todos os anos. Moitas grazas, de momento, pola súa atención.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos - Partido de la Ciudadanía: moitas grazas. Señor Rafael Villarino, vostede dime que hai que falar de obxectividade; cando non falei eu de obxectividade? Se simplemente temos nun desacordo e é que vostede formula un Plan Único, un plan ourensán e eu formulo uns plans provinciais que abarquen diferentes sectores, cal é o problema? Vostedes teñen a súa opinión e eu teño a miña opinión. A miña opinión será acertada ou non, e a súa opinión será acertada ou non. A cuestión está en que en democracia hai que respectar as opinións; nin o seu criterio se vai impoñer sobre o meu criterio, nin o meu criterio quero impoñerllo sobre o de vostede. Eu non os critico, eu veño aquí a expoñer a miña posición. Vostede fala que se teñen que eliminar as subvencións nominativas. Eu, como dixen e repito, estou a favor das subvencións nominativas; onde poñemos o corte? A Deputación de Lugo dá subvencións nominativas por un importe de case 5 millóns de euros; o PSOE opina que hai que eliminalas, o BNG entende que hai que ter un certo apartado para subvencións nominativas, Ciudadanos entende que teñen que existir as subvencións nominativas. Onde poñemos o corte, señores, 4 millóns, 5, 8...? son todas acertadas? Serán opinións respectables, poderannos gustar máis ou menos; pero dende logo teremos que respectar a opinión que cada grupo político, cando goberna, tome aquí, en Lugo, en Pontevedra ou en Madrid. Vostedes como ao único que se dedican é a contratar para ter a *sueldo* trolls informáticos, eu é que no meu partido dedícome a ter asesores que me acheguen coñecementos e unha visión de futuro da miña provincia acertada, seguramente, e rigorosa; pensando sobre todo nos meus veciños, en todos, ata onde non temos representación porque aquí publicamente pídolle e lle pedín ao presidente que teñan a ben e en conta os proxectos que o Concello de Allariz ten encima da mesa dende o ano 2016 porque a min impórtanme os 92 concellos, non só os concellos onde temos representación, neste caso, o Partido de Ciudadanos. De verdade que lles agradezo a publicidade que me fan, afórranme moitos convenios con medios de comunicación para ter máis visibilidade. E si, si que é verdade que eu teño unha visión moi distinta da que teñen vostedes e saben por que? Porque eu sei o que é gobernar una Deputación Provincial e vostedes non; así que sígano intentando. Ao Partido Popular, señor Plácido, como vostede ben sabe, eu son unha muller de principios e de palabra e díxeno o 28 de agosto que criticarei cando teña que criticar e halagarei cando teña que halagar e aplaudirei cando teña que aplaudir aquí e no Concello de Xinzo, que goberna outra cor ben distinta, e así o fago. Vostede díxolle ao PSOE que a persoa que puxeron en Muíños non lle funcionou; pero ao PP tampouco lle funcionou moito en

Carballiño, nin en Xinzo, nin en Vilar de Barrio, Taboadela, Punxín, tampouco lles funcionou. Funcionou Xinzo, se non existise o Partido de Ciudadanos, esta persoa que lles fala, e non existisen eses votos seguramente o Partido Popular non tería perdido a maioría. Taboadela, o Partido Popular perde a maioría, co - goberno socialista con Ciudadanos; Punxín, Partido Popular perde a maioría e co - goberna con Ciudadanos; Maceda, Partido Popular perde a maioría porque Ciudadanos saca un escano. Non esquezan, perderon a maioría absoluta da Deputación Provincial; pero non polo BNG ou polo PSOE, nin por Democracia Ourense. A maioría absoluta do Partido Popular na Deputación Provincial de Ourense perdérona polo escano de esta que lles fala. Así que, vostede faloume de Plans provinciais e eu repíto; non se gastan os 400.000 € do Plan de Natalidade, por que non aumentamos a axuda? Se sobran, aumentemos a axuda. Probemos, cambiemos o sistema do Plan de Natalidade; en vez de dar 300 € por neno nacido ou adoptado, por que non damos 900? Probemos, cambiemos o sistema, a ver se hai que aumentar esa partida orzamentaria para ese Plan. Tamén dicirlle ao meu compañeiro do BNG, que xa o tratamos en comisións informativas, aquí ao final trátase dun conxunto e se todos eses plans provinciais están en conxunto e ben coordinados, se existe un bo plan de empregabilidade, un bo plan de natalidade, un bo plan de envellecemento e todo iso está ben coordinado creo que o futuro da provincia, pouco a pouco, será moito mellor para todos nós. Entendan, lóxicamente, o meu voto en contra porque non entendo que todo o que expliquei ata o momento e non entendo que o fomento do deporte, 1.102.700 €, lles pareza xusto e necesario para apostar polo deporte base na nosa provincia, que existe e é moi bo e teñen escasos recursos, de verdade que lles prego que fagan un exame de conciencia e podan, non sei se ata o 31 de decembro, facer certas modificación e, senón, para o vindeiro orzamento do ano 2021 ter en conta as achegas que esta deputada humildemente lles fai. Moitas grazas. Nada máis.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG: na liña en que falaba a voceira de Cidadáns, creo que si que vai a existir a posibilidade porque vamos a volver a ter un remanente de tesouraría superior aos 20 millóns de euros; o cal, sinceramente, deixa bastante que desexar a nivel de xestión, estamos falando, practicamente, do 30 % do orzamento. É certo que ao mellor vamos ser os máis rápidos, os máis áxiles en setembro; pero *bueno*, existen meses máis adiante para levar estes orzamentos a aprobación. Se despois o que temos facer é andar a facer modificacións orzamentarias en xaneiro, á verdade é que parece que non teña moito xeito; pero *bueno*, iso é potestade evidentemente do grupo de goberno. Fíxese nunha cousa, porque ao mellor non se fixou cando o dixo, falou vostede de que a débeda de 5 millóns de euros é practicamente cero. En plans lineais de cooperación levamos un orzamento de 4.440.000€; supoño que, tecnicamente como

vostede ben di, iso será menos que cero. Díxoo vostede, non son verbas miñas. Entón, gustaríame volver a reformular esa situación. En canto ás mocións que traemos a Pleno, a primeira e a máis importante, claro que si, é insistir no Plan Único, Plan Ourense (como lle queiramos chamar) porque, en realidade, no resto eu entendo que, efectivamente, é a Deputación de Ourense, o grupo de goberno, o que ten que organizarse no gasto. Sigo indicando que a min o 55% en gasto de funcionamento de persoal pézeme excesivo; porque eu defendo o público, claro que si, pero o que non acabo de ver é en todas aquelas actuacións que a Deputación ten esa actividade primordial para dar esa cifra tan elevada. Hai outras Deputacións que teñen gastos menos elevados nesas dúas partidas orzamentarias. A partires de aí, a primeira moción que presentamos di claramente o que se propón con esta modificación orzamentaria, é dar cumprimento a verdadeira finalidade das deputacións, tal e como están concibidas na actualidade e mentres non desaparezan, de cooperación cos concellos. Indicarlle ao señor Caride que vostedes non se presentaron só por Ourense, presentáronse por once concellos e, polo tanto, polo menos para eses once Concellos... aínda que eu creo que aquí estamos como deputados provinciais, deberíamos actuar para os 92 concellos da provincia. Eu tamén me sinto co - responsable do Concello de Ourense, por suposto, e gustaríame que o Concello de Ourense tivera unha marcha extraordinaria; posto que, dende logo, iso tiraríaa do resto da provincia e ogallá sexa así. Pero ao final, evidentemente, tamén é certo que a propia lei indica que a actuación deberá de ser prioritaria nos concellos de menos de 20.000. No Concello de Ourense hai moitísimas partidas porque estamos a falar, como indicaba anteriormente o señor Villarino, de que o Pazo dos Deportes, o Marcos Valcárcel, o Teatro Principal son partidas orzamentarias que, evidentemente, a quen maiormente benefician é a Ourense capital; porque, home, eu podo vir de vez en cando dende Allariz, pero non estou todos os días no Marcos Valcárcel. Parece máis que evidente. A partir de aí, rematar tamén coas prácticas clientelares no reparto dos recursos públicos. Podemos chamarlle como queiramos, pero todas as subvencións nominativas son o que son e é así. Entón para non ter que repetirlles isto todos os anos, como vostede ben di, o mellor é que as mudemos. Eu, efectivamente, non nego, como dicía a voceira de Cidadáns, que poida haber unha parte que quede reservada para subvencións nominativas; é entendible, poden aparecer proxectos de extraordinaria relevancia que o señor presidente considere, ou poden aparecer, como este ano aconteceu, riadas en Monterrei que, efectivamente, precisen unha actuación nese sentido. Pero o que non pode ser, e así o reflicte a ordenanza provincial - volvo a insistir - é que ese sexa o sistema común de reparto, porque iso vai incluso en contra das propias normas que nos temos dado. Garantir anualmente unha cantidade estable e relevante de

fondos aos concellos que poderían empregar estes investimentos en emprego, benestar, etc... parece lóxico. É o que lle dicía anteriormente, é que vostede me manifestou que lle parecía que 5 millóns de euros eran cero; pois 4.400.000€, insisto, deben ser menos que cero. Entón, non parece que esa sexa a liña que debamos de levar. O que pediamos dende o BNG era 150.000 € por concello e, a partir de aí, cos criterios que se considere conveniente, incrementar esas cantidades ata un tope que poden ser os 450.000; nos cales perfectamente podería entrar Ourense, ese non sería o problema, pero *bueno*, evidentemente creo que débese dar preferencia aos máis pequenos. Polo menos deberíamos de fixar unha porcentaxe dos orzamentos que se dedicase a investimentos de benestar. Os concellos, a partir de aí, terían autonomía para decidir cales van a ser estes novos investimentos, tanto en obras e subministracións, e tendo en conta sempre os servizos mínimos que deben de prestar. E para iso se presentan aquí unha serie de modificacións orzamentarias que non afectan a partidas, como vostede dicía, creo que de xeito equivocado, señor Caride; senón que basicamente as partidas nas que se detraen fondos son partidas que agora van teledirixidas a un concello concreto. Entón, o que se pretende é que iso vaia ao fondo común, que significaría o Plan Único, e a partir de aí facer un bo reparto proporcional e equilibrado entre os concellos; partindo sempre desa táboa base de 150.000 € por Concello. Hai moitos concellos que, a día de hoxe, asegúrolle que non chegan a esa cantidade ao cabo do ano; asegúrollo por experiencia propia. Despois, as outras mocións que se traen a debate nesta sesión son unhas modificacións que, como ben indicaba anteriormente, non é tanto polo contido en si, senón pola significación que teñen; por exemplo, a de Verea. O Concello de Verea, teño aquí a petición cursada, rexistrada, deste Concello para 72.000 € para facer unha nave municipal. Non sei por que a nave municipal de Verea non foi tan importante como outras moitas naves municipais que si que están subvencionadas, porque así queda reflexado que se pediu, non hai dúbidas para a próxima, a ver se se ten en conta. Dous cuartos do mesmo coas subvencións para o Castro de Armeá e o Festival de Xardíns. Son subvencións que se teñen pedido reiteradamente, non creo que o señor presidente me vaia a contradicir sobre isto; sen embargo non se teñen tido en conta. Bueno, que quede claro que están pedidas, despois, a partir de aí, proveeremos. Temos unha serie de peticións sobre estradas. Como ben lle dicía anteriormente son estradas do Bloque, efectivamente non do Bloque, senón de concellos onde goberna o Bloque, perdón (efectivamente, aí traizoome o subconsciente, son totalmente razoable); pero son estradas onde goberna o Bloque Nacionalista Galego porque foi con aqueles cos que me puideron poñer en contacto para que me trasladaran que actuacións tiñan solicitadas e non foran executadas. *Bueno*, estas son unha serie delas; hai máis. Despois levo, como lle indiquei anteriormente, a da

Real Academia Galega porque me parece de xustiza non reducir a achega orzamentaria á Real Academia Galega. Non sei se se portaron mal este ano para que lla reduzamos; ao mellor téñeno que aclarar. A partir de aí, hai outra máis en Castrelo de Miño que é na mesma liña. Son subvencións que se solicitaron ao longo destes anos e que non teñen tido un reflexo nos orzamentos. *Bueno*, simplemente a nivel indicativo, non é nin para que as aprobemos hoxe; home, se se poñen a favor non vamos a rexeitalas, que quede claro. Pero como creo que non vai ser o caso, é para que quede constancia neste Pleno de que si outros concellos solicitan subvencións e vostedes, polo que sexa, porque como non sabemos cal é o criterio, ese é problema e, ao final, o que pedimos é establecer uns criterios claros e obxectivos. Entón iso é o que queremos que quede reflectido. Pola miña banda, nada máis. Aprobárase este orzamento e sinceramente creo que será unha oportunidade perdida para esta provincia porque son, como indicaba anteriormente, uns orzamentos continuistas basicamente; e a verdade é que a continuidade nesta provincia ao que nos aboca é á desaparición e iso é o que creo que nos debería preocupar aos que estamos sentados neste salón de plenos: que isto non ten funcionado ata o de agora; que a realidade pura é que cada ano nacen menos nenos na provincia (sinceramente, creo que con Plan de Natalidade, 900€ máis non vai ser a solución; pero *bueno*, probemos, ao mellor hai un repunte. Ao mellor apagando as luces pola noite tamén). A partires de aí, o que si creo que debería facerse é tomar en serio a esta provincia e facer un Plan que realmente nos leve cara a diante e nos permita avanzar e que sexa significativo naquelas actuacións que podamos entre todos entender que, efectivamente, necesita esta provincia para volver a medrar e non seguir decrecendo ano tras ano. Eu creo que iso é o básico para uns orzamentos e creo que non se traslada nestes orzamentos; sinceramente o digo. Nada máis. Moitas grazas.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: si, moitas grazas. Eu sempre fun certamente escéptico cos debates orzamentarios, en xeral, nas administracións, porque son uns debates extremadamente aburridos de cifras e datos; ou son debates que continuamente se repiten sobre o mesmo argumentario político. É a ferramenta máis importante nunha administración, un orzamento mal aprobado pode facer caer un goberno; polo tanto as posturas sempre están prefixadas. Aí quero distinguir, é certo que o señor Bernardo do BNG fixo os deberes e polo menos chega cunhas propostas, cunhas emendas, cousa que noutros grupos da oposición non o vin; o cal demostra certo interese. Por iso, co respecto que me merece o señor Bernardo, lle quero dicir, porque nós entendemos que esta emenda que vostede presenta (agora acábanos de aclarar que, cando menos era orientativo para ter unha referencia) non a podemos validar, ou non a podemos aprobar. Realmente estamos falando, vostede, dunha dotación

emendada, en torno a 16.331.000 € que reduce 13.713.000 das dotacións orixinais. Pero claro, nese ámbito vamos a entrar nunha serie de partidas que estarán dirixidas, ou non, a algúns concellos; pero en todo caso entendo que representan cuestións básicas de política provincial. O Plan de emprego, de formación de emprego de 183.000 € redúceno, por exemplo, dentro das transferencias correntes a concellos para actividade cultural e recreativa, para fomento do deporte; incluso a Ribadavia lle quitan a axuda para a Festa da Istoría. Dentro dos investimentos reais retiran a partida relativa á reparación de vías en cooperación provincial, o Plan Ourense Provincia Termal de termalismo. Todo isto representa realmente un cambio de dirección no conxunto das políticas provinciais. Evidentemente é moi estreito este debate por vía da emenda para poder abordar estas cuestións. En calquera caso, temos o exercicio todo por diante para que poidan traer vostedes aquí o que sexa, discutimos aquí o que sexa; pero agora penso —e debe concordar comigo— que é moi aventurado poder votar a favor dunha emenda destas características, nas que, ademais, insisto, no Plan Único alternativo que se propón aquí cunhas bases de reparto o único concello que non recibe nada é o Concello de Ourense. E sen volver a entrar na cuestión da Lei de bases de réxime local, dos 20.000 habitantes, ou non 20.000 habitantes, o que se lle dea preferencia aos concellos pequenos. Insisto, tanto porque a lei non o limita como polo feito de que na propia financiación da Deputación, nos propios ingresos da Deputación unha parte moi importante é contribución por vía impositiva e faina o propio cidadán da capital; pois non se lle pode facer esa certa discriminación. Do resto, como xa dicía, os debates orzamentarios son debates de política; posicións prefixadas e que dan de sobra para falar, moitas veces, de todo menos dos orzamentos. En calquera caso, nós, como grupo político, contribuímos nalgúns apartados, nalgunhas cuestións a estes orzamentos, tamén como grupo político diferenciado, aínda que esteamos nun goberno de coalición, temos algunha discrepancias; pero no seu conxunto, neste caso, temos que darlle luz verde, ou aprobar estes orzamentos, porque na medida dos nosos acordos e na colaboración que temos establecido coa Deputación entendemos que, de momento, os plans que están aquí deseñados válenos. Pode quedar no alto algunha discrepancia? Certo, pero en principio, en termos xerais, nós vamos a votar a favor destes orzamentos porque entendemos que si valen para desenvolver certas políticas que, nestes momentos, a provincia necesita.

D. Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista: eu penso que, neste caso, o representante de Democracia Ourensana non entendeu o espírito da proposta do compañeiro Bernardo, do BNG, que é unha proposta que non é a primeira vez que se trae a este mesmo lugar e que é unha proposta que está baseada, basicamente, en criterios obxectivos e é unha proposta que, non é que non se poda cambiar, nin que non se poda

modificar, é unha proposta posible, das moitas que se poden facer, sobre a base da a obxectividade. O que me preocupa, non é que vostede non a aprobe, senón que aprobe a contraria; que aprobe vostede un réxime clientelar. Un réxime que vai a dedo, sen contar con ninguén, será porque favorece, loxicamente, aos seus intereses que imaxino cales son; entre eles, por exemplo, os que teñen que ver con ese financiamento que dixemos antes de proxectos da cidade, da Molinera dicíamos basicamente, como poden ser outros créditos, etc... Neste aspecto, téñolle que dicir tamén ao señor Plácido que demagoxias as xustas. Vamos a ver, eu presenteime como candidato á alcaldía de Ourense e sei o que é a cidade de Ourense e o que precisa a cidade de Ourense e sei tamén o que necesita esta provincia - vostede debería sabelo-, pero un concello con 103 millóns de euros no seu remanente de tesouraría non necesita moito, non necesita moito desta Deputación Provincial; só necesita unha *triquiñuela* da que falaremos máis adiante. Falaremos máis adiante desa. Pero con iso quedaría cuberto, eh! Con iso quedaría cuberto. O que teño que dicirle en todo isto é que é entenecedor, señor voceiro do Partido Popular, entenecedor, o seu denodado esforzo, a suor que lle leva presentar os argumentos, o detalle clásico en negociación de ter moito tempo á xente embobada para que pase o tempo e se disimulen as cuestións, retorcer os argumentos e dicir que non é tal o aumento de persoal, que é de todos os grupos políticos; contando mentiras que son a milésima parte dos feitos reais. Pero así non funcionan as cousas. Eu, a chamada á responsabilidade que está facendo o BNG, e que a fai o Partido Socialista, que é: vamos entre todos a sacar a diante a esta provincia cuns fondos obxectivos, recoñecendo a maioría de idade dos concellos, dándolle voz a todo o mundo, preocupándose de verdade polos elementos importantes como son a desaparición real, desaparición real desta provincia coas súas políticas dos últimos 32 anos. As súas políticas e as súas débedas, as súas débedas, que foron as que levaron agora a ERE's e, digamos, a esta aproximación á débeda cero como querendo deslindar unha parte da historia, doutra parte da historia que eran vostedes mesmos; ou había outro partido político gobernando nesta Deputación provincial? Só había un partido político. E mire, quero dicir que creo que ten boas intencións a voceira de Ciudadanos; claro, si, creo que as ten, pero despois ten malas lecturas. As boas intencións é querer que haxa máis natalidade nesta provincia, na que dubido moitísimo que por poñer máis cartos se teñan máis fillos. Non coñezo en demografía ningunha regra que demostre isto, senón estaría solventado o problema da demografía no mundo; pero non é iso. E por outra parte, mire, o que non hai no Partido Socialista – só para que quede claro - o que temos prohibido é que haxa trolls informáticos e a única condena coñecida neste país por trolls informáticos é ao Partido Popular; saúu fai ben pouco. Nós témolo prohibido. Outra cousa é que se fagan críticas nas redes sociais,

pero non trolls, eh!. Son cousas ben distintas. Pero *bueno*, que queremos nós? Queremos o que quere todo o mundo nesta Galicia que avanza, se desenvolve e medra; que é toda menos Ourense. Nós queremos un Plan Único como en Vigo, como en Pontevedra, mellor dito, coa presidenta que fai que un mínimo de 500.000 € por Concello se recibe a través dese Plan Concellos (creo que así lle chaman alí). Non pedimos esa cantidade porque sabemos que tamén temos máis concellos e menos orzamento. Pero, en Lugo, que é bastante equivalente, teñen un mínimo de 200.000 € por concello; e non lle digo o que teñen en Coruña. Pero todo iso é porque consideran aos concellos maiores de idade e danlle fondos para poder facelo. O sistema de reparto que propón o compañeiro Bernardo sérvenos e calquera outro que vaia polas liñas obxectivas tamén; pero iso implica non aprobar estes orzamentos, isto implica adialos e buscar unha solución, como tamén se ten proposto nomeadamente, fai pouco, na mesa de voceiros. Que podemos facer ante isto? Pois mire, o que podemos facer é sentarnos todos, con responsabilidade, e buscar unha solución e non outras cousas. Porque mire, falouse aquí e púxose enriba da mesa como un gran logro ese Centro de Formación Profesional para o que se vai destinar, para unha competencia impropia, 1,5 millóns de euros; *bueno*, vaise facer para desenvolver esta provincia, pero que curioso que xa baixou o seu custo. Porque, a ver, o 9 de maio dicíase que as obras empezaría inmediatamente, en outubro estarán rematadas, en setembro de 2020 e o orzamento é de 9,9 millóns de euros, dos cales, a Deputación vai a poñer 5; onde están? Onde están os outros catro? Porque aquí vai 1,5 millóns. Algo falla, algo falla. Ademais, vendeuse no seu momento como algo que ía a estar en consonancia coa Universidade de Vigo, o logro máis importante da historia recente da cidade, conexión co edificio intelixente de IBM... Pero, que pasou? Un millón e medio, eran cinco e medio; vaise rematar e poñerse en funcionamento o ano que vén. Sinceramente, a min lémbreme a aquilo dos coches eléctricos que, en campaña electoral andaban por todo Ourense, empezaron en Melón, despois ían a Vilamarín e así sucesivamente; a vella táctica de sempre, a táctica de prometer, prometer, prometer e, ao fin de contas, non facer nada. Claro, que pasou con proxecto complexo cultural, actividades culturais e recreativas que tiña 900.000 € o ano pasado e xa non está nos orzamentos deste ano? Cumpriu os seus obxectivos? Fixo todo que tiña que facer? Non o sei. Por que baixou o Plan Ourense Provincia Termal de 200.000 a 159.000 €, xa fixo tamén todo o seu propósito? Xa conseguiu todo? E cal é a rendibilidade desa xestión magnífica da Deputación Provincial, cando ingresa máis esta Deputación pola granxa de coellos de Monte do Reino, (4.500€), que polo Marcos Valcárcel (2.000) e proporcionalmente bastante máis que polo *parking* do Hospital, que ten un canon de 26.375,50 € ao ano? Pero que clase de xestión é esta? Como

non está collendo esta Deputación Provincial e rescatando ese *parking* e poñelo a dispor de todos os doentes desta provincia, que eses si que o necesitarían, en vez de estar pagando por un servizo cando non lle queda máis remedio pola súa saúde e non ocorre o mesmo, precisamente, en Vigo onde os doentes van ao Hospital e non pagan nada; grazas ao labor, nese caso, do Concello. Dáme igual que sexa o Concello de Ourense, que sexa a Deputación; vamos a ver, se son o mesmo, póñanse de acordo e arranxen isto. Quero poñer tamén en claro como funciona o sistema obxectivo desta Deputación Provincial para conseguir axudas. Teño aquí un documento que vou a ler, documento que é de como se adjudicou un campo de herba artificial polo que leva loitando o concello no que eu estiven durante moitos anos e onde se dicía, nas bases que había nesta Deputación, que quen co-financiara con máis tería dereito a ese campo. No meu concello chegouse a propor o 40% de co-financiamento e non houbo sorte. Pero isto é outra cousa, isto é unha redacción de puño e letra do presidente da Deputación que di (estes son argumentos técnicos):

Encantado de compartir unha xornada de amizade, recoñecendo a traxectoria do Salamonde Fútbol Club. Gústame o fútbol e sei a emoción que provoca un bo control, un pase inesperado ou un gol froito do traballo de tantos. Parabéns ao Clube; mención especial para Secundino, santo e seña dun equipo que deu e seguirá dando tantas alegrías e competitividade sa ao Concello de San Amaro.

Nesta xornada acordamos coa Xunta de Galicia, na persoa do seu presidente, dotar a estas instalacións de herba artificial. A Deputación que presido farase cargo das dúas terceiras partes do importe do investimento, facémolo –agora veñen os argumentos técnicos- pola historia do Clube, mais tamén polo nenos que son os mellores embaixadores dun pobo ambicioso que nunca renunciará á súa identidade. Viva o Salamonde Fútbol Club! Por outros 70 anos máis.

Magnífico argumento que deu lugar a co-financiar isto, a co-financiar isto. A pregunta é: cantos habitantes ten San Amaro? Sabe o presidente cantos nenos? Fíxoo polos nenos, cantos nenos ten? Dígollo eu, de 5 a 10 anos ten 11 e 14 nenas e de 10 a 15, aínda ten menos, 9 nenos e 14 nenas. Este é o argumento, polos nenos, onde se inviste nisto. Pero completouno o presidente da Xunta, que isto non falla, é di:

En febreiro de 2019, tiven a honra de coñecer e oficiei deste Concello de San Amaro (confundiuse de Concello, despois púxolle outro nome) a afección de San Amaro polo deporte rei, o fútbol. Grazas a todos os amantes deste deporte polo agarimo e por festexar o Salamonde Fútbol Club. Un agradecemento a Secundino, o gran capitán, traballadores para... (ta-ta-ta) e di: traballaremos por un novo campo de herba artificial. Queda dito.

Moi ben, este é o co-financiamento. Se traballamos así, triste futuro, triste futuro clientelar, de amiguismo, de reparto de fondos... de verdade, isto é lamentable, isto é lamentable. Se non mudamos este modo de actuar, que nos pode esperar? E despois falamos de seriedade. Seriedade? Isto é serio? Isto é serio? Isto parece que, despois duns viños, alguén di cousas que non debería e as escribe. Pola miña parte nada máis porque dito isto, neste Pleno non vamos a arranxar nada disto. Doulle a razón, neste caso, ao responsable de Democracia Ourensana; el non o ía a arranxar, dende logo, e tivo a oportunidade de facelo.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: señor Varela, empezando por orde, porque coa señora Lama quedamos emprazados a que eu ía a ver, e o presidente por suposto, e o noso grupo, en xeral, o goberno provincial, as súas propostas con cariño e así o faremos. Señor Varela, as modificacións orzamentarias, vostede que ten responsabilidades de goberno, sabe que son legais e habituais; incluso con moitas máis que nesta Deputación. Con respecto, outra vez, á débeda cero eu só lle quero trasladar unha pregunta, a ver se a di: vostede entende que debemos que amortizar ese préstamo? Quede claro porque parece que queda no ambiente que mentimos, que queríamos, non queríamos. Non, se vostede considera que debemos amortizar un préstamo de 5 millóns de euros e pagar 80.000, eu creo que non. Con respecto aos gastos de persoal e demais (vou un pouco rápido e enténdame por que), Allariz, home, vostede está alí e, polos datos que teño, vostedes no Capítulo 1 andan *rondando* o 37% e no Capítulo 2, de gastos correntes, o 36%; é dicir, os orzamentos de Allariz, entre o Capítulo 1 de persoal e os gastos correntes, *rondan* o 73% do mesmo. É dicir, ao ter as posibilidades de goberno hai que falar con certo xeito porque o que criticamos logo non o podemos facer, ou non sabemos; eu entendo que non poden. Con respecto ás subvencións. Home, eu quérolle recordar que nós temos un Plan Estratéxico de Subvencións, incluso chegamos a autolimitarnos a nós mesmos; pero, *bueno*, xa sei que iso non o valoran. E con respecto ás emendas que presentou, e como digo vou un pouco rápido, eu antes quixera dicirlle ao señor Rodríguez Villarino e a vostede mesmo; pero voume a referir a dous concellos importantes e fágoos no sentido positivo, porque gobernan e paréceme moi ben, nada que dicir nin a favor nin en contra, son os gobernos lexítimos de dúas vilas importantes. Por exemplo, en Verín, subvencións nominativas moi recentemente miren as que concedeu: 11.000, 1.000, 1.500, 12.000, 5.000, 3.500; nominativas. Miren a quen e cal é a razón, entendo que todas boas, non teño nada que dicir. Carballiño, non fai moito case 300.000 €; algunhas subvencións de 80.000, de 20.000, de 16.000, de 20.000, de 4.000, de 16.000, de 8.000, etc... Miren, seguramente a excepcionalidade á que vostedes apelan aí existe a *rajatabla*. Volvendo ao que dixo o señor

Varela na súa emenda á totalidade, home, mire vostede, así rápido, facendo cálculos, vostedes rebaixan un 60% as actividades culturais de cooperación provincial, así dun *plumazo*, punto. Suprime o INORDE, xa ve que algúns alcaldes do seu partido pensan de maneira distinta que vostede, pero eu simplemente lle digo: que fariamos co persoal? Mandámolo para casa. Suprime o Plan BenOurense, onde queda esa política de servizos sociais de carácter supramunicipal? Parece ser que vostedes non o entenden así. Logo falan de suprimir deputacións, de suprimir todo; pero isto tamén. Suprimen o Plan de Empregabilidade. Suprime a Rede Viaria Provincial eu preguntome quen a sostería ou quen sostería os 1.840 km que ten a rede viaria provincial. E suprime tamén a colaboración da Deputación nos proxectos europeos; iso para vostede seguro que non é facer provincia. Eu quérolle recordar que non hai ningún Concello na provincia que perciba, directa ou indirectamente, menos de 100.000 € ao ano. E mire, lémbrolle, Plan Provincial: 48.000 máis 3.000 par redacción; 20.000€ Empregabilidade; 6.000€ Mocidade; 4.500€ Rozas. E logo, investimentos en vías provinciais (que parece ser que se a vía provincial pasa polo concello non é do Concello, é unha cacicada do Baltar), lixo, cultura, medio ambiente, o BenOurense que dixeran. Fagan as contas e fáganas ben. Logo tamén me sorprende, señor Varela, vólvollo dicir, que tamén se esquecera aquí de concellos como Vilar de Barrio, Viana, A Mezquita, Baños de Molgas... esqueceuse nas súas... esqueceuse, vale, non lle dixeran nada, eu entendo que nas familias hai piques tamén, enténdoo perfectamente; na miña tamén, xa ve exemplos fai un pouco que falamos. Hai quen me atiza o que pode e máis, máis do que lle atizan por detrás para que me aticen; todo ten as súas consecuencias. E señor Rodríguez Villarino, vostede quere un Plan Único; ben, lexitimamente, eu enténdoo e fai ben en defendelo. Nós tamén queremos que o señor Sánchez nos pague, páguenos o que nos debe. Si, non, seguramente teñen algún comentario para facer, en todo caso é que, como din no meu pobo: *o que paga descansa, pero o que cobra moito máis*. A ver se empezamos a descansar nós, os que temos que cobrar, incluso vostede que, ao mellor, xa se esqueceu que era alcalde dun pobo coma min, pois ás veces dá a impresión que si. Actuacións que debemos atender. Home, eu lémbrolle, aquí se avanzou, xa o dixo o señor Varela que prevemos ter un remanente de tesouraría importante, liquidado o orzamento do ano 19, e aquí estaremos unha vez máis para debater e o presidente e o grupo de goberno (PP e Democracia Ourensana) estudiarán, con cariño, todas as propostas que cheguen, incluso as de vostedes, prométolle que así será. Señor Rodríguez Villarino, fala vostede do Hospital. Si, non fai moito tempo, por unha xestión do señor presidente e do seu Grupo...*bueno*, aquí volvemos ao de sempre, se facemos algo, señor Rodríguez Villarino, se facemos algo ben é porque o propuxeron vostedes e se o facemos nós é que somos parvos...

a verdade, señor Rodríguez Villarino, o argumento está ben bo de debater, fixémoslo nós e punto; mire que fácil, nós e punto. Consegúíronse rebaixar as tarifas de maneira importante. Logo falan sempre, *bueno* non comparan con Coruña e Pontevedra, pero falan de Lugo. Sígolle dicindo, nós temos 92 Concello e eles teñen 69; é dicir que cando se reparte unha cantidade entre 69 non é o mesmo que entre 92. Entón, claro, apelamos á demagogia e apelamos a non sei qué, pero resulta que despois utilizámola cando convén. Dito isto, señor presidente, permítame que vou a rematar porque, como ve, ademais de defender a postura do Partido Popular, teño que contestarlle algunhas cousas que din os grupos da oposición e supoño que me entenderán que me alongue un pouquiño máis, aínda que vou a intentar ser breve, como di o señor Varela, aínda que logo non o consiga porque el tampouco. Queda claro que estamos a falar, e dígollo con toda lealdade e tamén responsabilidade, que estamos a falar dos nosos orzamentos, os do goberno provincial (non os do PP, os do goberno provincial); non dos que parecen ser, serían, os de vostedes, aínda que ás veces como pasa en Xinzo, traizo a o subconsciente ao señor Varela e di que alí goberna o PSOE, creo que goberna co apoio de vostedes, ata agora. Nós co - gobernamos aquí nun goberno único, o Partido Popular e Democracia Ourensana, e espero que iso sexa moito tempo e en favor dos cidadáns desta provincia. Os argumentos dos grupos da oposición, hai que lembralo, son sempre os mesmos. Aquilo que dicían daquel cura: *fai o que eu digo, non fagas o que eu fago*. En todo caso, para rematar e deixar ben clara a posición do meu grupo e tamén do goberno provincial, quixera destacar (e destacalo alto e claro) o gran papel vertebrador da provincia que representa esta Deputación; pois non soamente aprobamos os orzamentos da Corporación, senón aprobamos os do INORDE, que tanto se falou aquí deles, e aprobamos tamén o do Consorcio Provincial do Servizo contra Incendios e Salvamento e os do Consorcio de Augas de Valdeorras. Os do INORDE, permítame que me refira algo a este Instituto, é un instrumento para nós que opera cun claro obxectivo de promoción turística da provincia. Viron vostedes, recentemente, os resultados turísticos do mes de agosto da provincia de Ourense? pois un dato certo, os mellores da historia. Máis turistas, máis pernoctacións, e pasamos xa de dous días de estancia. Seguro que algo tivo que ver a Deputación e cito algúns exemplos:

- A proxección da imaxe da Ribeira Sacra, que será Patrimonio Mundial da UNESCO no ano 21. Unha idea do relanzamento da candidatura que naceu, precisamente, neste Pazo Provincial.

- Iniciar unha etapa de aliados coa Volta Ciclista a España, unha das tres probas por etapas máis importantes do mundo. En 2016 denominouse Ourense Termal - Madrid.

- E seguimos, proxectos expositivos como *In tempore sueborum*, a exposición de

máis éxito de crítica e tamén de máis público da provincia de Ourense en toda a historia.

- O Programa de Termalismo social; por certo, de termalismo incluso coa axuda que nos brindan algúns membros do Partido Socialista. O programa de termalismo social (séntanse orgullosos diso) innovador en todo o Estado que permite desprazarse a Ourense dende 40 cidades de España a desfrutar de prazas balnearias nun proceso de administración electrónica 100%, superando xa o 6.000 usuarios; multiplicando por 10 as expectativas máis ambiciosas.

- O termalismo deportivo, con deportistas de diferentes seleccións nacionais de remo e piragüismo, con prazas todas ocupadas ata 2021 nestes intres; incluída a disputa de probas tan importantes do calendario mundial como a Copa da Xuventude en Castrelo de Miño, señor Varela.

En todas estas iniciativas está a Deputación como promotora e impulsora. Ningunha delas, señoras e señores da oposición, ningunha delas, nin a Volta Ciclista, nin *In Tempore Sueborum*, nin o Programa de Termalismo Social, nin os traballos de promoción da Ribeira Sacra, nin o termalismo deportivo podería facerse co seu Plan Único. Non se poderían facer. Un documento que nace dunha grande mentira (téño que dicir así, alto e claro) e de cálculos fantasiosos que reducirían o papel da Deputación, como xa dixen en numerosas ocasións, a unha mera máquina de repartir cartos entre os concellos; ignorando que este goberno defende, e defenderá sempre, unha visión integral da provincia onde tamén teñen protagonismo a veciñanza as entidades representativas culturais, económicas, sociais e empresariais coas que mantemos diariamente colaboración económica e de aceptar ideas e escoitalos para o cumprimento dos seus fins. A súa proposta, demagóxica ao noso entender, faría tamén imposible, entre outras moitas, que se desenvolveran accións de promoción internacional e de máxima visibilidade do noso territorio das últimas semanas e dos vindeiros días. Co seu Plan único non se podería planificar, e moito menos exercer, algo tan importante como foi recentemente Termatalia, a feira internacional de termalismo máis importante do mundo, que nesta edición contou con delegacións de 34 nacións. Hoxe, comeza a 24ª edición do Festival de Cine de Ourense, a mellor de todo o mundo, estamos seguros. Coas súas exposicións tería desaparecido xa fai tempo. Celebrarémola a pesar de vostede, co seu voto en contra a uns orzamentos que debuxan a esta Deputación como o motor da provincia. En semanas, tamén, Ourense, toda a provincia, será escenario de EMBIGA, Encontro Bioceánico de Gastronomía, por primeira vez en Europa con prescritores de opinión, críticos gastronómicos, culturais e turísticos (xa vexo que lle causa graza todo isto) de decenas de países (cando un ri, mal vai a cousa, porque a risa é forzada). Tamén grazas ao apoio desta institución e a un colectivo de prestixio, Cociña Ourense, que

tamén conta co soporte deste goberno. Coas súas ocorrencias, e digo ocorrencias, tampouco sería unha realidade. A provincia é moito máis que os seus fermosos 92 Concellos e a política precisa políticos, xente imaxinativa; non só calculadoras que ignoren a nosa realidade e que se guíen polo rancor e por algunhas cousas máis como estou vendo. Aprobamos igualmente o orzamento do Consorcio Provincial do Servizo contra Incendios, como xa dixen, unha mostra evidente do compromiso desta Deputación no ámbito da seguridade das persoas. Un Consorcio que conseguiu este goberno poñer en pé no pasado mandato; un Consorcio que non podería existir co seu famoso, repito, *cansino* e demagóxico Plan Único. Aprobamos tamén os orzamentos do Consorcio de Augas de Valdeorras, outro instrumento que desaparecería co seu cacarexado Plan. Unha actuación vencellada a unha comarca que supón un plus de investimento e, nese territorio, é unha acción individualizada e diferenciadora. Seguro que vostedes verano como unha discriminación respecto ao resto dos concellos, vistos os seus discursos; nós como unha actuación exemplar, necesaria e unha clara imaxe do que debe ser a cooperación entre administración (autonómica, provincial e local), sen comparanza, por certo, en ningunha outra Comunidade Autónoma e en Galicia, por suposto, que ningunha. Remato xa, pero antes debo, señor Varela, dirixirme a vostede que fixo os deberes, á súa maneira, pero fixo os deberes. Vexo que traballaron, ou traballou, pero dáme a impresión de que o fixo á présa e correndo pola cantidade de erros na redacción das súas propostas (cousa que entendo) e non sei con que obxectivos porque presentar á última hora unha emenda á totalidade e outras parciais, sen deixar tempo para estudalas, dáme a min (e non son mal pensado, só un pouco *pardillo*) que só se procura facer ruído mediático. Non vou a entrar no manido tema do Plan Único porque xa se falou, e se refalou, porque xa é *cansino* volver a repetir o mesmo argumento de sempre. Con respecto ás emendas das subvencións nominativas, teñen aí vostedes o claro exemplo das diferenzas entre a nosa política e a súa e dígoallo así abertamente. Dende este goberno provincial traballamos cunha visión integral da provincia e vostedes, polo que vexo, cunha visión partidista mirando só por tres concellos – e digo por tres - curiosamente, como non podería ser, gobernados polo Bloque Nacionalista Galego. Ben podería dicirse aquilo de: *¿qué es de lo mío?* o *¿qué es de los míos?* Porque de Allariz non se esqueceu, xa ve que eu tampouco me podo esquecer de Muíños. No que atinxe á Real Academia Galega, pois mire vostede, este goberno fai un gran esforzo para atender non só á Real Academia Galega, senón tamén a outras fundacións e colectivos cunha máis que longa e contrastada traxectoria polo noso país e, por suposto, defendendo a nosa lingua. Dito isto, señor Varela, permítalle que lle diga, por suposto con todo o respecto á súa persoa e por suposto tamén ás súas propostas, que nós viñemos aquí, a día de hoxe, a

falar, entre outros asuntos, dos nosos orzamentos –xa llo dixen antes; para nada do seu Plan Único e das súas ocorrencias. Por certo, presentounas no menor tempo posible para, cando menos, poder estudalas; non sei se iso foi unha estratexia ou porque non tivo tempo. O seu único fin, déixeme ser ben pensado, creo que acerto, parece ser que é o de continuar facendo barullo mediático para desprestixiar a esta Deputación e ao seu presidente; canto máis, mellor. Creo que acerto e lamento que sexa así. Polo tanto, señor Varela, desculpe por non entrarlle máis ao trapo das súas propostas, pero como diría Umbral: *yo vine aquí a hablar de lo mío y lo mío* son os nosos orzamentos; o de vostede é un *folletíño* cunhas cantas ocorrencias e sabe que llo digo con respecto - si, si, con respecto - incluso con certa admiración pola labor que fai na oposición. Polo tanto, señor Varela e señor Rodríguez Villarino, con risas ou sen elas, máis propostas en positivo e menos demagogia; máis visión integral da nosa provincia e menos localismos. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 6º.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación, en primeiro lugar e de forma individual, as emendas presentadas polo BNG, co seguinte resultado:

Emenda n.º 1, en relación coa proposta dun plan único de cooperación da Deputación de Ourense, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12), de Democracia Ourensana (2) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1).

Emenda n.º 2, en relación co incremento de achegas á Real Academia Galega, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (12), de Democracia Ourensana (2) e a abstención de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1).

Emenda n.º 3, en relación co aumento da partida para reparacións en determinadas vías provinciais, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourensana (2) e a abstención do Grupo Socialista (8) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1).

Emenda n.º 4, en relación con axudas ao Concello de Castrelo de Miño, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourensana (2) e a abstención do Grupo Socialista (8) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1).

Emenda n.º 5, en relación con determinadas achegas ao Concello de Allariz, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (12) e

de Democracia Ourenseana (2) e a abstención do Grupo Socialista (8) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1).

Emenda n.º 6, en relación cunha achega para o Concello de Vereá para un almacén municipal, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourenseana (2) e a abstención do Grupo Socialista (8) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1).

A continuación sométese a votación a aprobación inicial do orzamento xeral da Deputación para o exercicio 2020, e co voto favorable do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourenseana (2) e o voto en contra do Grupo Socialista (8), do BNG (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobación inicialmente o orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o ano 2020, co detalle que figura nos resumos seguintes:

A) ENTIDADE LOCAL.-

Estado de gastos:

Capítulo 1.- Gastos de persoal	34.086.299,30 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bes e servizos	20.433.588,99 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros	19.139,13 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	13.008.618,69 €
Capítulo 5. Fonde de continxencia	10.000,00 €
Capítulo 6.- Investimentos reais	12.294.409,02 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	4.845.744,47 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	300.000,00 €
Capítulo 9.- Pasivos financeiros	702.200,40 €
Total gastos	85.700.00,00 €

Estado de ingresos:

Capítulo 1.- Impostos directos	4.900.000,00 €
Capítulo 2.- Impostos indirectos	4.390.000,00 €
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	4.784.879,37 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	70.099.569,53 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	139.875,50 €
Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais	21.000,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	1.064.675,60 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	300.000,00 €

Total ingresos	85.700.000,00 €
-----------------------	------------------------

B) INORDE

Estado de gastos:

Capítulo 1.- Gastos de persoal	1.041.007,65 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bes e servizos	654.849,35 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	334.180,00 €
Capítulo 6.- Inversións reais	74.963,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	5.000,00 €
Total gastos	2.110.000,00 €

Estado de ingresos:

Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	2.020,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	1.861.925,48 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	11.153,81 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	234.900,71 €
Total ingresos	2.110.000,00 €

2º.- Aprobar as bases de execución do orzamento xeral, segundo figuran no expediente.

3º.- Aprobar os cadros de persoal, que se dividen en persoal funcionario, laboral e eventual, de acordo co art.126 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto legislativo 781/1986.

4º.- De acordo co art. 169 da LRFL, o orzamento xeral será exposto ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de 15 días hábiles, durante os que os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. O orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

7º.- APROBACIÓN INICIAL DAS BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL PARA O EJERCICIO 2020.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: Moitas grazas. Simplemente, como xa adiantei na comisión informativa, vou votar a favor das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación. Como xa dixen no día de hoxe, o repetín varias veces, estou a favor dos plans provinciais na Deputación de Ourense. Podíamos discutir a cantidade que, seguramente, de aquí ao ano que vén, vaíamos *in crescendo* polo ben de todos os concellos; pero benvidos sexan eses 4,8 millóns de euros para todos e cada un dos 91 Concellos desta provincia. Nada máis e moitas grazas.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG: eu, pola miña parte, anuncio o voto en contra; basicamente polas razóns que acabamos de explicitar ao longo do Pleno e á parte que estas bases son, como ben saben, non son nominativas, é ben certo, pero tampouco son.... non existe ningún tipo de reparto equitativo entre concellos e son uns fondos absolutamente escasos. Nada máis.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: si, vamos a votar a favor; toda vez que estas son as bases que se veñen aplicando sen apenas modificacións e está funcionando, de momento, con independencia doutras cuestións de fondo político que poden transcender en canto ás dotacións para este plan. En calquera caso, entendo que as bases son axustadas e correctas.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista: si, nós anunciamos o voto en contra. Hai varias razóns, unha é evidentemente, que sempre o mantivemos, que nos parece que o plan de estradas é insuficiente e así o poñen de manifesto moitos alcaldes, independentemente das siglas políticas, uns o din e maniféstano aos seus grupos e fano evidente aquí, e outros non o din e dinllo incluso aos grupos para que o digamos tamén aquí, aínda que sexan do Partido Popular. Pero hai unhas razóns que... a memoria é fundamental, aquí se dicía que iríamos crescendo. A cantidade do plan de obras é fundamental e para os alcaldes que están aí, tamén; aínda que sexan do Partido Popular e vaian a votar a favor. Aquí se comprometeu, prometeuse, que na lexislatura pasada íamos chegar a unha cantidade de 60.000 € por Concello e aí - que curioso - que isto muda e baixamos; en vez de subir, baixar, baixamos a 48.000 € que coincide co máximo que está establecido na Lei de contratos, a nova lei de contratos. Entón, a miña pregunta ao señor secretario e si hai algún impedimento - esa é outra a maiores, que nos entendemos coma unha clara discriminación - que é se os Concellos terían algún impedimento legal para poder adxudicar estas obras propiamente ditas; cos 48.000 euros refírome. Pregunto, si se pode responder [contesta o presidente que ao final do debate e cando interveña, tamén, o Grupo Popular] Ben, pois cando conteste o secretario, entón na segunda quenda diremos o porqué.

D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular: Moitas grazas, señor presidente. *Bueno* presentamos para a súa aprobación inicial, por parte do Pleno, o Plan de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais, coñecido por todos vostedes como o POS e tamén o da rede viaria provincial para o ano 2020. Como todos vostedes coñecen ben, este Plan ten dous capítulos: as obras de mellora e conservación da rede viaria provincial e o plan de obras e servizos municipais. En primeiro lugar, a mellora e conservación da rede viaria provincial terá no ano 2020, igual que no ano 2019, un orzamento de 1,5 millóns de euros. Isto aumentarase no vindeiro ano, tal e como se fixo durante este mandato, ata chegar a una cifra récord nos últimos anos, tanto en contía económica como en contía de actuacións. Apuntar ademais como novidade que o goberno provincial incluírá no marco destas actuacións a adecuación dos tramos que discorren pola Vía da Prata do Camiño de Santiago, con obxectivo de preparar este itinerario para o ano Xacobeo do 2021. Esta adecuación das vías levaranse a cabo a través de sinalización ou mediante sendas peonís en aquelas estradas onde sexa posible. O resto do plan, evidentemente, estase a elaborar en coordinación cos técnicos desta casa. A raíz disto, pódolle dicir o señor Bernardo falou moitas veces deste escrito, pois este escrito está mal feito; xa llo digo agora porque as *carreteras* da Deputación teñen catro números, non tres, vale. Todas estas *carreteras* parecen da Xunta ou do Estado. *Bueno* dígnolle porque como falou dos escritos e que deramos conta, pois se o facemos é mellor facelo ben, non é unha *bronca*, é unha anécdota. O segundo capítulo deste plan provincial de cooperación refírese ás obras e servizos municipais dotado con 4.716.000 €, incluída a entidade local menor de Berán. Destes preto de 5 millóns de euros, 4.440.000 € están destinados para a execución material das obras; sendo os restantes 276.000 € unha partida destinada para os contratos complementarios de execución das obras, como redacción do proxecto, dirección técnica e coordinación de seguridade e saúde das actuacións. No caso da entidade local menor de Berán a achega será de 24.000 euros. Lémbrolles que esta novidade, de facer constar neste plan provincial á entidade local menor de Berán, meteuse no mandato anterior por vontade deste grupo de goberno. En ambos os dous casos, a rede viaria e o plan de obras, a subvención é do 100%, sen prexuízo de que os concellos poidan incrementar as cantidades previstas coas súas propias achegas; segundo as bases que hoxe sometemos a votación. Mantense, ademais, o réxime especial para os concellos en situación de insuficiencia financeira manifesta para que poidan destinar a achega do plan provincial, á amortización da débeda ou financiar gasto corrente de servizos mínimos obrigatorios. Sen máis por agora, moitas grazas.

O presidente cédelle a palabra ao **señor secretario**, que dá resposta ao portavoz do Grupo Socialista nos seguintes termos: si, grazas. Ben, entendo que a pregunta é se poderían ser os concellos os órganos de contratación das obras programadas polo Plan. Esta pregunta, da lectura do ditame, deduzo que xa se lle formulou ao vicesecretario, que actuaba de secretario na comisión, e que contestou alí. Eu vou dar, practicamente, a mesma resposta. Esta cuestión está regulada na Base 5ª do Plan, e o que establece a Base 5ª é que a competencia para executar o Plan correspóndelle á Deputación, que é a que o financia, e establece a posibilidade de que a Deputación delegue a contratación coa condición de que os concellos fagan unha achega do 100% do financiamento. Na práctica, quen paga a obra é quen a contrata. Se a maior parte da obra pága o concello, se o concello pon a metade, ou a metade máis 1, o concello poderá contratar a obra. En tanto sexa a Deputación a que financie o 100%, ou o 90% ou o 70-80, é dicir, a maior parte dese importe, pois será a Deputación a encargada de contratala. Non existe ningunha base legal, quero dicir, esta non é unha materia que estea regulada na lexislación vixente, é a propia Deputación quen establece esa norma que, en todo caso, pola lóxica económica que lle acabo de explicar, creo que ten unha motivación racional suficiente.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista: Si. Pois esa é a razón, non hai ningún impedimento. Entendo o que di, entendo que ademais o señor secretario explica o que quere facer o grupo de goberno e por iso o levan nas bases. Pero como non hai ningún impedimento legal dende logo, nós politicamente decimos que isto é un atranco. Ademais, é un atranco para os propios concellos que, como calquera pode entender, aínda que vostedes o intenten impoñer nestas bases que estamos aprobando, calquera concello, pois poño exemplos, non vou dar nomes, pero hai concellos moi pequenos nesta provincia que non poden poñer o 100% para contratala e iso implica, é verdade que coa nova lei de contratación é mais complicado, pero iso implica que moitas, ou das poucas que poidan ter, empresas construtoras nos seus propios concellos poidan dinamizar a súa vida económica e empresarial. Isto é así, é unha realidade que non digo eu, que o din os propios alcaldes de vostede. Ese é un impedimento que levamos dito moitas veces, polo tanto para nós este plan de obras, ou estas bases reguladoras, non están ben. A quen lle impide o Sr. Plácido, que tanto apela a autonomía municipal, por que os alcaldes non poden adxudicar? Por que? Por que se baixou o montante, Sr. Caride, destes plans de obras? Por que? Xa llo dixen antes, porque é a formula para adxudicalas directamente, sen ter que pasar por outras vías. Esa é a realidade e, por tanto, nós non podemos estar de acordo con iso. Por certo, sabe quen dicía iso? O seu líder, e alcalde na cidade, que vostede defende. Iso mesmo que estou dicindo eu, dicíao aquí; con palabras mais grosas: que era unha cacicada

para que eses señores puideran adxudicar. E vostede está validando isto, está validando isto mesmo. Polo tanto, non é que eu o interpele; eu simplemente lle recordo a vostede o que dicían fai tres meses. Polo tanto, nós non podemos aprobar algo que vai nesa liña. Unha última cousa, tamén vai en función do que falabamos antes, o plan único de obras que hai, por exemplo, noutras deputacións e que o señor portavoz do partido popular *denostaba*; pois e mire eu pónolle un exemplo práctico, de cando eu era alcalde. Só hai un concello que, digamos, que non é da nosa provincia entre medio de Ribadavia e a provincia de Pontevedra, só hai un, e o máis *cercano* é a Cañiza, e poño nome. Recibe mais de 600.000 euros o ano, máis de 600.000 euros o ano é non era sospeitoso, ata agora que hai un alcalde socialista, de ser precisamente do Partido Socialista; levaba toda a vida gobernando o Partido Popular. Polo tanto, si que é - xa que apelou á presidenta da Deputación de Pontevedra - si que hai una diferenza enorme, home, xa me gustaría a min ter sido alcalde con 600.000 euros ao ano, só en obras digo, aínda así perdeu, que ás veces as obras non garanten gañar. Pero home, a calidade dos veciños supoño que melloraría. Polo tanto, esa é unha realidade. E remato cunha cousa que xa pon de manifesto a incongruencia que ten o Partido Popular, *el PP se suma al BNG y pide un plan único de colaboración entre Ayuntamientos y Diputación*¹. Isto facía o Partido Popular e o BNG neste caso, que me parece ben porque tamén era co - goberno na Deputación de Lugo, e ese Plan aprobouse e é moi similar o tamaño e a cantidade económica que temos uns e outros. Polo tanto, as cousas acabaranse facendo aquí, tarde ou cedo, señor Caride, pero se acabarán facendo e senón xa verá vostede. Moitas grazas.

D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular: moitas grazas, señor presidente. Eu creo que este debate, do que se falou da redución do plan de obras xa se debateu aquí, o que pasa é que eu non sei se vostede era na súa fase de portavoz, na súa fase dese *asiento* ou na fase aquela na que non atendía aos debates e estaba fóra sempre. Seguramente fora na que estaba fóra sempre, pos iso llo vou a explicar. Mire, aquí se explicou - ademais foi a petición de moitos e moitos alcaldes, incluso non só do Partido Popular - iniciouse no mandato anterior o chamado Plan de Empregabilidade, máis o Plan de Mocidade, que era un de 10.000 e outro de 6.000 €. *Bueno*, pois a posta en marcha destes plans foi unha experiencia valorada positivamente por todos os concellos, que pediron ao goberno provincial, ao seu presidente, que aumentara o plan de empregabilidade a 20.00 € e así se fixo e reduciuse a contía do plan de obras e servizos de 60.000 a 48.000, punto. Non hai máis que dicir, ese foi o debate que se fixo. Eu entendo que vostede, ao mellor, naquel

¹ O Sr. Gómez Pérez alude a un titular de prensa.

momento non estaba nese debate polas súas ausencias reiteradas. Ah! Foi vostede, é que non sei; como cambiaron tanto, despisteime. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 7º.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de Democracia Ourensana (2) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais e da Rede Viaria Provincial para o exercicio 2020, co seguinte teor literal:

1ª) Obxecto.

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación dos procedementos de elaboración e execución do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais e da Rede Viaria Provincial para o exercicio 2020.

2ª) Estrutura do Plan Provincial de Cooperación 2020. Distribución dos investimentos por concellos.

1. O Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais para o exercicio 2020 comprenderá as seguintes clases de investimentos:

- Investimentos en obras de mellora e conservación da rede viaria provincial, de titularidade da Deputación Provincial.

- Investimentos en obras de competencia municipal, preferentemente as necesarias para a efectiva prestación dos servizos municipais obrigatorios enumerados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local.

2. O Plan Provincial 2020, tanto no apartado da rede viaria provincial coma no relativo ás obras municipais (neste caso ata o importe máximo establecido para cada termo municipal nestas bases) financiarase na súa integridade pola Deputación Provincial de Ourense, resultando en consecuencia o seguinte cadro básico de financiamento:

Obras municipais:

- Deputación Provincial: 100,00 %

Obras da Rede Viaria Provincial:

- Deputación Provincial: 100 %

3. Non obstante, no caso das obras municipais, os concellos voluntariamente poderán efectuar achegas adicionais para o financiamento das obras, alterándose

automaticamente o cadro de financiamento neses supostos. Doutra banda, incluíranse igualmente no Plan Provincial, todas aquelas obras para as que os concellos soliciten a súa inclusión, dotadas de financiamento exclusivamente municipal ou procedente doutras administracións públicas, para os efectos de obter a declaración de utilidade pública de cara a posibilitar a obtención de terreos mediante expropiación forzosa.

4. A distribución do investimento prevista no Plan Provincial 2020 é a seguinte:

- a. Investimento total previsto na Rede Viaria Provincial: 1.500.000,00 €
Acheга da Deputación á RVP (100%): 1.500.000,00 €
- b. Investimento total previsto en obras municipais (incluída a Entidade Local Menor de Berán): 4.716.000,00 €, dos cales 4.440.000,00 € destinados á execución material das obras e 276.000,00 € destinados a servizos complementarios á execución das obras.

Subvención Deputación obras municipais (100,00 %): 4.716.000,00 €,

5. A distribución territorial por concellos do investimento en obras municipais efectuarase mediante a asignación a cada concello da provincia dunha cota alícuota de investimento subvencionado, resultando un investimento por termo municipal de 51.000,00 €; da dita cantidade, 48.000,00 € destinaranse ó financiamento dos contratos de execución material das obras e 3.000,00 € ó financiamento dos contratos de servizos complementarios á execución das obras (con especial consideración das asistencias técnicas para a redacción de proxectos, a dirección facultativa e a coordinación de seguridade e saúde das actuacións).

O investimento con cargo a fondos provinciais asignado a cada concello poderá dedicarse a unha ou varias obras, a elección dos concellos, podendo supoñer o seu financiamento íntegro ou parcial, sempre e cando as obras correspondan a competencias municipais.

Sen prexuízo do anterior, e tal e como se sinala no apartado 3, poderán incluírse investimentos de contía superior á achega provincial, correspondentes á mesma obra ou obras subvencionadas ou a outras obras, sempre e cando o concello achegue o financiamento complementario preciso.

6. No plan poderanse incluír obras adicionais para a utilización de remanentes producidos por anulación de obras. As ditas obras deben cumprir os requisitos necesarios para seren incluídas no Plan segundo o establecido nesta base.

7. Os remanentes das achegas provinciais obtidos por baixas na adxudicación das obras (tanto municipais como da rede viaria provincial), destinaranse na súa integridade ó

financiamento de obras da rede viaria provincial; os remanentes das achegas municipais, de se-lo caso, reintegraranse ó concello respectivo.

3ª) Solicitudes dos concellos: prazos e documentación.

1. Solicitudes: requisitos xerais.

Co fin de garantir o dereito dos municipios á participación na elaboración do Plan, estes poderán formular solicitudes para a inclusión de obras. As ditas solicitudes serán aceptadas obrigatoriamente pola Deputación Provincial, sempre que se formulen en tempo e forma e as obras reúnan os requisitos establecidos na base 2ª.

2. Prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes deberán dirixírselle ó presidente da Deputación e deberán ter entrada no rexistro electrónico xeral da Deputación ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas antes de que remate o día 29 de novembro de 2019. Este prazo terá carácter improrrogable. A falta de formulación da solicitude en prazo dará lugar á perda do dereito á participación no Plan Provincial.

3. Documentación das solicitudes.

As solicitudes deberán incluír a certificación do acordo adoptado polo órgano municipal competente, solicitando a inclusión das obras no plan provincial e, de se-lo caso, a delegación da competencia para a súa contratación.

No acordo deben figurar a denominación descritiva das obras e o seu orzamento total, tendo en conta as seguintes regras:

- a. A denominación das obras deberá ser concreta e o suficientemente descritiva das actuacións (con expresa referencia ás principais unidades de obra para acometer) e da súa localización, con indicación do núcleo de poboación e da rúa onde se leven a cabo estas. Neste sentido, debe indicarse concretamente o núcleo ou núcleos onde se actuará polo seu nome propio, sen que sexan admisibles referencias a unha “zona”, “barrio” ou “parroquia” ou referencias semellantes. Nas obras de mellora e conservación da rede viaria municipal, figurarán ademais os puntos quilométricos entre os que se executan estas.
- b. Nas actuacións plurianuais, a continuación da descrición das actuacións, farase constar esta condición, así como a anualidade á que se refire o investimento para o que se solicita a inclusión no Plan de cooperación.
- c. Nas obras correspondentes a unha fase determinada dun proxecto, a continuación da descrición de actuacións farase constar a fase á que se refire o investimento para o que se solicita a inclusión no Plan de cooperación. Para estes efectos, debe terse en conta que cada

fase debe ter a condición dunha obra completa, susceptible de uso público independente, sen prexuízo da súa integración nun proxecto complexo.

d. Cando unha solicitude recolla obras de diversa natureza para satisfacer máis dun servizo, incluírase en primeiro lugar a denominación da obra de maior importe económico (por exemplo, nunha obra de abastecemento e pavimentación, se o abastecemento ten maior importe económico describirase como “abastecemento e pavimentación en..”).

e. No orzamento total das obras entenderase incluído o IVE. Non se considerarán incluídos, en cambio, os custos de redacción de proxectos nin os honorarios de dirección de obras e coordinación de seguridade e saúde, que serán obxecto de contratación independente.

4. Para a formulación das súas solicitudes, os concellos deberán ter en conta os datos da Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais.

5. Elaboración do proxecto de Plan Provincial. Corrección de deficiencias.

Unha vez rematado o prazo de formulación de solicitudes, o Negociado de Obras e Infraestruturas da Sección de Contratación procederá á elaboración do proxecto de Plan para o exercicio 2020, que será sometido ó ditame da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, e á aprobación inicial por parte do Pleno na sesión ordinaria do mes de decembro de 2019.

No período de elaboración do documento, o Negociado de Obras e Infraestruturas comunicarlles telefonicamente aos concellos as posibles deficiencias observadas nas solicitudes, para a súa corrección urxente polos concellos dentro do dito prazo.

6. Consecuencias da presentación extemporánea de solicitudes ou da falta de corrección de deficiencias.

No caso de que os concellos non remitan a súa solicitude dentro do prazo establecido, ou non corrixan as deficiencias observadas, a Deputación non incluírá ningún investimento para ese concello no Plan Provincial. O remanente de financiamento resultante destinarase a obras adicionais na rede viaria provincial.

4ª) Tramitación do Plan Provincial:

Unha vez aprobado inicialmente polo Pleno, o Plan Provincial será sometido a información pública por dez días hábiles mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia. De formularse alegacións, estas serán resoltas polo Pleno. De non formularse alegacións, o Plan considerase definitivamente aprobado.

Unha vez aprobado definitivamente o plan, a Presidencia da Deputación fará pública esta circunstancia mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, iniciándose o prazo de execución.

As modificacións relativas ás obras municipais que teñan de tramitarse a instancias dos concellos respectivos logo da aprobación definitiva do plan (tales coma modificacións dos orzamentos das obras que afecten exclusivamente ás achegas municipais, cambios na denominación das obras, incorporación e baixa de obras do plan,..), serán autorizadas por acordo da Xunta de Goberno provincial, sempre que non afecten ao orzamento total do plan nin á súa distribución por municipios.

5ª) Execución do Plan Provincial:

A competencia para a execución das obras comprendidas no Plan Provincial, tanto no relativo ás actuacións na rede viaria provincial coma ás obras municipais, corresponderalle á Deputación Provincial mediante a contratación de ditas obras con empresa solvente a través dos procedementos e co réxime establecido para a contratación de obras públicas na vixente lexislación de contratos do sector público.

Non obstante o anterior, os concellos que realicen achegas complementarias por importe igual ou superior ó 100 % do financiamento comprometido pola deputación provincial para execución material das obras (48.000,00 € por termo municipal), poderán solicitar a delegación para a contratación da obra ou obras correspondentes.

En ningún caso poderá acordarse a execución por administración das obras financiadas con cargo o plan provincial

A Deputación Provincial (e no seu caso os concellos) deberán adxudicar as obras antes do 29 de novembro de 2020 e as obras deberán quedar totalmente rematadas antes do 31 de decembro de 2020; non obstante o anterior e sempre que concorra causa xustificativa suficiente, poderá ampliarse o prazo de execución das actuacións incluídas no plan polo tempo indispensable para o seu remate, co límite do día 30 de novembro de 2021.

A contratación das asistencias técnicas que teñan por obxecto a redacción de proxectos e a dirección facultativa e a coordinación de seguridade e saúde nas obras municipais, realizarase pola deputación con cargo o crédito consignado con tal fin nestas bases. Non obstante o anterior, entenderase delegada a competencia para a contratación das ditas asistencias técnicas a favor de aqueles concellos que, en consideración ó investimento municipal comprometido, teñan solicitado a delegación da competencia para a contratación das obras.

Nas obras financiadas con cargo ó plan provincial instalarase, en lugar visible, o pertinente cartel de obra segundo o modelo aprobado por esta deputación, debendo permanecer instalado o dito cartel dende a data da sinatura da acta de comprobación do planeamento ata a data de expiración do prazo de garantía.

6ª) Execución das obras pola deputación

1. A Deputación procederá á contratación das obras da rede viaria provincial (en todo caso) e das obras municipais que non teñan sido obxecto de delegación consonte coa base anterior.

2. Para a contratación das obras municipais pola Deputación, os concellos deberán cumprimentar, antes do 30 de setembro de 2020, os seguintes trámites:

- Remisión á Deputación Provincial do acordo do órgano municipal competente contendo as seguintes determinacións:

a) Aprobación do proxecto técnico de obras

b) Declaración expresa de que a actuación proposta é conforme coa normativa urbanística e a lexislación sectorial de aplicación e dispón das autorizacións sectoriais esixibles. Non obstante, cando a autorización sectorial esixible sexa a da propia Deputación no exercicio das súas competencias en materia de defensa das estradas provinciais, o acordo municipal indicará dito extremo, tramitándose de oficio pola Deputación a correspondente autorización.

c) Posta á disposición da Deputación Provincial dos terreos necesarios para a execución das obras.

d) Compromiso de asumir tódalas indemnizacións que resulten procedentes cando as obras non poidan executarse por falta de disposición dos terreos ou das autorizacións necesarias con dito fin.

e) Declaración expresa de que a actuación non incorre en alteración ou fraccionamento do obxecto do contrato co fin de eludir as normas xerais de contratación.

f) Declaración expresa de que a actuación de que se trata constitúe unha obra completa susceptible de ser entregada ao uso xeral ou ao servizo correspondente ou, no seu caso, que constitúe unha obra susceptible de aproveitamento independente no sentido do uso xeral ou do servizo.

- Remisión da acta de replanteo (planeamento previo) das obras, debidamente asinada polo alcalde e polo redactor do proxecto.

7ª) Execución das obras por delegación

Para a execución das obras municipais por delegación, os concellos deberán remitir á deputación, antes do 30 de setembro de 2020, os documentos relacionados no apartado segundo da base anterior (a excepción da posta a disposición dos terreos a favor da deputación) xunto co proxecto técnico correspondente -os ditos efectos, a solicitude de delegación de competencia para a contratación das obras levará implícita, consonte coa base 5ª, a delegación da competencia para a contratación da redacción do pertinente proxecto técnico e as demais asistencias técnicas complementarias á execución das obras- e

o compromiso de efectuar as achegas precisas para o financiamento da actuación na contía necesaria para completar a achega provincial.

Logo de verificada a corrección e suficiencia da documentación achegada, previo o informe favorable da Oficina provincial de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras e comprometida a achega municipal na porcentaxe esixida ós ditos efectos, concederáse por resolución da presidencia a delegación da competencia para a contratación das obras.

A Deputación librará o 75% da súa achega á remisión do certificado acreditativo da adxudicación das obras e de formalización do pertinente contrato. O 25% restante librarase coa achega do certificado de finalización das obras xunto coa acta de recepción e a foto do cartel de obra.

8ª) Adquisición dos terreos necesarios para a execución das obras. Expropiación forzosa.

No suposto en que sexa necesaria a expropiación forzosa de bens ou dereitos, o concello comunicarlle esta circunstancia á Deputación, que procederá á dita expropiación, sendo de conta do concello os custes derivados da expropiación. Para estes efectos, os concellos subscribirán un convenio de colaboración coa Deputación Provincial, no que se recollerán as obrigas do concello no procedemento expropiatorio.

9ª) Réxime especial para os concellos en situación de insuficiencia financeira manifesta.

Os concellos que, de conformidade cos criterios que seguidamente se determinan e tras a oportuna xustificación previa da dita circunstancia perante a Intervención Provincial, se atopen nunha situación manifesta de insuficiencia financeira, poderán optar entre adherirse ao réxime xeral contemplado nas bases anteriores ou solicitar da Deputación o ingreso nas arcas municipais en todo o parte do importe da achega provincial ás obras municipais (ata 48.000,00 €) con destino á amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores ou ao financiamento de gasto corrente do concello correspondente á prestación de servizos mínimos obrigatorios, con exclusión dos gastos de retribucións, axudas de custo e asistencias de cargos representativos ou de designación política e dos gastos de servizos que se atopen total ou parcialmente financiados con achegas da Deputación Provincial diferentes ás previstas na presente base. A xustificación da utilización dos fondos percibidos ao abeiro do disposto nesta cláusula, achegarase antes de que remate o día 2 de decembro de 2020 mediante conta xustificativa asinada polo alcalde e o interventor de fondos do concello, con suxeición ao disposto na lexislación vixente en materia de subvencións.

Para os efectos do establecido nesta base, consideraranse incursos en situación de insuficiencia financeira manifesta os concellos que na liquidación do exercicio de 2018 presenten resultado orzamentario negativo e remanente de tesourería negativo.

Así mesmo, os concellos cuxo nivel de endebedamento fose superior ao 110% no ano 2018 poderán dispoñer desta cantidade para pagamento de débeda.

10ª) Réxime especial para a entidade local menor de Berán.

A entidade local menor de Berán, nos mesmos termos fixados nas bases anteriores para os concellos, poderá beneficiarse dunha achega provincial por importe de 24.000,00 € con destino a investimentos en servizos da súa competencia ou, de se-lo caso, á amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores ou ao financiamento de gasto corrente da entidade previa a xustificación de atoparse incurso en situación de insuficiencia financeira manifesta. Da dita cantidade poderá destinarse ata un máximo de 2.000,00 € para a contratación dos servizos complementarios precisos para a execución dos investimentos proxectados.

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que deberán ser resoltas motivadamente no acto de aprobación definitiva.

No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse automaticamente aprobadas de forma definitiva, procedendo á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

8º.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E OS CONCELLOS DE CENLLE, PUNXÍN E SAN AMARO EN MATERIA DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE EXPLOTACIÓN E MANTEMENTO E SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA DO ABASTECIMENTO EN ALTA RAZAMONDE – SAN TROCADO, CONSISTENTE NA DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DE MANTEMENTO CORRECTIVO DA DITA INFRAESTRUTURA.

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: simplemente dicir o meu voto a favor e pregarlles, por favor, que apaguen o aire porque non me gustaría enfermar para poder asistir á gala do OUFF desta noite. Moitas grazas.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG: indicar que, en principio, absterémonos neste punto. Si que nos gustaría aclarar tres puntos simplemente; algún deles, ao mellor non é agora o momento, pero si que nos gustaría que se aclararan. As condicións do técnico asesor que aparece na nova relación. Polo que puiden entender non aparece a figura dos representantes de Partidos Políticos, que anteriormente si estaba, creo que iso se mudou, non entendo moi ben porqué. E despois, solicitar que, se non é para este ano, para o ano que vén, si que cremos que o criterio máis que de poboación, debería ser de consumo; xa que é un tema de consumo de auga facilmente verificable. Pola miña banda nada máis.

D. Diego Fernández Nogueira, do Grupo Socialista: *bueno*, bo día a todos e a todas. Nós non temos ningún problema en que se delegue na Deputación Provincial de Ourense as competencias de contratación do servizo de explotación, mantemento e subministración de enerxía eléctrica do abastecemento en Razamonde - San Trocado; pero, para apoiar, si que imos solicitar que as facturas detalladas, detalladas, que se deriven de ditos traballos correctivos se presenten ante a comisión de seguimento e os concellos afectados. Ademais, ao igual que o grupo provincial nacionalista, tamén queremos saber en base a qué se reparten os gastos nas seguintes porcentaxes: 40% Cenlle, 35% San Amaro e 25% Punxín. Entendemos, igualmente, que é en canto á poboación; pero iso non é xusto, porque o xusto sería que fose polo consumo. Basicamente por xustiza, pero tamén se premiaría o control do consumo, das melloras da rede, de campañas de uso sostible da auga por parte dos concellos. E falando disto, aproveito tamén para adiantar o punto 6º da declaración de enerxía climática, que pasou o noso voceiro ao resto de voceiros, onde fala de *impulsar o uso sostible da auga como recurso vital para Ourense, deseñando e levando á práctica unha nova cultura do líquido elemento na que a xestión axeitada e a redución hídrica, garantan a sostibilidade do noso sistema produtivo e o mantemento dos ciclos e ecosistemas naturais que posibiliten a súa rexeneración*. Vindo ao fío disto que acabo de comentar, tamén me gustaría salientar que, nos últimos anos - aínda que non forme parte da moción, pero si vén ao fío da moción - que nun só tramo se ten perdido, aproximadamente, 100.000 m³ anuais. E, aínda que teño constancia que o propio Concello de Cenlle intentou localizar a propia fuga, teño que dicir que un técnico dun organismo público dixo, tal cal, que *esa cantidade de auga barrería toda a ladeira*. Neste caso ninguén soubo dicir onde iría toda esa auga; sen embargo, saben quen apuntou onde puido ir parar toda esa auga? Armando Ojea, que é o noso vicepresidente, si apuntou, declarando que *máis que unha*

fuga, tendo indicios suficientes –tamén indicou- *que máis que unha fuga parece ser un consumo industrial encuberto dun coñecido balneario de Laias*; que, neste caso, son tamén os mesmos propietarios que levan unha subvención, unha subvención da modificación de créditos duns 150.000 €. Polo tanto, a nós gustaríanos dicir que descoñecemos se iso é verdade, pero no caso de que siga con disposición de investigar estes feitos, que non se esqueceran despois da toma de posesión como vicepresidente, tamén terá o noso apoio. Igual que terá o noso apoio a Deputación Provincial de Ourense para tomar medidas encamiñadas para controlar as redes e o uso da auga en todos os concellos.

D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular: *bueno*, vamos a ver, vámonos centrar. Esta é unha modificación puntual a petición dos tres concellos. Nós non tivemos unha comisión formal, que si a vamos a ter o luns 8 de outubro ás 10 de mañá, á cal vostedes xa están convocados (creo que recibimos o correo fai un pouco) e, tal e como se acordou no mandato anterior, vostedes teñen voz e son oídos, evidentemente, nesa comisión. Fíxose, non sei a petición de quen fora, non sei se de don Armando ou doutros grupos. Aí están para mostrar xa non só facturas (non sei quen falaba de facturas agora), para mostrar todo o que hai aí. O debate da fuga xa está máis que debatido e rebatido e, con argumentos técnicos, explicaranllo o luns, se queren ao representante, nomeen a un para esa comisión e lles explicará cal é a media; feita, incluso, cando o conselleiro de medio ambiente (foi dos últimos estudos que se fixeron) era unha persoa do Carballiño chamada Manuel Vázquez Fernández, onde calculaba que a media da perda das traídas municipais era incluso ata un 40%. Seguinte, vamos a falar primeiro da modificación, só afecta aos tratamentos correctivos porque, como isto foi un experiencia pioneira, o que se fixo foi iniciar un convenio e agora estase intentando mellorar. Chegouse á conclusión, por medio dos tres concellos de que os tratamentos correctivos menores de 20.000 €, calculouse aproximadamente esa cifra, pois non era operativo que se había un rebentón que había que chamar a un alcalde, ao outro, ao outro e poñelos de acordo para emendar esa avaría. Dáse por bo e dáse de boa fe aos técnicos desta Deputación e aos que levan o propio mantemento do bombeo que, de aí para abaixo, hai que facer tratamentos correctivos, urxentes e ata ese momento non hai que poñerse de acordo. Outra cousa é que se foran investimentos máis grandes, loxicamente, hai que pór de acordo aos tres concellos. No que respecta á porcentaxe, eu entendo que vostedes falan diso, pero porque son novos aquí, non por outra cousa. Entón, voulo a explicar brevemente e sinxelo para entendelo. A porcentaxe da que vostedes falan é referida aos gastos fixos e vai, a porcentaxe, segundo os contadores de cada concello. Despois, cada concello, nesa parte do bombeo, canda veciño paga a parte que consume. Enténdenme? Gastos fixos, porcentaxes segundo clientes; o resto vai segundo consumo. Non é que aquí

se cobre a todos segundo o consumo, non, hai uns gastos fixos que, se consuma ou non, mantéñense. Chegouse a esta conclusión...*bueno*, esta non é unha cousa que se nos ocorrera no momento e, de feito, isto creo que foi unha cousa das máis técnicas que se fixeron aquí na Deputación. Estas dúbidas gustaríame que mas comentaran antes para que non chegaran aquí e dixeran isto, pero bueno, non pasa nada, estou disposto a que calquera dúbida que teñan nola veñan a preguntar, evidentemente. E o luns 8, martes 8, perdón, luns 7 (bueno, ando así), o martes 8 ás 10 de mañá asistan vostede, por favor. A última vez que se convocara fora por tramitación electrónica e non chegaran a asistir os grupos da oposición, pero agora xa están avisados e non dubido que virán e, evidentemente, aí hai luz e taquígrafos nese convenio. Nada máis. Moitas grazas

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: ola, grazas. Todos os que estaban aquí no mandato pasado saben que, en relación a este asunto (isto non sei se foi fai dous anos, ou ano e pico, non lembro ben a data), saben que había unha comisión veciñal que estaba permanentemente citándonos, aos que naqueles momentos estabamos na oposición, para facernos chegar unha serie de datos, ou unha serie de interpretacións de datos, que tiñan eles. Eu, nese momento, o que fixen foi, un pouco, de portavoz desas hipóteses desa asociación veciñal, como así está claro na prensa e nos sucesivos comunicados. Parece ser que dende entón, e tal e como me corroborou recentemente o señor Pablo, esa comisión veciñal xa deixou de exercer esa actividade de fiscalización, ou de control, nese tema. No meu caso, polo menos, cónstame que, dende fai meses, senón anos, nunca máis se puxo en contacto con nós para tal; co cal teño que dar por válido o que me dixo o señor Pablo, de que esa comisión xa non atopa ningunha irregularidade, ou encontrou outras explicacións diferentes a esa fuga. Eu dende fai meses que non tiven ningunha solicitude por parte desa comisión para falar con eles. Tamén poden comprobar que non volveu haber, ata onde sei eu, comunicados de prensa desa asociación. Polo cal, eu facíame eco dunhas hipóteses dunha asociación; eu non estaba alí permanentemente para mirar o tema. Fíxenme eco das hipóteses desa asociación, como saíu na prensa. Agora tamén interpreto que esa asociación veciñal non ten absolutamente nada que dicir ao respecto e todo debeu ser, seguramente, aclarado, analizando convenientemente os recibos da auga, os recibos de consumo enerxético, etc... Xa naquel momento viuse que algunhas cousas non era como dicían eles. Pero, agora, polo que me contan a min, o tema ese debía ter algunha outra explicación e non esa hipótese que, naquel momento, se nos facía chegar por parte desa asociación veciñal. Grazas.

D. Diego Fernández Nogueira, do Grupo Socialista: Pablo, respecto ao que comentaches hai un pouco, dicirche que nós seguimos en disposición de traballar neste

eido. Parte do que dixeches non é así, verase na propia comisión. Non é un razoamento dicir que é un aspecto técnico, detrás dun aspecto técnico hai que dicir por que vale un criterio de poboación e non vale un de consumo; iso non o xustificaches. Respecto a Armando Ojea, dicir que a comisión séguese reunindo, non sei se vostede tiña constancia ou non; de todas formas seguro que se van poñer en contacto con vostede para retomar este tema. E dicir que nós seguimos a disposición súa, ao igual que seguimos a disposición da comisión, para seguir traballando para mellorar os servizos desta provincia.

D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular: vamos a ver, isto falarémolo o martes, non hai problema porque é un tema realmente aburrido e as porcentaxes foron cousas evidentemente técnicas e o xefe da Área de Medio Ambiente explicaraas perfectamente. A famosa comisión da que di que non se reuniu. Non sei se sabe que aí había dúas comisións. Había unha, despois, como un membro da comisión saíu concelleiro independente e meteuse tamén nesta comisión, porque cada concello nomeou outro representante, o señor veu alí e é o que dicía Armando, viu que era o que había e nada máis. E a comisión B, por chamarlle B ou política, que era a outra seguirase reunindo e seguirá dicindo o que queira. Pero *bueno*, non vamos a debater máis; o martes 8 alí estaremos e toda a información que se necesite darase, evidentemente, como se fixo sempre. Ademais, non me alegro, pero *bueno*, non me alegro, pero si que hai que dicir que agora hai alí un alcalde que non é do Partido Popular; digo alcalde, había alcaldesa pero, *bueno*, o outro día veu un representante do Partido Socialista alí e chegouse a esta modificación tamén co apoio del e creo que vai haber boa sintonía e luz e taquígrafos. A todo isto, cando falan da perda, desa famosa perda que hai e que vostedes nomean o balneario (*bueno*, non sei quen a nomeou), se tiveran ido ás comisión, saberíase que o contador que máis perdas tiña non era xusto o que ía alí. O alcalde de Cenlle estamos corroborando. Pero, *bueno*, falaremos ese día. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 8º.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12) de Democracia Ourensana (2) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e a abstención do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar a modificación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos de Cenlle, Punxín e San Amaro para contratación do servizo de explotación e mantemento e da subministración de enerxía eléctrica das instalacións de abastecemento en alta Razamonde – SanTrocado , incorporando as seguintes modificacións:

a. Engádesse un novo sub - apartado c) no apartado 1 da cláusula 3 (contido da delegación de competencias) co seguinte texto:

c) O mantemento correctivo das instalacións intermunicipais (tanto de reparación como de substitución) por calquera das fórmulas legalmente posibles (execución por administración, contrato con terceiros ou encomenda á concesionaria provincial – Aquaourense, Sociedade provincial de Augas e Medio ambiente SA). Esta delegación comprende tanto a adopción de acordos en materia de mantemento correctivo como a súa execución. Para as actuacións con importe superior a 20.000 € requírase o visto e prace dos tres concellos ou a validación pola comisión de seguimento, vixilancia e control do convenio, por acordo adoptado por unanimidade.

b. Elimínase o parágrafo segundo do apartado 2 da cláusula 3.

c. Modifícase a cláusula 4 (réxime económico da delegación) coa nova seguinte redacción do sub - apartado a) do punto 1:

a) Os custes derivados do contrato do servizo de explotación e mantemento da infraestrutura, así como os das actuacións de reparación e/ou substitución, repartiranse entre os concellos conforme ás seguintes porcentaxes:

40% Cenlle

25% Punxín

35% San Amaro

2ª) Trasladar este acordo aos concellos interesados, e ordenar a publicación do texto definitivo do convenio, unha vez aprobado polos concellos, para xeral coñecemento.

9º.- APROBACIÓN DE ADENDA MODIFICATIVA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A C.H. DO MIÑO - SIL, A DEPUTACIÓN DE OURENSE E O CONCELLO DE VILAMARÍN PARA O FINANCIAMENTO, EXECUCIÓN E ENTREGA, PARA O SEU MANTEMENTO E CONSERVACIÓN, DAS OBRAS DE MELLORA DO TRATAMENTO NA EDAR DO PARQUE EMPRESARIAL DE VILAMARÍN, NO CONCELLO DE VILAMARÍN (OURENSE).

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourensana (1) e a abstención do Grupo Socialista (8), do BNG (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar a addenda modificativa do convenio de colaboración entre a C.H. do Miño-Sil, a Deputación de Ourense e o Concello de Vilamarín para o financiamento,

execución e entrega, para o seu mantemento e conservación, das obras de mellora do tratamento na EDAR do Parque empresarial de Vilamarín no Concello de Vilamarín (Ourense), consonte coas seguintes cláusulas:

PRIMEIRA.- Modificación do apartado primeiro da cláusula segunda.

Modifícase o segundo parágrafo do apartado primeiro da cláusula segunda, que queda redactado do seguinte modo:

A súa vixencia concluirá o 31 de decembro de 2021. Porén, se nesa data non teñen rematado as actuacións obxecto do mesmo ni se ten procedido á recepción das obras, liquidación do contrato, finalización do prazo de garantía, e entrega das obras, e consonte ao establecido na cláusula quinta, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.

SEGUNDA.- Modificación do Anexo I.

Modifícase o Anexo I anualidades, que queda establecido do seguinte modo:

	2017	2018	2019	2020	TOTAL
CHMS, O.A.	5.907,11 €	1.788,49 €	0,00 €	217.304,40 €	225.000,00 €
DEPUTACIÓN OURENSE	5.907,11 €	1.788,49 €	163.284,15 €	54.020,25 €	225.000,00 €
CONCELLO VILAMARÍN	3.046,43 €	922,37 €	112.031,20 €	0,00 €	116.000,00 €
TOTAL	14.860,65 €	4.499,35 €	275.315,35 €	271.324,65 €	566.000,00 €

TERCEIRA.- Entrada en vigor.

A presente addenda modificativa resultará eficaz trala publicación no BOE, previa inscrición no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación, segundo o previsto no artigo 58 da LRXSP.

2º. Ao tratarse dun gasto plurianual, comprometerse ao cumprimento do réxime financeiro proposto, co compromiso de incluír no orzamento xeral desta Deputación para o exercicio de 2020 a cantidade correspondente para asumir as anualidades do gasto indicadas.

10º.- INCOACIÓN DE EXPEDIENTE PARA O OUTORGAMENTO DA MEDALLA DE OURO DA PROVINCIA DE OURENSE AO INSIGNE ESCULTOR OURENSÁN DON ACISCLO ROGELIO MANZANO FREIRE.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: grazas. Nada, simplemente dicir que o meu voto vai a ser a favor, loxicamente. Entendemos que é un outorgamento completamente merecidísimo a este artista ourensán que viaxou moito polo mundo mostrando e amosando a súa obra e onde, tamén, sabemos que aprendeu de diferentes e distintas culturas para seguir a facer e crear arte. Moitas grazas. Nada máis.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG: referendar a posición de apoio ao outorgamento desta medalla de ouro, que cremos que é ben merecida por parte de Acisclo Manzano e simplemente apoiar esta decisión.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: si, apoiamos a proposta; ademais, congratulámonos de que se recoñeza a don Acisclo, persoeiro importantísimo dentro da cultura da nosa provincia.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista: si, bo día a todos. A arte de extraer da madeira calidades inefables, aproveitando as vetas, as peculiaridades que presenta o tarugo para darnos os seus volumes de amplas curvas, de medidas artistas, designacións formais todas elas fermosas, moi fermosas. Así era Acisclo, tenrura e intimismo que non obstante, non lle resta forma. É un artístiña, xunto a Quesada, de Dios, Bucíños; pero tamén de Xosé Cid que, como ben todos saben, ten a súa casa taller na Pousa, en Taboadela. Indubidablemente, nós apoiamos totalmente este recoñecemento que se lle faga hoxe aquí en día. E simplemente, para ser breves – xa que resto dos grupos tamén foron breves-, quixera rematar imaxinando unha conversa de Acisclo cunha árbore, nun dos seus paseos polas ribeiras do Miño, ou ben por Beduedo

- Quero unha mesa cadrada desta túa madeira, quero a miña pesada cama, quero a miña cama pesada, castaño da túa madeira.

-Agora non pode ser, espérate amigo, espérate a que me muera.

D.^a Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular: ola, bo día. Grazas presidente. Nós aplaudimos que os outros grupos tamén estean de acordo co outorgamento da medalla de ouro a Acisclo Manzano; un ourensán que exporta o seu traballo por toda Galicia e incluso fóra de Galicia, que foi recoñecido xa con outros premios, á parte do Otero Pedraio o da Medalla de Arte Xuvenil a nivel nacional. Consideramos que é apropiado que se incoe este expediente que, a pesar de non ser necesario traelo ao Pleno, o presidente tivo a ben que se trouxera para, precisamente, ver a opinión de todos os grupos que vemos que é favorable e aplaudimos. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 10º.

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Incoar o expediente para o outorgamento da medalla de ouro da provincia de Ourense ao insigne escultor ourensán don Acisclo Rogelio Manzano Freire.

2º.- Designar á deputada provincial dona Ana Patricia Torres Madureira como instrutora do expediente, conforme co que dispón o capítulo III do Regulamento de honores e distincións da Deputación. O deputado instructor actuará asistido polo asesor de política cultural don Aurelio Gómez Villar, que actuará como secretario do expediente.

11º.- INCOACIÓN DE EXPEDIENTE PARA O NOMEAMENTO DE FILLO PREDILECTO DA PROVINCIA DE OURENSE AO INSIGNE ESCRITOR OURENSÁN DON ALFREDO CONDE CID.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos - Partido de la Ciudadanía: simplemente dicir, como xa adiantei na comisión informativa, o meu voto vai a ser a favor. Tamén un recoñecidísimo mérito a Alfredo Conde Cid, onde tamén, entre outros recoñecementos, xa tivo a Medalla Castelao, o premio Blanco Amor de novela e o Premio Nadal. Así que, dende o Grupo Provincial de Ciudadanos aplaudimos esta decisión. Nada máis e moitas grazas.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG: grazas. *Bueno*, pois neste caso só me queda sumarme, adherirme; a verdade é que xa é a segunda vez que podoo votar a favor disto, xa que isto xa foi aprobado por maioría no Concello de Allariz e como fillo que é tamén da nosa vila e con eses dos apelidos tamén, Conde Cid, que tan propios son de alí. Polo tanto, polos méritos que ten contraídos ao longo da súa vivencia, pois, por suposto que apoiamos o nomeamento de fillo predilecto da provincia de Ourense a don Alfredo Conde Cid. Nada máis e moitas grazas.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: grazas, señor presidente. Simplemente para adherirnos a esta proposta e, ao igual que sucede con don Acisclo, congratulámonos de que este ente provincial recoñeza tamén a don Alfredo Conde Cid.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista: si, *bueno* congratulámonos, tamén, de que se leve esta iniciativa. Substitúe, ou ben dito, toma a palabra despois do último recoñecemento que se lle fixo a Recaredo Paz, que se lle fixo unha homenaxe, como ben todos saben, ao creador de Aixiña de Taboadela, no 2009. Sumarnos a todo isto e sempre poñemos en valor a liberdade coa que conqueriu en todo momento a súa obra, tanto literaria como política, como na súa traxectoria persoal. Debuxante, libreiro, articulista, mariñeiro, escritor de guións cinematográficos, creo que é suficiente como para xustificar este recoñecemento. Ramón Piñeiro, Carlos Casares e Alfredo Conde, triángulo máxico, aínda que non sempre en sintonía. A Limia e Xinzo tan cerca e tan lonxe.

D. César Miguel Fernández Gil, do Grupo Popular: ben, moitas grazas, señor presidente. Bo día señores deputados. Dende o Grupo Popular eu creo que o que nos queda é congratularnos do feito de que a unanimidade presida este expediente de honra, a incoación deste expediente de honra, como debe ser sempre cando se trata de expedientes destas características. Non vamos a facer agora, evidentemente, unha glosa da figura de Alfredo Conde, pero simplemente eu creo que é de salientar que as institucións e os territorios que teñen a ben recoñecer a aquelas persoas que os fan máis grandes, deben contar co recoñecemento de toda a sociedade; porque xa digo, o que estamos facendo hoxe aquí é recoñecer o labor e a traxectoria dunha persoa como Alfredo Conde e que fai que Ourense sexa, se cabe, un lugar máis grande. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 11º.

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Incoar o expediente para o nomeamento de fillo predilecto da provincia de Ourense ao insigne escritor ourensán don Alfredo Conde Cid.

2º.- Designar ao deputado provincial don César Manuel Fernández Gil como instrutor do expediente, conforme co que dispón o capítulo III do Regulamento de honores e distincións da Deputación. O deputado instrutor actuará asistido polo asesor de política cultural don Aurelio Gómez Villar, que actuará como secretario do expediente.

12º.- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN ESPECIAL DE COOPERACIÓN PARA O COFINANCIAMENTO DE OBRAS PROMOVIDAS POLO CONCELLO DE OURENSE (2019-2020).

O Sr. secretario dá lectura á proposición da Presidencia, que non foi ditaminada en comisión e inclúense neste Pleno por razón da súa urxencia.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: moitas grazas, señor presidente. Como xa dixen noutros intres, Ciudadanos vén a facer unha oposición construtiva e Ciudadanos vén hoxe, neste punto, a votarlles a favor. Porque Ciudadanos preocúpase de todos os veciños dos 92 concellos, incluídas ás parroquias de menos de 20.000 habitantes, pero tamén incluíndo ás parroquias do concello de máis de 20.000 habitantes. Este é un voto a favor que permite ao Concello de Ourense máis prazo de tramitación, loxicamente, para poder adxudicar proxectos que levan un ou dos anos en fase de diferentes fases de redacción ou de informes, ou a espera de informes sectoriais, ou de máis fases. Quero deixar claro, quero recalcar, que neste caso o grupo de goberno ten unha pequena deficiencia á momento de abordar este tema, porque teño coñecemento de que o Grupo de Ciudadanos municipal lles pediu unha comisión monográfica para saber como é este plan de obras e, a día de hoxe, non teñen constancia de que se lles convocara para explicar a situación. Dende aquí, xa que lles vou a votar a favor, a Deputación vailles a dar eses 100.000 €, pois lles prego que teñan a ben convocar a todos os membro dos grupos da oposición do Concello de Ourense, porque entendo que todo o mundo merece saber en que fase están cada una das obras e cal é situación real do plan de obras. Nada máis. Moitas grazas

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG: *bueno*, como ben dicía anteriormente o voceiro do Partido Popular, isto trátase dunha pequena *triquiñuela* legal para poder dar saída a fondos do Concello de Ourense que, doutro xeito, non terían cabida para activar un plan de obras cos fondos dos que si dispón, pero que non pode mobilizar pola actual situación. Non temos ningún problema en apoiar obras na capitalidade; como ben indicaba anteriormente, ao contrario, cremos que iso pode beneficiar ao resto da provincia. É certo que os fondos nun caixón non pintan nada; o normal é que estean para facer obras a favor da cidadanía. Polo tanto, a este respecto, o Grupo do BNG anuncia o voto favorable.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: si, grazas presidente, en primeiro lugar, agradecer tanto á portavoz de Ciudadanos como ao do BNG polo seu voto. A portavoz acaba de saír, pero o que si lle

podo comentar, tanto a ela como ao portavoz do BNG, como ao Partido Socialista, que si existe unha comisión para o seguimento do Plan de Obras do Concello de Ourense; pero, evidentemente, non tiña sentido convocar esa comisión informativa ata que non se aprobara neste Pleno, que hoxe estamos celebrando, o convenio; en primeiro lugar. En segundo lugar, que se incorporase ao remanente e se dotase de crédito para dotar ás obras e, a partir de aí, establecer dentro dos prazos que nos quedan ata 31 de decembro, cales son esas obras; se poden ser as 27 pois é o que vamos a traer para tentar facelo e, senón, a meirande parte daquelas que podamos chegar para executar. Trátase en todo caso de obras que por certas razóns quedaron pendentes de exercicios anteriores, de plans de obras anteriores. Hai que dicir que nós chegamos o día 15 de xuño ao Concello de Ourense, o novo goberno comezou a traballar e este tipo de obras precisa de ter crédito, de ter dotación orzamentaria. Os problemas derivados dun orzamento prorrogado durante varios anos, que neste caso vanse a solucionar grazas a estabilidade que acadamos no Concello de Ourense, imos ter orzamentos que van permitir facer as cousas dun xeito distinto ao que se fixo ata agora a partires do un de xaneiro. Pero agora temos que ir, non a *triquiñuelas*, senón a resortes e a recursos legais que están perfectamente na lexislación; aí non hai ningún problema. É evidente que, dentro do que é a xestión orzamentaria dos concellos, hai un principio de que os créditos orzamentarios finalicen co 31 de decembro; salvo que existan dotacións de carácter plurianual. Para facer iso, unha das opcións que nos permite a Lei é facer convenios con outras Administracións. Nós estamos facendo convenios con distintas administracións, coa Confederación Hidrográfica, coa Xunta de Galicia e, por suposto, coa Deputación Provincial. Este plan Municipal de obras conveniado coa Deputación, á parte da achega económica que, maior ou menor, sempre é importante, porque nunha cidade como Ourense, aínda que haxa remanente, os recursos son axustados. En materia de orzamento, nós por moitos 103 millóns que teñamos, non podemos gastar máis do que ingresemos no orzamento ordinario e, para poder dispoñer deses fondos de remanente, temos que ir a fórmulas de modificacións de crédito e a fórmulas que nos axustan bastante os tempos de traballo. É importantísimo, é importante conveniar con outras administracións o desenvolvemento deses proxectos e esta participación da Deputación é importante. Dentro do custo que teñen estes proxectos, estas obras no Concello de Ourense, non supón unha carga financeira para a Deputación; creo que non chega ao 1% do seu orzamento e, sen embargo, serve para desenvolver proxectos agardados pola cidadanía ourensá, sobre todo pola contorna dos barrios. Polo tanto, eu espero que, xa que Ciudadanos e Bloque anunciaron o seu apoio a este convenio, o Partido Socialista faga o propio e supoño que non terá ningún motivo en colaborar dende a Deputación, para que tamén o Concello de

Ourense poda acadar, neste caso, as obras que se precisan; moitas delas obras que non poden demorarse máis no tempo e que se viñeron demorando polas dificultades que ata agora houbo neste Concello. Nada máis e moitas grazas.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista: si, empezo por unha cuestión, porque ás veces alúdese ás persoas e, independentemente, aquí estamos como deputados. Pablo, poden cambiar as *sillas* das persoas, pero o que non mudan son os criterios. O malo é cando os sillóns mudan os criterios (voucho a explicar agora); e incluso, mudan tanto os criterio que, o que antes era detestable, agora abrázase. Polo tanto, os sillóns si que mudan os criterios e mudan incluso as afinidades persoais, fíxate ti se se mudan. Algúns seguimos tendo o criterio, a pesar de que pasen cousas porque en política sempre van a acontecer; pero algúns estamos sempre á sombra da mesma árbore, non andamos mudando de árbores segundo nos conveña. Digo isto porque vén a colación con algo que vou a dicir agora. A nós, que haxa colaboración entre administracións, parécenos ben, señor Caride, parécenos ben; é máis, ten que existir e existe, de feito, porque algo que é legal non ten porqué ser rexeitado. Pero hai cuestións que van máis alá da legalidade e que, evidentemente, son as connotacións políticas que ten cada instrumento e cada ferramenta da que nos dotamos os concellos, ou as administracións, para levar a cabo as nosas propostas políticas. O problema de todo isto, e ese é o noso criterio dende fai moito tempo, é que as cuestións teñen que ser recíprocas, dicíao o compañeiro do BNG: se a cidade lle vai ben, á provincia vaille ben. Por suposto, estamos de acordo e por iso a nosa abstención vai a ser nese sentido. Pero iso non significa que a cidade, en certa medida, sexa a que, con estas *triquiñuelas* como se definen, ás veces prexudique os beneficios dos outros cidadáns desta provincia. Porque volvo a dicir, o irmán rico, que ten máis orzamento que esta casa, non pode acudir sistematicamente a pedir o auxilio dunha administración (aínda que sexa legal e nós o defendamos), porque se fan mal as cousas dende a outra administración. Porque unha cousa ben distinta é que houbera que acudir a esta colaboración porque hai convenios, como do que acabamos de falar anteriormente, que xa vén determinado que ten que haber colaboración entre as administracións: Confederación por un lado, Concello por outro, Deputación por outro. Isto non vai disto, non, non, vai do seguinte. Isto é falta de dilixencia, previsión e capacidade xestora do grupo de goberno do Concello de Ourense; por iso é a Deputación de Ourense quen ten que aprobar agora esta axuda e, con esta *triquiñuela*, tapar a ineptitude e falta de xestión do concello da cidade. Esa é a realidade do que acontece. Mire, vostede dicíao, xa non o tiven que dicir eu, vostede dicíao é porque faltan os orzamentos, senón non se tería que facer. Sabe o que acontece? Que vostedes puideron facer os orzamentos con esa estabilidade que teñen; senón pregúntenlle ao alcalde de Ribadavia o que puido facer segundo entrou e que vendeu que os aprobou en menos dun mes; sabe por

que? Porque había unha oposición e hai unha oposición responsable que permitiu que se fixera iso. Pero vostedes, non tendo esa maioría, nin ese grupo único, son capaces de quitar adiante algo que sería moi sinxelo e que agora non teríamos que poñer 100.000 €; porque a colaboración non tería que ser de 100.000, podería ser de 1.000, verdade? Polo tanto, esa é unha cuestión que, volvo a dicir, é a incapacidade dun goberno e se da a casualidade que o goberno incapaz son vostedes e o Partido Popular na cidade de Ourense. E polo tanto, non se pode mudar de criterio no percorrido da Deputación de Ourense ao Concello, ou viceversa ou en que lugar dese tránsito muda vostede de criterio? Cando vai de aquí para alá? Ou cando vén de alá para aquí? e despois direille o porqué. De momento nada máis. Moitas grazas.

D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular: moitas grazas, señor presidente. É ben sabido o papel que as deputacións teñen encomendado: asumir e garantir a eficiencia da xestión pública local, ademais de apoiar aos que así o solicitan. A nosa función é, sen dúbida, a de servir á cidadanía e co programa especial de cooperación coa cidade de Ourense, que hoxe volvemos a propor para a súa aprobación, cumprimos exactamente con esa máxima. A Deputación é o vértice do desenvolvemento local. Recentemente o presidente provincial e o concelleiro de Infraestruturas do Concello de Ourense, o noso compañeiro Miguel Caride, asinaron un documento que permitirá a execución urxente de 26 obras na capital. Obras que, polo que vexo, tanto á compañeira de Cidadáns e o compañeiro do Bloque Nacionalista Galego apoian, e os compañeiros do Partido Socialista non apoian esas obras na cidade; como dicía, a execución urxente de 26 obras na capital por un importe de preto de 10,5 millóns de euros. Aquí xa se dixo nun Pleno, o 28 de agosto, que Ourense non é unha prioridade. Foron palabras do portavoz do Partido Socialista no Concello de Ourense, don Rafael Rodríguez, *Ourense non é unha prioridade*. Dicía que vostede, o día 28 de agosto, dicía: *Ourense non é unha prioridade*, e hoxe estano demostrando. Unha vez aprobado este Plan, permitirá a execución urxente de 26 obras na capital referidas a proxectos de acondicionamento urbano, accesibilidade, melloras en vías, rúas e paseos fluviais, instalación de elevadores, saneamento e alumeados; a maioría delas no rural da cidade, incluso algunhas cun beneficio especialmente para toda a xente da provincia como pode ser o da rúa da Saínza, rúa pola cal accedemos case todos os habitantes desta provincia ao Hospital. Esta Deputación, un ano máis, colabora co Concello de Ourense para que o seu Plan de obras se poida executar; o que responde a unha demanda e unha petición de colaboración co Concello de Ourense ao que respondemos de inmediato. Tanto o presidente desta Deputación, como o alcalde de Ourense certifican o compromiso de cooperación co Concello de Ourense, respondendo de inmediato porque somos administracións irmáns, temos obxectivos comúns e formamos parte de gobernos únicos nas dúas institucións, que teñen como obxectivo poñer a Ourense por riba de todo.

Trátase dunha colaboración indispensable por parte desta casa que fai posible que se poñan en marcha proxectos, corroborando o que será un mandato excelente para a cidade de Ourense pola magnífica relación que manteñen as dúas administracións. Por agora, nada máis. Moitas grazas.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: si, grazas. Señor Ignacio, a min sorpréndeme vostede; que teña aquí tanta veteranía nesta sala, que fora vostede alcalde de Ribadavia -que, por certo, non o debeu de facer tan ben cando perdeu as eleccións-, a min sorpréndeme que nos veña a dar leccións cando ás veces nin lee textos legais, como puidemos ver antes, nin coñece cuestións... Vamos a ver, calquera concello da provincia ten a posibilidade de acudir a este tipo de convenios; iso que lle chama vostede *triquiñuelas*, non son *triquiñuelas*, son ferramentas que están na lei, precisamente, para poder salvar cuestións de burocracia -para que nos entenda a xente, sen entrar en máis cuestións- e iso pódeo facer calquera. A cooperación financeira, a cooperación técnica é competencia da Deputación Provincial que está na Lei de bases de réxime local; polo tanto sorpréndeme. Sorpréndeme, por exemplo, non viña a conto, pero *bueno*, antes cando estabamos debatendo sobre as bases do Plan de cooperación provincial e interveu o señor secretario, hai unha cuestión... claro vostede fala do que di o líder do meu partido e todas estas cuestións, eu vou máis alá. É dicir, aquí hai unhas cuestións de fondo xurídicas que non se poden tratar con esa alegría coa que as veñen a tratar aquí. Si, claro, non. Aquí o problema que se expón e que se a contratación das obras fainas a Deputación dentro do plan, estamos permitindo que, dentro do que é a adxudicación directa da obra menos, estamos dicindo que se pode haber corruptelas e, a partir de aí, expón que se non hai ningunha norma que obrigue, dunha forma concreta, que sexa a Deputación a que licite esas obras. Non vou a contradicir ao señor secretario, pero tamén apuntou cal é a cuestión e a cuestión é unha cuestión meramente económica. Cando as bases, que estou agora consultando, din que pode contratar directamente o concello a partir dunha achega, unha addenda e que van ata o 100% Por que? Porque hai un procedemento de contratación administrativa, establecido na Lei de contratación do sector público, e hai un procedemento no cal quen paga a obra é quen a contrata. Cando se firman eses convenios, como é neste caso o de Ourense, é o Concello de Ourense o que vai a pagar as obras porque é o que ten a maior participación no convenio de colaboración; senón teríamos que tratar o plan provincial, dende un punto de vista xurídico, doutra maneira, como algún tipo de subvención nominativa ou doutra forma, pero non sería un plan propiamente de obras ou de colaboración. Se dúas administracións colaboran, que é este caso, quen ten a obriga de facer as liquidacións, de facer as contratacións, porque hai un

procedemento de gasto, hai un procedemento de contratación e todo iso está sometido a unha norma xurídica. Entón, vir aquí a dicir, simplemente, que moitos concellos non poden facer unha achega equivalente ao 100% do importe da obra...*bueno*, pero hai un problema de debate xurídico e, ás veces, queremos levar todo ao terreo político e estamos complicando as cousas. Aquí de *triquiñuela* nada. Aquí o que se está facendo é un proceso de colaboración, que está dentro da lei, que vai a permitir que se fagan obras na cidade. Ben, xa lle dixen na miña primeira intervención, vostede dixo que nós eramos unha fraude porque viñamos aquí a defender só á cidade de Ourense. Ben, neste caso estou defendendo á cidade de Ourense e, o mellor, vostedes, vale, está moi ben, abstéñense porque eu entendo que aquí hai que recuperar unhas vellas palabras de *cuanto peor, mejor* que dixera algún político que todos coñecemos e a vostedes o que lles interesa é que o Plan de obras non saia, que os orzamentos non saian... Fálame vostede de facer uns orzamentos. Pero vamos, vostede é un mago da política! Chegamos o día 15 de xuño e quere que fagamos uns orzamentos para o exercicio 2019 - o que está en curso - e despois de facer eses orzamentos, chegar a tempo para facer procesos de adxudicación de obras. Vamos, alucinante! Non me creo que vostede tivera gobernado algún concello; mire que eu só levo tres meses e parece que xa aprendín máis do que aprendeu vostede en todos os anos que foi alcalde de Ribadavia e deputado provincial. Porque as cousas son como son, non como un quere que sexan. Efectivamente, non houbo orzamentos no Concello de Ourense porque non houbo maiorías. Non houbo maiorías, polo que fose; isto pertence ao pasado. Nós acabamos de chegar, estamos a traballar para facer uns orzamentos que entrarán en funcionamento o primeiro de xaneiro; ata aí non queremos atrasar o plan de obras que quedou atrasado polos motivos que fosen e estamos intentando sacar para adiante. Iso é no que estou, todo o que se dixo para atrás, vale, está nas hemerotecas. Nós temos hemerotecas, vostedes teñen hemerotecas e todos teñen hemerotecas. Pero, o gran problema, xa o dixen noutra ocasión, moitas veces do desenvolvemento social e económico disto é a tozudez de estar sempre co que dixen e o que deixei de dicir . Miremos para adiante, intentemos construír país. Vostedes chegaron aquí, ao concello do municipio de Ourense, e o único que fixeron é buscar o fallo (como dicía o meu *jefe, fault finder*, o localizador de fallos); ata foron ás termas cun vasiño de auga a sacar augas en vésperas de Termatalia para, como non se podía beber, dicían que calquera persoa que se metera nas termas íase infestar e, sobre todo, se se mete cunha ferida aberta que se vai infestar. É dicir, cousas alucinantes. Ou cando xurdiu a cuestión da intermodal, a cuestión da permeabilidade do barrio da Ponte que veñen a garantir o que din que ADIF garantiu nas obras e logo vén ADIF a dicir que non as garante. É o que lles interesa a vostedes, a vostedes o que lles

interesa, ao señor Villarino, ao señor Nacho, o que lles interesa é que nós fracasemos en Ourense, iso é o que lles interesa; non lles interesa outra cousa. Porque a vostedes, dende o primeiro día que chegaron aquí, están reivindicando que ese *asiento*, que ocupa o señor Gonzalo Pérez Jácome, lles correspondía. Ese é o principio fundamental, é a relixión que lle vai mover durante estes catro anos. Hai outras oposicións moito máis acaídas, hai oposicións que, facendo oposición, facendo propostas, polo menos son capaces de chegar a algún tipo de consenso, ou a algún tipo de entendemento con nós. Vostedes non, canto peor, mellor; se nós podemos evitar que este plan de obras se aprobe, se podemos evitar que se fagan esas obras... estarán dicindo: *fracaso do goberno bipartito da capital, non é capaz de sacar adiante o plan de obras. Bueno*, pois veñan vostedes. Gustaríame velos a vostedes aí a ver como ían ir as cousas; porque, máis ou menos, co que nos están amosando, con esas pinceladas políticas destes tres meses que levamos, chégalle ben. Como a *tontería* do debate que vamos ter agora e perdón pola expresión de *tontería*, pero para min é unha *tontería* o tema dos vehículos. Xa veremos agora con que razoamento vostedes veñen aquí a propoñer algo que criticaron abertamente no Concello de Ourense...de *coña*? Pois despois virá a *coña*. Nada máis.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista: señor Caride, primeiro, non se cabree porque se cabrea moito. No Concello eu téño visto....déixeme falar, fíxese que ata o deixei falar, aínda que dixó unha serie de cousas que non teñen nada que ver co que estamos dicindo nós. Primeiro, mire, eu expliqueime mal e, ademais, en todo caso, se nós tiveramos unha abstención, como eu dixen -que non era a miña intención, a miña intención era dicirle o que lle vou dicir agora, a abstención tivérona vostede e nós vamos a votar a favor; entón, aínda que tiveramos unha abstención, que é o que ía dicir, non estaríamos dificultando que se aprobara. Entende vostede? Entende o que é a política e o que é xuridicamente? Por iso eu fun alcalde 4 anos e 16 tenente de alcalde, entende? E sabe por que? Porque a min si me votaron os cidadáns, a min votáronme moitas veces. Agora votáronme 80 menos que ao Partido Popular, *bueno*, pois perdín, non pasa nada. Pero sendo a segunda forza, non a terceira, non aceptei certas cousas. Esa é a diferenza entre vostede e eu, vale!. E non teño nada máis que demostrar en canto a política. E 16 anos nun goberno no que se aprobaron 17 orzamentos, 17. E cando un non os aproba, sometese a cuestións de confianza, como algúns facemos con valentía. Iso élle así, élle política. Aquí, os razoamentos xurídicos, xa lle dixen o outro día que os deixe para onde vostede exerce e exerce moi ben; pero politicamente –perdoe que llo diga- vostede non exerce ben. Vostede pode dicirme que non teñen nada aprender como político de min? Home, tamén lle digo, a Ribadavia veu vostede algunha vez para aprender da boa xestión que facía eu; quere que llo conte tamén? Porque tamén estivo comigo algunha vez, se quere

dígoo publicamente, verdade? O ben que o faciamos nós e o mal que o facían estes señores. Verdade que si? Pero eu non son de desvelar conversas privadas, teño aínda algo de dignidade e de educación. Polo tanto, non entremos neses debates porque, ao mellor, sae vostede mal parado en canto aos temas persoais. Non vou a entrar. Digo que non se enfade. Mire, nós temos ese criterio e seguimos dicindo o que dicíamos. Hai moito máis aproveitamento por parte da cidade da Deputación, que ao contrario. O que dicían vostedes anteriormente é o que a nós nos levou a dicirlle estas cousas. Pero mire, como vostede me dixo a min que non tiña nada que aprender (eu non o dubido, por suposto que non), eu non veño aquí para ensinarlle a ninguén, eu veño para expoñer a posición do meu grupo, ás veces seguramente o farei mellor, ás veces fareino peor e, seguramente, ás veces estarei errado e estaremos errados. Pero mire hai unha cousa, non son cuestións que dixera eu, eu lin isto, sabe por que? Sabe por que lin o que vostede dixo? Por isto, mire [o deputado pon unha gravación na que fala D. Armando Ojea Bouzo]:

(...) Efectivamente este conxunto de obras, sen necesidade de que teñan que ser cofinanciadas pola Deputación, é consecuencia dunha falta de dilixencia, dunha falta de previsión, dunha falta de capacidade xestora do Grupo do goberno no Concello de Ourense. Pero agora, na nosa condición de deputados provinciais tamén temos que mirar un pouco polos concellos da provincia e por eliminar os agravios comparativos que puideran establecerse a raíz desta axuda interesada, dende o punto de vista político, porque dubidamos moito de que, se gobernase outro partido no concello, esta axuda burocrática ou tecnocrática tivera lugar. Ao mellor tamén é derivado dunha falta de dilixencia, ou unha falta, digamos, de eficacia na xestión. Tamén sabemos da falta de capacidade xestora do goberno municipal do Concello de Ourense que fixo necesaria esta triquiñuela burocrática (...)

Co de *triquiñuela* acabo. Vale. Entón, recoñécese a voz? É do señor vicepresidente da Deputación, verdade? E é concelleiro do grupo de goberno en Ourense, do que vostede di, e abstívose. Vostede nos estaba botando a nós unha bronca polo que íamos a facer nós (que era o que ían a facer vostedes) e aínda nos estaban botando unha bronca. Vostede, mire, acaba de cometer erros gravísimos, por esa hemeroteca. Acaba de dicir que non era unha *triquiñuela*; non, o din vostedes. Que se houbera outro grupo político no Concello, seguramente non se faría; están vostedes, estano facendo *a cambio de...* Encima, di unha cousa, aquí o señor vicepresidente, aínda máis recorrente para o que nós estabamos dicindo que sería un agravio comparativo co resto da provincia; acábo de dicir ese señor, acábo de poñer eu. Porque, agora tampouco me discutirá a min, non o dixo Ignacio Gómez, por iso llo lin; dio o seu representante e o seu vicepresidente. Por iso digo, onde muda o criterio de DO? Nun tránsito ou noutro? Eu xa lle dixen antes, eu non lle falei de fraude, -eh?, ollo, eh?- polo que vostede

dixo; non diga cousas que eu non dixen. Para min é fraude que eu, fai tres meses, estivera aí detrás e estivera escoitando –moitas veces con razón- todo o que vostedes lle dicían a estes señores con improprios, que eu nunca dixen, pero que no fondo terían razón en moitas das cousas; e que vostedes agora estean sentados con eles e non teñan ningún problema en defender xusto o contrario do que acabo de poñer eu. Polo tanto, señor Caride, isto é algo que o vai perseguir os catro anos; senón acaba antes. Senón acaba antes, porque ese abrazo que di vostede e ese bo entendemento xa o veremos tamén. Por certo, remato cunha cousa. Mire, xa llo dixen antes de min, pero non me gusta falar: 16 anos, votado polos cidadáns e cando, aínda encima, me votaron un pouquiño menos, non accedín a certas cousas. Porque eu, a quen fai eses discursos, a quen me di unhas cousas como vostedes lle dicían ao Partido Popular, ás veces a dignidade de un político demostrase aí, entende? E a palabra tamén aí. Pero hai unha cousa, como di vostede, que é onde poñen a cada un os cidadáns; a este señor do que vostede estaba falando, que é o meu portavoz, foi o candidato máis votado na cidade, polo tanto, puxérono os cidadáns; non a vostedes que foron a terceira forza. Moitas grazas.

D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo Popular: moitas grazas, señor presidente. Realmente estou un pouco abraiado polos argumentos que está vostede aquí a empregar contra os meus compañeiros de Democracia Ourensana, dicindo que antes abstivéronse a agora votan a favor. Vós votastes en contra e entón que? Non poden mudar as cousas? Vós votastes en contra, léstelo na acta, léstelo? Si votastes en contra, si, *díxolle o cazo á sartén*. Vamos a ver, a Deputación está e estará sempre para axudar aos concellos que o soliciten e, como non e con moito gusto, ao Concello de Ourense. Teño que felicitar ao señor presidente, ao señor alcalde da cidade de Ourense e, sobre todo, ao señor concelleiro de infraestruturas, D. Miguel Caride, por acadar a unanimidade na proposta deste Plan especial de cooperación. Parabéns aos dous.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 12º.

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Plan Especial de Cooperación ás obras promovidas polo Concello de Ourense (2019-2020), co seguinte contido:

1º) Obxecto.

Constitúe o obxecto do presente Plan Especial de Cooperación ás Obras promovidas polo Concello de Ourense (2019-2020), articular a cooperación e asistencia económica deste Deputación ás obras, todas elas de competencia municipal, promovidas polo concello que de seguido se detallan:

NÚM.	DENOMINACIÓN	IMPORTE
------	--------------	---------

1	Proxecto de acondicionamento de traseiras Roi Paez-A Milagrosa	159.429,62 €
2	Proxecto de mellora de accesibilidade na rúa Arias Paez e zona de influencia	294.946,05 €
3	Proxecto de rehabilitación de firmes e melloras nas rúas e beirarrúas de Covadonga: Júpiter e outras	568.154,67 €
4	Proxecto de urbanización rúa Miradoiro e primeiro treito Camiño da Lebre	555.044,02 €
5	Proxecto de acondicionamento de rúa Salto do Can e rúa Carballo	920.333,89 €
6	Proxecto de urbanización zona de aparcamento tras polideportivo de Oira	358.992,42 €
7	Proxecto de acondicionamento do treito inicial do paseo fluvial de Oira, ata a rúa Alfredo Brañas, Camiño da Praia e estacionamento público	298.579,19 €
8	Proxecto de acondicionamento rúa A Baixada a Igrexa e Camiño das Fontes en Santa Mariña	525.000,00 €
9	Proxecto de ampliación e acondicionamento de viario de unión entre Pradobó e O Pereiro	796.999,13 €
10	Proxecto de acondicionamento da rúa Vía Vella-Santa Ana do Pino	329.791,55 €
11	Proxecto de acondicionamento da rúa de Eirasvedras-San Miguel de Canedo	100.554,58 €
12	Proxecto de renovación do pavimento, firme e rede de sumidoiros na rúa Ribeira de Canedo	268.450,12 €
13	Proxecto de humanización da rúa do Sol, Boa Vista e do Campo-Eiroás	740.000,00 €
14	Proxecto de acondicionamento Camiño da Pedreira-Seixalvo	126.577,80 €
15	Acondicionamento de espazos urbanos na cidade de Ourense, rúa Vázquez Núñez	493.772,49 €
16	Proxecto de instalación de elevador na Cruz Alta-A Milagrosa	1.300.000,00 €
17	Proxecto de instalación de elevador na rúa Avilés de Taramancos (a altura da ponte de Ervedelo)	250.000,00 €
18	Proxecto de eliminación de punto de vertido no regato do Chis-rúa da Marquesa-Rairo	186.297,18 €
19	Proxecto de conexión da rede de saneamento Santa Mariña-Praza das Fontes coa rede xeral de Rairo	311.716,00 €
20	Proxecto de ampliación de iluminación pública N-120, Untes-Santa Cruz	83.504,05 €
21	Proxecto de acondicionamento e mellora de rúa Bedoya (entre a súa intersección coa rúa Paseo e coa avda. de Bos Aires)	280.000,00 €
22	Mellora de firme e pavimentos na rúa Pardo de Cela (dende a Praza Concepción Arenal ata a Ponte do Milenio)	236.000,00 €
23	Rehabilitación do firme nas rúas Nª Señora da Saínza e Ramón Puga Noguerol	428.000,00 €
24	Proxecto de continuidade ao paseo da marxe do río Barbaña entre A Molinera e a Ponte Irmáns Xesta	128.940,84 €
25	Proxecto de humanización da Canella do Barbaña-Pozo do	250.000,00 €

	Inferno	
26	Proxecto de urbanización do Campo do Outeiro e rúa do Outeiro, en Velle	426.341,53 €
TOTAL		10.417.425,13 €

2º) Cadro de financiamento.

1. O Plan cofinanciarase na súa integridade pola Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Ourense. A achega da Deputación Provincial para o total do Plan será de 100.000,00 € (3.846,15 € para cada unha das indicadas), imputándose á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 do orzamento xeral, quedando o presente plan condicionado na súa entrada en vigor á entrada en vigor da modificación orzamentaria que prevé o dito financiamento, actualmente en trámite.

2. No caso de remanentes como consecuencia de posibles baixas na adxudicación do/s contrato/s respecto do/s tipo/s de licitación, os referidos importes detraeranse da achega municipal ao presente Plan. Igualmente serán por conta do Concello as variacións do/s prezo/s do/s contrato/s como consecuencia de eventuais modificacións neles.

3º) Tramitación do Plan.

1. O Plan inicialmente aprobado someterase a un período de información pública polo prazo de dez (10) días hábiles, de conformidade co previsto no *artigo 10.2 da vixente Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 260 de data 12.11.2015)*.

Unha vez aprobado o plan definitivamente polo Pleno da Deputación, ou elevada a definitiva a aprobación inicial en ausencia de alegacións, a Presidencia fará pública esta circunstancia mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, iniciándose o prazo de execución.

2. As modificacións relativas ás obras municipais que teñan que tramitarse a instancias do Concello de Ourense logo da aprobación definitiva do plan (tales como modificacións dos orzamentos das obras que afecten exclusivamente ás achegas municipais, cambios na denominación das obras, incorporación e baixa de obras do plan,...), serán autorizadas por acordo da Xunta de Goberno provincial, sempre que non impliquen incremento do financiamento global do Plan por parte da Deputación. No caso de que supoñan un incremento da achega provincial, a competencia será do Pleno da Deputación.

4º) Execución do Plan.

1. A competencia para a execución das obras comprendidas no Plan Provincial, corresponderalle ao Concello de Ourense mediante a contratación das ditas obras a través dos procedementos e co réxime establecido para a contratación de obras públicas na vixente lexislación de contratos do sector público, todo isto sen prexuízo de que se poidan adoptar fórmulas de delegación, encomenda ou asistencia para as referidas contratacións.

En ningún caso poderá acordarse a execución por administración das obras financiadas con cargo ao presente programa.

2. Os contratos administrativos que subscriba o Concello para a execución das obras deberán ser adxudicados e formalizados con data límite 31.12.2019. A execución das obras relacionadas no plan, deberá rematar antes do 31 de decembro de 2019; non obstante o anterior, e sempre que concorra causa xustificativa suficiente, e que os créditos correspondentes poidan ser incorporados ao exercicio orzamentario seguinte, previa solicitude do Concello antes da data anteriormente indicada, poderá acordarse a prórroga do prazo das

actuacións incluídas no plan, polo tempo indispensable para o seu remate, e con data límite en todo caso 30.11.2020. A dita prórroga será acordada, se procedese, por decreto da Presidencia.

3. A contratación dos servizos ou a designación dos técnicos que desempeñen as tarefas de redacción de proxectos, dirección facultativa ou a coordinación de seguridade e saúde nas obras municipais, realizarase polo concello.

4. Será obriga do Concello de Ourense instalar un cartel indicador en cada unha das obras onde conste o cofinanciamento da Deputación de Ourense.

5º) Execución e xustificación das obras.

1. O Concello será o responsable da execución das obras, o que inclúe a súa contratación, dirección, execución e seguimento. A Deputación de Ourense unicamente asume a obriga de cofinanciar as obras solicitadas.

2. Para a xustificación da execución do programa, o Concello deberá presentar no Rexistro electrónico xeral da Deputación Provincial, dentro do mes seguinte ao prazo do remate de execución das obras, a seguinte documentación, para cada unha das obras incluídas no Programa de cooperación:

- Certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do Concello, no que se fagan constar os seguintes extremos:

a) Relación de contratos formalizados con cargo á subvención, indicando o seu obxecto, importe e contratista, e que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención

b) Contía do gasto que foi obxecto de recoñecemento da obrigación.

- Declaración do importe das subvencións ou axudas públicas concedidas para o financiamento dos contratos de obra subvencionados.

- Certificación da conta corrente do Concello para a realización do pagamento da subvención.

- Fotografías do estado final das obras e do cartel das obras onde se indique a cofinanciación por esta Deputación.

3. Unha vez recibida a documentación antedita para cada unha das obras, a Deputación de Ourense procederá á tramitación do expediente de xustificación, correspondéndolle a instrución ao Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio, que solicitará informe da Área de Infraestruturas de comprobación material da execución das obras. No caso de que a documentación presentada estivese incompleta ou incorrecta, ou as obras non estean completamente executadas, requiriráselle ao Concello de Ourense para a emenda das deficiencias documentais ou materiais advertidas. No caso de emenda de deficiencias materiais nas obras, esta só poderá levarse a cabo dentro do seu prazo máximo de execución.

Concluída a instrución do expediente, o Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio formulará a proposta de resolución que proceda, remitíndoselle á Intervención para a súa fiscalización e posteriormente á Presidencia para resolución.

6ª) Obrigas do beneficiario:

Con carácter xeral, o concello beneficiario asumirá todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos nestas bases e na lexislación vixente.

7º) Réxime xurídico.

O presente Plan provincial de cooperación apróbase ao abeiro do sinalado no *artigo 10 da vixente Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense*, regulándose no que non estea previsto, pola antedita Ordenanza e pola normativa de subvencións aplicable á Deputación Provincial, así como na lexislación aplicable en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

2º.- Someter o plan a información pública por prazo de dez (10) días hábiles mediante anuncio no BOP. De formularse alegacións, serán resoltas polo Pleno. Se non se formulan alegacións o Plan considerarase definitivamente aprobado, publicándose integramente no BOP.

13º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR, DEMOCRACIA OURENSANA E CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA, RELATIVA AO FINANCIAMIENTO AUTONÓMICO E LOCAL.-

O Sr. presidente cédelle a palabra aos grupos proponentes da moción.

Intervén en primeiro lugar o **portavoz do Grupo Popular, don Plácido Álvarez Dobaño**: grazas, presidente. Vamos a ver se chegamos a tempo á merenda, porque á comida xa non vai ser posible. E o que vexo aquí (a ver se rompo un pouco a *tirantez*), o que vexo aquí é que non se é moi reservado nas conversas privadas; eu intentarei seguir séndoo, espero conseguilo. Pero, compañeiros de Democracia Ourensana, atentos e en *guardia*; a estratexia vai *in crescendo*. Aquí, do que se trata é de enfrontarnos; seguro que non o conseguen, pero ben é estar en *guardia*. Dito isto, como a moción dispoñen todos dela, simplemente farei unha intervención, a ver, o máis breve que poida. Señor Rodríguez Villarino, señores...diríxome a vostede por qué? Porque é o líder aquí, alá e en toda a provincia, ata agora non?...porque os seus compañeiros así o queren e non terei eu nada que dicir ao respecto; solo faltaría!. Pois ben, dirixíndome a vostede, eu diríalle que o goberno que hoxe temos en funcións, que levamos non sei canto tempo en funcións, non foi capaz de dirixir España durante os últimos oito meses e medio. Non foron quen de sacar adiante uns orzamentos, leváronnos a unha parálise da Administración Xeral durante catro meses e agora nos mergullan noutro incerto período cunha nova convocatoria de eleccións; e van catro. E todo por non pensar en España e nos seus cidadáns. Todo, todo por intereses partidistas (non o digo eu, incluso o di xente de recoñecida militancia socialista) e todo por desmesurada ambición de poder do señor Sánchez que apela a uns orzamentos prorrogados e á interinidade da súa Presidencia e do seu goberno, para incumprir as súas obrigas e converter ao Consello de Ministros nun continuo mitin electoral. A ver que nos espera; antes eran os venres sociais, vamos a ver que será agora. Pero non se confundan (non deberían) esta non é unha mensaxe de precampaña electoral, só é a

constatación da súa incapacidade para gobernar e, sobre todo, para pactar; algo que sempre nos criticaron aos do PP que non eramos capaces de pactar con ninguén, *bueno*, pois aí está a proba. Máis alá da factura que imos pagar por todo este tempo perdido, hai outros custos dos que descoñecemos as súas consecuencias; aínda que iso si, pagaremos sempre os de sempre: os cidadáns da pé. Refírome ao financiamento das administracións autonómica e local. Iso si, estamos a falar do mesmo goberno en funcións que non tivo reparo algún en aprobar Reais decretos leis para crear novos dereitos económicos, rachando co teito de gasto financeiro do Estado e coa estabilidade orzamentaria (pagaremos as consecuencias e eu non quero ser profeta como o señor Gómez Pérez; simplemente é a miña modestiña opinión) e por arte de maxia, o que antes era non, imposible, ou ilegal; agora convértese en posible. Antes, un goberno en funcións non podía pagar a débeda das administracións locais e autonómicas; pero agora como xa estamos en campaña, xa é posible, aínda que só algunhas, claro. Unha auténtica tomadura de pelo, unha utilización partidista dos recursos públicos que é unha vergoña e unha frivolidade inadmisibile; e, aínda por riba, coa intención de saldar só unha parte da débeda que teñen con Galicia (que Galicia somos, non só os do PP): 330 millóns de euros dun total de 700. Miren vostedes, un dos piares da organización política e administrativa de España son as entidades locais - concellos e deputacións- que garanten os servizos públicos esenciais e todos temos maior ou menor experiencia de todo elo. Para a prestación destes servizos é imprescindible que se cumpran dous principios recollidos na Constitución: o principio de autonomía (art. 140) e o principio de suficiencia financeira (art. 142). Dous principios que non funcionan se non se dan xuntos; porque non hai autonomía sen suficiencia, nin suficiencia sen autonomía. As consecuencias máis inmediatas desta irresponsable indisciplina fiscal dos socialistas é que Galicia – particularizando no noso territorio - non pode dispoñer de 700 millóns de euros, dos que 530 figuran no vixente orzamento da Xunta para o ano 19, o que nos afectará, sen dúbida algunha, aos galegos e galegas e non só aos do PP; a todos. Á súa vez, esta situación impide afrontar o esforzo orzamentario que están a facer as entidades locais para atender o incremento das retribucións dos funcionarios públicos e persoal laboral, derivados do Real decreto lei 24/2018 que establece un incremento mínimo, asegurado, de 2,25% con respecto ás retribucións do ano 18. Ademais, por suposto, doutras liñas de actuacións estatais destinadas a financiar determinados servizos locais e que se verán seriamente afectados; non o dubiden. Debuxando este inaudito escenario, os acordos que propoñemos a este Pleno pasan por articular, de modo urxente, as medidas necesarias para poñer fin a esta situación de bloqueo financeiro por parte do goberno en funcións e entre elas, e resumindo, cito:

- Un crédito non retribuído coas Comunidades Autónomas e que estas reciban, canto antes, os anticipos a conta que lle corresponden.

- Rematar co bloqueo ás administracións locais.
- Avaliar o impacto destes impagos, en concreto, as cantidades pendentes de librar por Facenda a cada un dos Concellos Ourensáns.
- E que se convoque, urxentemente, o Consello de Política Fiscal e Financeira para buscar unha solución definitiva a este tipo de situacións.

Solución definitiva, por certo, que non só a pedimos o Partido Popular e Democracia Ourensana e, posteriormente, a compañeira e supoño que en nome do seu Partido, Ciudadanos; asinantes os tres – podemos considerar - desta iniciativa. Pero tamén, tamén, se multiplica por toda España o mesmo apoio; incluso entre dirixentes do seu propio Partido (e boto en falta hoxe ao señor Seoane que, o outro día, coincidía plenamente comigo e incluso dicía que me quedaba curto nas esixencias) e falo, por exemplo, dos presidentes das Comunidades de Aragón (si, señor Rodríguez Villarino, díxoo el, non eu; pois non sei ao que lle chama vostede discreto ou indiscreción, díxoo el e punto, será porque o pensa, a non ser que vostede lle diga que non pense como pensa), como os presidentes das Comunidades de Aragón e Castela a Mancha que esixen –e digo Aragón e Castela a Mancha- que esixen o cumprimento dos principios constitucionais de autonomía e suficiencia aos que me referín, que estes non estean nunca a expensas da política nacional e non dependan nunca, nunca, da aprobación dos Orzamentos Xerais do Estado que, en circunstancias como as actuais, podemos esperar meses e meses. Todo para evitar, señores e señoras deputadas, que o bloqueo partidista, chantaxista da débedas poña en risco a prestación dos servizos públicos e sociais. Servizos que, por certo, iso si, nunca, nunca están en funcións. Diso sabemos os que estamos ao pé do canón, como digo eu. O propio presidente de Castela a Mancha, o socialista Emilio García Page, fixo unha advertencia moi clara fai escasos días, dixo: *estase a poñer en risco o Estado de Benestar e serán os cidadáns os que acaben por sufrir as consecuencias*. Díxoo Emilio García Page, non eu. Remato, á marxe pois das militancias políticas e incluso das simpatías políticas e das docilidades políticas, esixamos o que é noso, que nos paguen o que nos deben e que nolo paguen xa. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: si, grazas señor presidente. Ben, non vou a engadir moito máis ao que xa dixo o voceiro do Partido Popular, co que firmamos esta moción en conxunto. Tampouco vou a entrar en se era necesario ou non manter esta moción; eu penso que si, a pesar do anuncio de liberación dos 4.500.000.000 €. O que si, hoxe, xa que tivemos un debate orzamentario, temos a posibilidade tanxible de valorar a importancia esta situación. Dun orzamento de

ingresos de 85.700.000 € desta Deputación, dependemos destas partidas: en impostos directos, 4.2 millóns de euros; en impostos indirectos: 4.390.000€ que veñen da cesión do IVE, da cesión do IRPF e en transferencias correntes, 70 millóns. Polo tanto, é preciso expor, efectivamente, para poder acadar esa autonomía e suficiencia financeira un novo modelo, precisamente de financiamento autonómico local. En calquera caso, esta retención destas partidas que, ata agora, as noticias que nos chegan é que se van a liberar, fai moito dano a deputacións, fai moito dano aos concellos, fai moito dano ás Comunidades Autónomas e, polo tanto, penso que máis que nunca, aquí si que como membros, xa non como membros de partidos políticos; senón como membros dunha institución afectada por esta situación, deberíamos apoiar toda esta moción. Nada máis, moitas grazas.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos - Partido de la Ciudadanía: moitas grazas. Simplemente, *bueno*, agora vou a falar, pero dicirlle ao señor Villarino que o que dixo o alcalde de Verín, díxollo en comisión informativa, onde todos estabamos presentes e digo eu que cada un terá dereito a opinar o que lle veña en gana. Supoño que vostede non terá que coartar a liberdade de ningún dos seus compañeiros, como eu tampouco coarto a liberdade de ningún dos meus compañeiros do grupo de Ciudadanos. O sistema de financiamento autonómico vixente que temos neste país, aprobado mediante a Lei 22/2009 do 18 de decembro, ademais de non garantir a igualdade dos españois no acceso aos servizos públicos fundamentais, xera un reparto moi desigual e arbitrario dos recursos entre rexións; provocando diferenzas de financiamento por habitantes entre Comunidades Autónomas. Desta lei comezouse a abordar unha reforma co ex - presidente Rajoy, pero coa aterraxe do señor Sánchez chegou a paralización. A xestión do executivo de Sánchez agrava máis a situación; sumándose o lamentable proceder do goberno cara ás Comunidades Autónomas, ás que se lle nega o que lles pertence. Esta actuación conta co inestimable apoio da ministra en funcións, Montero. Ministra que pasou de esixir na pasada lexislatura, como conselleira de Facenda en Andalucía, de maneira inmediata, 4.000 millóns de financiamento adicional para Andalucía e solicitar a modificación urxente do sistema xa que, nas súas propias palabras, dixo: *supeditar o financiamento autonómico á aprobación dos orzamentos é unha chantaxe inaceptable*. A ministra pasou deste *escalón* a mentir e enganar a todos os españois (incluídos aos galegos); implicando á avogacía do Estado para así escusar a súa negativa a transferir aos galego e a Galicia os recursos que nos corresponden. Esta negativa supón un gran prexuízo para os galegos, nada máis e nada menos que uns 700 millóns de euros; bloqueando, de maneira inxustificada, os recursos económicos que deben destinarse aos servizos esenciais, tales como é a sanidade, a educación e os servizos sociais. Por favor, sexamos coherentes. Pido coherencia, diálogo e cooperación. Nada máis. Moitas grazas.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG: dende o BNG imos a votar a favor porque nós non estamos casados con ninguén, non temos que render *pleitesía* nin a Casado, nin a Pedro Sánchez; e, polo tanto, quen marca o noso voto é a defensa de Ourense e de Galiza e é xusto e necesario que se devolva o diñeiro a Galiza que lle pertence. Agora ben, esta situación conxuntural reflicte un problema de fondo: a desigual e inxusta relación económica que temos co Estado e a necesidade de maior soberanía para xestionar nós os nosos recursos. Se isto acontece, é porque quen xestiona a maior parte dos nosos impostos, que pagamos as/os ourensáns/as, é Madrid. Agora utilizouno o Goberno de Pedro Sánchez para chantaxear; pero antes fíxoo o señor Montoro. Maldita hemeroteca, agosto de 2016, Montoro non facilitaba o teito de gasto nin as cifras das entregas a conta a moitas Comunidades porque non había orzamentos do Estado e estaban en minoría despois das eleccións do 15 de xuño de 2016. Daquela, efectivamente, a que agora é ministra en funcións, a señora Montero, protestaba dende o goberno andaluz. Esta incoherencia, en todo caso, non é patrimonio só do PSOE, tamén do PP; porque cando Montoro facía isto, vostedes eran a procesión dos caladiños. En plena campaña das eleccións autonómicas de 2016, nin Feijóo, nin o señor Baltar protestaban. O denominador común, PP-PSOE: antepoñer o centralismo e rebelarse só cando non gobernan. E hai que sinalar que isto demostra o fracaso da relación económica de Galicia co resto do Estado. Neste 2019, Galiza recibirá menos polo sistema de financiamento que hai unha década; non é iso un disparate? Quen aceptou o marco de financiación de entregas a conta? Foi o señor Feijóo. A pregunta que temos que facernos é, poderíamos evitar esta situación de contarnos con outro sistema de financiamento? e a resposta é claramente si. Euskadi e Navarra estes días non están a protestar porque teñen os cartos eles, non lles fai falta que llos manden dende Madrid. Con independencia deste agravio concreto, estes acontecementos o que veñen a demostrar é que Galiza debe aspirar a superar o actual estatus en materia de financiación, por un modelo de concerto económico que nos permita recadar nós e recibir nós. É esta a única alternativa fiable para termos garantido o financiamento dos noso servizos públicos básicos sen dependencias da incapacidade política dos axentes estatais. A inutilidade e pouco peso político de Feijóo, que vostedes dende a Presidencia sosteñen como presidente esgotado e vostede sábeno; leva meses choromicando polas esquinas encargando un informe xurídico aos letrados da Xunta e porén non é quen de ir aos tribunais. Dende o BNG seguimos a dicirlles que se atrevan a reclamar pola vía xudicial. Quen encarga un informe para gardalo nun caixón? Ten medo a exercer de goberno deste país porque non lle deixa Casado? Seguro que chamaron a Madrid e non lle deron permiso. Tamén habería que recordar a necesidade de superar o marco legal do déficit e da estabilidade financeira. Foron

as comunidades autónomas e os concellos quen asumiron a maior parte do pagamento da débeda e iso foi en detrimento de soste os servizos públicos. Hoxe os nosos concellos seguen sufrindo criterios inxustos para o reparto de fondos e o PP bloqueou esta reforma. Igual que bloqueou, dende o 2014, a reforma do sistema de financiamento de Galiza. A débeda con Galiza é moito maior que o que aquí se sinala e iso afecta, de maneira notable, a Ourense. Por exemplo, por que non se di nada dos investimentos pendentes en infraestruturas? Os 700 millóns non son o noso único problema; que pasa en Ourense coa débeda de dependencia? 189 millóns de euros porque o Estado non cumpre. Por estes motivos pedimos máis ambición ao Partido Popular, a Democracia Ourenzana e a Cidadáns, neste caso tamén como co - relatores:

- Demandar do Goberno Central o pagamento da débeda en materia de dependencia contraída con Galicia, 189 millóns.

- Demandar da Xunta de Galicia a presentación dos recursos xudiciais oportunos para reclamar do Goberno Central o pagamento da débeda contraída con Galicia, por mor da demora do pagamento do IVE do 2017 e da demora das actualizacións das entregas a conta pendentes do sistema de financiamento.

- Esixir do Goberno Central a revogación da normativa sobre estabilidade financeira, así como da reforma constitucional *exprés* do 2011 que sustenta, por restrinxir a capacidade investidora de mellora dos servizos públicos da Administración galega e das administracións local e supoñer unha vulneración do noso autogoberno.

- Demandar a inmediata negociación dun novo sistema de financiamento para os concellos galegos que poña fin á actual situación de discriminación no reparto de fondos, esixindo que se incorporen, adecuadamente, criterios para o reparto como o impacto económico da dependencia, do avellentamento, da dispersión poboacional e das necesidades de reequilibrio territorial.

Creo que o que estou a dicir non é nada *descabellado*; pero en calquera caso, por responsabilidade, apoiaremos esta petición cara ao Goberno de Madrid. Nada máis e moitas grazas.

D. Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista: *bueno*, é paradoxal que hoxe, xustamente hoxe, cando veñen os orzamentos da Deputación Provincial, os que levamos 32 anos aguantando como se furtan recursos, 32 anos, aos concellos; se veña aquí agora todo o mundo a laiar e poñerse aquí a dicir: ai!, que pasa que non me chegan eses cartos xustamente agora, despois duns meses de demora. Tremendo! é asombroso, hai cousas que, de verdade, quedo asombrado cando empezo a escoitar; por exemplo, no señor Plácido, que dixo: *non foi quen de dirixir España, Pedro Sánchez*. Certo, foi quen de quitar

un goberno corrupto, moi corrupto e estamos, precisamente, nun dos lugares máis corruptos de España, mire por onde, e ademais con probas e, se fai falta, con nomes e apelidos. E que me veña a dicir a min que é a desmesurada ambición de poder do Partido Socialista no señor Sánchez, despois dirano tamén de min e de máis xente; non señor, foi o señor que tivo máis votos e non houbo alternativa, que eu saiba, para quitalo a el e poñer a outro no seu lugar. Que o PP ten capacidade para pactar? Quedou demostrado, si señor, con VOX nomeadamente e con Democracia Ourensana aquí, xa vemos, e con quen fixera falta: cos independentistas cando fixo falta, tamén. Entón, vamos a ver, de que estamos a falar? Estamos a falar de algo que o propio señor Montoro xa dixo no seu día, cando lle tocou. Dixo exactamente así, quere escoitalo da súa voz? Mire [o deputado reproduce un arquivo de son]: *mientras no tengamos presupuesto nuevo para el 2017, no podemos actualizar las entregas a cuenta*. É dicir, era do seu partido. A ver, é unha cousa ben clara. Cando se rexeitan o que son os Orzamentos Xerais do Estado do ano 2019 por parte do PP, precisamente, de Ciudadanos e de Esquerra Republicana, iso impide actualizar as entregas á conta e, da mesma maneira, a liquidación definitiva da participación dos tributos do Estado correspondente ao ano 17. A ver, que estamos descubrindo? Estamos descubrindo algo novo, ou estamos descubrindo algo que todo o mundo xa sabía? Mire, o que non pode ser é vir a facer campaña e disfrazalo, como é o caso, a través dunha moción. Unha moción coa que vostedes intentan poñer en solfa o que é un problema terrible do goberno do Partido Socialista, cando resulta que estamos falando de administracións, mire, como a Xunta que ten centos de millóns de euros sen executar, sen executar (é dicir, como esta Deputación, pero máis grande), sen executar e con iso podería, perfectamente, cubrir calquera tipo de continxencia; a non ser que sexan tan malos xestores que nin iso saiban facer. Seguro que o saben facer e os terribles perigos que nos ameazan aquí nesta Deputación Provincial e aos concellos da provincia por culpa diso, onde están? Onde aparecen? Mire, hai cousas que se poden manipular e hai cousas que, simplemente, se poden tratar con elas de gañar uns votiños e hai cousas que, simplemente, se chaman dignidade e decencia. Esta provincia, durante todos estes anos, está esmagada en todos os concellos que non son do Partido Popular (e seino por experiencia) e está, xustamente, por un goberno que leva 32 anos facéndoo, 32 anos facéndoo, e algúns, se tiveran un mínimo de dignidade e decencia, serían capaces, serían capaces, polo menos, de saber onde están e porqué están aquí. Entón, sabendo todo iso, ao mellor o sorriso dalgún xa se borra da súa faciana, porque aprenderon ben pouco, cando tiveron que aprender, o que é a dignidade e o que é o progreso social. Vostedes queren conservar un réxime, un réxime, porque aquilo que cambia e progresa non lles interesa. Vostedes unicamente queren facer ruído con esta moción, despois de esquecer

o que lle levan feito a esta provincia. Vostedes non teñen ningunha lexitimidade e, ademais, non teñen razón. E como isto é simplemente un *tapadillo*, algo que fan porque llo mandan de Madrid; pois intentan saír do paso con algunha acusación extra que sobre. Eu entendo que fagan o seu labor: mándanlle isto, súmanse. Súmanse, pois ben, deféndano; pero non falten á verdade, non falten á verdade que a verdade todos sabemos cal é. Polo tanto, non hai nada que discutir, está absolutamente claro; ou vostedes dubidan, agora mesmo, das opinións dos avogados do Estado? Non creo que sexa preciso que teña que ler sentenzas e que teña que ler disposicións de avogados do Estado. Penso que a situación é ben clara. Entendo ao compañeiro do BNG, claro que si, dende a súa posición considera que Galiza non ten os orzamentos que necesitaría. Todos os concellos desta provincia – e non fai falta ser nacionalista, senón simplemente ser decente – non teñen os recursos que necesitarían para desenvolverse porque é imposible que nesta Deputación Provincial, imposible, que se dean orzamentos obxectivos. Pero mire, dígolle algo, están aquí todos tan preocupados e énchense coa palabra Ourense; como dicía Samuel Johnson (vouna adaptar) o provincianismo é o último recurso, refuxio dos canallas. Vou aproveitar esa preocupación xenuína. Miren vostedes, se vostedes se poñen a facer un Plan único a nivel provincial, nós apoiamos isto, *oiga*, mire por onde. Vamos a falar de provincianismo aquí, pois si. Fágano, demostren a súa preocupación xenuína pola provincia. Fágano vostedes. De momento, nada máis.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: por comparar, pois comparamos todo. Que terá que ver o touciño coa velocidade! Perdóenme a frase, pero din alá no meu pobo iso, eu escoito con atención e incluso con respecto; sen rirme sequera, señor Villarino...si, si, discutirémolo non! Eu procuro ser boa persoa, vostede? Eu teño as miñas dúbidas e presumo diso, presumo de intentalo, outra cousa é que o consiga, pero presumo de intentalo. Vostede paréceme que presume do resto. E mire, fala vostede dun goberno corrupto. Matice a linguaxe, en todo caso non foi o goberno do PP, foron unhas cousas puntuais do PP, que non é o mesmo que do goberno. Si, das que habería moito que discutir; como habería que discutir da espionaxe que lles afecta a vostedes. Ou sexa, que se empezamos a falar de todo, podemos falar ata diso tamén. Claro! E de moitas outras cousas, xa dende aquilo de FILESA; mire, poderíamos falar arrastrándonos.... e dos casos que están aí pendentos. Entón, repítolle o que dicía un ex presidente desta Casa: *nós non somos uns santos, pero vostedes tampouco. Ojito!* Se hai que falar igual falamos e pómonos colorados todos, pero algúns igual máis. E pactar. Home, que nos diga vostede ese tema xa con Vox, e Vox, e Vox.... digo, vostedes pactan ata cos que matan, mire vostede, ata cos que matan. Mire se teñen cara de pactar vostedes cos que queren romper España, con todos eses. Non?

Pois o señor Otegui non sei quen é, non sei quen é; igual foi un santo varón que pasou polo País Vasco. Escoliten vostedes e non se poñan nerviosos que vexo que non lles gusta cando lle din o que non queren oír. A verdade é que, escoitados a vostedes, desculpas, señor Villarino, pode pór calquera, desculpas pode pór calquera e, entón, que me circunscriban a actual situación económica coa do ano 16 cando estabamos nunha crise profunda; pois *bueno*, como desculpa pode estar ben. Agora tócalle gobernar a vostedes; en todo caso, se o señor Montoro e o señor Rajoy, facían mal (mellor que me escoiten que así saben o que digo), se o señor Rajoy e o señor Montoro o facían tan mal, agora tiñan a oportunidade vostedes de facelo ben. Pero resulta que piden informes aos avogados do Estado – pedímolos todos ou pídenos todos e agora falo en nome do meu partido - e resulta que o que non se podía facer antes, aos catro días pódese facer e o que non se pode facer cunha comunidade autónoma, pódese facer con Valencia, ou non sei con cal. Esa é a credibilidade de vostedes, ou a do señor Caballero, don Gonzalo, que agora acusa a Feijóo de facer teatro porque *sempre lle dixeron que o PSOE pagaría* (frase textual); é dicir, esa confusión do goberno co partido, di: *o PSOE pagaría*, non o Estado, e acusa ao PP agora de ser un risco para a autonomía e para o financiamento autonómico, ou sexa, hai que escoitar de todo, hai que escoitar de todo. Nada máis de momento e moitas grazas.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: eu lle pregunto ao portavoz socialista que repetiu varias veces: que asco!, que asco!...Que asco o que? Pactar con xente que mata? Repito a mesma frase que dixo o compañeiro do Partido Popular; iso é o que dá asco e vergoña? Iso é o que lles daría a vostedes, como socialistas, dicir o que lle dá vergoña, porque a nivel nacional vostedes fixeron un pacto que os deixou completamente á deriva. Porque o presidente de Bildu , vostede sabe perfectamente quen é e eu non llo vou a explicar porque vostede coñéceo e seguramente opinará exactamente o mesmo ca min desa persoa, seguramente. Entón a vergoña e o asco é pactar con partidos como Bildu. Nada máis. moitas grazas.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG: moi brevemente. Eu tratei de engadir unha ideas a estas propostas e entendo que non vai ser posible; pero con todo, referendar o que di aquí porque é absolutamente certo. Euskadi e Navarra estes días estaban calados porque tiñan o seu e, aquí, os que choromicábamos eramos o resto das comunidades autónomas. Entón, ese é o problema real de fondo, quen é o dono dos fondos do Estado? Quen recolle? Porque o que recolle é o que vai repartir. Seguimos a pensar, dende o BNG, que quen tiña que recoller era a facenda galega e, a partires de aí, achegara ao Estado o que se estimara, o que fora oportuno para manter os sistemas comúns; pero a partires de aí, ser nós quen de xestionar os cartos que se producen e se xeran en Galicia.

Mentres isto non sexa así, con estas zarandainas estaremos ata que os Governos de Madrid o teñan a ben, por moito que agora, puntualmente, protestemos. Seguramente, se hai un cambio de goberno dentro duns anos, volveremos pero á contraria e aquí estaremos nós no medio. Nada máis e moitas grazas.

D. Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista: que dano fai, que dano fai nomear a corrupción no antro da corrupción! E que malos bichos saca de dentro da xente; cando digo *que asco!*, digo utilizar a morte da xente como ferramenta de discusión política. Que asco! Que asco! Que poucos principios para soltar algo así nun lugar coma este! Que auténtico asco! Iso é o que quero dicir. E quero dicir asco tamén cando, mire, isto é unha nota de prensa (pero é que é *asqueroso*): *un debate en la Comisión Municipal de Hacienda en el que Bildu reclamaba al alcalde de Vitoria, Javier Maroto, que apruebe ya un proyecto de presupuestos, se convirtió ayer en el escenario elegido por el regidor para ensalzar que, en Vitoria, el PP pacta con Bildu en iguales condiciones que con el resto de partidos.* Que asco, que asco! Pero non é asco que pacten os partidos con outros, o que é asco é que os mortos son mortos de todos. Con iso non se xoga e non se trae a un debate. Que calamidade moral hai nesa mente para ser capaz de traer unha cousa tan abominable como esa a este lugar. Que noxo! Que auténtico noxo! E por nomear a corrupción. Mire, este non era o debate, pero vostede, publicamente, ten que saír a pedir perdón, perdón non; ten que pedir publicamente excusas porque o perdón é unha cousa de moral católica, non vamos a falar diso. Pida excusas publicamente por utilizar o nome do Partido Socialista, vinculado coas mortes de tanta xente que loitou por este país; entende? Iso é inadmisibile, é abominable. Iso non se fai e non o fai unha persoa que, ademais, é voceiro que ten unha responsabilidade e que como responsable que sabe que cando falo de corrupción falo con pelos e *señales* – podo falar moito máis - cando falo de corrupción estou falando de que iso é inadmisibile e non entro en máis detalles; pero non xogue coa vida de ninguén. Advírtoo, non xogue coa vida de ninguén nin o utilice no debate político e menos cunha moción tan preeira como esta. Unha moción preeira que só ten un obxectivo político miserable e que se ampara, ademais, nun feito que vostede coñece de sobra: cando non están aprobados uns orzamentos, hai determinadas cousas que non se poden aprobar. O Estado está facendo todo o que pode para axudar, como sempre; a pesares de non contar co respaldo dos grupos políticos que terían permitido coa súa abstención ou co seu apoio que estivese gobernando hoxe. Veñen unha eleccións, novamente a xente poderá elixir. Tras iso, seguramente, farase cargo o goberno que estea do que está ocorrendo, se é posible e senón buscará as ferramentas para facelo. Mire, é que é innecesario, eu penso que non era necesario recorrer a isto; pero mire, a avogacía do Estado xa dixo nun contundente informe que un goberno en

funcións e con orzamentos prorrogados non pode facer transferencias. *O goberno en función exercerá as súas tarefas sen introducir novas directrices políticas nin, dende logo, condicionar, comprometer ou impedir as que deba trazar o que o substitúa.* Decía o Tribunal Constitucional en decembro de 2005, cunha fundamentación legal que a propia avogacía do Estado tamén *respalda* no seu informe: *entre as orientacións políticas que ten vedadas un executivo en funcións, está a aprobación dos orzamentos; pero tamén a revisión das entregas a conta ás Comunidades pola súa propia transcendencia cuantitativa e cualitativa.* Que máis hai que dicir? Non ten percorrido, o 10 de novembro son as eleccións. Os recursos, afortunadamente, non faltan la administración provincial -como é o caso-, tampouco no Concello de Ourense, nin na Xunta de Galicia. Non creen un falso debate e sobre todo, sobre todo, non lixen o debate.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas, presidente. Por empezar polo final, voulle a dicir que ou ben vostede non se *entera*, ou non se quere *enterar*; pero xa empezo a dubidalo. Porque o que ten dentro xa o fai manipular ata todo. Mire, acábolle de dicir, e saíu nos medios de comunicación, que en 10 días ían desbloquear esta situación; ou sexa que ese informe que vostede leu non debe valer para nada. E o que dixu o seu compañeiro, e supoño que *jefe* en Galicia, don Gonzalo, Caballero –non don Abel-, linllo antes, non son palabras miñas. Entón, o que antes non podía ser, agora pode ser. *Bueno*, vostede explicárame porqué, pero non creo que mo faga. E logo resulta que vostede é un manipulador, non o digo eu; pero agora xa mo creo porque o din os seus compañeiros e compañeiras. Digo eu, agora si que o digo eu tamén. Mire, eu non me referín ás mortes que vostedes di por falar da corrupción; referinme polos pactos os que citou vostede, os que citou vostede. De corrupción falamos cando queira e igual nos temos que pór colorados todos; non porque o sexamos vostede e eu (que eu non o son, non dubido que vostede non o sexa tamén), pero ao mellor tivemos compañeiros e compañeiras no partido que merecen que os retiremos e os fulminemos (dígoo desde o punto de vista político, non persoal), aí seguramente estamos de acordo. Díxenlle que nós non somos uns santos, pero vostedes tampouco. E referinme ao das mortes, e mantéño, e mantéño, vostedes pactaron e se os meus tamén pactaron eu non vou a dicir que asco -esas palabras utilízaas vostede-, pero repúgnome pactar con esa xente, os que mataron a compañeiros e a compañeiras, de vostede e meus, polo simple feito de ser do PP ou do PSOE. Iso deberíao de entender vostede. A iso me referín, a ningunha outra cousa. E non manipule nunca as miñas palabras, porque é vostede un manipulador e agora si que llo digo aberta e claramente: é vostede un manipulador. Por segunda vez xa mo ten feito. E dito isto, vou acabar co que nos ocupa hoxe, que non é ningunha *triquiñuela*, é que o Estado nos debe aos concellos, e

ás deputacións e ás comunidades autónomas e non paga. Esa é a *tontería*, esa é a *tontería* de vostede; pero parece ser que para o señor Page non é unha *tontería* e para o señor presidente de Aragón tampouco. *Bueno*, ao mellor é que como vostedes son de non sei que signo cada un, cambian de opinión segundo lles vai. Pero, bueno, repito: non manipule nunca máis as miñas palabras. Intente ser boa persoa porque non o é, intente selo. É vostede un sen vergoña, á parte de manipulador. Deixe falar aos que o respectan cando fala; eu respectéino cando falou, entende?, respectéino cando falou, vostede non porque é o que é, punto. O que din que é, que eu coñezoo pouco, e tampouco teño ningún problema en seguilo coñecendo máis. En resumo, o que pretendemos é lisa e claramente que o Estado pague ás deputacións, aos concellos e ás comunidades autónomas o que nos debe. Por que? Porque están en xogo os servizos sociais importantes, sanidade, educación, etc... *bueno*, pois volta a que non. Seguramente vostede, se fora conselleiro de educación e lle faltaran non sei cantos millóns de euros, arranxaría sacándollos ao do lado. Pero *bueno*, esa é a súa filosofía e xa digo eu que para a política valem todos; incluso vostede e eu. Repito, o libramento desta débeda é algo que debemos esixir todos, xa o dixen antes, á marxe de discrepancias políticas e, incluso, de debilidades políticas e de consignas de non sei que tipo. Nada máis. Moitas grazas.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: simplemente nada máis que achegar, e comparto cada unha das palabras que acaba de dicir o voceiro do Partido Popular. Nada máis, moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 13º.

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación a moción, e co voto favorable do Grupo Popular (12), de Democracia Ourensana (2), do BNG (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e o voto en contra do Grupo Socialista (8), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º. Instar ao Goberno do Estado, no que atinxe a financiamento autonómico, a instrumentar, de maneira inmediata, un crédito non retribuído coas comunidades autónomas cuxa devolución se compensará coas entregas a conta que o Goberno ten pendente de liberar, e a que adopte as medidas que sexan necesarias para que as comunidades autónomas reciban, o antes posible, os anticipos a conta que lles corresponden, tal e como obriga o artigo 11 da LOFCA.

2º. Solicitar ao Goberno que remate co bloqueo de recursos financeiros de concellos e deputacións e pide que se avalíe o impacto destes impagos, e instalo a compensar os 2.496

millóns de euros de desfase do IVE que se xeraron trala implantación do Sistema Inmediato de Información (SII), e a convocar urxentemente o Consello de Política Fiscal e Financeira para, entre outros temas, buscar unha solución definitiva que impida o bloqueo das entregas a conta das CCAA por parte do executivo.

3º. Instar ao Goberno do Estado a que dea a coñecer o impacto ocasionado nas entidades locais da provincia de Ourense e a que dea a coñecer as solucións que vai adoptar o executivo para resolver este problema de financiamento.

4º. Solicitar que o Goberno do Estado explique cales son as razóns polas cales, á data de hoxe, non ten cumprido as súas obrigas legais e de base constitucional, para transferir a actualización dos recursos derivados da Participación en Ingresos do Estado e do resto de recursos financeiros que lles corresponden ás entidades locais da provincia de Ourense; e demanda coñecer cando e de que modo vai cubrir o Goberno o esforzo orzamentario que están facendo as entidades locais para atender o incremento das retribucións dos empregados públicos das entidades locais previsto no Real decreto lei 24/2018, de 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público na provincia de Ourense.

5º. Instar ao Goberno a que informe a que importe ascenden os recursos pendentes de librar polo Ministerio de Facenda a cada un dos concellos da provincia de Ourense.

14º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DE CIUDADANOS PARA UNIÓN POLA DEFENSA DA SUSTENTABILIDADE DO SECTOR AGROGANDEIRO NA COMARCA DA LIMIA.-

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Socialista presentou unha emenda de substitución e cédelle a palabra a Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía para que expoña o contido da moción.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: moitas grazas. *Bueno*, pois estamos no punto máis importante da orde do día no día de hoxe deste Pleno da Deputación. Vou a intentar ser o máis breve posible porque son as 15:15 da tarde e considero que debemos ser rápidos. Vou a facer un breve resumo. De todos é coñecida a situación que se está a vivir na comarca da Limia, referente ao sector agrogandeiro e medio ambiente. É unha situación alarmante que o único que está a conseguir é desprestixiar ao sector e á comarca, sen ter en conta o dano irreparable que se pode provocar. Este dano á imaxe da Limia pode levar á ruína a moitas familias e a comarca sufrirá un grave retroceso. Para nós, a auga das nosas terras, a auga dos nosos ríos, é un ben que debe estar protexido e que todos estamos seguros, queremos que sexa o máis pura e limpa posible e, por elo, debemos frear inmediatamente certas situacións. Non podemos responsabilizar en exclusiva ao

sector agrogandeiro e facerlles asumir as nefastas consecuencias de xerar unha alarma social, como o acontecido o pasado mes de agosto que provocou tensas situacións. Pero todos temos que traballar na mesma liña, principiando polas diferentes administracións, responsables, si; pero de todos os axentes implicados, non só –como sempre- do último e máis débil elo da cadea, cargando no sector agrogandeiro a responsabilidade de asumir grandes investimentos e provocando o peche definitivo de moitas explotacións e granxas que non poderán asumir os custos desta transformación. A Xunta de Galicia manifestou, ata o de agora, unha absoluta pasividade. Si que é verdade que, entre que rexistrei a moción e ata día de hoxe, convocouse a Mesa da Limia; deber ser certo o dito este de: *móvese o castiñeiro e caen as castañas*. É preocupante o abandono no que o Concello de Xinzo de Limia, xunto con Viaqua, ten algunhas depuradoras e como a Confederación Hidrográfica Miño-Sil ten nas canles da nosa comarca materia orgánica en descomposición nos leitos que non se limpa e, polo tanto, non drena e acaba causando inundacións de parcelas e asolagamento dos cultivos; arrastrando substancias contaminantes. Así mesmo, Coren, como máximo expoñente e referente empresarial da nosa comarca, está tamén obrigado a actuar dun xeito responsable e a adoitar medidas de carácter inmediato para salvagardar a sustentabilidade de devandita zona; non en balde estamos a falar dunha empresa con gran capacidade de investimento que lle permite afrontar calquera modificación das súas infraestruturas e que se nutre directamente da Limia. Fai uns anos, como todos saben, a través do *Programa Life* da Unión Europea investíronse 2 millóns de euros no *Plan Life Regenera Limia*, co obxectivo de compatibilizar a actividade agraria e gandeira co bo estado das masas de auga da comarca. A pregunta que todos nos debemos facer é, onde están os resultados dese millonario investimento? Pregunta que se fan políticos, granxeiros, agricultores, ecoloxistas, que todos nos facemos: onde están os resultados dese millonario investimento? Son moitos os aspectos que debemos analizar. Deben preocuparnos a comarca, o sector agrogandeiro é o motor económico da Limia e parte da economía desta provincia. Temos que dialogar, cooperar e resolver e protexer as nosas augas a través de boas prácticas e cunha boa xestión dos xurros. A futura Lei do sistema integrado para a xestión de dexeccións gandeiras xeradas nas explotacións, impulsada pola Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias pretende revolucionar esta cuestión; deseñando un sistema integrado de xestión das dexeccións. Actualmente, esta norma autonómica atópase en fase de alegacións, entendendo como necesaria a súa pronta aprobación; aínda que esperamos teñan a ben recoller todas as inquiredanzas e necesidades dos sectores afectados. As esixencias deben vir acompañadas de propostas e facilidades para os afectados. É un feito que os residuos que se xeran nas explotacións gandeiras poden

constituír un problema ambiental; pero tamén se converten nun recurso do que se benefician os propios agricultores e gandeiros. Estes xurros, utilizados como fertilizantes das terras, fan necesario contar con foxos ben dimensionados, capaces de albergar os excedentes de ser o caso. Por iso é preciso adoptar acordos e solucionar a problemática que xorde dun modo global, cunha visión de conxunto. Debemos traballar conxuntamente todos os partidos políticos, asociacións, organismos, institucións e veciños. Estamos a falar do futuro de moitas familias, do futuro da calidade das nosas augas e do futuro que lle pretendemos deixar aos nosos fixos. Débenos preocupar e importar a Limia porque a Limia necesita de nós e nós dela. Por todo o anteriormente exposto, ao Pleno da Deputación para que se aproben os seguintes acordos. Como todos vostedes saben, a Mesa da Limia foi convocada, polo tanto a miña petición é retirar o acordo número dous da moción e modificar, que xa se trasladou na comisión informativas, modificar o punto 3, en vez de *en toda a Comarca* (foi un erro pola miña parte) é *en todo o Concello*. Por outra banda, en canto á emenda de substitución de acordos por parte do Grupo Socialista, xa lle vou a trasladar que non vou admitir ningún tipo de substitución a esta moción tan importante para a nosa provincia. Nada máis e moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG: *bueno*, pois eu concordo no fondo e, de feito, xa no ano 2011, compañeiros do BNG reclamaron medidas de actuación ante a invasión da cianobacteria no encoro das Conchas e, non sei se tería algo que ver, pero este ano o BNG levou a Bruxelas, a distintos colectivos, e fixo reaxir á propia Consellería e a Coren, que abriron os ollos ante un problema que leva anos a inflamarse; visualizando este grave problema medioambiental ante o cal se facían oídos xordos. É certo que os gandeiros son os principais actores sobre o territorio, pero a Consellería e Coren, neste caso, deben pór os medios, a formación e a sensibilización para neutralizar este grave problema que xera na comarca esta grave contaminación. Eu, sinceramente, solicitaríalle aos dos grupos (a Ciudadanos e ao Grupo Socialista), porque creo que son en boa medida compatibles as dúas propostas e, de feito, a min seméllame que a primeira encaixaría perfectamente no primeiro punto do Partido Socialista e a segunda tamén podería encaixar; máis alá despois de esixir ao Concello de Xinzo de Limia, que aí xa o comentaba o outro día a compañeira, que sería o Concello de Xinzo de Limia e Viaqua e sempre tendo en conta que non é este o maior dos problemas. E engadiría outro punto que sería: que a Xunta decrete unha moratoria, ata poñer as medidas acaídas para a xestión sostible deste territorio, nos permisos de ampliación e novas explotacións. Porque, sinceramente, o que non ten sentido

é que ata que non se poñan en marcha medidas que eviten o problema, porque o problema está aí, e non se siga a incrementar dando permisos a novas explotacións; semella que é algo que non ten ningún sentido. E ogallá isto se solvente e se poida seguir a xerar economía neste territorio; dende un punto de vista sempre da sustentabilidade medioambiental porque, a día de hoxe, desgraciadamente isto non é así. Non teño máis que engadir, si que, por suposto, para nós o sector agrogandeiro - non só na comarca da Limia, senón en toda a provincia de Ourense - é prioritario; non xa soamente polo que supón de riqueza económica, senón polo que debería de axudar á sustentabilidade do noso territorio e, incluso, a un desenvolvemento sostible a nivel turístico. Nada máis e moitas grazas.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: grazas. Simplemente para anunciar que imos apoiar a moción. Nada máis.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista: grazas presidente. Bos días a todos e a todas. Benvida á representante de Ciudadanos a esta preocupación de extrema gravidade que xa levamos anos debatendo, neste e noutros foros. Nalgunha ocasión, esta deputada e, daquela, voceira da oposición pediulle desculpas a Plácido porque ten unhas magníficas instalacións no seu concello e era o muro de contención de todo o lixo que baixa pola conca do Limia cara ao seu concello. Polo tanto, volvo a pedir desculpas, Plácido, porque tes que sufrir en carne propia (ti e máis os teus veciños) esa explosión de cianobacterias. Pero isto non é novo, chove sobre mollado e digo que chove sobre mollado porque, como ben dicía o representante do BNG, isto xa foi debatido aquí no ano 2011 e esta deputada, e agora alcaldesa de Xinzo, presentou no ano 2014, por certo, unha moción nesta institución sobre a creación dun Plan de tratamento de xurros para a provincia de Ourense. Moción que foi aprobada por unanimidade e que tiña a seguinte proposta de acordo:

- Elaborar un Plan de tratamento de xurros para a provincia de Ourense por parte da Deputación Provincial.

- Solicitar ao Goberno da Xunta de Galicia que habilite partida orzamentaria para levar a acabo as instalacións oportunas para xestionar os xurros; dado que nin as terras, nin as augas, son capaces de soportar máis niveis de agresión.

Dende aquela, pasaron cinco anos. Cinco anos nos que moitas administracións, incluído o goberno do Concello de Xinzo, a Confederación Hidrográfica, os propios agrogandeiros, pero tamén esta casa, miraron cara a outro lado. Esta alcaldesa e deputada nesta Corporación non o vai a facer. Non o vai a facer por dous motivos, porque a situación é tan grave que o propio conselleiro, na primeira Mesa da Limia, prometeu que volvería e

volveu o 20 de setembro e o 20 de setembro comprometeuse a esas cousas que van recollida nesa emenda que lle presentamos á autora da moción que din:

- Un Plan Estratéxico para o sector agrario da Limia.
- Un Plan de Formación agrogandeiro para a Limia.
- E o SIDEGA, é dicir, o Sistema de Xestión Integrado de Dexecións Gandeiras de Galicia.

O señor conselleiro, diante de todas as organizacións implicadas, diante da Confederación Hidrográfica, diante das diversas plataformas medioambientais da comarca, comprometeuse a instalar catro plantas de tratamento de xurros en Galicia e a primeira delas na Limia. Coren vai abrir, iso din, a planta de tratamento de xurros que tiveron que pechar cando o señor Rajoy suspendeu as primas e os incentivos a renovables. Recordan? Pechou a de Coren e pecharon outras 28 máis que había en España. Polo tanto, os problemas dos xurros nesa comarca, noutros territorios de Galicia e noutros territorios do Estado, viñeron a incrementarse ano tras ano. Benvida, señora Lama, ás inquietudes e á problemática que temos no Concello de Xinzo de Limia; pero vostede era concelleira dende o ano 2011-2015 e dende o ano 2015 ao 2019 e, agora, na súa moción vennos a dicir por que non facemos ou por que non mostramos como están as depuradoras do concello, primeiro dixo da comarca; pero *bueno*, temos a competencia que temos e é a do concello. Pois mire, a situación téñolla aquí, ao mellor vostedes non a coñecían. 20 fosas sépticas, fosas sépticas de vertidos no municipio de Xinzo de Limia. 20 fosas sépticas que dan cabida a 1.534 persoas en núcleo rural. Con respecto á situación das depuradoras tamén hai aquí un informe da concesionaria solicitado, por certo, en xuño do ano 2019. Ao mellor, ao Partido Popular non lle interesaba moito nin saber como estaban nin reclamar os cartos para arranxalas. Polo tanto, non estamos a falar só da depuración das augas residuais das depuradoras. Estamos a falar dun problema medioambiental gravísimo na comarca da Limia porque hai estudos e datos contrastados no Ministerio da Transición Ecolóxica; porque están afectadas augas superficiais, Plácido, e porque están afectadas augas subterráneas ou en risco. E se temos que declarar a comarca, como a comarca da Limia, como afectada polas augas en mal estado, mala solución vai a ter o sector agrogandeiro. Oxalá iso non chegue a ocorrer. Pero esta alcaldesa e esta deputada que lles fala, propúxolle unha emenda que é:

1.º- Darlle unha marxe de actuación, de aquí a finais de ano, á Consellería e a esa Mesa da Limia (si, porque a min gústanme as cousas para antonte)

2.º- Implicar a esta Deputación Provincial para que en colaboración e cooperación e asesoramento cos recursos técnicos, económicos e humanos que foran precisos, se

desenvolvan os proxectos de melloras medioambientais en explotacións na Comarca da Limia.

Porque mire, señora Lama, de nada vale que os que esteamos aquí sentados asinemos un documento; iso non soluciona para nada o problema medioambiental nin o problema económico da comarca máis agrícola da provincia de Ourense. Polo tanto, rógollo encarecidamente, que revise cada un dos puntos da súa moción e acepte esta engádegas de substitución e, incluso, eu me atrevería a asumir tamén a que propón o Bloque Nacionalista Galego que é trasladar á Consellería do Medio Rural que, ao mellor, ten que mirar unha moratoria na instalación de novas explotacións agrogandeiras -sobre todo gandeiras- na comarca da Limia. De momento, nada máis e moitas grazas.

D.^a Ana María Villarino Pardo, do Grupo do Partido Popular: grazas, presidente. Moi bo día a todos. Entendemos que a moción presentada polo Grupo de Cidadáns foi presentada, efectivamente, o día 11 de setembro, antes de que se reunira por segunda vez esta Mesa da Limia, que tivo lugar o venres pasado; polo tanto hai cuestións que aparecían aí reflectidas que, a día de hoxe, xa están superadas. Dende o Grupo Popular concordamos plenamente co obxectivo desta moción que é o de impulsar a actividade agrogandeira na Limia, dende unha tripla perspectiva sustentable: económica, social e ambiental. Para isto creouse, no mes de abril, a principios do mes de abril, esa Mesa da Limia na que están representados todos os sectores socioeconómicos e políticos da comarca da Limia e na que, o pasado día 20, houbo unha segunda reunión. Aquí tamén se falou da necesidade dunha lei de xestión de residuos que, neste momento, acabou o trámite de consulta pública e, agora mesmo, daráselle estudo a esas alegacións que fixeron os distintos sectores para aprobar unha lei para o tratamento de xurros co maior consenso posible; dado que o obxectivo último é poñer en marcha un sistema integrado de dexestións gandeiras (o SIDEGA), unha iniciativa coa que se pretende abordar todo o relativo ao tratamento e aproveitamento destes residuos. Na reunión do pasado venres, na reunión da Mesa da Limia, o conselleiro de Medio Rural entregou aos presentes dous documentos eu creo que ben importantes, o Plan Estratéxico do sector agroagrario da Limia no que se recolle un cronograma das actuacións que se van a facer, as Mesas Sectoriais que se van a reunir e no que se di que a finais e a principios do ano que vén se recollerán, nunhas xornadas de participación nas que estarán implicados todos os axentes socioeconómicos e está previsto que para o verán de 2020 teñamos o que sería ese documento final dese Plan Estratéxico da Limia. Tamén presentou, o señor conselleiro, un plan de formación agrogandeiro na Limia no que se conclúe que se promoverán actividades formativas para afrontar os retos de futuro e demostrar que unha mellor xestión ambiental das explotacións e compatible coa

mellora dos resultados económicos. Por parte de Coren, tamén nesa mesma reunión da Mesa, presentouse o seu Plan de actuación ambiental no que se comprometeron a reabrir, como ben dixeron, o Centro Tecnolóxico Medioambiental de Sarreaus, que absorbería o 100% dos residuos de porcino, e traballar tamén na ampliación da planta de biomasa en Santa Cruz de Arrabaldo para o tratamento dos residuos producidos nas granxas avícolas. O que nos sorprende da emenda de substitución, presentada polo Grupo do PSOE, e que aquí coincide que a voceira neste asunto é alcaldesa da Limia, retire ou queira obviar - non sei se de forma intencionada - tres puntos que aparecen na moción que nos presentou Ciudadanos que é o de esixir ao Concello de Xinzo de Limia que achegue documentación de como están as instalacións e asuma as responsabilidades oportunas; o punto 5 no que se di instar á Confederación Hidrográfica Miño-Sil que limpen os leitos e as canles para evitar maiores problemas e o punto 7, no que se traslade ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a creación dunha gran planta de almacenamento e transformación de xurros. Non sei se iso ten que ver con que é mellor botar balóns fóra e autoesixirnos a nós mesmos, pois, para que, non?, ou que estas dúas entidades, tanto a Confederación Hidrográfica como o Ministerio, aínda que estea en funcións, son gobernos amigos. *Bueno*, no noso caso xa o trasladamos na comisión informativa e aquí reiteramos o noso apoio á moción presentada polo Grupo Cidadáns para este tema. Nada máis e moitas grazas.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: moitas grazas. Neste aspecto concordo coa deputada Ana, señora Ana Villarino, non entendo, primeiro, unha emenda de substitución de sete acordos -que loxicamente o número 2 hai que retiralo porque este acordo xa se levou a cabo o venres pasado-, non entendo como unha moción, que levou o seu tempo realizala, e vostede dime: *benvida á preocupación*. Benvida vostede á preocupación de facer unha emenda de substitución dos acordos; dos sete acordos baixalos a dous, benvida vostede á preocupación, porque se vostede tiña tanta preocupación, non entendo como non existe unha moción do Grupo Socialista para o tema da xestión dos xurros e para o tema do que aconteceu no mes de agosto en Xinzo (que vostede e máis eu sabemos); non entendo por que non existe ese respaldo tamén. O que non podo entender tampouco é que non teña a ben...ten o meu teléfono, somos compañeiras en Xinzo, vostede é alcaldesa e eu réndolle o meu respecto sempre, ten o meu teléfono, chámeme, e podemos conversar disto, antes de vir ao Pleno a traerme unha emenda de substitución dos acordos da miña moción. Polo tanto, en primeiro lugar, non entendo por que quere retirar o acordo de esixir ao Concello de Xinzo de Limia, e non lle digo que a responsabilidade sexa súa, téñollo dito. Sei que vostede herdou moitas cousas, vostede non é a responsable; pero agora mesmo ten a responsabilidade como alcaldesa. Non entendo tampouco por que non podemos instar á

Confederación Hidrográfica Miño-Sil; aínda que se falasen na Mesa da Limia certas cousas que van nestes acordos, simplemente é recalcar e volver a dar estes acordos e trasladar estes acordos. Eu sei perfectamente que firmar un papel non serve de nada, son consciente; pero solo o feito de que agricultores, gandeiros, ecoloxistas e veciños vexan que nos unimos pola mesma causa, sen cores políticas, iso xa é un gran paso. Entón, eu pídolle que me explique por que ten que quedar fóra a Consellería de Medio Rural que, en ningún momento falou na Mesa da Limia de crear unha liña de axudas específicas para promover estas infraestruturas, pídolle que me explique porqué non podemos trasladar ao Ministerio de Agricultura e Pesca... Vostede fala de que a Xunta de Galicia falou da creación dunha planta, cando? Como? E cantas toneladas vai a xestionar ao día? Porque, como todos sabemos, a planta de Coren non é capaz de xestionar todos os xurros que existen na nosa comarca. Entón, eu vou quedar á espera de que me explique por que de sete acordos que ten a miña moción, teño que obviar os meus sete acordos que eu entendín e traballei moitas horas e rebaixalos a dous acordos que vostede cre que son máis necesarios. Nada máis, de momento, e moitas grazas.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG: *bueno*, pola miña banda afondar no que comentei anteriormente, eu creo que son, en boa medida compatibles, senón complementarias, estas dúas propostas e, polo tanto, o que lle solicitaría aos dous grupos é que chegaran a un acordo para presentar unha emenda única; porque eu considero que si, efectivamente, o tema de fondo é, exactamente, poñer en valor unha comarca como A Limia, ao mesmo tempo que se atalla unha problemática que pode chegar, de non atallarse, a ser un gravísimo problema e xerar multitude de problemas medioambientais, pero por suposto tamén económicos e sociais. E reiterar a miña proposta anterior que, polo que vin, ambas as dúas partes, *bueno*, non sei, creo que si que chegou a manifestar a compañeira, a posibilidade de concretar a moratoria, de solicitar á Xunta a moratoria dentro das medidas a poñer en marcha. E non teño máis que engadir.

D.ª Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista: moitas grazas, presidente. a razón...vamos a ver, Montse, facer mocións dá moito traballo, dá moito traballo por experiencia propia; porque ti sabes, porque, ás veces, noutros foros xente dicíame: *señora Lama usted tiene que leer lo que le escriben*. Pois vai ser que non, facer unha moción, defendela, buscar información, leva un, dos, tres e cinco días moitas veces. En canto a esixirlle ao Concello de Xinzo de Limia que asuma as súas responsabilidades polos danos que poidan sufrir no sector produtivo agrogandeiro, polo deficiente estado das infraestruturas... Home, eu non son a culpable; pero aquí lle teño – xa llo digo - dende o mes de xuño o estado no que se atopan as depuradoras e no que se atopan as fosas sépticas do noso concello, do seu e do meu. Está aquí, como están as depuradoras e como están as

fosas sépticas; por certo, levan algunhas máis de 16 anos sen funcionar. Iso en canto á depuración, pero saben perfectamente, paréceme que están publicados os estudos en diversas administracións, que a causa do problema da contaminación, en gran medida, non é da depuración de augas residuais dos concellos; porque, como dicía Jácome aquí, o que é medible non é opinable (ás veces), pero o que se pode cuantificar dá uns datos obxectivos. Nesas analíticas e nestas mostraxes sábese perfectamente o que é de orixe da depuración humana, o que é da carga agrogandeira, etc... Polo tanto, eu algunha vez, aquí, comentei que hai un programa de televisión na Dous, a min gústame moito ver a Dous porque ás veces apréndese algo sobre todos deses documentais, e xa fai moitos anos que había un documental nun programa que se chama *El escarabajo verde* que se titulaba así, *Empapados en purín*. Rogaríalle a todos e a todas que lle deran unha visual e ese programa documental é xa de fai bastantes anos, dunha comarca de Cataluña que foi trasladando o problema a Aragón onde, precisamente, no mes de abril deste ano tivéronse que adoptar medidas, drásticas medidas, como das que fala o portavoz do BNG, de moratorias por instalacións de granxas en determinadas comarcas por ter as augas e o medio ambiente como o teñen. Defender o sector agrogandeiro é tamén defender o medio ambiente, señora portavoz do Partido Popular; non todo se basea na economía. O tecido agrogandeiro da Limia, ou do Val de Monterrei, ten que ser respectuoso co medio ambiente, porque senón non hai tecido que valga. Cando os nosos agricultores e os nosos gandeiros non teñan auga potable para darlle de beber ou para regar os seus campos, mal vamos. Sobre o que me di, xa estamos en tempo de desconto, polo que me di a voceira de Ciudadanos con respecto á Confederación Hidrográfica; aclararlle que o presidente da Confederación a vindeira semana estará na Limia visitando cada canle, *in situ*, para saber como están os que son da súa competencia e os que son da competencia do Medio Rural. Téñolle que dicir unha cousa, temos unha presa en Gudín cun fermoso camiño ao lado do río convertido nunha cloaca. Convídoa a que dea un paseo ata arriba e que vexa o estado lamentable, o fedorento e as augas que por alí baixan. Con respecto ao Ministerio, non é por botar balóns fóra, eu serei a primeira porque mire, eu o orgullo téñollo bastante colmado e, agora que teño responsabilidade de goberno, un equipo de goberno multicolor, pero que funciona, que se está preocupando, que onte mesmo estaba a ir a Santiago, que posiblemente a semana que vén teña que ir a Madrid a resolver todo o que o goberno do Partido Popular deixou como herdanza, empezoñada; téñolle que dicir que non me doerán prendas en percorrer os despachos que sexan posibles e tocar aquelas portas que sexan necesarias para acadar recursos e melloras para os veciños aos que represento. Todos con independencia da cor política que teñan cada un, con independencia das ideas ou das siglas que poidan votar.

Polo tanto, penso que dixen claramente neste debate: vamos darlle unha marxe de confianza á Consellería do Medio Rural ata decembro; prazos obxectivos e accións concretas; hai que aprobar normativa no Parlamento de Galicia con respecto a esa lei de dexeccións gandeiras para Galicia. Máis alá diso, esta deputada e esta alcaldesa, espero que acompañada de todos os alcaldes da comarca -da Alta e da Baixa Limia- se é necesario, toquemos en todas as portas para que resolvan un problema, porque esa planta de tratamento de xurros ten que empezar a funcionar, si ou si, xa; porque a planta de Coren só pode tratar un 10 % dos xurros que se xeran na comarca da Limia. Polo tanto, estamos falando dun problema gravísimo. Defensa do sector agrogandeiro si, sempre; pero do medio ambiente e das augas limpas tamén. Polo tanto, aí nos atopará e rógolle encarecidamente que acepte esa emenda de engádegas e, se quere aprobar a proposta do BNG, nós non temos ningún problema a votar a favor. Grazas. Perdón, de substitución.

D.^a Ana María Villarino Pardo, do Grupo Popular: grazas, presidente. Reiterar o apoio do Grupo Popular á moción presentada por Cidadáns; porque cremos, como xa dixen, que a actividade agrogandeira da Limia ten que ser sustentable e dixen, señora Lama Fernández, económica, social e ambientalmente. Tamén lle digo, xa sei que agora vostede é alcaldesa, pero o que nunca deixe de pedir nada a un goberno, a unha administración porque esta sexa amiga; siga esixindo e por iso nos parece moi sorprendente que presente esta emenda de substitución na que non quere que os gobernos amigos teñan ningún traballo nin nada que facer. Nada máis e moitas grazas.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: ben, podo levantarme un segundo? Si [a deputada de Cidadáns entrega ao resto da Corporación un documento con fotografías] Ben, esas fotos que están a ver é a depuradora de Piñeira Seca, municipio de Xinzo de Limia; oxalá puidera traer o sentido do olfacto a esta sala porque aínda onte á tarde volvíñ estar alí e saquei estas fotos. Augas residuais fecais durante 250 metros que verten cara ao río Limia. Esa é a realidade das depuradoras, ou dunha das depuradoras do Concello de Xinzo de Limia. Eu non digo que a mala xestión das depuradoras sexa o principal problema que temos, non; o principal problema que temos son os xurros. Pero que as depuradoras estean en mal estado e vertan directamente residuos fecais cara ao río é moi grave; incluso é un delito medioambiental. Non limpar as concas dos ríos tamén implica a situación que estamos a vivir. Todo suma. Por iso, eu non a responsabilizo (eu sei que isto non é de hoxe, nin de onte, nin de antonte; isto é de fai moito tempo); pero agora vostede é a responsable do Concello e vostede ten que asumir isto como se fose seu e buscarlle unha solución. Porque mirar para outro lado, ou intentar retirar da moción de Ciudadanos estes puntos, non lle vai levar a ningunha solución. E de verdade que llo digo dende o cariño, e

sempre llo dixen. Porque todo suma, as augas residuais fecais, é tremenda a situación e algunhas porque non puiden acceder, porque non se pode acceder ata o río a ver como verte directamente o tubo da depuradora. E tiña que ver ás nosas veciñas, onte, de Piñeira Seca, que me cadrou estar a charla con elas; se as escoitara, igual cambiaba de opinión. Entón, eu o único que pido, por favor, é que nos esquezamos da cor política. Dá igual os que estiveron antes, os que están agora ou os que virán despois; vamos a solucionar o problema. Claro que lle hai que dar unha marxe á Consellería para que faga todo o que dixo o conselleiro o outro día e oxalá o faga; tamén, estivo sete meses desaparecido, eh: Mesa da Limia sen convocar, agricultores e gandeiros abandonados completamente. Entón, oxalá o faga porque o necesitamos; pero temos que instar e esixir a cada unha das institucións (e incluso a Coren porque ten a súa responsabilidade) a que todos xuntos vaimos no mesmo camiño. Porque a solución ten que ser xa, porque pasado mañá vai ser tarde; entón pechamos e mudamos de Xinzo. Nada máis e moitas grazas polo apoio de Democracia Ourensana e do Partido Popular.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 14º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 14º.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda de substitución do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), e o voto en contra do Grupo Popular (12), de Democracia Ourensana (2) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1).

A continuación somete a votación a moción, coas correccións que se produciron durante o debate, e co voto favorable do Grupo Popular (12), de Democracia Ourensana (2), do BNG (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e a abstención do Grupo Socialista (8), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Adoptar, todos os partidos políticos que forman parte da Corporación desta Deputación Provincial, un compromiso común –que sexa referendado nunha mesa de firma- en defensa e protección do sector agrogandeiro na procura de solucións en prol dunha comarca sostible coa consecuente mellora das súas augas; en definitiva que permita o cumprimento e adaptación paulatina e progresiva as directivas europeas.

2º.- Esixirlle ao Concello de Xinzo de Limia que asuma as súas responsabilidades polos danos que poidan sufrir no sector produtivo agrogandeiro, polo deficiente estado das infraestruturas (depuradoras) e achegue un informe exhaustivo do estado no que se atopan as devanditas instalacións en toda o municipio.

3º.- Trasladarlle a Coren que adopte medidas de control e seguimento, tanto das instalacións propias como de todas aquelas granxas que os representan na Comarca, para unha mellor xestión dos residuos, para evitar o deterioro das nosas terras e os nosos ríos.

4º.- Así mesmo, instar á Confederación Hidrográfica Miño-Sil, para que, de maneira inmediata, limpen os leitos e as canles para evitar maiores problemas e permita avanzar neste grave problema e adoptar unha solución definitiva.

5º.- Trasladarlle á Consellería de Medio Rural que estude a posibilidade de crear unha liña de axudas específicas para promover infraestruturas máis modernas e respectuosas co medio ambiente e que permitan adaptar a maquinaria existente.

6º.- Trasladarlle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación – Ministerio para a Transición Ecolóxica, que estude a posibilidade de asinar un convenio coas diferentes administracións e institucións para a creación dunha gran planta de almacenamento e transformación de xurros.

15º.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á NOVA COCIÑA DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE OURENSE E Á NECESIDADE DO MANTEMENTO E INCREMENTO DO PERSOAL.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG: *bueno*, se me permite o presidente, neste caso voulle ceder a miña quenda de palabra aos representantes dos traballadores da cociña do CHOU para que eles defendan a moción.

O presidente, tras o acordo dos voceiros, cédelle a palabra á representante dos traballadores da cociña:

D.ª María José Rodríguez Méndez, traballadora da cociña do CHUO: señores e señoras deputadas provinciais, bo día. En nome do colectivo da cociña do CHUO agradezo a oportunidade que se nos concede para poder expresar a situación que se avexina por mor da apertura da nova cociña neste Complexo Hospitalario. Esta situación non só afecta ao colectivo de cociña, senón tamén a todas as persoas usuarias do SERGAS porque a alimentación é un elemento clave na recuperación, como todo o mundo sabe. Segundo os orzamentos autonómicos de Galicia, dende o ano 2010 ata o día de hoxe, están contemplados 126 pinches, 13 deles atópanse no Complexo Hospitalario do Barco de Valdeorras; así que na cociña do CHUO tería que haber, na actualidade, 113 postos que, por carteleira, só se atopan 96, faltariamos 17. Isto representa un 15% do orzamento percibido. Destes 96 só estarían estabilizados 82 e os outros 14 están cubertos con contratos mes a mes: precariedade laboral. Por outro lado, tampouco nos coinciden os postos dos cociñeiros e cociñeiras da memoria dos orzamentos. Aparecen 20 cociñeiros: 4 destinados

no Centro Hospitalario do Barco de Valdeorras e 16 na cociña do CHUO; faltaríannos dous que están sen cubrir. Tamén nos faltaría unha gobernanta porque nos orzamentos aparecen dúas e na actualidade só hai unha. Este número de persoal foi creado para un número de pacientes menor ao da actualidade, xa que o número de menús aumentou. No 2005, movíamos entre 500-600 menús, hoxe temos puntos de 900; sen contar Verín que sumaría 100 aos que, en breve, se lles dará servizo dende Ourense. Na categoría de pinche hai tres promocións internas sen cubrir, 5 xubilacións sen cubrir, 8 postos que saíron do servizo por saúde laboral sen cubrir. Na categoría de cociñeiro hai unha persoa en loxística sen cubrir. Todo isto convértese en precariedade laboral e en contratos de mes a mes e de 15 a 15 días. Conclusión, despois de estar todos estes anos roubándonos persoal e traballando baixo servizos mínimos, con precariedade laboral na contratación, queren reducirnos 31 postos de traballo; cando presumen de aumentar 7 plantas, 15 unidades e 500 camas no novo Hospital. De pouco vale aumentar en infraestruturas, se perdemos persoal e calidade. Por outra banda, a experiencia dinos, por pór un exemplo, en Lugo antes da nova cociña eran 69 pinches; cando comezaron coa liña fría chegaron a un acordo a Comisión de Centros coa Xerencia para comezar con 100 pinches. Co paso do tempo foise reducindo ata chegar aos 89 actuais por un servizo de 400 menús, 500 menos que en Ourense. Non se pode xogar coas cifras e mentir deliberadamente. A realidade é a que é e os números non enganan. Moitas grazas a todos en nome do colectivo do CHUO pola atención dispensada. Agardamos que non caia en saco roto.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista: grazas, presidente. Queremos comezar, en nome do Partido Socialista, mostrando o noso apoio aos traballadores e traballadoras do Complexo Hospitalario de Ourense. O noso apoio na súa loita por denunciar os despidos planificados dende o SERGAS e denunciar as pésimas condicións laborais, a inestabilidade e a precariedade de moitos deles como ben expuxo María José na súa intervención. Dende o noso grupo vemos a mesma intencionalidade da que fala o Bloque Nacionalista Galego na súa moción e da que falan e denuncian os propios afectados e afectadas do servizo; que non é outra que a de reducir postos de traballo. É curioso e chama a atención que, con este novo sistema mixto que se vai a pór en marcha na nova cociña do CHUO, exista a pretensión de baixar o número de persoal e en cambio, como xa se expuxo, no Hospital de Lugo coa mesma modalidade de liña fría, o persoal aumenta en 100 persoas. Pois, realmente, non entendemos estas diferenzas de criterio. Non hai que ser moi experto para saber que unha redución de persoal nun servizo –que non en número de dietas- o

que vai a provocar é unha maior carga de traballo o que conleva tamén que haxa unha merma na calidade de comidas. Penso que ninguén pode estar de acordo con esta situación, polo que nos unimos á petición formulada polo Bloque Nacionalista Galego nesta moción e tamén nos unimos á petición das/os traballadoras/es do CHUO a instar á Xunta a que non se reduza o número de postos de traballo, que se manteña e que, ademais, se incremente segundo as necesidades do servizo. Grazas.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos - Partido de la Ciudadanía: moitas grazas. Eu na moción do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense teño información encontrada. Por unha banda a dirección do Hospital trasládame que non hai ningunha credibilidade neses datos; pero por outra banda encóntrome cos empregados do Centro Hospitalario, que acabo de escoitalos agora mesmo, non tiveron a oportunidade de escoitalos anteriormente. Entón, como me atopo con información encontrada e, realmente, non sei cal é a base do problema, porque si que é verdade que as instalacións son boas, considero que son moi boas, e así o transmitiu tamén o director e o profesorado da Escola de Villamarín de cociña nunha visita que fixeron. En canto ao outro tema, vou a trasladar que o meu voto vai ser, de momento, a abstención porque considero que, ao ter información sesgada de cada unha das partes, non podo concluír a facer unha declaración acertada entón, polo tanto, dicirlle ao meu compañeiro do BNG que me vou abster na votación. Nada máis. Moitas grazas.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular: moitas grazas, presidente. Moi bos días, muy buenos días, medios días, casi tardes. Falar de cociña a estas horas, sen comer, pois é un pouco irracional. Vamos a ver, exposición de motivos. Vexo aquí, independentemente da persoa, da traballadora que oín falar, fala de *escurantismo, falta de persoal, detrimento dos traballadores, diminución da calidade...* Cando falamos de sanidade, eu aquí xa levo moitos anos, sempre, sempre a oposición vén con estes cualificativos ou descualificativos, máis ben, que son catastrofistas e eu penso que hai que ser un pouco obxectivos. Porque a primeira cuestión, que aquí non se dixo, en relación coa cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, no plan funcional da cociña dese novo Hospital investíronse, nada máis e nada menos que 5,5 millóns de euros; ou sexa, nada máis e nada menos que cinco millóns e medio de euros. Está catalogada como unha das mellores cociñas de Galicia, sen dúbida, e das mellores de España - de Galicia sen dúbida e das mellores de España - e está a espera da apertura. A representante dos traballadores dixo aquí, nas súas primeiras palabras: *a situación que se aveciña*, estase falando en futuro. Efectivamente este é un tema tan sensible que o Grupo Socialista de Galicia presentou, a finais do ano 2018, concretamente decembro, unha Proposición non de lei (unha PNL) no Parlamento de Galicia para debatela na Comisión 5^a sobre o sistema de

xestión desta nova cociña. Xa se falaba, daquela, hai nove meses, sobre da intencionalidade (aínda hoxe non se puxo en marcha a cociña) de desmantelamento da actual cociña, *coa perda absoluta* – falaba - de postos de traballo; cando non se contaba, nin sequera, cun modelo privatizador, que xa falaban dunha xestión privada, nin a eliminación, para nada, de postos de traballo do persoal que presta os servizos nestes momentos na cociña do Complexo Hospitalario. Solicitaban que se garantira o mantemento do servizo de cociña nas condicións de prestacións actuais (pedía o Partido Socialista, tiven a oportunidade de ler esa PNL) que o actual sistema non sexa substituído, en ningún caso, polo sistema de liña fría. Contestóuselles: *é preciso ter en conta as necesidades actuais, así como as futuras, e que se dea cumprimento á lexislación en materia de seguridade alimentaria*. Porque unha cociña que non asegure a inocuidade alimentaria, arrisca a saúde das persoas; xerando impacto na saúde pública, especialmente das persoas máis vulnerables que son as persoas que están internadas nun Complexo Hospitalario. E voules explicar, porque eu o que lin na prensa estes días é que ía ser a cociña de liña fría, única e exclusivamente, e de aí a alarma. Segundo me explican do Complexo Hospitalario (estiven falando co Xerente dúas veces consecutivas) no pasado, as necesidades alimentarias e nutricionais dos hospitais baseábanse na preparación de elaborados de xeito inmediato: cociñábase e dábase a comida inmediatamente, que é o que se chama, así de rápido, o sistema de liña quente; todo o mundo comprende, prepáranse as comidas e danse as comidas. Hoxe, polo contrario, grazas á innovación e ao acceso as novas aplicacións tecnolóxicas, dende fai anos a cociña industrial aposta por un sistema de liña fría para elevar os niveis de garantía no eido da seguridade alimentaria, porque a seguridade, como dixen antes, é un elemento irrenunciabile e esencial nunha poboación vulnerable e de risco como son as persoas que están internadas. O sistema de liña fría combina a cociña tradicional co arrefriamento rápido e outros sistemas de conservación e permite reducir o risco de crecemento de micro organismos, toxinas, etc... Que é o que ocorre no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense? que sempre que cae un cambio, vén consigo unha polémica. Pero optouse, en todo caso, por traballar nun sistema de liña mixta, con alternancia dos dous sistemas anteriores. Configurouse unha cociña central onde poder resolver os procesos en liña quente e fría combinador, para dar o servizo garantindo a seguridade alimentaria e todos os procesos dende a recepción das materias, ata a distribución dos pacientes da comunidade. É máis, o sistema achegado permítenos unha versión personalizada das dietas, en caso de pacientes de alerxia e en caso de elección de menú por parte dos pacientes, que cada vez é maior. En Galicia hai outros Hospitais nos que xa está instalado, ou traballan con este sistema mixto de liña, o Lucus Agustí en Lugo e o CHUS en Santiago. Aseguramento e mantemento de

actuais postos de trabalo e incrementar o persoal, que se nos explicou aquí e é a parte central da argumentación da iniciativa do BNG. Primeiro, coa nova cociña que pasará á planta -2 (e isto non o sei eu, senón que mo mandan da Xerencia e polo tanto está escrito) do novo edificio de hospitalización, seguirá a ser xestionada polo Servizo Galego de Saúde, polo SERGAS. Que se acabe, que se remate coa privatización da cociña que tanto lemos nos últimos tempos. Segundo, non só se manterán todos os postos de traballo actualmente desempeñados por persoal estable; senón que aumenta o seu cadro con introdución de postos de traballo na actualidade inexistentes que serán dotados de xeito estable e segundo normativa de selección do persoal; e previsión de prazas, claro está. Así lle foi transmitido á Xunta de Persoal en Ourense, en sucesivas reunións, o día 16 e o día 29 de xuño e o 5 e o 14 de agosto; segundo me di persoalmente o xerente, en reunións mantidas directamente co persoal de cociña. Terceiro, non se producirá cesamento de ningún persoal que ocupe praza no servizo de cociña. Cuarto, ninguén vai perder o seu posto de traballo por mor de traslado á nova cociña; pero, ademais, confirmouse a creación de catro novos postos de traballo para profesionais titulados en dietética e nutrición que achegarán, como todos saberán ou poden sospeitar, garantía, seguridade e calidade no servizo. Non hai nada, polo tanto, que rectificar como nos pide o BNG na súa argumentación. Non temos nada que rectificar, tal e como se pide. Van a aumentar os postos de traballo, non vai haber cesamento e incorpóranse catro prazas de nutricionistas e titulados en dietética. E sexto, continuará a realizarse a cobertura das necesidades por ausencias ou reforzos que puntualmente sexan necesarios. En sanidade hai que ver como se din as cousas e deixemos de ser catastrofistas. E non o digo xa tanto polo día de hoxe nesta iniciativa, que tamén; senón que en todas as iniciativas que levo dende o 2011 aquí veñen en plan catastrofistas e estes temas non se pode xogar con eles. Unha cousa é a política e outra é a verdade e a sensibilidade que merecen os pacientes; porque todos somos potenciais pacientes de poder internados un día. Se nos falan que aquí non hai persoal, que aquí a alimentación é fría, etc, etc... pois é todo o contrario, aumenta a calidade e vai aumentar o número de traballadores da cociña. Ao mellor non en número como queren os traballadores que están hoxe, pero aumenta; en todo caso, non diminúe. Polo tanto, nós vamos a votar en contra, por que? Porque o xerente díxonos que non vai a diminuír, que vai aumentar o persoal e que se incorporan novos postos de traballo como son os de nutricionistas e os titulados en dietética. Polo tanto, iso de que diminúen o número de traballadores, que diminúa a calidade do servizo de liña fría, tamén falaban de privatizar non é realmente verdade e, é máis, iso dígollo ao señor Bernardo, din que os nacionalismos cúranse lendo e viaxando. Lendo o que lle acabo de dicir -pode lelo despois na acta e conservalo como documento- e viaxando; pois si, dinme que se apunten os

deputados e deputadas que queiran, que estes días empezaron a ir polos departamentos, entre eles os de cociña, para que poidan ver as cousas *in situ* que é como mellor se ven. Polo tanto se se queren apuntar e ver que o que estou dicindo ten visos de realidade e preguntar alí, é a mellor forma de contemplar o que está sucedendo na nova cociña do complexo hospitalario que digo empezará a funcionar, segundo me indican, no mes de outubro; unha vez desbloqueadas certas cuestións administrativas. Nada máis e moitas grazas.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG: eu agradézolle a recomendación, pero xa estou curado. Viaxo cando me parece, bastante, e ler, son dos que leo; ás veces di a miña muller que de máis. Ao respecto desta moción, eu non vin debater hoxe unha moción do PSOE do 2018; eu vin debater unha moción porque nos trasladaron dende os traballadores e traballadoras de cociña do CHUO unha inquedaanza. María Xosé indicou que de nada valen as infraestruturas, se non van acompañadas de dotación de persoal. É certo que me congratulo se o que vostede di vai ser así, verémolo co tempo, non vai ser dende logo algo inmedible, vai ser algo bastante doado de medir. Eu non tería ningún problema en rectificar a proposta de acordo, que María Xosé non leu, no seguinte sentido:

O Pleno da Deputación Provincial de Ourense insta á Xunta de Galiza a garantir (quitamos a intención de reducir) o persoal traballador da cociña do Complexo Hospitalario de Ourense, comprometéndose a manter os actuais postos de traballo e a negociar coas organizacións das e dos traballadores, a ampliación destes, se isto fose necesario para asumir o aumento da carga de traballo (é dicir non estamos dicindo que teñamos que aumentalos por aumentalos, estamos dicindo se isto fose necesario)

Este Pleno solicita que se adopten as medidas necesarias para garantir a calidade coa que se debe prestar este servizo público fundamental.

A verdade é que esta última parte non parece tampouco que sexa ferinte para ninguén. Se pode ser, pode ser, e senón votarán en contra; eu tampouco podo facer moito máis. En calquera caso, si trasladarlle a nosa solidariedade porque eu sei que estes traballadores e traballadoras se están a manifestar todos os mércores e non creo que sexa por facer deporte. Polo tanto, o que viñemos a traer a este Pleno foi unha inquedaanza dos traballadores e traballadoras, non unha inquedaanza do BNG. Nada máis e moitas grazas.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista: si, quería comentar que aquí non vimos a discutir as novas instalacións do Complexo Hospitalario, que tamén me consta, así nolo trasladaron as persoas que xa o visitaron, que son unhas instalacións estupendas, coas últimas modernidades e que nos parece que ten que ser así para crear un bo servizo no Hospital de Ourense. Do que vimos a falar aquí é da precariedade deses

traballadores porque se temos unha cociña que vai a ser magnífica, pero temos pouco persoal; de nada nos vai a servir. Nós temos outra información diferente e o comunicado que temos nós é por parte dos traballadores que din que a Xerencia lles comunicou que, efectivamente, ninguén vai a perder o seu traballo, pero referidos ao persoal fixo. Non se referiron ao persoal eventual que supón o 70% de todos eles. Entón, nós seguimos apoiando a moción do Bloque Nacionalista Galego. Grazas.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular: si, vamos a ver, eu tiña para finalizar que non tiñamos nada que rectificar a intención de reducir persoal porque non se vai reducir persoal. Entón, en vez de instar, se vostede acepta como foi o que propuxo, quedaría:

O Pleno da Deputación Provincial de Ourense insta á Xunta de Galicia a garantir o persoal traballador da cociña do Hospitalario de Ourense, comprometéndose a manter os actuais postos de traballo e a negociar coas organizacións dos traballadores, a ampliación destes (tal e como dixen antes), se isto fose necesario e a garantir a calidade deste servizo público fundamental.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG: *bueno*, en principio como neste caso actuaba unicamente como voceiro dos traballadores e traballadoras e eles me comunican que están de acordo; pois si que aceptamos esta emenda e propoñemos a votación neses termos. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 15º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 15º.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o acordo acadado durante o debate, e por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

O Pleno da Deputación de Ourense insta á Xunta de Galiza a garantir o persoal traballador da cociña do Complexo Hospitalario de Ourense, comprometéndose a manter os actuais postos de traballo e a negociar coas organizacións das e dos traballadores, a ampliación destes, se isto fose necesario para asumir o aumento da carga de traballo, e a garantir a calidade deste servizo público fundamental.

16º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A VIOLENCIA MACHISTA.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG: perdón, é que a estas horas xa, nin nos acordamos, xa, de acender os micros. Aquí, simplemente sinalar que vai haber unha proposta de modificación do que serían os acordos. Certamente, cando presentamos esta moción, non agardábamos que estivera tan e actualidade -aínda que a violencia machista,

por desgraza, está sempre de actualidade-; pero é certo que acontecementos como o de Valga fixeron que se puxera, por así dicilo, de rabiosa actualidade, desgraciadamente. Ogallá non fora así. E ogallá tanto o que pasou en Valga, como noutros lugares do Estado español, non tivera acontecido ao longo dende o día 13 que foi cando se presentou esta moción; é dicir, estamos falando de antonte e xa temos máis motivos que nunca para traer esta iniciativa a este salón de plenos. O pasado mes de marzo do 2019, o feminismo galego volveu facer historia cunha folga e cunha serie de mobilizacións previas que superaron a asistencia e as expectativas xeradas pola tamén histórica xornada do mes de marzo de 2018. Porén, a resposta esixida nas rúas non ten chegado na parte que compete ás administracións públicas e é preciso tomar conciencia da necesidade de incrementar os esforzos a realizar. Recentemente Galiza, e tamén outros pobos do Estado español, volvían vivir asasinatos machistas que fixeron saltar a alarma social; pero que, unha vez máis, non mereceron comparecencias específicas dos gobernos como si o fixeron noutros asuntos. No mes de xullo, galegas e galegos, volvían saír ás rúas par condenar un nove feminicidio no concello de Vilalba, feito, como xa indicaba, na semana pasada volveron saír ás rúas para condenar este triplo feminicidio no concello de Valga. Dúas das vítimas nunca contarán como vítimas de violencia de xénero; polo tanto creo que aínda é máis importante. Cómpre recordar tamén que este último asasinato (referido ao de Vilalba) tiña lugar despois de que unha orde de afastamento fóra quebrantada; o que nos recorda a necesidade imperiosa de mellorar os nosos mecanismos de protección existentes e de mellorar e aumentar os recursos existentes. A estes feitos únense unha longa lista de acontecementos recentes que non son unha excepción, senón que son habituais na nosa realidade máis achegada e que nos recordan a necesidade de apostar por máis medidas para unha transformación social urxente que debilite o sistema patriarcal que nos violenta e asasina. Recordamos, por exemplo, os novos concursos sexistas que tiveron que ser cancelados por presión social; denuncias por agresión sexuais en festas e festivais; agresións verbais aos Puntos Lilas de moitos eventos; sentenzas patriarcais; puntos de encontro con condicións inadecuadas e, unha vez máis, pechados no mes de agosto ou problemas coa rede de casas de acollida, ao tempo que o tan publicitado Pacto de Estado era un titular máis que unha realidade, sen supoñer aínda un cambio relevante para as mulleres galegas. E o cumprimento da Lei galega de 2007 está a ser sistematicamente vulnerado en cuestións, tan importantes, como a atención psicolóxica dentro da atención primaria. Son moitos os sinais de alerta dentro dunha situación insoportable e que non se arranxa con medidas cosméticas como posicionamentos puntuais nas efemérides, ou xestos exclusivamente simbólicos e baleiros de contido e compromiso. As administracións teñen unha responsabilidade que deben

cumprir e corrixir o que non funciona e incrementar as actuacións. Debo recordar que isto afecta a máis do 50% da poboación. Polo tanto, propónse o seguinte acordo:

1º.- Expresar o recoñecemento da Corporación ás mobilizacións desenvolvidas polo feminismo galego.

2º.- Comprometerse a incrementar os recursos económicos destinados á prevención e loita contra a violencia machista no vindeiro exercicio económico.

3º.- Demandar do goberno central:

a) O incremento, cando menos no dobre, das contías destinadas á administración local para o vindeiro exercicio económico, procurando os mecanismos legais oportunos para garantilos, con independencia da situación política estatal e da existencia ou non de novos orzamentos.

b) A reformulación dos criterios de reparto para que se teñan en conta as especificidades do noso país como son a dispersión, o alto número de entidades de poboación e o avellentamento para que Galiza deixe de estar discriminada a este respecto.

c) Impulsar as medidas oportunas para cumprir o Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica (Convenio de Istambul).

4º.- Demandar a Xunta de Galiza:

a) Un incremento substancial dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero que, como mínimo, deben situarse no 1% dos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2020.

b) Solicitar do goberno galego un incremento dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia machista no vindeiro exercicio orzamentario; así como a aprobación de partidas económicas para dotar de máis persoal especializado en violencia de xénero aos medios que existen e que fagan posible unha maior cobertura dunha parte importante do territorio que hoxe carecen deles, dando así cumprimento á Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: moitas grazas. Xa como adiantei na comisión informativa, o voto do Grupo Provincial de Ciudadanos vai a ser a favor. Díxeno e acudiremos, acudirei ás manifestacións que fagan falta, recoñecerei publicamente aos grupos feministas que fagan falta; pero a solución, loxicamente, non a temos nós. A solución está en Madrid, no Estado español, e a solución está na base.

Temos unha boa nova, é que isto que trataba o Convenio de Istambul, que me estiven informando do que era e é, en resumo, que se acheguen elementos de educación dende as escolas e, xustamente, a Instrución do 6 de setembro de 2019 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019 - 2020 nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Grazas a Deus vamos empezando a avanzar e, dende logo, o meu recoñecemento á Consellería de Educación por iniciar este paso, que é pequeniño, pero seguramente dará os seus bos froitos. Nada máis e moitas grazas.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: grazas, presidente. Non me vou a estender moito pola hora. Debo dicir que este pleno, hoxe, non me gustou practicamente nada. Non me gustou, quizais a vehemencia política –empezando por min mesmo- tanto dun lado como doutro; vivíronse momentos, francamente, difíciles, duros, produto da tensión. Posiblemente, estaba agora reflexionando, que algúns dos momentos máis complicados, ou máis tensos que vin na miña vida política (na curta vida política que teño); pero teño que dicir que, nin de lonxe, se achegan a algúns dos momentos máis duros e dramáticos que vivín como profesional vendo o medo á violencia machista e sentindo medo propio de actuar, xudicialmente, por medo a causar un mal maior á clienta que tiña diante. E por que? Porque, ás veces, onde falla é nas accións concretas da prevención. É dicir, nós como profesionais, ás veces, como defensores do dereito, temos medo a tomar algunha iniciativa xudicial por medo á represalia. Agora que estou xa na administración, atópome cales son os problemas; sobre todo no que é no eido da prevención. Que exista un control, non só de vixilancia sobre a presunta vítima; senón sobre o presunto agresor. Detectar ás veces altos niveis de riscos de inminentes accións de violencia de xénero, axudaría enormemente a combater a violencia de xénero. Ás veces os profesionais decatámonos, polo que temos diante, que pode haber unha traxedia; eu mesmo tiven unha experiencia moi negativa nese sentido, porque o vivín moi cerca dunha traxedia dunha clienta. Por iso penso que todo o que sexa achegar recursos para a prevención é pouco. Pero non só nos vamos a quedar nos recursos, temos que ir máis alá. Ao mellor, tamén como administración pública, temos que sentarnos, falar cos profesores de Dereito, cos colexios de avogados, co Ministerio de Interior. Temos que poñer sobre a mesa que, por exemplo, ás veces os recursos que neste momento se están utilizando, son absolutamente insuficientes. Na Policía Local de Ourense só existe un axente para levar estas tarefas de protección; a Policía Nacional carece tamén de efectivos e, ás veces, son os profesionais tanto do Dereito, como da Medicina os que poden poñer en alerta ás autoridades do que

pode suceder. Hoxe puxémonos –perdóenme a expresión- un pouco tontos con vehemencia política por unhas cuestións que, ao mellor, non conducen a nada; esas actitudes que tivemos aquí poñendo sobre a mesa formulacións con bastante vehemencia... eu o primeiro, recoñezoo, e debo pedir perdón a quen agredira verbalmente e de forma indebida. Imaxínense o que é isto dentro do ámbito familiar, do ámbito doméstico. En Valga houbo un crime por un piso; é dicir, a onde chegan eses sentimentos de forma agresiva! Polo tanto, eu penso que, aquí, o que temos que ter moi claro, cara a un futuro, é que como administración, como institución pública, á parte dos recursos económicos e da política que se faga, temos que intentar achegarnos, na medida do posible, ao cidadán. A buscar de forma concreta e de forma identificada aqueles mecanismos que nós podemos buscar para axudar a profesionais e a posibles vítimas. Non sei, facendo algún tipo de convenio, non o estou formulando como unha emenda de engádega, nin nada; simplemente cara un futuro que teñamos claro avanzar neste tema. O que viu o medo da violencia na cara e o que o sofre, por medo a actuar, hai que vivilo. Unha vez que se vive non hai marcha atrás en *volcarse* na defensa de todo o que sexa necesario para loitar contra a violencia de xénero.

D.^a Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista: grazas, presidente. Bos días a todos e a todas. Nós vamos a votar a favor desta moción do Bloque Nacionalista Galego e a realidade é que nos golpea moi a miúdo e as medidas tomadas, os actos e as manifestacións non foron nunca suficientes. Vamos a pedir máis recursos económicos e máis medidas de prevención, seguimento e educación. O noso rexeitamento á violencia de xénero é un firme compromiso coas mulleres e cos fillos e fillas vítimas desta lacra social que ten que ser erradicada e para iso necesitamos un compromiso con toda a cidadanía todos os días do ano. Moitas grazas.

D.^a Luz Doporto Real, do Grupo Popular: bos días - tardes a todas e a todos. Dende o noso grupo, non cabe doutra maneira que sumarnos a esta moción; aínda que, como falamos o día da comisión, coa triste sensación polo acontecido nesta última semana pasada, tanto en Valga como en Madrid e nas Illas, de que cada día nos golpea con máis dureza estes crimes execrables de terrorismo machista. Pero hai unha cousa que me chama especialmente a atención e por iso eu, agora mesmo, facía mención a esa vítima de Madrid. Estabamos tan impactados, tan impactados co que sucedera en Valga que xa parece que nos estamos acostumando, como sociedade, a que isto ocorra. Dende logo, concordamos e agradecemos que o Bloque Nacionalista Galego aceptase esta proposta de acordo, porque isto xa non é unha cuestión de partidos; isto é unha cuestión de toda a sociedade. É unha cuestión de estar absolutamente unidos na loita contra o terrorismo machista porque así é como o temos que empezar a chamar, se queremos empezar a mudar as cousas. Dicía a portavoz de Ciudadanos -

e eu concordo e nos alegramos enormemente- que por fin en Galicia, que somos unha comunidade pioneira en recursos e en medidas para loitar contra a violencia de xénero, tamén empezamos a cumprir co Convenio de Istambul e empezamos a tomar en consideración que a única forma de prevención da violencia de xénero no noso país é a través da educación. Non hai outra maneira de mudar as cousas, concordo e creo que todos estamos de acordo (concordo tamén co que dicía a voceira do Partido Socialista) que a educación é o xerme que temos que empezar a plantar todos no mesmo camiño. Non pode haber distincións, nin pode haber en ningún momento egos de ningún tipo (nin políticos, nin sociais, nin de ningunha maneira) se queremos, realmente, dar un paso adiante e camiñar en prol desa igualdade tan ansiada e tan necesaria neste momento. Moitas grazas.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG: pola miña banda, como ben dicíamos creo que todos os voceiros e voceiras neste caso, pois efectivamente é un tema moi sensible para a sociedade; é un tema no que considero importante que todos esteamos de acordo, porque é unha loita que vai ser dura e longa, sen dúbida. Agardarmos que todas estas medidas que aquí solicitamos se poñan en marcha e contribúan a evitar este problema que vai ser ben complicado de desterrar da nosa sociedade. Agradecerlles a todos o apoio, porque creo que é unha moción que é de todos e de todas. Nada máis, moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 16º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 16º](#).

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación a moción e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- 1º.- Expresar o recoñecemento da Corporación ás mobilizacións polo feminismo galego.
- 2º.- Comprometerse a incrementar os recursos económicos destinados á prevención e loita contra a violencia machista no vindeiro exercicio económico.
- 3º.- Demandar do goberno central:
 - a) O incremento, cando menos no dobre, as contías destinadas á administración local para o vindeiro exercicio económico, procurando os mecanismos legais oportunos para garantilos, con independencia da situación política estatal e da existencia ou non de novos orzamentos.
 - b) A reformulación dos criterios de reparto para que se teñan en conta as especificidades do noso país coo son a dispersión, o alto número de entidades de poboación e o avellentamento para que Galiza deixe de estar discriminada a este respecto.

- c) Impulsar as medidas oportunas para deixar de incumprir o Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica (Convenio de Istambul).

4º.- Demandar da Xunta de Galiza:

- a) Un incremento substancial dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero que, como mínimo, deben situarse no 1% dos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2020.
- b) Deixar de incumprir a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, comprometendo os recursos persoais e económicos necesarios para paliar os efectos negativos do seu incumprimento e da política económica aplicada durante a década Feijóo.

17º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE DEFENSA DO MAPA DE TITULACIÓNS DO CAMPUS DE OURENSE.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

D. Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista: *bueno, achegámonos cada vez máis ao final, afortunadamente, que estas sesións creo que van a empezar a ter tempos a partires da seguinte sesión; vámolos agradecer todos, sen dúbida, e tamén quen nos vexa, porque esténdense demasiado. A moción que se trae, neste caso, aquí a colación ten que ver cunha discriminación que vén sufrindo Ourense como Campus dende fai tempo. Non é nada novo, todos sabemos que o Campus de Ourense ten sido discriminado. Nunha ocasión, ao principio xa de todo, lembro, cando existía aquela titulación de Psicoloxía que se dedicaran a pedir que se compartira como Psicopedagogía co Campus de Coruña; o resultado foi que, finalmente, desapareceu. Pasou despois con Dereito que era unha titulación que tamén tiñamos en exclusiva aquí, en Ourense, e foi para Vigo e, así, a propia Facultade en Ourense foi minguando e continuou e continuou ata o día de hoxe. Na moción, que creo que non é necesario que a lea, hai unha pequena incorrección que di, no primeiro parágrafo ao final: *quedando o Campus de Ourense como o único dos galegos sen incorporar ningunha titulación*. Iso non é exacto porque incorporouse recentemente a titulación de Relacións Internacionais, que ninguén pediu, por certo, e que podería engadir aí: *quedando o Campus de Ourense coa única incorporación da titulación de Relacións Internacionais*. Dígoos para que teña corrección a propia moción. Basicamente a moción cinguese, moito máis alá de estes feitos anteriores no tempo, a que o dobre grao de ADE e Informática desapareceu. Desapareceu do mapa sen que ninguén soubera porqué - polo menos a nivel oficial - porque o propio reitor laiábase como é posible que unha*

titulación que ten unha boa acollida en canto a matrículas, desapareza e, curiosamente, se cree outra titulación moi parecida no Campus de Lugo onde está, precisamente, o secretario da Xunta de Galicia de Educación que é quen leva estes temas. Claro, iso é un agravio para esta provincia; tendo en conta que ademais é unha provincia na que, quen foi no seu momento o responsable de educación, neste caso, e que tamén ocupa no Senado, ou ocupou ata fai pouco, as responsabilidades no ámbito das Universidades, é Jesús Vázquez que é desta cidade. Tamén hai que dicir que o propio presidente da Xunta de Galicia é de Ourense e que fixeran isto con ADE - Informática ten pouca explicación, pero iso non vai a curar esas situación, a non ser que acorden os dous acordos que pedimos hoxe aquí. Un é, que se restaure inmediatamente a dobre titulación, o dobre grao en ADE - Informática. E outro que non volva a acontecer que un máster que temos en exclusiva, un máster que temos adscrito, ademais, a unha Escola que é única tamén en Ourense, pois váiase a compartir, neste caso, con Coruña porque xa sabemos o que vai a acontecer despois. O que vai acontecer despois conforme se compartira o máster é que Coruña acabe reclamando o grao, que xa o fixo, xa o fixo de modo individual o que pasa é que rexeitaron a proposta dende o punto de vista económico dende a Xunta de Galicia. Se iso acontece, perderemos unha oportunidade moi, moi relevante porque temos que dicir que, dos catro cursos que ten agora a titulación en Enxeñaría Aeroespacial, están cubertos os catro, con matrícula máxima, de 50 persoas, e ademais de ter as 50 persoas con esa matrícula máxima, hai 200 persoas en lista de espera para entrar no vindeiro curso. Este ano remata a primeira promoción de catro anos e teñen ese máster; ese máster que os vai a capacitar para ter, ademais, unha enxeñaría superior. Se permitimos que o noso deixamento de funcións, non reivindicando ante a Xunta, non instando desde esta Corporación provincial a que a Xunta manteña o grao, neste caso, en Aeroespacial para aquí, para o Campus de Ourense; estaremos axudando a que o Campus de Ourense que ten a 4.500 estudantes e arredor de 500 persoas traballando, vaia cada vez a menos. Creo que é a nosa obriga e creo que todos os que estamos nesta Corporación deberíamos loitar porque isto sexa unha realidade, estas dúas cousas que pedimos aquí: que retorne inmediatamente a dobre titulación de ADE - Informática, que se consolide e sexa único o máster, do que estamos a falar, e se é posible que se vaian engadindo novas titulacións, e novas titulacións que busque este Campus que aparezan sen ter unha clara raigame nin unha base que xustifiquen a súa implantación. De momento non vou a dicir máis.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía:

moitas grazas. En primeiro lugar, dicir e trasladarlle ao Partido Socialista e voceiro que o voto de Ciudadanos vai a ser a favor. Esta semana tiveron a oportunidade de reunirme e escoitar ao profesorado de Aeronáutica e, a verdade, a conclusión que saíu é que temos que protexer o nos Campus. Si que é verdade que hai unha certa declinación por parte da Secretaría Xeral de Universidades por quitar cousas da Universidade de Vigo e, en especial, do Campus de Ourense e levarlas para Lugo ou Coruña. Entón, teríamos que, entre todos, tentar facerlle ver a quen lle corresponde neste caso, é que temos un elemento diferenciador agora mesmo que nos diferencia do resto das provincias da Comunidade Autónoma de Galicia. Creo que debemos, entre todos, levar este tema ata o máis alto e pediríalle ao Grupo Socialista, non sei se podería ser, na proposta de acordo incluamos que, á parte de que se inste á Universidade de Vigo e a Xunta de Galicia; especialmente á Secretaría Xeral de Universidades que é a que toma este tipo de decisións finalmente porque, ao final, o secretario xeral de Universidades é o que toma a decisión, nin o conselleiro, nin o presidente da Xunta de Galicia. Entón, polo tanto, se vostedes o teñen a ben, non pasa nada, vou a votar a favor da moción; simplemente era aclarar iso porque sei perfectamente, como vostede acaba de relatar, que o problema vén un pouco máis da Secretaría Xeral de Universidades; aínda que está dentro da Xunta de Galicia, todos o sabemos, loxicamente. Pero para ser máis directos, claros, concisos e transparentes, nada máis. O meu voto a favor, nada máis.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG: eu anuncio tamén o meu voto favorable. Dende logo que concordamos coa necesidade de que Aeronáutica permaneza en exclusiva en Ourense; posto que senón acabarémola perdendo. É certo que eu creo que o mapa de titulacións que existe a día de hoxe en Galicia precisaría darlle unha boa volta, porque existen moitísimas duplicidades, existen campus especializados e iso xera moita veces problemas, incluso, de falta de alumnado e iso non ten senso. Pero dende logo, en titulacións como esta que si que teñen todo o sentido, e unha delas era exclusiva de Ourense, o que non ten sentido é que nola podan arrebatarse. A partir de aí, pois nada máis, contarán coa colaboración do BNG para todo aquilo que teña que ver con defender a nosa Universidade. Cremos fundamental o establecemento, aquí, de carreiras que teñan que ver con I+D+I; posto que iso si pode ser un revulsivo para a provincia de Ourense. Nada máis e moitas grazas.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: nada, pouco máis que engadir. Nós xa no Concello todos os Grupos apoiamos unha moción en defensa da exclusividade do Máster de Aeronáutica e engadimos agora o dobre Grao de Enxeñaría. Dende logo, apoiar a defensa das titulacións universitarias en

Ourense, penso que é unha obriga máis que unha necesidade. Unha necesidade e unha obriga. Nada máis

D. César Manuel Fernández Gil, do Grupo Popular: moitas grazas, presidente. Pois nós vamos a votar a favor tamén da proposta formulada polo Grupo Socialista. Simplemente facer un matiz. Eu creo que sería positivo para Ourense e para a provincia, escapar, cando falamos deste tipo de cuestións de defender aquilo que nos interesa ou daquilo que nos une, escapar do recurso desa visión do agravio. Eu creo que esa visión do agravio é unha visión cativa que non fai favor á provincia e eu creo que nós temos que defender o noso con orgullo, defender o que temos e o que queremos e defendemos para a nosa provincia con orgullo e escapar dese discurso do agravio que nos fai, dalgún xeito, parecer un territorio que ten que ser servil con alguén. Non, non é así. Nós estamos orgullosos de ser ourensáns, estamos orgullosos do territorio no que vivimos e, por iso, defendemos con orgullo que o noso territorio teña todo o que merece e, neste caso, as mellores titulacións na súa Universidade; unha titulación axeitada ao seu tecido produtivo, ao seu tecido económico e, en definitiva, unha Universidade de calidade, un ensino público de calidade, pero sempre dende a visión de que é algo que merecemos e que, dende logo, nós non caeremos nese discurso do agravio. Nada máis e moitas grazas

D. Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista: eu agradezo o apoio prestado. Teño que dicirlle, neste caso, á voceira de Ciudadanos que, *bueno*, podíanse facer máis cousas; incluso podíase quitar o de instar á Universidade de Vigo porque no fondo, no fondo, a Universidade de Vigo non decide, quen decide é a Xunta e incluso se podería poñer ao presidente da Xunta, como eu nomeei aquí mesmo, pero eu penso que é suficiente con remitirlllo á Xunta de Galicia porque se vamos a particularizar no secretario, parece que vamos a ter algo particular contra alguén e creo que non nos beneficiaría como obxectivo. En canto á segunda puntualización que fai, neste caso, o responsable que toma a palabra dende o Grupo Popular, a ver, non é o discurso do agravio, é unha realidade. E se nós non somos conscientes do que ten acontecido con este Campus, dificilmente podemos xustificar un empeño en conseguir as cousas. Por outra banda, eu non sei, vostede fala de orgullo. Eu escoito moi a miúdo á xente falar de orgullo; non sei se sabe de onde vén a palabra orgullo? Pero vén do catalán *orgull*, non sei se despois de dicir isto seguiría moita xente pensando o mesmo porque quere dicir: *sentirse por riba dos demais* ou *máis que os demais*. Ourense no é máis que os demais, non, ninguén é máis que ninguén; pero nós non somos menos. E o importante nisto é que durante moitos anos, durante moitos anos, Ourense foi menosprezada e esa discriminación positiva só a podemos pedir dende o punto e momento que existe. Como vamos pedir unha discriminación positiva se non estamos

discriminados negativamente? Iso non ten outra explicación. Non é por menosprezarnos a nós, non é por ir de vítimas, é por contar unha realidade. Unha realidade palpable á vista das titulacións que todos teñen. Pero disto non creo que mereza a pena facer batalla. O que si agradezo, en todo caso, é que se teña en conta primeiro, que temos unha titulación no caso de ADE - Informática con moi boa matrícula; que temos unha titulación, como é no caso deste Máster, cun Grao que agora mesmo ten o 10% de alumnos de Ourense, o 80% do resto de Galicia e o 10% do resto de España. O subdirector da Escola fixo un relatorio de todas as empresas nas que están traballando os alumnos de 3º; dou algúns nomes: COASA, GALFOR, FAURECIA (máis ou menos por aquí, polo entorno); INDRA, UNTIGAL (fóra de aquí); no aeroporto que está agora mesmo tamén en Lugo, onde hai un investimento importante do Estado; convenios con BOEING, por exemplo. É dicir, hai unha titulación cunha potencialidade tremenda que non podemos deixar, en ningún caso, que fuxa para outro lugar nin que perda a súa forza. Por iso é de agradecer que todo o mundo concordemos nisto. E, *bueno*, non teño nada máis que engadir pola miña parte.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 17º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 17º.

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación a moción, e por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Que desde a Deputación Provincial de Ourense se inste á Universidade de Vigo e á Xunta de Galicia a recuperar, con carácter inmediato, o dobre grao de Informática e ADE, que nunca tivo que ter sido pechado; que se impulse a carreira de Aeronáutica coa implantación en exclusiva do Máster en Enxeñería Aeronáutica; e que se incorporen novas titulacións de grao que permitan manter a competitividade do noso campus.

18.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE O PARQUE MÓBIL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista: Como diría Umbral, *eu viña aquí a falar do meu libro*, eu viña a falar do meu coche e resulta que... xa o digo de broma porque, e vou dicir o porqué, porque eu viña a falar do coche daquel señor e dalgún máis que anda nel. Entón, algún xa *tildou* esa cuestión de *tontería*. Entón a verdade é que a primeira medida que se adopta - non debe ser tanta *tontería* - que é casualidade que esta moción, que é a primeira que se presenta no Rexistro desta Deputación para este plenario, sexa pasada á

última. Non é casualidade, é por algo, si, é por algo, non se acostumaba a facer isto; pero se acostuma a facer porque non interesa, probablemente. Por orde de entrada si é a primeira, si, si, e se pasa á última; pero *bueno*, iso é normal. Eu estou acostumbrado, non hai ningún problema. De todas formas, do asunto que nos ocupa, eu escoitei atentamente as intervencións na propia comisión e, en realidade, chamáronme a atención, porque, ademais, poñen fácil o debate porque cada un xa manifestou, evidentemente, a súa posición. Sorpréndeme que se fagan esas alusións a que é unha *tontería* por parte, por exemplo, de Democracia Ourensana; é o colmo da *desfachatez* porque, claro, eu non falei de ir a pé nin falei de que de que ningún deputado, deputada, nin o presidente se trasladara a Madrid a pé, nin a onde fose; nin sequera que se trasladase a calquera punto desta provincia a pé, que deixara ningún coche, nin sequera que utilizara o del, como facemos a meirande parte dos que estamos aquí e somos cargos públicos, verdade? e os utilizamos -os nosos, digo- e non pasa nada. Iso, cando somos alcaldes, sabemos o que é. Polo tanto, aquí hai centos de coches e de vehículos; polo tanto, aquí, do que falábamos é de facer un uso racional, xusto e, ademais, cun control do que se fai con eses coches oficiais. E parece que a alguén lle molesta, e parece que a alguén lle molesta que se faga así. Entón, eu non entendo o por que, non o entendo. Ademais, non o entendo porque un presidente ou un deputado, ou algún de nós -eu tamén podo desvelar, a min como portavoz ofrecéuseme ter coche oficial aquí para desprazarme pola provincia, eu rexeiteino, non necesitaba iso-, pero se o necesitan os deputados e deputadas do goberno -que si o entendo- pódense trasladar con calquera dos traballadores que, seguramente, visita moitas veces calquera tipo de obra ou calquera tipo de cuestión que se expoña. Iso non significa que non fagamos o que está facendo o grupo de goberno único, que é poxar os coches oficiais dos *jefes* noutra institución. Por iso lle dicía antes... si, non home! ou eu moito me equivoco, ou iso foi titular e alardeo nas redes sociais polo señor Ojea, dende logo, foi alardear de que *era el no va más la subasta* dun coche por tres mil euros, creo recordar, que tiña 500.000 ou que ten 50.000 qm e iso vendeuse como algo excepcional. Nós dixemos o mesmo que seguimos dicindo, ás veces este tipo de medidas, claro que teñen o seu carácter populista e demais por quen as fai e quen as vende; porque á hora da realidade, teremos que ver cal é a efectividade, se se chegan a facer. A día de hoxe, ata onde eu sei, non se puxo en marcha o mecanismo para facer esa poxa no Concello de Ourense; ata o día de hoxe, creo. E ao mellor estou errado e se puxo estes días; pero dende logo non se fixo. Pero claro, eu fágome eco das palabras que, cando *los alcaldes y concejales tengamos que desplazarnos* -paso a galego- vamos facer algo distinto e por iso cancelamos os dous coches oficiais: *el Audi que era para viajes largos y el Opel Vectra que era para viajes por la ciudad*. *Bueno*, aquí que hai centos, non pasa nada, non temos por que ir en Audi; podemos ir noutro tipo de vehículo e podémolo poxar. É o

mesmo discurso e, polo tanto, cando non hai un uso racional, e logo explicarei o porqué, ademais nesta casa; porque si se fai no Concello de Ourense, despois direi o porqué aquí e non o direi eu mesmo, teño a quen referirme –si, por desgracia- teño a quen referirme. Digo por desgracia porque eu cría que o que estaba dicindo, era certo. E sigo pensando que era certo, que se se fai mal uso do vehículo oficial, pois ao mellor, non se ten que ter, en calquera institución pública; evidentemente que non. Xa sei que van a vir co Falcon, tamén se hai con iso, non se preocupen que tamén teño para iso; non hai problema. Pero claro, muerto, morto o can - paso a galego - morta a rabia; por iso nós vamos a “desprendernos de ambos coches que, en el caso del Audi, é da época de Cabezas y ha atravesado todos los alcaldes. Nuevo enfoque en la movilidad. La decisión adoptada por el Consistorio va a ser un ejemplo magnífico”. Entón, eu preguntome se é un exemplo magnífico alí, por que non é un exemplo magnífico aquí? e despois explicarei, ademais, porque aquí se ten que facer con máis motivo. Descoñezo o uso que se facía no Concello de Ourense. Son honesto e non o coñezo, se se facía mal uso; aquí si que o podo dicir e non o vou a dicir eu, volvo a repetir. Pero entón, volvemos a dicir, nós non estamos expoñendo que ninguén se mova a pé, nin que... non, non esa demagogia fíxose por parte de moitos grupos e se fixo... recordo, e se pode dicir agora, porque algún alcalde o fixo e despois volveu a el. Non pasa nada, seguramente se faga; pero os coches oficiais non implican que teñan que ser coches de luxo, esa é a realidade. Non teñen por que ser Audis, que sexan e leo aquí, xa sei que son as horas pero *bueno: la Diputación de Ourense compra un cochazo para su presidente y solo invita al concurso público a dos empresas del mismo grupo*. Esta e unha das razóns porque aquí se fai mal uso dos cartos públicos, isto non o dixen eu - despois, se queremos, entramos a ver quen o dixo - e polo tanto, se invitaba á mesma empresa para poñer dous *cochazos* de luxo, para que ese señor que está aí sentado tivera un - o que el quería - como se o comprásemos calquera de nós, pero cos nosos cartos porque os cartos de todos, claro, é un problema. Non necesitamos ir neses coches, polo menos nós entendémolo así, non pasa nada. Xa sei que me van a dicir dos demais presidentes das deputacións e de non sei onde, pero aquí estamos debatendo de aquí e polo tanto, como son un goberno único, teñen que ver si teñen un discurso único ou cambia aí na da garrapiñada, ou das garrapiñadas, ou cambia un pouco máis alá, non o sei; pero dende logo téñeno que facer mirar, porque, entón, temos un problema de credibilidade ante os cidadáns. E digo de credibilidade porque non se pode vender unha cousa e facer a contraria; sendo a mesma cor. Iso dino vostedes, non o digo eu e, polo, tanto e así. Independentemente desa cuestión dos coches oficiais e demais, volvo a dicir non, pasa nada, tamén, que é algo que vén na moción e que vostedes non se pararon a ler, porque só foron ao que lles interesaba, é que hai que facer bo uso deles; independentemente de que non esteamos de acordo en que

teñan que ser Audis e demais, que se vendan os oficiais para os *jefes*, volvo a dicir. Pero mire, hai deputacións que no ano 2012 esta *tontería* que está dicindo, humildemente, un deputado de aquí da Deputación de Ourense que dicía o seguinte, hai un regulamento que é do ano 2012 e que hai un regulamento de como se teñen que utilizar os coches oficiais. Dicía este regulamento -logo direi de que Deputación é para que non lle sorprenda-: *para unha mayor eficiencia los usuarios utilizarán, siempre que sea posible, taxi en lugar de vehículo oficial*; isto é un regulamento que existe dunha Deputación bastante máis grande e que non é sospeitosa de ser, nin era, do partido socialista, que era a Deputación de Valencia, no ano 2012. Valencia que non era precisamente, como vostedes saben, o berce do bo emprego dos cartos públicos. Polo tanto, estas *tonterías* que se traen, ás veces, hai que medilas en función de cando se fan, nos lugares que se fan; e despois queremos ter o discurso contrario. Por certo, e antes de que se adianten, non foi o Grupo Socialista, nin este Grupo Socialista humilde da Deputación de Ourense, nin nada que se lle pareza, quen, gastando cartos -*bueno no se si en A en B, si públicos, si privados* ou do que fora- montou cerca, de Ferraz, unha oficina *Viajes del PSOE y no se qué*, gastándose unha burrada de cartos por un aluguer; si a algún dálle a tal pero temos memoria... si, en campaña electoral, non fai moito, Pablo. *Eso lo hizo el Partido Popular, vale, los viajes de Pedro Sánchez y tal*, iso si que era demagogia porque, claro, un presidente do goberno -aquí falan agora dos coches de que é unha *tontería*- o presidente do goberno igual se ten que desprazar, por motivos de seguridade, non ten que ir no avión como ían os demais; iso si, sen xamóns caros, sen coñacs e sen demais. Pero claro, iso a uns se lle permite e a outros non. Entón, de que falamos? falamos de regularizar unha situación que aquí, volvo a explicar, é a máis grave que en ningún outro sitio. De momento, nada máis porque estou impaciente de que me digan cales son os seus motivos e despois rebaterémolos porque, dada a hora, eu viña falar do meu coche pero non puiden. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía:

moitas grazas. Eu xa lle anuncio que vou a votar en contra. Pois, como xa o sabía, se quere xa me calo e non lle contesto. Eu o que boto en falta, paréceme moi ben que traian unha moción sobre o Parque Móbil da Deputación Provincial e díxeno na comisión e repítoo: onde está o plan de viabilidade? os números? o aforro? onde está? Vostede contabiliza e saberá, seguramente, coma min -ou mellor ca min- as viaxes que ten que facer o presidente, o vicepresidente ou moitos dos deputados provinciais que teñen asignacións propias na Deputación ou dedicación exclusiva e teñen que saír a reunións e demais. Eu sinceramente, que non lle pareza mal, pero me parece, a día de hoxe, coas problemáticas que hai na

provincia de Ourense, isto, agora mesmo, me parece o menos grave, sinceramente. Que si, que podemos valorar que coche hai que comprar: un Audi, un Mercedes, un Volkswagen, un Golf... vale, moi ben, pero, sinceramente, ter a posibilidade de traer dúas mocións no primeiro pleno ordinario da Deputación de Ourense desta lexislatura e traer a moción sobre o parque móbil da deputación de Ourense para vir a facer teatro e demagogia pura, porque é o que a mi me parece persoalmente; pois simplemente dicirlle que me custa, sinceramente cústame crer que sexa rendible o que vostede di. Porque eu entendo que os coches, a maioría, estarán pagados; non sei si algún en *renting* ou non; pero tendo persoal adscrito a este departamento e tendo os medios de locomoción, entendo que o aforro non existe. Pero xa digo, boto en falta ese plan de viabilidade. Oxalá, con esta moción se achegase un plan de viabilidade e, entón, poderíamos falar doutros temas; pero, agora mesmo, eu penso que isto é simplemente a moción do teatro deste Pleno ordinario da Deputación Provincial de Ourense. Nada máis, moitas grazas.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG: eu, no seu momento, xa anunciei a miña abstención ao respecto desta moción. A verdade é que xa houbo, como se comentaba anteriormente, un debate no Concello de Ourense ao respecto. Eu, sinceramente, sigo sen ver a utilidade. Si que tería maior utilidade, efectivamente, facer un plan de uso racional dos vehículos públicos; incluso que as próximas adquisicións dos vehículos públicos que se fagan -que creo que algunha xa se fixo- que foran con vehículos que minoraran, hoxe que estamos no día do clima, as emisións. Por outra banda, o que lle rogaría ao grupo de goberno é que, evidentemente, tiveran mesura e unicamente usaran os vehículos naqueles casos que foran estritamente necesario. Pero *bueno*, iso xa vai no seu haber; non é unha cuestión que eu vaia poder controlar desde a oposición. Polo demais, pois nada máis que engadir. Moitas gracias

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: si, gracias. Cantos anos leva vostede, Nacho, de deputado aquí, na nesta Deputación? cantos mandatos leva? polo menos catro, como mínimo leva. Non, é que se lle acorda agora despois de todo o tempo que leva, acórdase agora de traer a cuestión do vehículo oficial, quince días despois de que se tomara a decisión no Concello de Ourense. Claro, esta non é unha medida nin política, de interese político na Deputación nin de nada; isto é unha medida de intentar meter unha cuña, aí, no pacto entre DO e o Partido Popular. A propia moción, que si que a lin -porque vostede di que non a lemos- si, a propia moción empeza dicindo: *o Concello de Ourense acordou recentemente a supresión e poxa dos seus vehículos oficiais, polo que o bipartito local de PP e DO pasará a empregar vehículos de autotaxi*; para despois dicir: *os socialistas creemos que esta decisión non deixa de ser*

*unha medida so de cara á galería, se unicamente se executa no Concello da capital. Bueno, pois está clara a intencionalidade; ata agora importoulle ben o tema dos coches da Deputación, ata que chegou iso. Vostede chegou aquí e comezou a súa exposición criticando a decisión do Concello de Ourense e dixo literalmente: eu non sei cal é a efectividade desa medida; claro, iso o di do Concello de Ourense... non, non díxoo, está gravado, apunteino aquí con letras moi grandes: eu non sei cal será a efectividade desa medida alí. E aquí cal é? Porque, vamos, se non sabe cal é alí; supoño que aquí terá algunha finalidade. Mire, hai un erro de exposición. Non é un goberno único, é un goberno único na Deputación e un goberno único no Concello; pero son dous gobernos: un no Concello e outro na Deputación. No Concello a medida responderá a unhas características e aquí responderá a outras. En calquera caso, mire, o motivo que quedara esta para ao final e porque, dixera eu --quizais mal dito- que era unha tontería, porque nada do que se trae aquí é unha tontería; vén porque eu non lle podo comprar a mensaxe. Cando vostedes, e non estou falando de hemeroteca do ano pasado, senón de fai uns días, 28 de agosto, titular *Faro de Vigo: el PSOE tilda de populista la medida, de mentir sobre el ahorro previsto*. Ou sexa, que agora no Concello mentimos, se aforramos e agora veñen aquí á Deputación co conto, din: *o Grupo Municipal do PSOE Concello de Ourense tacha de mentira las declaraciones del alcalde, Gonzalo Pérez Jácome, sobre la puesta en subasta de los vehículos oficiales de titularidad municipal; un Opel Vectra -moito luxo de coche- y un Audi A6 y los califica de vender humo. Denuncia que, de realizar los desplazamientos en taxi de la maneira indicada, estaría incurriendo en una ilegalidad; ya que debería sacar a concurso la licitación con los taxistas*. Entón, que están propoñendo nesta moción? que cometa, na Deputación, unha ilegalidade? Mire, son formulacións distintas. A cidade de Ourense ten o seu tamaño, a súa extensión e podemos camiñar a pé. Claro! Vostede di agora que ninguén dixo de camiñar aquí a pé na provincia. Válgame Deus, se temos que percorrer a provincia a pé! Pero, en calquera caso, en Ourense si se pode percorrer a pé e como se pode percorrer a pé, pois ao mellor non fai falta ter un vehículo oficial; ao mellor tampouco podemos...temos un convenio cos taxistas...Vostedes, hai outra cousa, primeiro nos critican e cando ao día seguinte a Asociación Nacional de Autotaxis aplauden a medida, pois veñen e presentan esta especie de pseudomoción, que non sei que que non sei que finalidade hai. Mire, en calquera caso, mobilidade si, porque vostede falou de mobilidade: estamos tratando de propoñer o uso das pernas na cidade e que cada cal que deixe o coche na casa. O alcalde quere dar o primeiro exemplo a cidade, perfecto; non lle pida isto ao presidente da Deputación, non lle faga ir a pé ata Valdeorras, é dicir, nin a el,*

nin nós. Entón, penso que a medida, esta moción, sinceramente e con todo o respecto, é dicir, se quedou para ó final é porque era a moción chiste do día.

D. Plácido Álvarez Dobaño, do Grupo Popular: grazas, presidente. Únome, se me permiten, aos desexos do señor Caride de que a ver se hoxe, que é o día do clima, conseguimos conseguir - valga a redundancia - un clima máis *templado* e, sobre todo, elegante nas formas á hora de debater aquí determinados temas; polo menos, intentar facelo, creo que vai ser difícil con algunha persoa, pero vámolos intentar. E señor Ojea e señor Caride, a estratexia segue; non nos queda nada, as cuñas que nos pretenderán meter, no equipo de goberno dos dous partidos, serán continuas e de todo tipo. E ao que nos ocupa. Señor Gómez Pérez, xa sabe que llo digo con afecto persoal porque vostede e eu discrepamos moitas veces, incluso duramente, pero fomos elegantes; incluso creo que somos boas persoas e nos temos afecto persoal, que é o que ten que ser. Dá a impresión, dá a impresión, señor Gómez Pérez, que a consigna e disparar, como dixen antes, contra todo o que se move e isto é outro tema. Brevemente, pero vexo necesario, sen entrar en *chascarrillos* porque isto dá para moitos chistes -creo que xa deu- e eu vou intentar ser serio, creo que o vou a conseguir; pero vou a dar uns datos, dígoos para clarificar este tema e que a xente non tome isto, con perdón, a cachondeo. O primeiro que hai que saber é diferenciar ben entre parque móbil da Deputación e parque móbil de Presidencia, señor Gómez Pérez. O parque móbil de presidencia, adscrito á Área de Presidencia, presta servizos que nada teñen que ver cos prestados polo parque móbil da Deputación, nada que ver. Este parque móbil está formado por cinco traballadores condutores - para a súa información, dígolle tamén que ningún deles provén do Servizo de Medio Ambiente, tal e como afirman vostedes na súa moción- e cinco vehículos oficiais. Un funcionario responsable organiza e xestiona o servizo, asegurando a non discrecionalidade deste; xa que responde ás necesidades públicas da institución provincial e dos seus 92 concellos que así o solicitan, servizos xurídicos, medio ambiente, patrimonio, etc, etc.. En todo caso, isto exige tramitación interna, digo, tramitación interna dunha solicitude que recolle toda a información relativa á prestación do servizo solicitado e uns partes de traballo con toda a información que permite levar un rigoroso control interno do servizo, non o esqueza. Aclaro máis, esta prestación de servizo dá traslado e asistencia aos técnicos da institución provincial para desprazarse, incluso, aos 92 concellos da provincia, como acabo de dicir, aos cargos electos; algúns poucos (eu nos anos que levo aquí, que debo ser o mais veterano desta casa, creo que utilicei o coche oficial tres veces; estiven facendo memoria, tres veces en dezaseis anos), a representantes políticos internacionais, nacionais e locais, a personalidades públicas que asisten a reunións de carácter institucional. Por tanto, nin hai

numerosos vehículos, como din, só cinco, nin están destinados só a cargos ou a autoridades, tamén se lles da servizo aos técnicos provinciais; imprescindible, digo imprescindible, para o desenvolvemento da súa labor en toda a provincia, como xa dixen. Estamos a falar, señor Gómez Pérez, dun servizo baseado en recursos compartidos, mobilidade compartida directamente relacionada co transporte sostible e o seu uso é sempre, sempre, racional, eficiente e transparente e só está relacionado coa actividade pública da Deputación, como non podía ser doutro xeito. Deberían saber vostedes que, a día de hoxe, o ente provincial ten un ámbito de actuación e iso está claro (é que vou resumindo, porque senón vainos dar aquí o Pentecostés) ten un ámbito, un ámbito de actuación que nada ten que ver co municipal; creo que é de claridade meridiana. O Concello de Ourense ten unha superficie de 85,2 km², se non me deron mal o dato; mentres a provincia de Ourense 7.273 km² e, por suposto, non ten as mesmas competencias o Concello que a Deputación, nada que ver. Está moi claro que as alternativas de mobilidade que ten a capital, nada teñen que ver coas existentes para o rural e para toda a provincia. Parécenos, por tanto, unha comparativa feita por vostede surrealista; pero, de todos os xeitos, comentarlle que os 5 vehículos que forman parte do parque móbil da Deputación teñen, e iso é un dato moi importante, distintivo ambiental etiqueta verde, factor a ter en conta se os comparamos -hai que dicilos- do Concello de Ourense. En canto á eficiencia e aforro nas arcas públicas da Deputación, permítame poñerlle un exemplo. O desprazamento ao congreso recente de termalismo en Lobios, cun desprazamento valga a redundancia e dúas horas de espera, custarían máis de 200 € (iso facendo uns cálculos moi aproximados); ou por exemplo, un arquitecto, un enxeñeiro desta Deputación que deba desprazarse a un dos concellos da provincia a 30km de distancia e traballar para prestar cooperación en materia de patrimonio, por exemplo, ou de redacción dun proxecto técnico dunha estrada, en horario laboral, custaría outros 200 € como mínimo. Eu non vexo, señor Gómez Pérez, a eficiencia por ningunha parte. É unha evidencia que nada teñen que ver os desprazamentos relacionados coa actividade do Concello, cos que realizados a nivel provincia, nin o ámbito de actuación, nin en franxa horaria; nada que ver nada que ver. En todo caso, e para a súa tranquilidade financeira, vostede xa prevía - xa nos coñecemos moito - xa prevía que lle ía a dicir algo, poden preguntarlle aos seus colegas socialistas noutras Deputacións, nas que as autoridades e cargos teñen vehículos con condutores en exclusiva para os seus desprazamentos; quizás por elo aos seus colegas interesaríalles máis a súa proposta de eficiencia. De momento, nada máis; aínda que cerrarei a miña intervención, dándolle outro dato moi breve. Prometo non gastar nin un minuto. Moitas grazas.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista: señor Caride, o *cachondeo* de ir a pé non é cousa miña; entón os *chascarrillos* e o *cahondeo* da rúa non lle é cousa miña, o do o Falcon , non o do Halcón, non é cousa miña -que agora parece que emigraron- e os coches e a poxa e vendelo por toda España, non é cousa miña. Dikir que estes señores eran...podo nomear a innumerable *retahíla* de cousas, pero mellor non as vou a dikir porque vostede hoxe se sentiu mal aquí dixo... *Bueno*, houbo uns momentos de rifi-rafe (si, eu entendino nese sentido) uns momentos de rifi-rafe... si, por iso, por iso. Si sei o que ía a dikir, non se poña nervioso. Digo que na democracia máis antiga, que é Inglaterra, non pasa nada, hai rifi-rafes todos os días e non pasa nada. E non por iso hai que *rasgarse* as vestiduras e aquí, *bueno*, pois houbo un rifi-rafe entre voceiros, e nunha discusión política; pero nada que ver co que teño visto eu no Concello que vostede está, tamén llo digo, e xa non lle digo nada noutras épocas. Polo tanto, creo que sempre houbo educación, non pasa nada. Con isto ía a dicirlle unha cousa, que é iso; se vostede se asustou hoxe, eu mesmo, que estaba aquí nesta bancada, non lle digo nada a cantidade de improprios que se facían aquí -e que algúns que están aquí o saben e que poñían cara de...*bueno* - é que, agora, parece que se esqueceron. Está moi ben ser así, non todo o mundo é capaz de ter esa mesma capacidade de reflexión, esa mesma capacidade de, por un *sillón*, facer iso; non todo o mundo, eu non son capaz. Ao mellor vostede, que se estaba asombrando, pois é capaz diso. Buscar, di o señor Plácido, que a estratexia está clara. É que non fai falta, Plácido, ter unha estratexia; é que volvo a dikir, hai centos de miles de vídeos, centos de miles de declaracións e nesa incongruencia, por iso que non digan que é unha *tontería*. Miren, isto non o dixen eu -que tamén- eu fun o primeiro, pero non se fixo caso porque o chiste era máis fácil por parte de Gonzalo, que o facía estupendamente, é que eu a Gonzalo críticoo como político, non como persoa, que eu con Gonzalo vou a ter a mesma relación -se el quere, evidentemente- pero como político, dende logo, a min defraudoume e o sigo dicindo e o vou a seguir dicindo, vale?; pero o que está claro é que Jácome dicía cousas como estas: *el partido de Jácome* (si, é outra, pero hai moitas) *el partido de Jácome dice que Baltar hace coincidir un viaje oficial, para ir a ver el Real Madrid*. Isto dicía o partido de Jácome, que é o seu... *bueno* e qué, *bueno* e qué...*Bueno*, explíquello aos cidadáns de quen ven o *cahondeo*, si de vostedes ou de min, explíquenllo. Só saía despois e llo explica e lle di que o que vostedes din por un lado e despois veñen aquí e din o contrario. Entón, sigo: *es la enésima vez*, asegura Democracia Ourensana a través dun comunicado. E sigo máis: *está organizado por una entidad, súper familiar e influenciabile, para ajustar fechas, según caprichos. Es la enésima vez que Baltar hace viajes institucionales a Madrid, el mismo día que juega el Real Madrid. Es la enésima tomadura de pelo de alguien que usa los recursos públicos en su propio interés, concluye Democracia Ourensana*. Pois eu

traio esta moción porque, precisamente, penso que aquí se mal utilizan os cartos públicos y a rendibilidade, señora de Ciudadanos, dos cartos públicos non só se mide na cantidade, non só se mide na cantidade; a honestidade o bo facer e todo o que conleva ter coherencia non se mide en cartos; mídese, ás veces, en exemplos e aquí non é un bo exemplo como se utilizan os coches oficiais, aínda que vostede, como dixo o outro día, viaxou neles e non lle importaba. Eu respéctoo e non dixen o contrario; pero mire, o seu partido, o seu partido di: *Ciudadanos renuncia al coche oficial por el Gobierno de la Asamblea*, isto di fai pouco. Polo tanto, non son tonterías que di o Grupo Socialista, dio o seu grupo. E polo tanto, aquí hai cousas que son pois iso, contradicións continuas e que eu asegúrolle, que o sabe Plácido por iso o está dicindo, que eu fago os deberes cando veño aquí. Sei por onde van a saír ademais. Lembro perfectamente do que me dixo anteriormente e llo vou responder. Mire, eu levo aquí, vou facer neste, doce anos, cando remate, si, e digamos a medias -por diversos motivos que a ninguén se lle escapan-, pero hai cousas, hai cousas.... (está o señor Rosendo, alí, que leva bastante máis que min e que ese si que cambia, non sei se é porque o foi todo... non foi? pois perdón, se non foi vostede síntoo; escoitei que era vostede, xa sabe que... non, non digo que leve menos, que leve menos; digo en moitos sitios, pero é igual, iso non é unha cuestión para debater) eu vou dicir algo que non ten nada que ver co que se leu; en todo caso, a min -xa o teño dito outras veces, tamén- a min elíxenme os meus compañeiros para estar aquí, non o dedo do señor Baltar. Tamén o teño que explicar claramente, a min elíxenme os meus compañeiros, que lle estou eternamente agradecido, como di aquí algún. Si, non, non *sople* porque é así. A min non me elixen a dedo. Entón, cando vostede me preguntaba iso, respóndolle porqué. Mire, claro que non me acordei dos coches agora, porque isto que dicían vostedes, díxeno eu antes, cando era portavoz; o que pasa, xa digo, non tiña a mesma capacidade mediática de que a xente o escoitara, vale? Pero si fixemos outras cousas. Eu, cando era voceiro e sen estar aínda ese señor de presidente, aquí había -por iso digo que non se mide a rendibilidade niso, mídese noutras cousas e naquel momento, si era rendible- puxéronme pouco menos (case non estaba ningún de vostedes, pero algún si que estaba) puxéronme, como se di vulgarmente, como unha folla de perexil; populismo, non sei que tal e cal, e tumba e dálle, polo seguinte. Aquí utilizábanse cartos públicos para ter garaxes alugados e, mentres os deputados e deputadas - incluído eu - gardabamos os coches aí, cada vez que tiñamos unha sesión plenaria e non pagábamos, por exemplo *parking*, como o facemos agora; pois mentres tanto, como digo, a Deputación alugaba os garaxes e os coches que están agora aí aparcados dos traballadores, os coches da Deputación, aparcábanse bastante máis lonxe desta casa. Xa digo, ese día púxosenos a caer dun burro. Sabe o que pasou de alí a uns meses? Que iso se suprimiu e os coches están aí aparcados e os deputados deixamos de gardar aquí os

coches. Por iso que é exemplaridade, señora Montse, non é unha cuestión, ás veces, só de cuartos, que tamén o era. Dígolle máis, cando eu cheguei aquí, sorprendido tamén, sorprendido, o primeiro Nadal que eu estiven aquí, chegamos aos coches, que aparcabamos aí dentro, e metíannos unhas caixas enormes -que aquilo era unha cousa sorpresiva - nos propios coches, como regalo institucional. E este que lles fala dixo que aquilo se tiña que acabar, que eramos deputados e deputadas que cobrábamos polo noso traballo e que non facían falta. Iso antes de que saíra todo o da corrupción e todo o demais e sabe o que pasou ao ano seguinte? que o ano seguinte acabáronse os regalos institucionais; deuse unha axendiña, quela pequerrechiña que algún aínda recorda, co nome de cada un. E non pasou nada e seguimos estando aquí e facendo o noso traballo. Polo tanto, claro que serven para mudar cousas e son cousas que, ás veces se di que non se deben de facer, pero se fan e despois se toma ese exemplo. Polo tanto, nisto lle aseguro unha cousa -e remato, de momento e remato despois porque non teño nada- a exemplaridade, como lle dixen, vai noutras cousas. E o *cachondeo*, mire, eu cando presentei esta moción, por moito que digan, houbo moita xente na rúa, que din vostedes, sobre todo dixo aí o portavoz de Democracia Ourensana e algún do Partido Popular, que o toma a *cachondeo*; non mire, a min houbo moia xente -que me coñece grazas á televisión do señor Jácome, porque estaba en bucle e te coñecen tanto na cidade como, ao mellor á veces, no teu propio concello- hai xente que me dixo: mira tes razón porque o mal uso dos coches oficiais, á parte do do Bernabeu e doutras cousas, non é ir buscar aos fillos de ninguén a ningún colexio como sabemos que acontecía en Ourense e que o sabe toda a cidade; por poñer un exemplo. Polo tanto, ese tipo de usos dende logo non son defendibles. Iso é o que queríamos regular e por iso digo que, se hai un coche -e acabo o argumento- que poña “Deputación de Ourense” como hai centos, volvo a dicir, o mellor esas cousas non se dan e así nos entendemos todos. Ao mellor, os que me están escoitando, seguramente, entenden que algo que vai rotulado e demais non se fai mal uso del. Nada máis, moitas grazas.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: moitas grazas. Eu non dixen que non me importaba utilizalo; dixen, na comisión informativa, que o utilicei sempre de maneira responsable e xamais, e xamais eu percibín, vin en ningún momento un mal uso por parte de ningún dos meus ex compañeiros do Partido Popular. Pero se vostede di que é así, que se fai ese uso; eu prégoles que, se ten esas probas, que o denuncie e o faga público, pero denúncieo nun xulgado, poña unha denuncia, se realmente existe esa problemática que vostede expón e que vén aquí a denunciar nunha a moción. Eu se teño esa documentación e teño esas probas e veño aquí a afirmar esa situación, pois me vou ao xulgado e poño unha denuncia denunciando a situación. Eu repito, boto en falta un plan de viabilidade. Eu entendo que ser honesto, conleva ser un bo

político e, polo tanto, ser honestos...pódese ser honestos e aforrar cartos. Non hai que ser honestos e *despilfarrar* cartos. Entón, eu de verdade, non hai números, eu non sei o que podería custar ir a Madrid catro veces ao mes en avión; ou ir a Santiago sete veces ao mes en taxi, AVE e volver outra vez, taxi, AVE. Realmente, non sei, é que non podo falar, como non traen un plan que explique realmente cal sería o plan; pois, polo tanto, esa é a miña decisión de non votarlle a favor de esta moción porque, sen números, sen algo tanxible, eu non podo posicionarme. Nada máis. Moitas grazas.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: moi brevemente, porque son máis das cinco da tarde e, como xa estamos a piques de rematar e estíllase neste tipo de eventos acabar con rogos e preguntas, voulle facer un rogo e unha pregunta. Si, a vostede, porque sei que os rogos e preguntas propiamente dito se dirixen ao goberno; pero como é o autor da moción, antes de tomar unha decisión a ver que fago coa moción que vostede presenta, en que sentido a voto, voulle facer un rogo. Primeiro, non cambie no discurso do debate o contido da moción; ou sexa, a moción fala dunha cousa e, despois, vostede vén aquí a falar de todo, a falar ata meternos unha historia da súa da súa experiencia aquí, nesta casa durante anos; vale que iso xa é moi tarde para andar en disquisicións. E a pregunta é entón, porque aínda non o teño claro, no Concello de Ourense fixemos ben ou fixemos mal co tema dos coches? porque é que non me quedou claro.

D. Plácido Álvarez Dobaño, do Grupo Popular: Grazas, presidente. A ver se cumpro o prometido, e non chego ao minuto. Unha breve *apostilla*, señor Gómez Pérez, porque parece que quede isto no aire como que a nós nos elixen a dedo, digo, por decreto ou por que é? A todos nos elixen para estar aquí. Home, a min elixíronme na mesma fórmula que a vostede; nin máis nin menos e votamos en urna en secreto, ou sexa, que o que quixo votou e o que non quixo, tamén. En certos sitios houbo algunha polémica, como supoño que a terían vostedes. Pero ao final, votamos libremente. Con respecto ao presidente, home pois eu, por lle recordar algo, estiven aquí apuntando mentres falaba vostede. O meu recordo, que me corrixa aínda que non estamos en horas diso, creo que foi en catro lexislaturas deputado autonómico, foi concelleiro de Esgos, que o é, deputado provincial, que o é, presidente da Deputación en tres mandatos, presidente do PP que é algo interno, pero tamén, en tres congresos; na Xunta do Goberno da Federación Española de Municipios e Provincias, que non vin que ninguén aquí o felicitara (*¡vivan las buenas formas!*), pois presentouse nunha lista única - incluso con xente de vostedes- e tamén foi elixido. É dicir, que aquí elíxenos a todos e elíxenos porque queren. Dito isto, ao que nos ocupa e moi brevemente, porque teño que cumprir o que prometo, como intento sempre;

porque este asunto, a verdade, é que xa non dá para máis. Digo para máis, falando dende o punto de vista serio; para *cachondeo*, a verdade, o que que deu e o que seguirá dando, seguro. Eu simplemente digo, señor Gómez Pérez e compañeiros do PSOE, tal e como lles respondeu o presidente da Deputación no seu momento; vostedes atribúense sempre, sempre, parece que é patrimonio de vostedes, a calidade de mestres das boas prácticas. Acabámolo de ver no tema do financiamento onde veñen a darnos leccións que o seu máximo líder non cumpre e iso é evidente; non paga o que debe. Agora, no transporte seguen a dar leccións; esquecendo, esquecendo -e tíñallo que llo dicir porque vostede quere que llo diga, non?- o Audi, aquel famoso Audi do señor Touriño, o do señor Touriño; nada que ver coa súa persoa que era un *caballero*, non abundan por aí, non abundan. Ou o xa famoso Falcon, por suposto, por suposto que tamén podía viaxar o señor presidente Sánchez dalgunha outra maneira; incluso ás vodas dos familiares, que me parece ben. E rematando, credibilidade polo que se ve moi pouca ou ningunha. Mentiras, unhas cantas e isto que está claro, moción revanchista; é vidente a todas luces. É evidente a todas luces porque non souberon pactar con Democracia Ourensana; polo que se ve, non dan aceptado que están na oposición. Polo tanto, nada máis. Moitas grazas a todos pola súa asistencia e un conselliño, un conselliño, señor Gómez Pérez, vostede ten capacidade para traer aquí cousas máis serias e non estes enredións. Moitas grazas

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista: grazas polo da capacidade, xa o sei que ao mellor pódoa ter, ou ao mellor non, pero dende logo, eu teño visto aquí debates, ata recordo do cambio climático debido a non sei que de efectos nucleares e non sei onde. Quero dicir, doulle tamén as grazas ao señor Caride porque me fai vostede máis importante do que son. A verdade é que llo agradezo; porque que me faga a min rogos e preguntas. A min xa me fixeron tantos que teño estado ata as 12 de noite; pero mire aínda así voulle a contestar. Ao rogo voulle a dicir, eu non cambiei ningún sentido do debate, eu falei dos exemplos que se poden facer do bo uso dos cartos públicos. Nada máis e que dende aquí se poden facer e, se algunha vez ocorre algo ou aparece algún regulamento, xa o veremos. A pregunta. Vostede dicía se fixeran ben ou mal alí? Sabe o que lle teño que responder? Parece ser que non o fixeron. Entón, o que estiveron dicindo é mentira, porque aínda non o fixeron. Polo tanto, a pregunta é ao revés, vostede fixo ben alí e faino mal aquí, ou ao revés? Claro, ese é o problema. A incongruencia non é miña, a incongruencia é de vostede, que vostede alí votou – ou di que aquilo hai que facelo- e en teoría vaino firmar e aquí di que non hai que facelo. *Bueno*, xa sei que non se votou, dixen o segundo (se non me escoitou) que en teoría vai a firmar ou vai, ao mellor, a tomar a decisión. Polo tanto, eu digo o que digo, nunca me boto para atrás e se me equivoco, como no tema de Rosendo, tamén o digo se non era así. Vale?

Non hai ningún problema, polo tanto a resposta é esa, vostedes aínda non o fixeron, venderon algo que non fixeron. Polo tanto non era unha pregunta parar min, terá que ser unha pregunta para o seu alcalde, vale? Despois, cando falamos de exemplaridade, mira, vou a rematar cunha cousa. Á señora de Ciudadadanos, eu fago denuncias públicas e denuncias políticas; se teño que facer denuncias no xulgado por outras cuestións, primeiro, decidiraas o meu grupo, non eu. Eu non son un grupo unipersonal como é vostede aquí e, dende logo, hai unha serie de persoas que son as que dirixen e tomaremos as decisións cando corresponda; non neste caso, creo, estou xa adiantándome eu a isto. Pero facemos denuncias públicas e denuncias políticas e, polo tanto, as denuncias políticas se fan para chamar a atención sobre cuestións que están mal. Se tiveramos probas de certas cousas ao mellor algunhas cambiarían; pero hai xente que non se atreve a dicir ou a, evidentemente, facer fotos de mal uso de cousas. Pero con esa cuestión en concreto non fai falta ir o xulgado; ao mellor ten que facelo vostede que estaba no grupo de goberno. Mire, si, si, o Portal de Transparencia tráelle fechas de cando coincidía, coa mesma persoa, un día tras outro, que había reunións en Madrid e xusto á tarde había partido do Real Madrid. Iso está aí, as fechas, e coincidían, non é unha cuestión... Incluso, incluso dito por o portavoz, naquel momento, de Democracia Ourensana, tamén, concertos incluso de música. Iso non o dixen eu. Entón, as cuestións do bo uso... Plácido, recorda tamén perfectamente e vou poñer un exemplo porque era meu compañeiro de galiñeiro cando nos destinaron alí, que nós somos obedientes, era de *templete*, tiñámolo así establecido e non é que saíramos e entramos moito; é que estábamos alí, ao que tocaba, que é Miguel Bautista, que seguramente nos estea vendo e ademais lle mando un saúdo porque lle teño aprecio no persoal e no político, porque foi un bo alcalde, un gran alcalde, e un tío exemplar. Digo isto e miren porque o traio, fíxese vostede, señor Miguel Caride, houbo aquí viaxes, ninguén fala de que haxa que viaxar a non sei onde, cando se viaxou a Arxentina con recursos públicos -é cuestionable, para ir alí a entregar tal, é cuestionable houbo un certo debate houbo tal- o señor portavoz do seu grupo houbo un momento que a través das redes sociais, sobre todo, englobou a todos no mesmo saco. Dixeron que ían alí con cartos públicos e que facían mal uso e todo o demais; nese momento, Miguel tamén viaxou; pero houbo unha diferenza que tivo que rectificar o seu portavoz, porque Miguel foi o único dos que viaxou -ata onde eu coñezo, ao mellor equivocócome, pero aquí ninguén o desmentiu- que viaxou cos seus propios cartos e tiveron que vostedes desmentilo. El foi facer unha viaxe porque el quixo e pagou do seu peto. Polo tanto esas son as cuestións que ás veces se debaten. Volvo a dicir, non é cuestión de números é cuestión de actitudes. Nada máis, moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 18º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 18º

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8), o voto en contra do Grupo Popular (12), de Democracia Ourensana (2) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1), e a abstención do BNG (1).

19º.- ASUNTOS DE URXENCIA.-

O Sr. presidente manifesta que neste punto se tratará a declaración institucional da que se falou ao principio da sesión.

Estando de acordo todos os presentes, apróbase por unanimidade, a proposta do Grupo Socialista, a seguinte declaración institucional:

19ºA.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE EMERXENCIA CLIMÁTICA DA DEPUTACIÓN DE OURENSE.-

A declaración da Conferencia das Partes da Convención das Nacións Unidas para o Cambio Climático celebrada en París en 2015, estableceu uns obxectivos vinculantes para os 195 países asinantes a través dun plan de acción mundial para limitar o aumento da temperatura media global por debaixo de 2°C e o máis cerca posible dos 1,5°C.

A Unión Europea asumiu os compromisos do Acordo de París na Decisión (EU) 2016/1841 do Consello de 5 de outubro e España ratificou o citado acordo en 2017 (BOE núm. 28, de 2 de febreiro de 2017).

A Deputación de Ourense, consciente da importancia que o cambio climático ten a escala ambiental, social e económica, porá en marcha políticas para diminuír as emisións de gases de efecto invernadoiro ao longo da provincia que contribúan, así mesmo, a lograr obxectivos de mellora medioambiental a nivel autonómico, nacional, europeo e mundial.

O cambio climático non distingue fronteiras e as consecuencias derivadas do mesmo xa son palpables a todos os niveis en todas as partes do mundo. Ourense non é allea aos efectos deste cambio, e o goberno provincial apostará, decididamente, por levar a cabo medidas e políticas que limiten estes impactos e que potencien a afouteza da provincia.

Por outro lado, a sociedade civil, cada vez máis concienciada co respecto ao medio ambiente e a necesidade de limitar os efectos antropoxénicos sobre o medio natural, está esixindo aos gobernos de todo o mundo que leven a cabo medidas efectivas para elo.

Recoñecendo, polo tanto, a necesidade de dar unha resposta urxente e eficaz a ameaza apremiante do cambio climático, de responder as esixencias da sociedade e de cumprir os acordos adquiridos a escala internacional, conforme aos Obxectivos de Desenvolvemento

Sostible da Axenda 2030, a Deputación de Ourense, aproba a presente Declaración de Emerxencia Climática cos seguintes compromisos:

1. Contribuír de forma efectiva e con políticas concretas a frear a ameaza do cambio climático mediante a redución de gases de efecto invernadoiro, aproveitando esta oportunidade para transitar cara un modelo de desenvolvemento sostible.
2. Fomentar unha transición enerxética xusta socialmente e responsable coa biodiversidade no seo dunha planificación provincial que promova o emprego das enerxías renovables e incentive o aforro e a eficiencia enerxética impulsando a súa modificación, se fora necesario, para adaptala as novas esixencias da Unión Europea, animando o autoconsumo e reducindo a demanda de enerxía.
3. Impulsar un plan de fomento das enerxías renovables e o autoconsumo no sector público provincial.
4. Avanzar no desenvolvemento de modelos de mobilidade sostible mediante o fomento do transporte público e o uso da bicicleta, así como de vehículos de baixas emisións.
5. Apoiar a xestión do territorio freando a erosión e recuperando a terra fértil e os ecosistemas, protexendo a biodiversidade e reforzando a silvicultura adaptativa e sostible.
6. Impulsar o uso sostible da auga como recurso vital para Ourense, deseñando e levando á práctica unha nova cultura do líquido elemento na que a xestión axeitada e a redución da pegada hídrica garantan a sostibilidade do noso sistema produtivo e o mantemento dos ciclos e ecosistemas naturais que posibiliten a súa rexeneración.
7. Situar ao sector agroalimentario ourensán como referente en sostibilidade, impulsando a agricultura ecolóxica e de proximidade que aseguren a calidade alimentaria, así como a súa adaptación ao cambio climático a través da investigación, o desenvolvemento e a innovación. Para elo terase en conta, entre outras, a normativa europea de auga e biodiversidade, impulsándose a formación e o asesoramento nesta materia.
8. Mellorar a prevención fronte aos riscos derivados de desastres climáticos, e realizar estudos de avaliación dos efectos e o impacto do cambio climático sobre o medio ambiente, a saúde ou os bens, e reducir a súa vulnerabilidade
9. Fomentar a conciencia social, especialmente en idades temperás, para a sensibilización sobre o cambio climático e os seus efectos, mediante a implementación de medidas preventivas de natureza educativa.

10. Identificar e apoiar aos sectores económicos e sociais vulnerables, ben polos efectos do cambio climático sobre estes ou ben pola transición cara modelos produtivos de baixas emisións, con especial atención ao terceiro sector e ao medio rural. Prestarase atención especial ao mantemento e fomento do emprego en ditos sectores.

Orientar as accións mediambientais realizadas cara a converxencia cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e a Axenda 2030.

11. Incorporar a perspectiva de xénero na loita contra o cambio climático, de modo que as mulleres e os homes contribuíamos por igual a responder ante este desafío común.
12. Colaborar e promover este compromiso entre os concellos da provincia impulsando a súa adhesión ao Pacto das Alcaldías polo Clima e a Enerxía Sostible, co obxecto de levar a cabo medidas de adaptación ao cambio climático.
13. Trasladar á Xunta de Galicia a presente declaración e solicitar que se adhira coa súa aprobación institucional para sumar esforzos neste desafío común.

20º.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das relacións de decretos dos meses de abril, maio, xuño, xullo e agosto de 2019, e dos seguintes adicionais: 3º de decembro de 2018, 3º de xaneiro e 1º de marzo de 2019.

Os membros da Corporación quedan informados.

21º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Aurentino Alonso Araújo, do PSOE: Vou a tratar de ser breve porque eu saín do Barco de noite e creo que vou a volver de noite. Unha cuestión que é a seguinte. Fai uns meses, en novembro de 2018, no concello de Pobra de Trives redactouse un proxecto de reparación da Piscina Municipal, por un orzamento de 150.000€.

En febreiro deste mesmo ano, hai un informe do arquitecto, aquí da Deputación, que é o que asesora urbanisticamente ao Concello de Trives e no que se lle pide que o Concello reforme aí unhas pouquiñas cousas ao técnico que redactou o proxecto, uns pequenos detalles do proxecto. Nese mesmo mes, en febreiro do 2019, o señor presidente da Deputación asina un convenio co alcalde co Concello de Trives para acometer esa obra da piscina municipal de Pobra de Trives. Ben, en febreiro tamén o técnico corrixe eses pequenos detalles que se lle pedía, o proxecto corrixido é aprobado polo Concello o 25 de

febreiro e remitido aquí, a Deputación, e aquí na Deputación procédese á súa tramitación para a contratación.

O 7 de xuño reúnese a mesa de contratación para a apertura de propostas e o 13 de xuño entra aquí un escrito do alcalde do Concello de Pobra de Trives dicindo que o proxecto contratado non é o aprobado. O 21 de xuño deste mesmo ano, de 2019, o señor presidente asina unha Resolución, a 2019/3587, na que se desiste do procedemento contratado para a execución da obra denominada “Primeira fase reforma da Piscina Municipal no municipio da Pobra de Trives”.

Ata aquí os feitos, a pregunta é moi fácil. *Bueno*, a semana pasada no periódico *La Región* saíu a noticia de que a obra continuaba para adiante, que postos en contacto *fuentes* de *La Región* aquí con a Deputación, que a obra que estaba en marcha; sen embargo á alcaldesa transmitíuselle que a obra estaba desistida. Entón a cuestión é a seguinte, é dicir, aquí houbo algún fallo intermedio, que non imos a crucificar a ninguén porque entendo eu que ese proxecto que veu aquí ao mellor non é o que se aprobou, ou veu aquí un proxecto que é o que se aprobou pero non se sacou a concurso. Tampouco é cuestión de buscar aquí onde está o fallo ese; entón, a pregunta é moi simple, é dicir, hai un orzamento, hai unha aplicación orzamentaria que é a 450.12/76201 que dotaba con eses 150.000 esa obra e a pregunta é moi sinxela: os veciños de Trives van a desfrutar o ano que vén desas piscinas reformadas, adaptadas á normativa vixente? Porque, a día de hoxe, a alcaldesa non sabe nada. Se a obra vai para adiante, dende logo a alcaldesa a min o que me transmitiu é que ela non sabe nada e está preocupada, loxicamente. E a pregunta é tamén, en que fase está logo ese procedemento, se volve a estar en fase de contratación se subsanan os erros que había no proxecto, ou cal é o procedemento no que se está agora mesmo.

Sr. Presidente: moi ben, a resposta simple á súa sinxela pregunta é si, que vai adiante a obra. E en segundo lugar, con relación ao procedemento, que está xa en contratación con todos os trámites en marcha.

D. Aurentino Alonso Araújo, do PSOE: agradezo a resposta breve e ademais positiva por parte do presidente e unha segunda cuestión, que eu creo que é máis unha cuestión técnica, pero eu creo que nos afecta a todos os concellos e é a seguinte; nós temos unha tesoureira que aterrou alí, no Barco, fai pouco e que nos dixo estabamos facendo algo irregular e é que estabamos pagando todo tipo de anuncios que se inserían no Boletín Oficial da Provincia; cando hai unha lexislación que é a Lei 5/2002, de 24 de abril, que di que todos aqueles anuncios que sexan oficiais, *bueno*, unha determinada tipoloxía de anuncios, que non se deben de pagar. Ben, ela púxose en contacto coa Deputación (non sei agora mesmo con quen se puxo en contacto) e así se está facendo, pero a partir de aí xurdiu

o problema que os anuncios que envía o Concello do Barco para ser publicados estanse demorando o máximo que permite a Lei. Eu entendo que, ao mellor, é por algún problema técnico ou algún problema de persoal porque, dende logo, os técnicos nosos (Secretaría e Intervención) estánsenos queixando de que, dende que se fixo esa reclamación, parece ser que a demora na publicación dos anuncios estase levando ao seu máximo de tempo posible. É simplemente unha cuestión que a min me formulan os técnicos e que eu traslado aquí. Moitas grazas.

Sr. Presidente: bueno, é unha apreciación o que me pon aquí de manifesto e eu informarei sobre a cuestión; pero, en ningún caso, vexa ningunha relación das que parece suxerir coa preparación ou coa publicación tardía dos anuncios do Barco, en absoluto. Algunha outra cuestión, rogo ou pregunta? Non hai.

E, ás 17.32 horas do citado día 27 de setembro de 2019, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión extraordinaria do pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.